

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE

SEXTA LEXISLATURA
2001-2005



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Manuel Fraga Iribarne (Vilalba, 1922–Madrid, 2012). Catedrático e doutor en Dereito e Ciencias Políticas e Económicas. Letrado das Cortes e diplomático de carreira. Figura clave na historia de España pola súa longa e intensa traxectoria política. Ministro de Información e Turismo (1962-69) e embaixador en Londres (1973-75). Á morte de Franco formou parte do primeiro goberno da Monarquía como vicepresidente segundo e ministro da Gobernación. Foi un dos pais e redactores da Constitución Española de 1978. Fundador de Alianza Popular en 1977, logo refundada en 1989 como Partido Popular. Deputado en Cortes entre 1977 e 1987, xefe da oposición aos primeiros gobernos socialistas de Felipe González. Tamén estivo no Parlamento Europeo (1987-1989) antes de volver a Galicia. Presidente da Xunta en catro lexislaturas consecutivas con maiorías absolutas (1990-2005). E terminou a súa carreira política como senador autonómico desde 2006.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE
SEXTA LEGISLATURA
2001-2005



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Manuel Fraga Iribarne foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-111-3

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 Manuel Fraga, bo é xeneroso ao final do camiño.

Bieito Rubido

15 SEXTA LEXISLATURA 2001-2005

17 Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do estatuto de autonomía.

3 de decembro de 2001

63 Discurso de toma de posesión como presidente da Xunta de Galicia no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia.

15 de decembro de 2001

- 71** Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.

8 de outubro de 2002

- 129** Mocions de censura:

De once deputados e seis deputadas, pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a don Emilio Pérez Touriño como candidato á presidencia da Xunta de Galicia.

De trece deputados e catro deputadas, pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a don Xosé M. Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia.

12 de decembro de 2002

- 151** Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.

21 de outubro de 2003

- 197** Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.

5 de outubro de 2004

A MODO DE PRESENTACIÓN

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente.

Con este volume, correspondente á VI Lexislatura (2001-2005), complétanse os catro libros que recompilan os discursos parlamentarios de Manuel Fraga como presidente da Xunta de Galicia.

Ao longo dos catro mandatos sucesivos nos que Manuel Fraga presidiu o Goberno galego, logo doutras tantas maiorías absolutas acadadas nas urnas, a Comunidade Autónoma protagonizou un proceso de avance sen parangón na súa historia: acelerouse a converxencia con España e con Europa e modernizáronse as infraestruturas e equipamentos físicos, pero tamén os intanxibles.

Como ben pode lerse neste libro, pasamos dunha Galicia que «*vestía sempre de negro e non podía facer máis que laiarse*» a converterse en «*exemplo, unha Comunidade orgullosa de si mesma, que non renuncia a nada, que evolucionou sen traumas nin confrontacións*».

Este cambio de paradigma foi posible coa aplicación, como se ten dito, de políticas de base galeguista e unha permanente man tendida ao conxunto da sociedade. Unha visión integradora que ampliou e consolidou a capacidade de autogoberno de Galicia, á que integrou sen complexos na globalización que xa daquela se configuraba.

Manuel Fraga rematou en Galicia unha intensa e dilatada carreira política, retirándose ao Senado logo de gañar —aínda que sen poder formar Goberno— as súas quintas eleccións consecutivas. Controvertido para uns, líder total para outros, político de raza para todos, é o certo que Manuel Fraga é unha personalidade esencial para analizar e comprender a historia contemporánea de Galicia e de España.

Da súa paixón pola política, o seu amor a Galicia, a súa sólida formación intelectual ou o seu compromiso ético quedan como testemuña as intervencións parlamentarias recompiladas nesta colección.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta, que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

En homenaxe e recoñecemento a todos os presidentes galegos —Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo— naceu esta colección de «*Discursos Parlamentarios*», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

MANUEL FRAGA, BO É XENEROSO AO FINAL DO CAMIÑO

Bieito Rubido

O quefacer político de persoas de longa traxectoria, como foi Manuel Fraga Iribarne, ten capítulos tristes, en moitas ocasións derivados do azar. Así foi a triste historia do *Prestige*, onde os proverbiais reflexos do presidente Fraga non estiveron á altura das circunstancias.

O presidente resolutivo e determinado que non evitaba enfrontarse aos problemas, por complexos que fosen, delegou unha triste fin de semana do ano 2002, mentres a natureza, a forza do mar, a impericia duns e a neglixencia doutros, perpetraban unha das maiores hecatombes ecolóxicas da historia de Galicia.

Dez anos antes, o 3 de decembro de 1992, ás oito da mañá, o presidente Fraga estaba fronte á Torre de Hércules supervisando a traxedia ecolóxica do *Mar Exeo*. Apenas seis anos despois, o 12 de xaneiro de 1998, cun temporal que facía impracticables as estradas galegas, Fraga estaba nos peiraos de Astano, en Fene, comprobando como unha superplataforma petrolífera á deriva esnaquizara a ponte das Pías. Xamais Fraga mirou para outro lado cando xurdiron os problemas.

No caso do *Prestige* non foi informado adecuadamente. E a marea negra non só levou a beleza das costas e as praias de Galicia, senón tamén o ánimo do propio presidente. E ademais abriu unha crise que lle custou o posto ao número dous do Goberno, José Cuiña, chamado desde sempre a suceder en Galicia ao gran patrón da dereita.

A traxedia ecolóxica do *Prestige* marcou toda a lexislatura e fixo aflorar en Galicia un tempo de reproche para as autoridades, así como un sentimento de orgullo entre os cidadáns que combateron a marea negra e un espírito reivindicativo dunha maior atención por parte do Goberno central cara a Galicia. Nace así o Plan Galicia, unha especie de plan Marshall, que ía supor a posta ao día do noroeste español en materia de infraestruturas.

Fraga converteuno no seu novo estandarte, toda vez que entendía que podía ser a gran oportunidade de pór ao día unha comunidade que arrastraba unha débeda histórica en materia de infraestruturas.

Manuel Fraga foi un intelectual. Un home que reflexionou sobre a convivencia dos españois e a modernización do seu país e que coadxuvou de maneira intensa á reconciliación nacional. Alcanzou todos os cumes políticos que se propuxo, excepto a Presidencia do Goberno de España, pero soubo como ningún aprender das derrotas e adaptarse con humildade a novos destinos, neste caso a Xunta de Galicia, na que empregou nada menos que dezaseis anos da súa vida, situando a súa terra en posicións ata entón descoñecidas.

Había un Fraga académico xunto a un activista do ben común. Tras a súa longa traxectoria política non todo foron luces. Pero probablemente non se atopará no século XX un personaxe que teña contraído tantos méritos coa súa sociedade como é o caso que nos ocupa.

Ao final dos seus días, coa distancia e o discorrer dos anos, Manuel Fraga Iribarne, catro veces presidente da Xunta de Galicia, respondeu á fermosa letra do himno galego de Pombal e foi bo e xeneroso.

2001-2005
SEXTA
LEXISLATURA

PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA

3 de decembro de 2001

Señor presidente, señoras e señores deputados.

De conformidade coas normas dispostas no artigo 15, apartado 3, do Estatuto de autonomía de Galicia, e en concordancia cos artigos 135 e seguintes do Regulamento deste Parlamento, comparezo hoxe perante esta Cámara para expoñe-lo meu programa de goberno á fronte da Xunta, suprema representación da nosa Comunidade Autónoma.

Fágoo consciente da responsabilidade e do alto honor que representa para min solicitar, por cuarta vez consecutiva, a confianza deste Parlamento. Pero, despois da maioritaria e xenerosa acollida do corpo electoral ás propostas do Partido Popular de Galicia, terán que comprende-las súas señorías que as miñas primeiras verbas non poden ser outras que de moi sincero agradecemento para as mulleres e os homes que, non só aquí en Galicia, senón tamén nese inmenso territorio da galeguidade estendida por todo o mundo, renovaron, nuns comicios verdadeiramente exemplares, a súa aceptación do programa popular e a confianza nas nosas futuras accións de goberno.

O día da primeira toma de posesión como presidente da Xunta, o 5 de febreiro de 1990, afirmei nesta mesma Cámara que me comprometía a traballar arreo e con tódalas miñas forzas para que Galicia atopase os vieiros necesarios para a súa verdadeira renovación e integración no novo século e milenio. Así, ó longo do derradeiro decenio do século XX e nos dous primeiros anos deste milenio, gracias —repito— á xenerosa confianza e participación deste pobo marabilloso, fomos desenvolvendo e facendo realidade aquelas liñas mestras de actuación, complementadas con innumerables plans e proxectos que conformaron, sen triunfalismos de ningún tipo, un período de constante e profunda transformación da nosa Galicia.

Isto non o dicimos só os que tivémo-la obriga e a honra de traballar pola nosa terra durante o pasado período; isto mesmo ten sido recoñecido, en diversas ocasións e dende ópticas moi distintas, por personalidades representativas da política, da cultura e da investigación de tódalas partes do mundo, mesmo as que, sen compartiren os nosos ideais, valoraron e valoran obxectivamente o noso esforzo e dedicación. Moitas gracias tamén para todos eles.

O pasado 21 de outubro, a maioría dos cidadáns deste país referendaron co seu voto popular a continuidade dun proxecto político que foi quen de facer realidade, nos diversos eixes do devir da nosa terra e a través de equipos competentes e eficaces, aquelas miñas propostas do 5 de febreiro de 1990; unhas propostas que anunciaban aires de cambio e modernización, tempos de benestar e prosperidade, novos horizontes para o desenvolvemento infraestructural, verdadeiro impulso autonómico e unha activa participación nas institucións e foros europeos. En definitiva, señoras e señores deputados, unha maior e máis dinámica potenciación da autonomía conseguida e un meirande exercicio do propio autogoberno. Polo tanto, á luz da resposta da cidadanía, podemos afirmar con satisfacción que Galicia decidiu, soberana e democráticamente, non rematar nin rachar con nada, senón todo o contrario, continuar con vigor reforzado unha nova etapa de consolidación innovadora.

Iniciamos un período novo que comeza nesta lexislatura e que ten ó seu favor a estabilidade e a experiencia adquiridas; dúas forzas motrices para continuar traballando e avanzando, sen pausas nin rupturas, nunha permanente renovación e coa perspectiva do 2010. Un futuro, señorías, que sabemos complexo e non exento de problemas, pero non por iso menos ilusionante á hora de concibir ideas e de da-las máis oportunas e cumpridas respostas, ou o que é o mesmo, as mellores e máis avanzadas realizacións que a Galicia de hoxe e de mañá merece.

Por iso, e aínda que Chateaubriand, o admirado mestre de don Ramón Otero Pedrayo, dixera que «hai palabras que deben ofrecerse só unha vez», persoalmente penso que nunca son suficientes as chamadas que se fagan, con cordialidade, a prol do diálogo e da colaboración posibles. Polo tanto, señorías, reitero o meu ofrecemento ós grupos políticos presentes nesta Cámara para intentarmos, no novo período que comeza, un diálogo institucional construtivo; porque creo nel e porque, moi por riba de discrepancias e rivalidades políticas, considero que está o respecto que merecen todos aqueles que o pobo galego designou como os seus lexítimos representantes.

Nova orde mundial

Poucas veces ó longo da historia a situación internacional foi tan complexa como a que agora se nos presenta. Non se trata, pois, señoras e señores deputados, de facer aquí un repaso detallado da política mundial, senón de considera-la oportunidade das nosas propostas e proxectos, a curto e a longo prazo, no marco dos transcendentais acontecementos que día a día orientan e transforman a realidade internacional.

Botando unha ollada retrospectiva, comprobamos que durante a pasada «guerra fría» o reparto de papeis entre as principais potencias e líderes do mundo era evidente, ata o punto de que resultaba case previsible o que ía dicir e facer cada protagonista. Coa desaparición da URSS, produciuse un gran baleiro por onde penetrou o fenómeno globalizador. A partir dese momento, os principais centros de decisión mundial perderon a seguridade anterior e moitas veces ata semella que os acontecementos, no seu vertixinoso ritmo, van por diante das decisións dos que están no exercicio do poder máximo. Isto resulta, naturalmente, perigoso para a orde mundial.

É certo que ós EE.UU. de América lles corresponde o papel de única superpotencia. Pero despois do trágico 11 de setembro pasado, tras un sanguinario ataque terrorista que conmocionou a humanidade, o Goberno norteamericano comprobou algo moi importante: que mesmo os EE.UU. xa non son invulnerables, a pesar de que o seu poder económico e militar siga sendo moi superior ó dos demais. Neste senso, señorías, debe valorarse positivamente que os EE.UU. estean en proceso de cambio da súa política dentro da ONU e demais organismos internacionais. Búscanse alianzas e consensos e isto é moi positivo, xa que a maior superpotencia mundial non debe actuar unilateralmente impondo a súa vontade, senón que debe respecta-la independencia e a soberanía de tódolos estados do planeta. Cómpre rematar, como tamén teño pedido

moitas veces, con situacións humillantes de bloqueos e illamentos forzosos, porque estas acaban prexudicando sempre os máis débiles e desprotexidos.

Todos debemos esforzarnos en que o principio reitor das relacións internacionais vaia orientándose cara ó diálogo e a un labor máis de conxunto dentro dos organismos competentes e representativos. Nin a confrontación bilateral nin os conflitos armados nin os castigos en forma de embargos económicos son os camiños correctos nun planeta Terra cada vez máis tecnificado e mellor intercomunicado, e tamén, por certo, máis agredido biolóxico e medioambientalmente.

Ó mundo islámico, debido á súa extensión xeográfica, á súa densidade po-
boacional e ás confrontacións relixiosas, económicas e sociais, tócalle hoxe
se-lo maior campo de conflitos da humanidade. Mais cómpre ter moi en
conta que, polo de agora, a iniciativa terrorista só vén tendo eco en sectores
do islamismo máis radical. Contra estes sectores integristas, e non contra o
conxunto do mundo islámico, polo que persoalmente sinto a maior simpatía e
admiración, e ben o proban varias das miñas viaxes, deben interpretarse as ac-
cións militares desenvolvidas en Afganistán. Accións que, por certo, nos están
presentando —contra os prognósticos dalgúns— uns EE.UU. especialmente
prudentes na súa resposta ós ataques terroristas.

Como anticipei, señorías, as relacións occidente-mundo árabe xiran, xa de
vello, arredor da desconfianza e do conflito entre relixións e modelos de civi-
lización e cultura, cando menos, distantes. Por ámbalas partes témo-la obriga
dende occidente e dende Europa, pero tamén dende o Islam, de buscar fór-
mulas superadoras deses receos. A recente proposta do ex presidente George
Bush de apoia-la creación dun Estado palestino, no medio e medio dun foco
de alta conflictividade como é o Oriente próximo, é, ó meu modo de ver, unha
desas mensaxes que, aínda que non arranxen a situación inmediatamente,
poden axudar a mellora-las cousas a medio e a longo prazo.

Con referencia a Europa, segue a ser clara a intención de conservar e po-
tenciar unha unidade tan estable e progresiva como se poida, algo que pasa
polo respecto e a defensa de tódalas realidades culturais que singularizan o
vello continente.

Estamos practicamente xa integrados na Europa do euro; isto indícanos, seño-
rías, que o espírito da unidade no político, no económico, no social e no cultural
vai fructificando positivamente. Por certo, recentemente tivémo-la honra de que
Galicia e Santiago de Compostela fosen a sede da VIII Conferencia internacional
de linguas minoritarias, na que o destacado lingüista francés Robert Lafont defi-
niu acertadamente a diversidade cultural como «unha verdade europea».

Mais non todas son rosas, tamén hai espiñas; a ferida do conflito dos Balcáns non acaba de pechar ben, e segue gravitando negativamente sobre a idea dunha Europa forte e unida, capaz de resolver por si mesma os seus problemas.

Dende Galicia compartimos unha cosmovisión xenuinamente europea, solidaria cos demais pobos e rexións do continente. Tanto dende a Xunta, a través da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior, como dende a Fundación Galicia Europa, renovaremos, no período que comeza, o noso obxectivo dun maior protagonismo na Europa unida, para facilitar en todo o posible a participación das empresas e axentes sociais galegos nos intereses europeos. Nesa liña está a recente constitución do Consello Asesor da Fundación Galicia Europa, unidade de apoio á institución que ten por finalidade fomenta-lo achegamento da realidade galega, de toda a súa sociedade civil, á realidade europea. Con isto, Galicia aposta por dar maior protagonismo á sociedade civil na construción da Europa unida.

Os galegos somos unha das máis vellas e sólidas culturas europeas. Achegámo-la nosa forza de traballo no momento de expansión de Europa —moitos fillos dos nosos emigrantes a Inglaterra, a Francia, a Alemaña ou a Bélxica son cualificados profesionais europeos—, e hoxe seguimos contribuíndo ó rico mosaico da Europa unida.

Seguiremos traballando para que o actual Comité das Rexións se transforme nun verdadeiro senado europeo e para que poidamos incrementa-la nosa participación na Comisión Europa e nos seus órganos de apoio. Neste mesmo senso, seguiremos defendendo o dereito a que as comunidades autónomas poidan participar ocasionalmente no Consello da Unión Europea, cando se debatan cuestións que afecten ás posibilidades de accións en favor dos intereses de cada comunidade.

Dentro da política de integración europea merecen especial atención as relacións de Galicia co irmán Portugal. Unhas relacións que van moito máis alá do simplemente político, administrativo e económico; pois como nos di Luís de Sousa Rebelo no seu comentario á novela *A jangada de pedra*, do Premio Nobel José Saramago —por certo, un excelente coñecedor deste noso país, bo amigo de Galicia—, «o romance é dos mais castiçamente ibéricos que em português se escreveram, o seu espaço de acção estendese a toda a Península... E, assim, a nave de pedra, submersa na costa da Galiza, aonde os ventos trazem o eco das solidões marítimas, assinala o mito do fundador».

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é a proa de granito da xangada ibérica de Saramago. Nela levamos traballando máis dunha década, e a súa

posición estratéxica esixe un maior intercambio a tódolos niveis. Intercambio e relación non só limitados á Região Norte de Portugal, senón extensivos á totalidade do territorio luso, como teñen expresado, en máis dunha ocasión, as altas instancias do tan querido país.

Galicia no Estado das autonomías

En canto a España, pois sendo galegos sentímonos fondamente españois, creo que estamos en condicións de defini-la situación actual dende a perspectiva dun optimismo razoable. Así o confirman as máis actualizadas sondaxes de opinión cidadá, que referendan maioritariamente a confianza outorgada ó equipo de goberno popular que preside José María Aznar. O Partido Popular conserva unha maioría que, sen dúbida ningunha, deriva da xestión eficaz e do benestar evidente.

Enfrontámonos, cada unha das comunidades e rexións que integran o actual Estado das autonomías, cunha realidade múltiple e distinta, complexa e tamén, por qué non, ilusionante. Unha realidade que nos obriga a ser solidarios e a permanecer firmemente unidos fronte á máis terrible lacra do noso tempo: o terrorismo. Para isto non hai aínda, por desgracia, solucións inmediatas. Non temos remedios que poidan poñer un punto e final definitivo á barbarie dos que exercen a violencia pola violencia, xa nin sequera no nome de ideas disgregadoras; dos que matan por matar; dos que se apoian nas liberdades do Estado de dereito para asasinar, para secuestrar, para chantaxear, para manter unha latente situación de inseguridade e terror na cidadanía.

Mais non todo é negativo. Existen sombras, pero tamén luces esperanzadoras. Co recente acordo político dos Quince sobre a definición do terrorismo, o conxunto da Unión Europea disporá moi pronto de mecanismos que eliminen os lentos procesos de extradición, deixando a porta aberta para que moi pronto, o próximo 14 de decembro, no Consello Europeo de Laeken, se aprobe unha lista de organizacións terroristas, entre as que está previsto que figuren algunhas do ámbito de ETA que participan na famosa *kale borroka*.

Cando reafirmamos de forma explícita o noso compromiso con Galicia como nacionalidade histórica, temos tamén que confirmar —repito unha vez máis— o noso orgullo como españois e como cidadáns europeos plena e historicamente integrados en España. Somos galegos e non renunciamos a nada, porque sendo españois servimos á nosa Galicia e a España por igual, da mesma maneira.

No plano interior quero expresar, señoras e señores deputados, perante este Parlamento, a nosa satisfacción polo novo modelo de financiamento

autonómico que incrementa substancialmente os nosos recursos e a nosa capacidade de decisión. Capacidade que utilizaremos, con firmeza e austeridade, para darlle unha maior dimensión social ó noso sistema tributario. Neste senso, e facendo uso da capacidade normativa sobre os impostos cedidos que ten Galicia, temos pensado presentar nesta Cámara unha proposta de exención total de tributación efectiva á transmisión *mortis causa* da empresa individual, que será tramitada a través da Lei de acompañamento dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o 2002.

Esta medida poderá levarse a cabo nos seguintes supostos:

- Primeiramente, terá que tratarse de empresas de «reducida dimensión», entendendo por isto o que define o artigo 122 da Lei do imposto de sociedades, que abarca na actualidade aquelas empresas que teñan un importe neto de cifra de negocios inferior a tres millóns de euros, e que se ampliará a cinco millóns de euros a partir do 1 de xaneiro de 2002.
- En segundo termo, a empresa individual, o negocio profesional e as participacións en entidades terán que estar exentas do imposto sobre o patrimonio.
- En terceiro lugar, o adquirente ten que manter no seu patrimonio a adquisición por un prazo superior a cinco anos.
- En último lugar, como é lóxico, o domicilio fiscal da empresa ten que estar na Comunidade Autónoma.

Quixera referirme tamén a outra proposta formulada na campaña electoral, dirixida a defende-la pervivencia da empresa agraria. Para iso, establecerémo-la exención do imposto de transmisións *mortis causa* —imposto de sucesións—. Esta exención estará destinada ás transmisións por herdanza, sempre que o causante teña a condición de agricultor profesional e que o herdeiro manteña a explotación durante, alomenos, os cinco anos seguintes; considerándose o causante agricultor profesional cando obteña beneficios dalgunha actividade complementaria definida na Lei de modernización de explotacións agrarias. Esta exención pensamos incluíla tamén na Lei de acompañamento dos orzamentos xerais de Galicia para o vindeiro exercicio.

Galicia debe pecha-lo seu ámbito competencial nesta lexislatura, e coas transferencias necesarias para facer máis racional o modelo de distribución de competencias.

Tamén aproveito, señorías, para reiterar, coa maior énfase posible, as miñas propostas ben coñecidas de reforma do Senado, da creación da Conferencia de Presidentes e do Consello Económico e Social na parte que aínda non se

desenvolveu. Manteño e reitero aquí, unha vez máis e cantas sexan necesarias, as miñas propostas, compartidas por outros moitos mandatarios autonómicos, de que o actual Senado pase a ser unha auténtica cámara de representación territorial. Para retomar aquela ou outra proposta semellante, penso, coa maior lealdade, que sería moi necesario o consenso dos grandes partidos políticos, e, sobre todo, un novo clima para adecua-la proposta ó momento actual. Pero tamén sei que, mentres non exista o indispensable consenso constitucional, resultará moi difícil avanzar nesa dirección.

Lingua e cultura, alicerces da autoidentificación

A lingua galega, fala propia de noso, idioma romance fillo do latín, creación xenuína do pobo, cerna da nosa literatura, é, en xusta definición do inesquecible Ramón Piñeiro, «a verdadeira forza espiritual que lle brinda unidade interna á nosa comunidade social... A terra e a lingua son as dúas raíces máis fondas do pobo galego». Fin da cita de don Ramón Piñeiro.

Foi Frei Martín Sarmiento, extraordinaria figura do século XVII ó XVIII e á que se lle dedicará o próximo ano o Día das Letras Galegas, autor do coñecido *Onomástico Etimológico latín-gallego...*, entre outros moitos escritos sobre o galego, quen nos transmitiu, nas súas Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles, a famosa cita do Marqués de Santillana recoñecéndolle á fala galega a máis alta categoría literaria na Idade Media: «... *no ha mucho tiempo, cualesquier decidores, ó trovadores de estas partes, agora fuesen castellanos, andaluces, ó de la Estremadura, todas sus obras componían en lengua gallega...*».

Polo tanto —e sen ningún ánimo de polémica—, eu, que aprendín as primeiras palabras e expresións nesta fala marabillosa directamente dos labios dos meus devanceiros da Regueira, en Regoaveso, unha aldea da chaira de Lugo, creo sinceramente na pervivencia e no futuro da lingua galega como instrumento válido de comunicación e de cultura para enfrontarnos ós retos do século XXI; iso si, se nós mesmos empezamos por respectala.

Sei moi ben que cómpre redobrar esforzos para que o galego avance, cada vez máis, por amplos vieiros normalizadores. Pero considero tamén que o castelán que actualmente se fala en Galicia, o de Valle-Inclán, o de Torrente ou o de Cunqueiro, debe ser considerado como unha riqueza para todos nós, e non como unha lingua allea ou imposta.

O profesor Johannes Kabatek, alumno do gran filólogo Eugenio Coseriu, tense ocupado no seu traballo *Os falantes como lingüistas* do importantísimo

papel reservado á sociedade na constitución dunha lingua común, é dicir, dun galego culto. Neste senso, eu quixera, señoras e señores deputados, facer unha cordial chamada ós falantes e ós non falantes, a tódolos galegos, pensen como pensen e veñan de onde veñan, para que aumenten a súa concienciación sobre a importancia do uso da nosa lingua e o respecto por ela.

Para iso é fundamental unha correcta información e unha política lingüística flexible que cumpra plans e logre resultados, sen imposicións de ningún tipo. Considero que debemos de traballar todos unidos, empezando pola Xunta, achegando novas ideas e proxectos ó actual proceso normalizador, facendo especial fincapé nun maior emprego do galego por parte dos medios privados de comunicación, orais e escritos, e na imprescindible confluencia da lingua galega cos novos soportes e medios tecnolóxicos.

Señoras e señores deputados, nesta liña, non na da confrontación nin na das ameazas de guerra lingüística, estou disposto, eu o primeiro, a que na lexislatura que comeza avancemos un longo treito autoidentificador para a defensa e a promoción, interna e externa, da nosa lingua, a lingua galega. E co gran Álvaro Cunqueiro, inesquecible e admirado amigo, digo e afirmo que «o noso santo e a nosa seña, o noso sinal, o sinal da santa cruz galega, **haberá de ser sempre a lingua que falamos**».

Todos sabemos que o pobo galego posúe unha cultura de seu. Unha cultura que forma parte substancial da propia identidade, que foi quen de acumular, ó longo dos séculos, un riquísimo e variado patrimonio, e que segue a producir hoxe magníficas manifestacións creativas que transcenden máis alá da nosa realidade. Unha cultura que comparte o contexto hispánico, ó que pertencemos por historia, e o mundo de expresión portuguesa, ó que estamos fortemente vencellados. Unha cultura occidental e europea, iberoamericana e universal. Os galegos estamos orgullosos, pois, da nosa cultura, hoxe fondamente asentada nas súas raíces, aberta, libre e plural; e queremos que siga así, como referencia viva e constante dos novos horizontes polos que nos toca transitar.

A cultura galega, por outra parte, evolucionou, señorías, sobre todo na última década, dende posicións de resistencia ata a súa capacidade actual para medrar e crear espazos propios dentro da sociedade da comunicación. Vivimos tempos nos que o capital cultural é unha das forzas máis cobizadas para as economías desenvoltas. Na actual «era do acceso», ou tamén chamada «nova fronteira económica», será onde a cultura galega leve a cabo a súa definitiva integración, contra o que algúns pensan, porque abrir portas é sempre dar saídas.

O labor de apoio, salvagarda e promoción dos valores tradicionais da cultura segue a ser imprescindible. Mais hoxe é imposible disociar-la pervivencia dunha vella e fructífera cultura como a nosa da súa capacidade para adaptarse e abrir novos campos. Os nosos valores culturais de sempre, aqueles que nos identifican como galegos, teñen agora a importantísima e mesmo diría indispensable continuidade na industria da cultura e do ocio; un sector dinámico que está a converterse nun dos vectores do desenvolvemento de Galicia e que nos permite, ó mesmo tempo, proxectármolos cara a novos escenarios e mercados. Os retos de renovación e de cambio cultural xa están presentes entre nós; por exemplo, nos museos, que deixaron de ser salas de acumulación de materiais para convertérense en espazos vivos e cheos de actividades; ou nalgunhas bibliotecas, que ofrecen os seus servizos durante as horas da noite; catalizadores máis que evidentes da transformación deste país.

Señoras e señores deputados, eu son consciente de que debemos abrir un gran debate no seo da cultura galega. Este é o momento e estamos dispostos a impulsalo canto antes. Pola nosa parte, intentaremos que sexa un debate serio e achegador, de renovación e de vangarda, para a paz e a creatividade; contamos para iso con tódolos colectivos implicados que queiran colaborar, nós non excluimos a ninguén. Neste novo abrente cultural, neste novo rexurdimiento, considero que non hai lugar nin para vellas e caducas retesias nin para vaidades personalistas.

A Unión Europea, cando fala de industrias culturais, considéraas un conxunto de ámbitos singulares nos que se inclúen actividades relacionadas co patrimonio, coa literatura, coa prensa, coa música e a danza, co audiovisual, coas telecomunicacións, coas artes escénicas e teatrais, co turismo, coa produción científica e con todo aquilo que signifique renovación creadora.

A conciencia histórica do noso pobo, a conciencia galega, é un longo proceso que comeza pola descuberta da personalidade colectiva e que vai enchendo todo o devir histórico de Galicia. Nesa dirección é onde cómpre interpretar-lo concepto de autoidentificación; termo que veño empregando dende os anos noventa e que debe entenderse como o que é, unha achega de cara ó presente e ó futuro do pensamento galego. Quixera aclarar, sen embargo, que a autoidentificación da que eu veño falando e escribindo non é, como algúns afirmaron, unha «antinomicidade» para antepor ó principio —obsoleto e caduco, por insolidario— da autodeterminación. Reitero, pois, que nada ten que ver unha cousa coa outra.

Concibímo-la autoidentificación como unha tarefa inacabada, un principio que hai que reelaborar constantemente, contrastalo día a día, xa que, etimoloxicamente, autoidentificarse é te-la capacidade suficiente para recoñecerse no propio ser, no propio perfil. A autoidentificación é un esforzo constante de afirmación na personalidade espiritual e colectiva do pobo galego, dende dentro del mesmo.

Galicia, como todos vostedes saben, señoras e señores deputados, é unha comunidade humana ben definida, con cultura e lingua de seu, que vén exercendo, como consecuencia da transición española e dende a promulgación da actual Constitución e do noso Estatuto de autonomía, un autogoberno que comezou sendo feble e limitado e que hoxe conta con institucións propias consolidadas que garanten o seu futuro. Está claro, señorías, que a autonomía galega debe aspirar a máis. Pero todo ese impulso autonómico dependerá do noso traballo, do noso compromiso e do noso peso específico, tanto na España das autonomías, da que formamos parte, como na Europa dos pobos e das culturas, na que cada vez representamos máis e estamos mellor representados. Pero isto ou se cre ou non se cre. Non pode ser só un pretexto, un tópico. Toda adaptación camaleónica do noso autonomismo acaba vindo abaixo, porque o noso pobo distingue moi ben entre a simulación interesada e o auténtico autonomismo.

A Constitución de 1978, da que me honro en ser un dos membros da ponencia que levou a cabo a súa redacción, foi quen de artellar, nun momento de grande tensión política e social, fórmulas válidas para todos —e que aínda poden durar por moito tempo—, principios flexibles e perdurables para que as tres nacionalidades históricas e o resto das rexións reafirmasen a súa integración nunha España común pertencente á Europa unida. Galicia convértese así, sen necesidade de rupturas nin de confrontacións entre irmáns, utilizando a clásica terminoloxía de Jellinek, nun «fragmento do Estado».

Recoñecémonos, é dicir, autoidentificámonos, señoras e señores deputados, como o que somos: unha nacionalidade histórica autónoma con amplas competencias e pleno exercicio do autogoberno. Polo tanto, os resultados electorais confirman que a maioría dos cidadáns galegos non queremos autodeterminación nin soberanía nin independencia; queremos, iso si, verdadeira autonomía.

A comezos do século XIX, Hegel —a quen me permito situar entre os máis grandes filósofos da humanidade, e sobre todo na filosofía da historia— reparou no problema da integración alemana, daquela aínda sen completar.

Respondía así, o grande pensador, a un proceso histórico que comezaba daquela e que concluiría, século e medio máis tarde, coa definitiva constitución do Estado alemán. Non era fácil acertar co concepto máis axustado, pero Hegel achouno na palabra *aufhebung*, que significa integración dun grupo social dentro doutro maior, para evitar precisamente así a súa desaparición, a perda das súas características. Isto é algo que historicamente temos moi claro os galegos, aínda que algúns aínda non o entendan. A amplísima maioría de nós responde positivamente diante da *aufhebung* de Galicia en España. Para sermos galegos de verdade non temos necesidade ningunha de renunciar a ser españois; do mesmo xeito que para ser cidadáns europeos tampouco debemos renegar da nosa condición de galegos e de españois.

Resumindo, señoras e señores deputados, chamamos autoidentificación ó dereito que cada galego ten de asumir todos e cada un dos elementos que conforman a súa propia identidade; dende a lingua e a cultura ata os símbolos propios: bandeira, escudo e himno. Certo é que quedan aínda treitos autoidentificadores por andar; mais esta é a propia dinámica do concepto. E tampouco sería xusto non recoñecer que xa temos avanzado un importante camiño nesa liña de integración e de reforma que tan bos resultados está dando no noso país. Dicir isto aquí non é fachenda nin pedantería ningunha, pertence ó campo da máis pura realidade.

«Galicia é un feito no camiño da historia; unha obra de Deus; un froito fermoso e celmento da natureza; unha realidade que ningunha lei dos homes poderá nunca desfacer». Esta cita, que resume nun fermosísimo e breve pensamento páxinas e páxinas posibles sobre a identidade e o futuro, pertence a un dos pais do mellor galeguismo, a Antón Losada Diéguez, figura singularísima das Irmandades da Fala, animador e activo participante nas primeiras tarefas da Xeración Nós. Losada Diéguez constitúe un exemplo de compromiso e de entrega a Galicia.

Foi precisamente en nome dese galeguismo intachable, que practicaron e enriqueceron homes como Losada Diéguez, no que centos de milleiros de galegos, identificados co programa do Partido Popular de Galicia, medraron en conciencia e responsabilidade política. Resulta innegable o recoñecemento, por parte da maioría dos cidadáns deste país, dunha meirande autoestima, do orgullo de sermos e de sentírmonos galegos; unha forza interior que transcendeu os límites da Galicia territorial e que chegou ás máis afastadas comunidades da diáspora, ó inmenso territorio da galeguidade. Será, pois, na confluencia do centrismo liberal co rexionalismo máis avanzado de Brañas

e de Murguía, e no marco federalizante da actual España das autonomías, onde tome corpo un galeguismo maioritario e autoidentificador, un galeguismo cunha forte implantación social: o galeguismo popular. Un galeguismo fundamentado no recoñecemento da personalidade propia a tódolos niveis, unha práctica política renovadora e capaz de dar resposta ós desafíos da sociedade do século XXI; un movemento integrador e solidario que non renuncia a nada e que aspira a todo.

A sociedade galega non é politicamente inxenua nin facilmente manipulable. Despois de máis de vinte anos de practicar civicamente a democracia e a autonomía, ofende gravemente ó pobo galego no seu conxunto quen menospreza a capacidade política dos cidadáns deste país, ou dos emigrantes que exercen o seu voto con moito esforzo e completa liberdade. O pobo galego sabe moi ben quen é cada quen, e estou seguro de que seguirá apostando, no futuro, por un exercicio permanente e autoidentificador da autonomía e por unha praxe política galeguista e popular.

A sociedade do coñecemento

A nova sociedade da información e a era dixital, no seu imparable desenvolvemento, implican hoxe unha tendencia á integración e á converxencia, tanto das tecnoloxías como dos sistemas. Vexamos, pois, as opinións de tres destacados ensaístas que teñen reflexionado sobre a integración da nova sociedade.

Para Sultan Kermally, por exemplo, economía e sociedade significan hoxe a oportunidade e a necesidade de combina-los factores tradicionais —traballo, capital e empresa— cos de competencia, expansión e coñecemento. Estes factores implican un gran dinamismo, ata o punto de que fan varia-lo concepto de «vantaxes comparativas» polo de «vantaxes temporais». O economista norteamericano Charles H. Fine, en cambio, utiliza as leis xenéticas da transformación das especies como metáfora da evolución das organizacións e a sociedade. Trata de explicar este autor a necesidade que ten a sociedade actual de estar en permanente actitude de innovación e adaptación para vencer-lo reto da transformación que lle impón o mundo globalizado. Por último, citarémo-las opinións de Tom Peters, economista e sociólogo que se ten manifestado sobre a importancia, no actual proceso social, dunha maior axilidade e capacidade de resposta instantánea, algo que prima sobre a cuantificación e a forza.

Converxencia e integración son, señoras e señores deputados, os camiños escollidos polas empresas máis dinámicas e de maior éxito do mercado

galego. Falemos de Zara, Pescanova, Pharmamar, Coren e de tantas outras que entenderon a converxencia do local e o global, único xeito de adaptarse e de facerse máis cosmopolitas.

A información e o coñecemento son, señorías, instrumentos estratéxicos para calquera sociedade. A suma destes bens dificilmente tanxibles axuda a conforma-lo capital e a riqueza intelectual dunha sociedade. O concepto da sociedade da información ten xa máis dun cuarto de século e os seus efectos reais son cada vez máis evidentes no mundo de hoxe. O futuro desenvolvemento da sociedade da información é un auténtico reto para a economía e para a sociedade. A innovación e as novas tecnoloxías de acceso á información dependen, nunha gran medida, dos medios dispoñibles, pero tamén é fundamental a vontade política. Referímonos ás infraestruturas de acceso e de produción de contidos.

Con respecto a isto, é imprescindible a actitude positiva das administracións e de toda a sociedade ante a innovación, pois trátase de infraestruturas que representan unha fonte constante de emprego e de riqueza; infraestruturas imprescindibles para o impulso da sociedade da información.

Aproveito, señoras e señores deputados, para anuncia-lo compromiso de elaborar un Plan director de telecomunicacións que impulse a extensión da banda ancha —hoxe xa a temos moi avanzada— a todo o territorio galego e que favoreza a articulación das redes especializadas e das tecnoloxías dixitais. Tamén son esenciais infraestruturas telemáticas e físicas doutro carácter, para combinalas e converxer co decidido impulso que estamos dando, dende a Xunta de Galicia, á industria dos contidos e da cultura en xeral.

Está claro que as tecnoloxías da información son as que marcan o ritmo, a forma e ata o fondo de moitas decisións e tendencias sociais. Polo tanto, o verdadeiro reto é hoxe a comunicación, a conectividade e a capacidade de crear contidos propios para seguir construíndo, sobre sólidas bases, a sociedade galega do século XXI. Gracias á banda ancha, a era dixital será realidade nos nosos fogares e lugares de traballo. Así, o cidadán terá acceso directo ós diversos departamentos da Administración para arranxa-los seus asuntos dende o seu propio ordenador. Todo o mundo recoñece agora que Galicia vén sendo pioneira en materia de telecomunicacións dende comezos da década dos noventa, e é bo que isto se recoñeza.

Cómpre lembrar aquí que o hipersector —pois así hai que chamalo— das telecomunicacións, a comunicación e a electrónica, acadou no pasado ano case 11 billóns de pesetas de facturación en toda España, equivalentes ó 10 % do



A imaxe de Fraga xunto a María Caldelas (PP) e Laura Seara (PSOE) na Mesa de Idade, no comezo da sexta lexislatura, resultou premonitoria do protagonismo xogado dende o primeiro momento pola nutrida representación feminina nos tres grupos, axiña plasmada pola presenza —maioritaria— na Mesa da Cámara de Inmaculada Rodríguez (PP), Salomé Álvarez (BNG) e Dolores Villarino (PSOE).

PIB, cunha taxa de crecemento superior ó 20 %, segundo datos da Asociación Nacional de Industrias Electrónicas e de Telecomunicacións.

Recentemente, a Unión Europea resaltaba o papel estratéxico das telecomunicacións para o avance e o impulso cultural. As telecomunicacións deben ser entendidas, pois, e moito máis na nosa Galicia, como un espazo de actividade con gran capacidade de constituírse en elemento de expansión e difusión da identidade cultural. É necesario para a plena integración na nova economía, contar cunhas estruturas tecnolóxicas e productivas adecuadas, e, ó mesmo tempo, crear un clima social favorable á súa implantación e ó seu avance. Para acadar este desenvolvemento, imprescindible para que Galicia non perda o tren da modernidade —como nos pasou, por desgracia, na revolución industrial—, seguiremos traballando en medidas concretas que resumimos en: un máis baixo custo de acceso a Internet, uns mercados de bens e servicios máis flexibles, fomento do capital risco e apoio ó investimento en I+D, ou, se se quere, en I+D+i.

A investigación e o desenvolvemento tecnolóxico seguen estando, pois, entre as nosas prioridades para este ciclo que se abre, non só no referente a iniciativas que obviamente corresponden á Administración autonómica e ás nosas tres universidades, senón tamén tratando de implica-las empresas privadas, estimulándoas e impulsándoas para que aumenten a súa competitividade.

Para a sociedade galega e o seu tecido productivo, neste primeiro treito do século XXI, a nova economía representará unha dobre oportunidade con respecto a outras comunidades máis desenvolvidas, tanto de España como de Europa. Dobre oportunidade representada polo efecto tecnolóxico, ó que deberán estar unidos competencia e flexibilidade, coa vantaxe de que poderemos incrementar estes aproveitamentos nun momento marcado pola converxencia monetaria e económica da Unión Europea a partir do próximo mes de xaneiro.

A nova economía, asociada ó choque positivo da produtividade que supón a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación, é un factor clave para alcanzar un crecemento sostido. Internet, a «rede de redes», é unha factoría mundial de constante creación de contidos. Son miles e miles de páxinas web as que se manexan día a día, e todos sabemos que existen xentes sen escrúpulos que utilizan esta posibilidade de Internet para viola-los dereitos fundamentais das persoas e da sociedade democrática. Polo tanto, penso que é bo sumarnos ás voces que dende diversas partes do mundo reclaman un código deontolóxico amplamente consensuado, para que teña credibilidade e que permita o seu emprego na configuración dos contidos da «rede de redes».

En canto a apoio ás empresas da comunicación, a Xunta está elaborando un estudio que ofrezca posibilidades de reciclaxe técnica e de adaptación ás novas tecnoloxías. O noso obxectivo neste sector é que non se perdan cabeceiras da prensa diaria, semanarios, prensa local e comarcal, nin emisoras de radio nin canles de televisión local.

Abordada esta rápida visión da consolidación e avance das novas tecnoloxías en Galicia e da súa integración e converxencia na sociedade, interésame salienta-la importancia e a necesidade de que o noso país siga plenamente identificado coa imparable traxectoria da sociedade do coñecemento; todo isto, claro é, sen perde-la perspectiva da nosa historia, partindo do local ó global e do propio ó cosmopolita.

Necesitamos, xa que logo, manter e aumentar aquí en Galicia o clima de dinamismo e de innovación científica, tecnolóxica e empresarial acadado ó longo dos últimos anos. A sociedade galega posúe unha extraordinaria capacidade de traballo e un contrastado espírito de renovación. Dende esta fisterra europea e universal, faremos que o coñecemento siga sendo o gran potencial da sociedade do terceiro milenio.

Unha nova era

Ata aquí, señoras e señores deputados, chegou a miña exposición das grandes liñas mestras nas que se fundamenta a teoría e a praxe política que caracterizan as accións de goberno do Partido Popular de Galicia. Paso agora a desenvolve-las novidades máis salientables, nos distintos agrupamentos sectoriais, do que será o meu cuarto mandato á fronte da Xunta. Obviamente, e para non cansa-las súas señorías con repeticións innecesarias, non farei unha pormenorizada análise das *Mil propostas para o futuro de Galicia*; propostas que constitúen o noso programa electoral, que vostedes xa recibiron, e que, por suposto, imos materializar ó longo desta lexislatura, ampliadas nos 20 libros brancos que as xustifican e noutras publicacións que, como saben, a Xunta promoveu, feitas dende a sociedade civil, como o famoso libro *Galicia 2010*.

Quero reafirmar, iso si, algo que considero fundamental: esta lexislatura non é o remate dunha etapa política, senón o inicio dunha nova era para Galicia.

A nosa comunidade ten acadada, con vinte anos cumpridos de exercicio da autonomía, e cando comeza a súa sexta lexislatura, a plena maioría de idade política. Atrás, pero moi presentes, quedan os esforzos e as ansias de varias xeracións: os precursores provincialistas de 1840, con Romero Ortiz, Neira

de Mosquera, Francisco de la Iglesia e Alfredo Vicenti — con razón recordado estes días —; as voces de Antolín Faraldo e dos seus compañeiros de 1846; os firmes acentos de Alfredo Brañas e Manuel Murguía; o tempo das Irmandades, con Antón Vilar Ponte, Vicente Viqueira e Antón Losada Diéguez; o Partido Galeguista de Vicente Risco e de Castelao...; e moitos outros galegos, bos e xenerosos, homes e mulleres, que entregaron todo pola súa terra, en Bos Aires, na Habana, en México, en tantos outros sitios e, por suposto, na nosa propia terra. Reitero hoxe aquí, señorías, o meu compromiso de entregar tódalas nosas enerxías en facer realidade, coa axuda dun equipo competente, o proxecto que, en continuidade do esencial de todos eles, temos para Galicia.

Considero oportuna unha pequena reflexión arredor do fenómeno globalizador e da realidade galega.

Guste ou non guste, o único acordo básico sobre a globalización é a súa irreversibilidade. Ou determinamos corta-los teléfonos e as redes ou haberá globalización dun xeito ou doutro. Tódolos demais aspectos directos ou conexos permanecen abertos ó debate. Debate que, nalgunha ocasión, ten chegado a graves e violentos conflitos, sempre inútiles, como sucedeu en Seattle ou en Xénova.

Sobre as repercusións deste fenómeno preséntanse a medio e longo prazo múltiples interrogantes: ¿existe a capacidade política necesaria para controlalo proceso?, ¿coincide ou non a globalización co modelo capitalista de libre mercado?, ¿pode produci-la globalización consecuencias tan imprevisibles que leven a unha «loita de civilizacións»? e un longo etcétera. Son múltiples as respostas posibles. Nembargantes, señorías, creo que é máis doado enfrontarnos a este tema dende a base da nosa proxección na España das autonomías e no movemento rexional europeo, espazos que poden actuar de correctores, en certo grao, do proceso globalizador. E, dende logo, diante dos agoireiros que pregoa a desaparición do Estado por culpa da globalización —e díu un que escribiu hai anos un libro que se chama *Crise do Estado*—, os que temos dedicado algún tempo ó estudio e á análise da teoría do Estado estamos plenamente convencidos de que, unha vez máis, os agoireiros de turno se equivocan. O Estado, señorías, é un enfermo ó que algúns quixeran enterrar axiña, pero en verdade é un enfermo cunha saúde de ferro. E engadiría: ¡e que Deus lla conserve!

Certo é que unha parte dos desacougos que esperta a globalización ten que ver coa lóxica prevención que todo cambio produce. En efecto, a historia social adoita ter como fío conductor, segundo pensadores da categoría de

Spencer, Parsons ou Durkheim, a relación dialéctica entre orde e cambio. Eu estou seguro, señoras e señores deputados, de que o actual enfrontamento entre globalizadores e antiglobalizadores terá, nun futuro próximo, un punto de superación positiva, o que xa empeza a definirse como «goberna-la globalización» e organiza-lo que é inevitable.

O que está claro é que, nun planeta onde o 20 % da poboación segue gozando do 85 % dos bens, calquera aspiración que encubra a eficiencia asignativa do mercado coa equidade distributiva —como as que establecen, por exemplo, Alain Touraine, Jean Daniel, Gabriel Jackson e outros—, pode que sexa ben intencionada, pero a súa aplicación resultará case imposible no mundo no que nos toca vivir. Outro tanto ocorre cos posicionamentos a favor, sen máis, de Francis Fukuyama, Samuel Huntington e Lawrence Harrison, que, aínda que feitos dende distintos enunciados, se ven hoxe superados pola propia voracidade globalizadora.

En cambio, existe un pensamento liberal humanista, que eu comparto, representado por autores como Wilhelm Röpke ou Von Hayek —recentemente desaparecido—, os chamados *economists cum philosophers*, que considera que as solucións verdadeiramente decisivas haberá que buscalas máis alá da oferta e da demanda. Este camiño humanista é para min o máis acertado con respecto á globalización, o que mellor lle acae ó modelo centrista liberal. Nesa mesma liña humanista cabería interpreta-los postulados da Unión Europea en resposta ós acontecementos do 11 de setembro en Nova York e Washington. A avaliación do seu impacto económico faina a Unión Europea a través dunha interesante directiva contra o mal uso dos mercados de capitais e dunha modificación da norma sobre o branqueo de diñeiro, entre outras medidas.

O certo é que estamos no que se vén chamando «novo mundo», resultado de tres procesos converxentes: primeiro, a revolución das tecnoloxías da información; segundo, a revisión do papel do mercado e do Estado; e terceiro, a aparición de novos movementos sociais, que, máis que a loita, buscan a integración xusta.

Galicia está integrada hoxe, gracias ó esforzo infraestructural que levamos feito, neste novo mundo ou «nova fronteira». E trataremos, señoras e señores deputados, de incardinala moito máis na mesma dirección, de tal xeito que a transición —como chamaría un gran sociólogo alemán— do *gemeinschaft* ó *gesellschaft*, da comunidade á sociedade inevitable do mundo máis aberto e con maiores movementos da poboación, sirva para aproveitarnos dos beneficios da globalización e para minimizar a un tempo os seus custos. Así,

seguindo o vello argumento de David Ricardo, confirmado unha vez máis por recentes informes da OCDE, as economías máis abertas medran máis cás pechadas (espero que leran todos estes días con satisfacción o grao de apertura ó que chegamos —impresionante— nos últimos dez anos). Outra cousa é a converxencia internacional, que, desgraciadamente, non adoita darse a un tempo. Haberá que estar tamén moi atentos ós fenómenos de deslocalización industrial que poden chegar por causas da nova distribución mundial do traballo ou polo *dumping* social, entre outros riscos.

Para todo isto, o papel das institucións supranacionais, do tipo da OMC, será determinante. A min paréceme evidente tamén a necesaria revitalización da imaxinación politolóxica para deseñar «novas institucións» destinadas ós novos tempos que se avexiñan. (...) ¹ e que as multinacionais que teñen delegacións na nosa terra sexan as máis punteiras, como ocorre con Citröen. Iso é o que as mantén.

Imos seguir potenciando, xa que logo, a autoestima creadora galega, para desenvolvérmonos con máis capacidade de acción na «nova fronteira»; evitando así as tentacións autoproteccionistas e actuando dentro dun clima de estabilidade macroeconómica como a vixente.

Señorías, a sociedade galega no seu conxunto deberá interiorizar, para seguir avanzando, que o coñecemento constitúe a principal fonte das nosas vantaxes competitivas, ou o que é o mesmo —e parafraseando outra vez a Adam Smith—, que a riqueza dos países non chega tanto polos seus recursos materiais como pola creatividade dos seus cidadáns.

Claves político-económicas

Está claro, despois do dito, que a política económica galega estará condicionada polo fenómeno global. Non é posible falar de desenvolvemento económico se non partimos dunha sociedade formada, aberta, estable, xusta e solidaria na que a calidade de vida non sexa un concepto baleiro, senón unha realidade viva e estable.

Galicia foi, por moitas e distintas causas, unha comunidade subdesenvolvida e cun evidente atraso económico con respecto a outras rexións españolas; atraso que, obviamente, se multiplicaba na comparanza europea. Illamento, déficits infraestructurais, emigración e outros factores foron configurando a imaxe dunha terra pobre e incapaz de mante-los seus propios fillos. Hoxe,

felizmente, podemos dicir que basicamente as cadeas que freaban o noso desenvolvemento están rachadas. Practicamente superada a etapa da aposta infraestructural, Galicia está en condicións de eleva-lo nivel da súa sociedade para equiparala, en tempo razoable, ó resto de España e da propia Europa. Acelera-lo proceso de converxencia social con España e con Europa será, pois, o noso obxectivo máis inmediato. Queremos unha plena integración na cohesión europea que se traduza nun maior benestar social, en maiores cotas de riqueza e en máis e mellores empregos.

Se nos últimos anos conseguimos un crecemento do produto interior bruto per cápita, pasando do 57,3 % respecto da media europea ó 64 %, o noso obxectivo será lograr que no 2015 este valor se achegue ó 90 % da media española e ó 80 % da media europea, cunha taxa de desemprego arredor do pleno emprego. Verían que estes días, por primeira vez, a nosa taxa de desemprego é máis baixa que a media española. Isto esixiu accelera-lo diferencial de crecemento con respecto a España e Europa, en valores arredor do 0,7 % e do 1,5 %, respectivamente, de media de taxa anual.

Señorías, todos coñecémo-la complexidade do plano económico internacional, especialmente a partir do 11 de setembro, coa ralentización do crecemento que a curto prazo se estaba producindo nas economías mundial e europea. Isto esixirá que Galicia extreme as súas potencialidades e consolide unha nova estratexia, pasando dun modelo de promoción económica baseado na dotación de factores productivos, a un modelo máis centrado na innovación e no investimento.

Trátase de brindarlle un novo protagonismo á iniciativa privada, un novo esquema económico e social no que o sector público substitúa a función interventora pola función impulsora; ordenando así a política económica a favor dos motores do crecemento e tendo presente o obxectivo de desenvolvemento equilibrado entre os aspectos productivos e os sociais, incidindo igualmente nas chamadas «políticas de ambiente» e definindo dentro delas os proxectos que se poden chamar «nucleares».

As grandes prioridades serán a defensa do Estado do benestar e a redefinición das políticas de xestión orzamentarias, non só para aumenta-la eficiencia no uso de recursos públicos, senón tamén para deseñar un novo enfoque de cooperación institucional entre os distintos niveis das administracións públicas e baixo o prisma do máximo respecto pola sociedade civil, á que servimos. Vólvese necesaria unha filosofía orzamentaria que se afaste da técnica incrementalista e que poña a maior énfase posible nas políticas públicas e na

súa instrumentación a través dos distintos programas de gasto, articulando, así mesmo, un novo sistema de control orzamentario que permita segui-la evolución dos proxectos de gasto e detecte as posibles desviacións.

Emprego e formación profesional

Antes de analiza-las políticas económicas sectoriais, referireime brevemente á formación profesional e á política de emprego como instrumentos horizontais que van ter notable incidencia en todas e cada unha destas políticas sectoriais.

Reitero o exposto no noso programa electoral: a formación profesional terá a máxima prioridade para nós, e, neste senso, integraremos de forma equilibrada os tres subsistemas actuais no marco do novo Plan galego de formación profesional. En canto á política de emprego, a estratexia cara ós próximos catros anos continuará na liña de promoción do emprego estable, de apoio integral ós emprendedores, de mellora da empregabilidade dos demandantes e de atención específica ós colectivos con máis dificultades de acceso: a mocidade, as mulleres, os parados de longa duración e os discapacitados.

Aproveito, pois, esta inmemorable ocasión para ofrece-la nosa sincera disposición a alcanzar máximos niveis de concertación e acordo —e dígoo máis unha vez— cos interlocutores sociais e políticos. Quixera que este ofrecemento e esta chamada ó diálogo e á negociación por parte do Goberno da Xunta fosen interpretados dende a seriedade e responsabilidade que merecen acordos en materias de clara incidencia social, como a formación profesional, o fomento da estabilidade laboral, o desenvolvemento rural, a saúde laboral, o emprego xuvenil, a exclusión social e outras situacións deste tipo.

A loita contra o paro xuvenil foi constante durante a pasada etapa, como o demostra o feito de que hoxe haxa 23.000 mozos parados menos que en 1997 —uso este ano de referencia porque foi o ano da transferencia das políticas activas de emprego—. Isto supón unha diminución nestes catro anos dun 37 %. Pero tamén é certo que hai preto de 39.000 desempregados galegos menores de 30 anos e que un número importante deles aínda agardan polo primeiro emprego.

As estatísticas e o seguimento dos procesos máis habituais de inserción laboral dos mozos amosan que a maior dificultade para a xuventude se concentra no momento en que se incorporan á vida laboral. Estes mozos non teñen experiencia, e, unha vez que atopan traballo, desempéñano durante un tempo razoable, pero continúan as súas dificultades para manterse ocupados. Por

iso asumimos e mantémo-lo compromiso da campaña de pór en marcha un conxunto de actuacións para que cando remate a presente lexislatura ningún mozo galego sen experiencia laboral permaneza máis de seis meses na procura de emprego. Antes de acadar este límite, a Xunta de Galicia garantirlle un contrato laboral dunha duración mínima dun ano. A expectativa creada na nosa sociedade por esta iniciativa do Partido Popular de Galicia —que hoxe xa é, se así o estima o Parlamento na súa votación, un compromiso de Goberno— pon de manifesto a transcendencia que ten para nós o futuro da xuventude.

Pois ben, este compromiso asumido con valentía durante a campaña electoral —repito—, polo que a nós nos toca, vaise cumprir, e eu quero ratificalo, señoras e señores deputados, perante esta Cámara. Cumprirémolo integralmente dentro da lexislatura, establecendo cada ano obxectivos intermedios que garantan a súa plena consecución.

Está previsto, pois, facer un esforzo importante de deseño e implantación, de dotación orzamentaria, de coordinación con outras administracións e entidades financeiras, de implicación das empresas e de dispoñibilidade dos propios mozos. Neste senso pídolles a todos, xa dende agora, a súa necesaria e inestimable colaboración, especialmente ós responsables dos concellos, xa que a implicación destes nas actuacións que pensamos levar a cabo será fundamental para acadar un obxectivo común: que as mozas e os mozos galegos, o noso verdadeiro futuro, teñan un traballo digno. Por certo, podo confirmar hoxe, con gran satisfacción, que Galicia recibirá uns 169 millóns de euros, aprobados na XV Conferencia sectorial de asuntos laborais do Ministerio de Traballo, destinados a políticas activas de emprego, o que supón un incremento do 6% con respecto ós fondos do 2001.

Tamén prestaremos unha atención especial á estabilidade no emprego. Neste senso, as nosas actuacións centraranse principalmente na invitación ás empresas a realiza-los seus propios plans de estabilidade laboral, incentivando as contratacións indefinidas que se realicen como consecuencia da súa aplicación; sen que iso poida servir de pretexto, como é natural, para a falta de eficiencia no traballo.

No presente ano xa iniciamos esta nova fórmula de apoio á estabilidade laboral, con grande éxito, xa que conseguimos que máis de 2.000 empresas incrementaran significativamente as súas taxas internas de estabilidade laboral. Como consecuencia disto, 7.800 traballadores que antes tiñan un contrato temporal, ou que estaban en situación de desemprego, teñen agora un contrato indefinido.

Avance industrial e agro competitivo

O sector industrial vai gañando postos importantes no conxunto da economía galega. Ninguén poderá dubidar dos beneficiosos efectos de arrastre —o que chaman os economistas americanos *spill-over*—, tanto económicos como tecnolóxicos. Isto ocorre ó mesmo tempo que se liberalizan os sectores básicos e que se desregularizan procesos antes intervidos pola acción pública.

A nosa economía ábrese, cada vez máis, ó exterior, como dicía, incorporándose xoves empresarios que, indubidablemente, achegan unha visión máis plural e dinámica do mundo; unha verdadeira *weltanschauung*, no senso alemán desta palabra clave.

Pero o enfoque de calquera política industrial non pode ser nin debe ser continuísta, xa que como toda acción pública está suxeita á tensión do cambio. Actualmente hai que saber competir, non na proximidade, senón en espazos moito máis afastados e difíciles. Saber competir é unha aspiración dinámica que esixe investigación, desenvolvemento e innovación, o famoso I+D+i. Isto require unha permanente tensión creativa na procura de posicións competitivas, baseadas no deseño, na calidade e, en suma, na excelencia empresarial. E isto tráenos á memoria o pensamento de Schumpeter cando falaba de «destrución creadora». Non debemos esquecer tampouco a necesaria presenza da política, con maiúsculas, na medida en que, segundo a nosa Carta Magna, vivimos, afortunadamente, nunha economía de mercado.

Por todo isto, e por outras razóns que nos ocuparían moito máis tempo —tempo haberá de debatelo nesta casa—, a política industrial da Xunta nesta nova etapa poderá resumirse nos tres seguintes plans de acción:

- 1º A mellora das bases de desenvolvemento industrial e empresarial, como condición indispensable para avanzar en posicións competitivas comúns a medio e longo prazo.
- 2º A acción sectorial alí onde o propio sector se implique de forma leal e convincente.
- 3º A acción máis horizontal sobre catro elementos clave no desenvolvemento industrial e dos servizos: intanxibles, I+D+i, mellora da administración industrial e impacto da sociedade do coñecemento —xa antes tratada— no desenvolvemento industrial.

No noso programa de goberno figura moi claramente que, se ben a política e as novas tecnoloxías son retos cruciais para esta lexislatura, a política agraria, o sector agrogandeiro galego, é un reto fundamental para a estabilidade da nosa terra. Téñoa dito moitas veces: Galicia estará ben cando os homes e as

mulleres do campo progresen. E isto non será só na agricultura, na gandería, na silvicultura, senón en todo o que pode ser desenvolvemento rural.

Todo o noso empeño ó longo da etapa anterior foi promover medidas que fixeran máis competitiva a nosa agricultura. Cómpre superar agora as restricións existentes, garantirles ós labregos e ós gandeiros uns niveis básicos de calidade de vida e, igualmente, mellora-las súas condicións de traballo, así como establecer sistemas productivos respectuosos co medio ambiente.

Seguiremos completando as redes de saneamento e abastecemento de auga dos núcleos rurais, posibilitando o acceso ás novas tecnoloxías e modernizando as industrias agroalimentarias; todo isto co obxectivo de que non haxa galegos de primeira e de segunda.

No eido económico temos que ser conscientes do reto que supón, no 2006, a nova política agraria común no contexto da liberalización dos mercados e das esixencias da política ambiental. Ímonos preparar para isto a través dun Proxecto de lei de desenvolvemento rural que intensificará e acelerará os procesos de concentracións parcelarias, encarándonos coa dinamización e diversificación do agro a través da nova Axencia de Desenvolvemento Rural, co apoio inestimable dos plans Leader Plus e Proder; que, por certo, demostran —e algúns parece que aínda non o queren saber— que a acción europea non é só a das noticias menos boas, senón que chega ó último concello que sabe ocuparse de pedilas.

A diversificación será orientada especialmente ás producións sen cota e de calidade agroalimentaria, que han de constituírlos eixes fundamentais da nosa política.

No noso programa de goberno detállanse con amplitude as distintas medidas precisas para lograr estes obxectivos, medidas que imos sintetizar agora en catro áreas estratéxicas:

- 1ª Mellora-las condicións productivas e de vida no medio rural, mediante o desenvolvemento do Plan de infraestruturas agrarias.
- 2ª Reordenar e optimiza-la produción animal e vexetal, e mellora-la súa situación sanitaria.
- 3ª Moderniza-las industrias agroalimentarias e dinamiza-lo cooperativismo.
- 4ª Desenvolve-los recursos necesarios para fomenta-la produción e distribución de produtos coa máxima seguridade e calidade, así como diversifica-la nosa oferta.

Estas liñas de acción estableceranse na procura de tres obxectivos principais: mellora-las condicións de vida e de traballo, así como o establecemento

de sistemas productivos respectuosos co medio ambiente; eleva-la renda dos agricultores e potencia-la industria e a calidade dos nosos produtos.

Como xa anunciei ó principio da miña intervención, establecerémo-la exención do imposto de transmisións *mortis causa* (imposto de sucesións) para as transmisións por herdanza de explotacións agrarias, coa única condición de que o herdeiro asuma a obriga de mante-la explotación alomenos por cinco anos máis.

Estas son, entre outras moitas, as accións previstas polo noso Goberno para a Galicia rural do século XXI.

Moi relacionada coa anterior política, en razón do avance económico do conxunto do país pero cun carácter máis integrador, quero reafirmar diante desta Cámara a plena vixencia do Plan de desenvolvemento comarcal, que avanza cada ano, e a súa capacidade para impulsar iniciativas locais encamiñadas á protección do medio ambiente, á conservación do noso patrimonio e ó desenvolvemento turístico.

Outro obxectivo será estender de forma gradual, e sempre voluntariamente, por petición dos concellos, o actual proceso de comarcalización a todo o territorio galego, consolidando así unha iniciativa que xa empeza a aplicarse noutras rexións europeas.

Anos liderando o sector pesqueiro

Se dixen que a política agraria constitúe un dos eixes xerais da nosa economía, outro tanto debo afirmar da política pesqueira.

Galicia leva anos liderando o sector español da pesca, e non esquezamos que, se España é a metade da pesca dos quince estados membros da Unión Europea, Galicia é a metade de toda a pesca de España. A capacidade de sacrificio, a tenacidade dos nosos mariñeiros e a profesionalidade e tesón dos nosos armadores converteron, en definitiva, a Galicia na primeira potencia pesqueira europea.

Podo transmitir hoxe a esta Cámara, e xa sei que pode haber incrédulos, unha mensaxe de optimismo. A pesar dos importantes retos derivados da protección de recursos e dos intereses egoístas doutros países, penso que se abre para Galicia un período cheo de posibilidades.

A inxente cantidade de iniciativas que imos presentar e a firme defensa do noso sector pesqueiro que imos manter nas institucións europeas, ou onde sexa, co apoio e coa colaboración da Administración central, son os dous vectores que lle permitirán á pesca galega acadar, máis unha vez, o seu liderado. Estamos ante un período determinante, xa que será o último de vixencia

dos fondos comunitarios; circunstancia que nos obriga a rendibilizar ó máximo estes incentivos para que a pesca galega manteña a situación hexemónica que lle corresponde.

Neste senso, investiremos recursos técnicos e financeiros na frota de baixura, que, sen dúbida, terá un tratamento singular, apoiado na aplicación dun necesario plan de renovación e modernización, para facer dela unha fonte de xeración de traballo ben remunerado.

Imos redefinir tamén os obxectivos dos equipos de investigación mariña dependentes da Xunta. Así, poderemos ensamblalos na xestión dos recursos pesqueiros para que sexan verdadeiramente útiles e dean resposta ás necesidades sectoriais. Para isto terá un relevante papel o recentemente creado —provisto dun convenio importante co Ministerio de Tecnoloxía— Centro Tecnolóxico do Mar, como organismo integrador dos recursos dispoñibles.

En canto ó marisqueo, unha vez acadado un alto grao de autoestima e profesionalización por parte dos profesionais, na súa meirande parte mulleres, cómpre agora acadar tamén un maior grao de autonomía e independencia, tanto financeira como de xestión.

En acuicultura —que evidentemente é unha parte esencial do futuro, hoxe xa un 30 % dos recursos que sacamos do mar, e un obxectivo mínimo será chegar a un 50 % nos próximos dez anos—, será obxectivo básico desta lexislatura a redución ó mínimo posible dos trámites para a instalación dos establecementos acuícolas —xa agrupados, felizmente, nun *cluster* de acuicultura—. Isto permitirá que Galicia sexa unha localización atractiva para a creación de novas empresas nun sector de grande potencial.

Tamén está previsto, señoras e señores deputados, senta-las bases que favorezan a internacionalización do sector mexilloeiro. Este sector —o primeiro dentro da acuicultura galega— adquiriu na actualidade un grao de madurez suficiente para ofertarse nos mercados externos e consolidar así a súa presenza internacional.

A política destinada ás frota de longa distancia e con intereses en terceiros países estará orientada a consolida-las súas posibilidades de negocio e a mante-lo emprego que xeran. A presenza en foros internacionais de representantes da Xunta de Galicia, no seo da delegación comunitaria, vaise intensificar cuantitativa e cualitativamente cantas veces o demande a defensa dos intereses económicos das empresas galegas en augas internacionais.

Asemade, imos explorar novas formas de cooperación, fomentando estas e o desenvolvemento correspondente; e iso —volvo recorda-la frase de Schumpeter— renunciando a plantexamentos superados para abrir outros novos.

É esta unha experiencia que iniciamos o pasado mes de outubro coa visita a Galicia dunha delegación da Administración pesqueira da provincia arxentina de Chubut, visita que foi correspondida polo actual conselleiro de Pesca. A experiencia iniciada con Arxentina terá continuidade en breve con outros países como Mauritania e Namibia.

Señorías, remato este breve panorama da nosa pesca anunciando que imos ser moi combativos e belixerantes cos barcos de pesca que navegan baixo bandeiras de conveniencia. Para isto temos pensado modifica-la Lei de protección dos recursos pesqueiros co propósito de impedi-las descargas nos nosos portos, ademais de intentar estender estas medidas a outras comunidades autónomas de España e ós foros de xestión pesqueira da Unión Europea. Galicia vai empregar tódalas súas forzas para impedir que sigan faenando estes verdadeiros representantes da pesca ilegal, que, por outra parte, enrolan a mariñeiros en situacións de absoluto engano e total desprotección dos seus dereitos sociais e mesmo humanos.

Hipersector da cultura, a comunicación e o turismo

Galicia está situada nestes momentos nun posto de vangarda a nivel español e europeo no eido das novas tecnoloxías da comunicación, como antes dicía. Aí temos iniciativas pioneiras, moitas delas seguidas logo por moitas comunidades, como a telefonía rural, a autopista galega da información, a rede oficial de comunicacións, a rede de aulas multimedia, o desenvolvemento da telemedicina, o teleensino ou a administración electrónica.

Seguiremos facendo realidade, señoras e señores deputados, proxectos como a extensión de Internet ó rural galego. Para iso estase probando —xa en fase moi avanzada— unha nova tecnoloxía que xa conta con éxitos e que substituirá o sistema de telefonía rural coñecido como TRAC. Fomos pioneiros en España á hora de leva-la telefonía sen fíos a tódalas aldeas do país, e tamén imos se-los primeiros en dispoñer dunha nova tecnoloxía que permita o acceso dos teléfonos rurais a Internet.

Sabido é que as viaxes e o turismo, as cidades e os parques temáticos, a moda e a cociña, a música e a arte, a literatura, o cine e a televisión son a materia fundamental dunha economía de servizos, cuns obxectivos comerciais caracterizados polos recursos culturais.

A cultura, a comunicación e o turismo —no que teño particularmente algunha experiencia— achegan á economía de Galicia, nestes momentos, arredor xa do 15 % do produto interior bruto. Unha vez consolidada esta

porcentaxe, temos pensado marcarnos como obxectivo para os próximos catro anos que o hipersector da industria cultural e do ocio acade o 20 % do PIB galego.

O noso sector audiovisual é un claro exemplo de industria cultural. Este sector estase a consolidar actualmente como unha factoría de contidos capaz de competir cos mercados español e europeo, ós que xa estamos achegando interesantísimas producións cinematográficas. A Film Commission e o Consorcio do Audiovisual de Galicia son as ferramentas que consolidarán un sector estratéxico fundamental.

Neste senso, seguiremos activando as posibilidades —que son moitas— para que Galicia albergue moi pronto un gran plató, no verdadeiro senso internacional desta verba. O obxectivo é que se produzan unha ducia de películas galegas, de longametraxes, ó ano, e que se roden aquí outra media ducia de producións alleas.

O proxecto da Cidade da Cultura, dirixido polo arquitecto norteamericano Peter Eisenman, autor do Centro Wexner de Artes Visuais e da Biblioteca de Belas Artes da Universidade Estatal de Ohio, entre outros famosos complexos arquitectónicos, despois dun concurso internacional, vai xurdindo coma se saíra das entrañas do monte Gaiás, asomándose á beleza do río Sar e desafiando as torres e os tellados de Compostela. Isto que algúns chaman obra faraónica vai ser un dos grandes investimentos de Galicia para o seu desenvolvemento e coñecemento internacional.

A Cidade da Cultura de Galicia está en plena construción e seguindo o ritmo previsto. E, por certo, empeza tamén a ser coñecida e valorada moi positivamente, como o demostraron as recentes declaracións da señora Viviane Reding, comisaria europea de Educación e Cultura, que lle agradeceu á Xunta o esforzo que representa esta grande área de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico.

O patrimonio cultural é outro dos piares básicos da nosa identidade, pero tamén é un elemento fundamental da modernidade; pois, integrado co turismo e co mundo do ocio, está dando xa excelentes resultados. O rico patrimonio galego é, xunto coa beleza da nosa paisaxe tan fermosa, o principal atractivo que lles estamos ofrecendo ós millóns de turistas que ata aquí chegan cada ano. Redobraremos esforzos para rematar programas pioneiros, como son o Plan de catedrais, o Plan de mosteiros e edificios conventuais e a creación da Rede Arqueolóxica de Galicia, e tamén abordaremos outros novos proxectos.

Galicia superou, neste ano 2001, a cifra dos catro millóns de turistas, cando hai tan só cinco anos a penas chegaban á nosa comunidade dous millóns e medio de visitantes. E claro que non falo dos anos xubilares, nos que se chega ós cinco millóns.

Sabido é, señorías, que a actual crise internacional supuxo tamén un forte freo para o turismo de longa distancia, pero, afortunadamente, as consecuencias foron mínimas no noso sector turístico, preferentemente de curta distancia.

A nosa comunidade segue sendo unha importantísima referencia para o turismo español e europeo. Debemos seguir brindándolle ó visitante as ofertas máis demandadas: natureza, montaña, augas minerais, cultura e patrimonio, turismo rural, sendeirismo e actividades de ocio e, sobre todo, paz e tranquilidade.

Os segmentos turísticos que suscitan maiores posibilidades de crecemento e nos que se centrará a atención e axuda do noso goberno son: o turismo termal —en pleno desenvolvemento—, o náutico, o de golf, o cultural e o de natureza; e non esqueceremos, por suposto, ese primeiro e importantísimo viero de interese nacional e internacional —que o é cada ano máis—: o Camiño de Santiago. Neste mesmo senso, está previsto intensificar, señoras e señores deputados, cantas políticas de promoción, creación e mellora de infraestruturas sexan necesarias para que no 2004, primeiro Ano Santo Xacobeo deste século e milenio, sexa unha verdadeira referencia mundial, superadora da cifra de seis millóns de visitantes.

O esforzo realizado no Ano Santo Xacobeo de 1999 permitiunos adquirir unha experiencia e unha capacidade infraestructural e organizativa que, sen dúbida ningunha, redundará no 2004 en beneficio de tódolos camiños que chegan a Santiago. Non se trata xa de promocionar só o tradicional e famoso Camiño Francés, actualmente o máis transitado, senón dun conxunto de ofertas e posibilidades a través doutras sete vías de fe e de cultura que engrandecen a Santiago de Compostela e a Galicia enteira.

Comercio e defensa dos consumidores

Paso a analizar, para pechar este primeiro conxunto de medidas, a política de comercio. Vai de última non por non te-la mesma categoría e importancia que as demais, senón por tratarse precisamente dunha entidade imprescindible para tódolos sectores económicos.

Limitareime, polo tanto, a reitera-lo noso compromiso de sempre co comercio galego, coa súa defensa, especialmente a dos pequenos e medianos establecementos, que xa contan co apoio da Xunta para a súa modernización e

tecnificación. A formación profesional, a introducción das novas tecnoloxías e as axudas para a reforma e modernización dos establecementos, xunto coa promoción de novas áreas comerciais, son as principais medidas para acometer en materia de comercio.

O principal indicador da competitividade dunha economía complementaria da política de comercio é, naturalmente, a política de protección do consumo. A defensa dos intereses do consumidor non resulta, en ningún caso, antitética coa política comercial; expresa, ben ó contrario, o dereito dos cidadáns a recibir bens e servizos nas mellores condicións. Neste senso, a solución pacífica dos conflitos e a detallada información ó consumidor son dúas constantes do proxecto popular.


- Políticas horizontais
- Maior esforzo infraestructural

Durante a pasada década, Galicia experimentou —ninguén o pode negar— un extraordinario avance na cantidade e calidade das súas infraestructuras. Agora estamos a conseguir que as comunicacións sexan o elemento fundamental na construción dun país máis unido, autoidentificado coa súa realidade histórica e cultural, e coa forza necesaria para proxecta-las súas potencialidades alén do propio territorio. É tamén o momento dunha verdadeira política de ordenación territorial, sobre a que xa temos estudos moi importantes, moi avanzados, que serán expostos nesta Cámara ben pronto.

Cóubono-la honra de cumpri-lo vello soño dos ilustrados do XVIII e dos precursores do XIX: rachar co illamento, «*atrancó invencible a todo progreso que se intente, a toda mejora que se formule*», en palabras de Antolín Faraldo.

A través de actuacións consensuadas e complementarias coas levadas a cabo polo Goberno nacional, Galicia conseguiu ampliar notablemente as súas infraestructuras. Mellorou as comunicacións por estrada, no interior e cara a fóra; incrementou os seus equipos portuarios; transformou os aeroportos e deu os primeiros pasos para unha completa transformación da rede ferroviaria, que cada vez se ve máis claro que é a do futuro neste século.

Por isto, detereime un pouco, señoras e señores, na modernización da rede ferroviaria galega, xa que é unha tarefa comezada na lexislatura anterior pero que continuará cada vez a maior ritmo durante o novo período que hoxe se abre. Xa é unha realidade —publicado no *Boletín Oficial do Estado* e en período de información pública— o estudo informativo do proxecto de acceso ferroviario a Galicia (eixe Ourense-Santiago). Este proxecto ten como finalidade a definición das actuacións necesarias para a realización dun novo trazado



O apertón de mans entre Beiras e Fraga, tras a proclamación deste como presidente da Xunta, na sesión de investidura, enmarcou o compromiso dun fluído diálogo institucional, tamén compartido con Touriño no inicio da sexta lexislatura.



ferroviario de alta velocidade entre as estacións de Ourense e de Santiago de Compostela. Cítoo porque dá unha idea da importancia que vai ter. Non é simplemente cambiar unhas vías por outras e unhas máquinas de tracción por outras. O novo trazado, concibido para unha velocidade de 300 km/h, acada unha lonxitude de 85,4 km fronte ós 127,2 da liña actual; é dicir, que hai 40 quilómetros menos de distancia física, á parte da velocidade, o que, sumado a esta, permitirá percorre-lo traxecto entre ámbalas cidades en 21 minutos, aforrando máis dunha hora de tempo. O orzamento total estimado é de 176.000 millóns de pesetas; é dicir, 1.057 millóns de euros.

Inscríbese este tramo na liña de alta velocidade Madrid-Galicia, do corredor ferroviario norte-noroeste, incluído na rede de alta velocidade do Plan de infraestructuras 2000-2007. Como vostedes saben, señorías, de tódalas actuacións previstas na rede de alta velocidade de Galicia xa están en obras os primeiros 34 quilómetros, correspondentes ó tramo Osebe-Santiago-Ordes. O resto dos traxectos ou ben se atopan na fase informativa ou na de proxecto e execución.

En canto a estradas, construíronse arredor de 1.600 quilómetros de estradas autonómicas e multiplicáronse por 5 os viais de alta velocidade, que hoxe superan os 600 km. No marco do Plan director de infraestructuras, prestarémoslles, neste novo período, especial atención ás comunicacións exteriores, coa autovía do Cantábrico e a autovía Verín-Portugal, sen esquecer tampouco da rede autonómica de estradas, que se vai aumentar en 1.500 novos quilómetros.

O esforzo infraestructural vaise orientar tamén ás obras hidráulicas e a portos. Neste senso mencionarei a posta en marcha do plan de xestión de depuradoras de augas residuais, o Plan de saneamento de Galicia e o Plan hidrolóxico de Galicia-costa, coa colaboración do Ministerio nacional de Medio Ambiente.

Tecnoloxía punta

Sabido é que o coñecemento, na súa acepción máis ampla, é un factor endógeno que condiciona e determina o crecemento económico, dando paso na actualidade á chamada «economía do coñecemento». Diante desta situación, a Xunta de Galicia seguirá apoiando decididamente as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Farémolo a través dun plan de investigación, que comprenderá o período 2002-2005 e que poñerá especial énfase nos recursos humanos, na interacción entre o sistema público

de I+D e o sector productivo, e na concienciación das empresas para que participen nas actividades de I+D+i.

Galicia pasou dunha verdadeira crise medioambiental, con lumes forestais por todas partes, a comezos dos noventa, á actual situación, que pode considerarse como óptima e acorde cos contextos español, europeo e mundial.

Estamos consolidando unha estratexia galega de desenvolvemento sostible que marcará as pautas fundamentais das actuacións que se realicen, centradas moi especialmente na consecución dun rendemento sostible da empresa a partir dun equilibrio entre as variables económica, social e ambiental.

Os esforzos feitos para o desenvolvemento integral dunha política de tratamento e minimización de residuos, con Sogama como eixe básico, vanse intensificar nesta lexislatura. Inspección ambiental, puntos limpos, recollida selectiva e tratamento de residuos especiais forman parte dun programa integral fundamentado na conversión de residuos en recursos. Por certo, non hai semana que non se faga unha inauguración, pasadas, por suposto, xa as eleccións. Así mesmo, completarémo-lo marco lexislativo coa Lei de prevención e control integrado da contaminación e coa Lei de calidade do aire atmosférico.

Neste novo avance da política ambiental, tal e como se detalla no noso programa, ocuparán un lugar destacado a repoboación forestal, a conservación da biodiversidade e o fomento ordenado da caza e da pesca fluvial, con cadansúa escola destas actividades deportivas. E tamén atenderemos, moi especialmente, a educación ambiental.

A estas importantes medidas quero engadir, señoras e señores deputados, un plan de fomento do piñeiro galego, que terá carácter prioritario e que estará destinado a favorecer a limpeza e a repoboación de pequenas parcelas de monte.

Administración e pacto local

Na era da competencia, cada vez é maior a intervención dos consumidores e dos usuarios. O mesmo ocorre cos administrados. Eu podo falarlles dunha experiencia persoal, non só debida ó e-mail e a outros desenvolvementos técnicos: da correspondencia que eu recibía hai doce anos á que recibo hoxe a diferenza é *ad infinitum*. Polo tanto, a Administración ten a obriga de adaptarse a esta situación, e, no canto de poñer máis barreiras burocráticas, debe buscar novas solucións que faciliten a relación e que solucionen os problemas.

O cidadán do século XXI cada vez é máis consciente dos seus dereitos e das súas obrigas; valora a calidade, dispón de máis recursos, cada vez ten menos tempo, pero ten xa os dereitos recoñecidos, e a Administración debe facer canto poida para reaccionar o máis rapidamente posible diante de situacións conflictivas.

Na próxima lexislatura imos demostrar con feitos que é posible avanzar na redistribución de competencias e de recursos entre a Comunidade Autónoma e as corporacións locais. O pacto local —no que xa se teñen feito notables avances previos— será unha realidade, e nel verán os concellos incrementadas as súas competencias e os seus recursos financeiros. Traballaremos nesta dirección co mesmo modelo conceptual que presidiu a materialización do Estado das autonomías: comisións mixtas de transferencias e técnica do custo efectivo serán os instrumentos máis axeitados.

No ámbito institucional colocaremos en primeiro plano unha maior eficacia da Administración autonómica, apoiándonos para isto nas tecnoloxías da información, facendo así efectivo o compromiso de que a Administración sexa accesible os 365 días do ano e durante as 24 horas.

Educar no século XXI

Paso agora a determe nos aspectos sociais, naqueles que fan referencia á defensa dos valores que configuran o máis importante dunha sociedade.

Entre o conxunto das políticas sociais destaca en primeirísimo lugar a educación. Xa en 1972 aparecía unha das obras máis emblemáticas da Unesco, *Aprender a ser*. Era o informe da Comisión Internacional sobre o Desenvolvemento da Educación, presidida polo estadista e político francés Edgar Faure. Foi precisamente naquel traballo no que se puxeron de relevo os primeiros síntomas do que, anos despois, pasaría mundialmente a considerarse como «crise da educación».

As causas desta crise non hai que buscalas unicamente nos fallos dos sistemas educativos e nas restriccións dos recursos financeiros. Imponse un cambio de rumbo, que non ten por que ser radical nin traumático; unha nova estratexia que faga posible a feliz máxima de «**educación para todos con razoable igualdade de oportunidades**». Non abonda con facer máis, hai que facelo doutro xeito.

Na era de Internet, metidos de cheo na nova sociedade da información, existe unha contradicción fundamental entre as esixencias das chamadas «sociedades do saber» e o inmovilismo dos «sistemas de adquisición de coñecementos».

Repito: «sociedades do saber», «sistemas de adquisición de coñecementos». A finalidade da educación non pode limitarse á instrución —as famosas catro regras— ou ó dominio das competencias necesarias para exercer un oficio, como afirmaba hai pouco tempo Koichiro Matsuura, actual director xeral da Unesco.

A teoría e a práctica da educación foi contemplada na elaboración do programa do Partido Popular de Galicia. Sobre tódolos principios, para nós é o de igualdade de oportunidades o que debe orientar calquera política educativa.

Os esforzos realizados lograron a modernización do sistema educativo e a dotación de infraestruturas. Non se poden compara-las infraestruturas de hoxe coas que eu recordo de cando era rapaz e mesmo de despois. Agora, señorías, cómpre continuar traballando por unha educación aberta, apoiada nas nosas raíces e formadora de cidadáns europeos capaces de «desaprender e aprender de novo», como apuntaba recentemente un director xeral da Unesco español, Federico Mayor Zaragoza.

Será un ensino para facer dos alumnos cidadáns sensibles, cunha ampla bagaxe cultural, con dominio de idiomas —o inglés xa se imparte dende a educación infantil— e familiarizados coas novas tecnoloxías —case a totalidade dos centros de primaria e secundaria xa teñen acceso a Internet—. Será un ensino preocupado polos adultos, pola formación profesional, pola orientación profesional; en definitiva, pola formación continua. Aí está o noso modélico Plan de orientación educativa e profesional.

No ámbito universitario, ata o ano 2004 temos uns racionais acordos de financiamento das nosas tres universidades, e agora imos iniciar un debate fructífero para a implantación de novas titulacións, no marco dunha permanente racionalización do sistema universitario. Tamén está xa en funcionamento, en colaboración coas nosas tres universidades, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Ben sei que nestas datas a comunidade universitaria afronta unha problemática seria. Non debo nin quero ser alleo a esta situación neste discurso de investidura. Considereime sempre universitario por riba de todo. Fun alumno das universidades de Santiago e de Madrid nos difíciles anos corenta. Posteriormente, despois de duras e serias oposicións, fun catedrático de Dereito Político da Universidade de Valencia e de Teoría de Estado e Dereito Constitucional da Complutense de Madrid. E así ata a miña xubilación como docente en 1987, cando unha lei sectoria me privou de cinco anos máis.

Polo tanto, desexo o mellor para a Universidade, igual que dixera, con sinceras e fermosas palabras, o meu mestre na Universidade de Santiago, don Gonzalo Torrente Ballester, no seu discurso de investidura como doutor honoris causa pola Universidade de Salamanca: «...*la condición de universitario es la más profunda y la más auténtica de las que puedan hallarse en mi persona,...* *está en mí viva, y con frecuencia angustiada, la preocupación por la Universidad, no sólo en su realidad nacional, sino también en la de todo el mundo*».

A experiencia lévame aprendido que calquera tipo de reforma, veña de onde veña e fágaa quen a faga, nun ámbito especialmente crítico como é a universidade, ten necesariamente que espertar oposicións, controversias e disputas. Neste caso, a miña opinión sobre a LOU é coñecida e está suficientemente clara. Nembargantes, permítome recomendarlles ós equipos rectorais, ós claustros de profesores e ós alumnos en xeral que defendan os seus intereses dentro do que se chama «espírito universitario». Non digo que non teña que haber debate a fondo e posturas encontradas, pero que nos posicionamentos brille sempre a luz da intelixencia crítica, o símbolo da *alma mater*.

Crecemento demográfico

Fun o primeiro en advertir, coa hilaridade dalgúns nesta propia Cámara, que a demografía constituía o principal reto da nosa Galicia. No noso programa electoral desenvólvese un amplo abano de medidas dirixidas directamente a favorece-lo incremento da taxa de natalidade.

Por ser xa formuladas durante a campaña electoral, quero recoller neste discurso de forma máis concreta —e, por certo, cun especial espírito de loanza ó que nestes momentos xa prepara o Goberno nacional e ten anunciado— as medidas relativas a deducións fiscais por nacemento de fillos e por ampliación de garderías, medidas que completan e amplían os compromisos contraídos.

A partir de agora, as reducións na cota do imposto sobre a renda das persoas físicas —no que temos facultades lexislativas— que se viñan aplicando no momento do nacemento dun fillo serán efectivas ó longo de tres anos dende o do nacemento, co que se triplican as deducións practicadas ata o de agora. No caso das persoas que non estean obrigadas a presentar declaración da renda, váiselles ofrecer unha axuda directa equivalente ó importe das devanditas deducións.

Esta dedución, que se enmarca no conxunto de medidas destinadas a reducir as cargas que supón a crianza dos fillos, vese complementada no caso das familias numerosas coa implantación do carné familiar, instrumento que

permitirá gozar de descontos nun gran número de establecementos repartidos por toda Galicia.

Así mesmo, vaise facer un importante esforzo investidor para aumentalo número de prazas subvencionadas en garderías ata chegar ás 20.000. Isto vaise materializar mediante investimentos en novos centros, así como na aplicación dos convenios asinados co Ministerio de Defensa para a construción de garderías nas instalacións militares e co Instituto Galego da Vivenda e Solo para a construción de garderías nos parques empresariais.

Dentro desta política de estímulo para a recuperación de taxas de natalidade que permitan o recambio xeracional, decidimos establece-la receita infantil, que nos permitirá asumi-lo custo íntegro da medicación subministrada ós nenos.

Familia, muller e xuventude

A estabilidade dunha sociedade depende de que a familia, como institución básica, estea suficientemente recoñecida e valorada. A sociedade galega foi, e segue a ser, unha sociedade familiar, e isto forma parte da nosa tradición e dos nosos sinais de identidade, o que nos obriga a unha activa política de amparo e protección da familia, recoñecendo a familia como toda institución humana e social que está en constante cambio.

Vimos loitando, señorías, para que a igualdade da muller sexa unha realidade. Isto esixe unha discriminación positiva a favor da muller, en xusta compensación co papel singular que desempeña na sociedade, o máis importante de todos, porque sen ela non hai renovación da sociedade.

A violencia de xénero é unha das manifestacións máis noxentas da covardía e da vileza humanas. Poden te-la seguridade, señoras e señores deputados, de que a defensa da muller, da súa dignidade e dos seus dereitos constituirá unha das miñas máximas prioridades.

A marabillosa xuventude galega —téñoa dito moitas veces— merece moito máis por parte de todos. Apostamos por unha mocidade formada, aberta, moi galega, española e europea, e queremos que se sinta atendida nas súas necesidades máis vitais. Esta xuventude, e non outra, será a máxima garantía de diversificación e pervivencia da nosa sociedade; por unha razón elemental e obvia, porque eles son —repito— o futuro.

Por iso unha das nosas meirandes preocupacións —xa o dixeran— é o desemprego xuvenil, factor de desestabilización social onde os haxa, porque nace del a desesperanza. A problemática dun mozo ou dunha moza que, unha vez rematado o seu ciclo educativo e querendo integrarse activamente

na sociedade, non encontra traballo non pode consentirse nin admitirse. De aí as medidas que anunciei na campaña —sabendo o que supoñen de esforzo—, que recollín anteriormente nesta intervención perante o Parlamento galego e que imos cumprir sen demoras nin esquecementos.

Sanidade e calidade de vida

Intimamente ligada ás políticas sociais está, señorías, a calidade de vida, un concepto difícil de concretar na práctica. Nembargantes, a ninguén lle escapa o seu significado e alcance nin tampouco a diferenza da calidade de vida coa que tiñan os galegos hai cincuenta anos. Conseguidas as melloras infraestruturais, chegou o momento de preocuparnos máis intensamente pola persoa e polo seu contorno.

Un primeiro plano desta mellora social correspóndelle á sanidade. A protección da saúde e a prevención das enfermidades teñen un protagonismo destacado no noso programa. Mais, sen prexuízo da atención e cumprimento dos obxectivos contemplados, incorporamos agora unha novidade, unha prioridade especial: a informatización plena do Servicio Galego de Saúde, algo que permitirá grandes avances para os cidadáns.

Durante a presente lexislatura poñerase en marcha a «Historia clínica informatizada única», un historial completo de cada enfermo que estará dispoñible na rede e que posibilitará que os profesionais accedan, dende calquera hospital ou centro de saúde, a tódolos datos clínicos e exploracións complementarias, probas diagnósticas e calquera outra información terapéutica ou administrativa. Esta historia única eliminará definitivamente as actuais barreiras entre a asistencia primaria e a especializada. Permitirá, así mesmo, que os cidadáns deste país dispoñan, mediante a súa tarxeta sanitaria, da súa información clínica completa e actualizada, non só aquí en Galicia, senón en calquera parte do mundo no que se atopen. Non teño que engadir, pero quero salientar, que este novo sistema estará dotado de mecanismos de seguridade que garantan a absoluta confidencialidade dos datos que figuran na historia clínica.

Tamén imos iniciar a implantación da receita electrónica —proxecto xa preparado e rematado— como medio indispensable para proporcionarlles ós facultativos información en tempo real da historia farmacoterapéutica do paciente. Convértese así nunha inestimable axuda á hora da prescrición, ó te-lo médico acceso á información sobre medicamentos e produtos sanitarios de cada enfermo. Para o paciente suporá unha maior calidade na atención, porque será consciente de que o médico dedica maior tempo a atendelo e que

coñece a medicación subministrada con anterioridade.

Unha vez escoitadas as opinións dos colectivos e sectores relacionados coa sanidade que contribuíron a enriquecer e perfecciona-lo borrador do Proxecto de lei de ordenación sanitaria de Galicia elaborado no seu día, estamos en condicións de presentar perante este Parlamento, case inmediatamente, un texto para debate que afecte ó conxunto das cuestións referentes á atención sanitaria.

A situación mundial, coa nova ameaza do bioterrorismo, obríganos a adoptar medidas necesarias para facer fronte a calquera eventualidade que poida presentarse. Aínda que cremos que Galicia non é un obxectivo inmediato —e ¡oxalá nunca o sexa de ninguén!—, convén que esteamos preparados. Actualmente xa se están analizando en laboratorios propios as mostras sospeitosas que apareceron —hai que dicir, polo de agora, que con resultado negativo no cen por cento dos casos—. Por outra banda, téñense creado grupos de traballo que están elaborando protocolos de actuación ante as posibles ameazas; protocolos que nos permitirán dar resposta a cada situación concreta que puidera aparecer. A evolución dos acontecementos a nivel mundial irá marcando, como é lóxico, o desenvolvemento desas actividades.

Durante esta lexislatura remataremos tamén a rede de infraestruturas sanitarias de Galicia, tanto no que se refire a hospitais como a centros de saúde.

Urbanismo, vivenda e deporte

Neste mesmo concepto de calidade de vida encaixa a política urbanística, a de vivenda e a deportiva. Procuraremos nesta etapa que comeza que os concellos de Galicia dispoñan de normas urbanísticas actualizadas que integren harmonicamente a protección ambiental e a expansión urbana, prestando unha atención singular ás especificidades do medio rural.

A revisión da Lei do solo de Galicia e da Lei de ordenación e protección do medio rural constituirán os instrumentos básicos para que poidamos levar adiante e con éxito o proxecto «A Galicia das boas vilas». Poñerémos-los medios tamén para que o dereito á vivenda, dereito amplamente desenvolvido no noso programa, sexa unha realidade avanzada neste país.

En materia deportiva cumpríuse amplamente o obxectivo de converte-lo deporte nun dos elementos clave da modernización e da saúde colectiva, física e moral da sociedade galega. Témo-la satisfacción de constatar que os resultados son satisfactorios, o que nos permite iniciar esta etapa cunha posición inmejorable.

As metas máis ambiciosas a favor do deporte galego son: infraestruturas municipais, instalacións dependentes das asociacións deportivas, subven-

cións baseadas en baremos obxectivos, tecnificación, deporte de alto nivel, olimpíada escolar e salóns do deporte. Velaí os resultados dunha xestión demostrada pola actual vitalidade dos 6.000 clubs deportivos galegos, tres veces máis dos existentes en 1990.

A política social terá para o noso futuro goberno —se Deus así o quere e o Parlamento o aproba—, e moi particularmente para min, unha especial relevancia, non só nos campos xa enunciados, senón tamén na esfera específica dos servizos sociais en sentido específico. Por esa razón, por esa preocupación social, e non por ningunha outra de índole política, tomámo-la decisión de crear unha Consellería de Servizos Sociais.

Con esta nova consellería completamos un equipo de goberno cun renovado compromiso para atender as demandas dunha sociedade non excluínte. O Goberno galego, sensible a accións estratéxicas sustentadas en obxectivos de inserción social e laboral e disposto a cubrir os déficits, cada vez máis preocupantes, de coidados das persoas dependentes e discapacitadas, quere dotar dos servizos máis axeitados.

Para facer realidade estes obxectivos temos previsto consolidar e ampliar plans de acción social que vaian cubrir as necesidades de atención social das galegas e dos galegos máis desfavorecidos. Trátase de tres plans xenéricos que abranguen tódalas accións para desenvolver no terreo dos servizos sociais.

- 1º O Plan galego de maiores, que se estenderá ata o ano 2006, e que mellorará, sen dúbida, os servizos destinados a este importante colectivo, cada vez máis importante nas sociedades do noso tempo.
- 2º A atención especial ós enfermos de alzheimer, a través de novas residencias dotadas de centros de día, de atención no fogar, de acollimento familiar ou de teleasistencias; medidas que serán potenciadas e promovidas, ademais do fomento de autorrealización dos maiores.
- 3º Unha maior preocupación polos discapacitados, a través do Plan de atención ás persoas con discapacidade. Este plan dará resposta, sen dúbida, ás necesidades deste colectivo mediante a creación de prazas ocupacionais e residenciais e a potenciación da formación.

Outra prioridade inescusable para a Xunta será a atención ó colectivo de persoas en situación de exclusión, calquera que sexa a causa desta. Por iso está xa en marcha e terá especial desenvolvemento o Plan galego de inclusión social, mediante o que promoveremos dinámicas de inclusión social e emprego dirixidas ás persoas e familias que corren o risco de verse fóra do mercado laboral e, en definitiva, da sociedade normal.

Este plan vai reforza-los aspectos integradores das políticas de rendas mínimas. Pretendemos deste xeito evitar posibles situacións de cronificación da exclusión, para o que temos pensado asociar esta política a estratexias activas de integración, co fin de que este colectivo estea en disposición de acceder ó mercado de traballo.

Avance da galegitude

De forma deliberada, pola súa importancia e pola miña persoal vinculación coa emigración —da que moito me honro, pois son fillo de emigrantes que se coñeceron en Cuba, alí naceron dous dos meus irmáns e teño parentes en media América—, quero pecha-la relación dos meus compromisos, no que será o meu cuarto período á fronte da Xunta, coa reafirmación dun compromiso total coa galegitude.

Señorías, en perfecta consonancia coa integración e coa convivencia social, á que facía referencia no principio deste discurso, cómpre situa-la Galicia do alén, a Galicia emigrada, é dicir, a máis dun millón de paisanos nosos que tan dignamente nos representan polo ancho mundo, e moitas veces, hoxe, non sen dificultades.

Durante a longa diáspora galega, os nosos emigrantes souberon adaptarse e integrarse sempre exemplarmente a culturas e mesmo a linguas moi disparres. Nunca ninguén poderá considerar a ningunha das nosas comunidades como grupos conflictivos ou inadaptados. Todo o contrario, os galegos que saíron polo mundo representan un exemplo de convivencia, de laboriosidade e de integración nos países que os recibiron; condicións estas que transcenderon ás segundas e terceiras xeracións.

As colectividades galegas falan por si soas dunha certa mestizaxe cultural, levada a cabo sen ningunha prevención ou prexuízo, en épocas moi anteriores á actual relevancia deste fenómeno social. Os galegos mantiveron sempre, alí onde se atopasen, unha actitude cordial e aberta a outros pobos, razas e mesmo relixións; actitude que os fillos e os netos dos nosos emigrados seguen practicando. Valla este exemplo de cosmopolitismo e de convivencia, señorías, entre outras moitas achegas, para significa-la enorme e a profunda dimensión da diáspora galega. E, por certo, estes días acaba de publicar acertadamente o Consello da Cultura Galega unha selección de cartas de emigrantes ós seus parentes en Galicia que, realmente, fai chorar ó corazón.

Soamente tendo en conta os nosos emigrantes en América e en Europa —e chegan ata Australia ou ata calquera parte do mundo—, xunto coas súas

segundas e terceiras xeracións, hai que falar de colectivos cuantitativa e cualitativamente importantísimos. Se a isto lle sumámo-las innumerables achegas que a emigración leva feito a Galicia na economía, na sociedade, na cultura, na educación —en cada unha das 30 parroquias do meu municipio hai unha escola ou escoliña creada polos emigrantes—, na sanidade e, en fin, en todos e cada un dos ámbitos do noso devir como pobo, non debe estrañarlle a ninguén que tomase a decisión de crea-la Consellería da Emigración, sobre todo agora que xa a temos nas dúas direccións.

Polo tanto, señoras e señores deputados, pediría que non se especulase con outro tipo de motivacións. O peso específico e a dimensión dun colectivo cada vez máis presente, a situación crítica dalgúns países de acollida e a defensa das súas reivindicacións en canto a participación institucional e a nacionalidade se refiren son razóns abondo importantes que nos obrigan, hoxe máis que nunca, e a min dende a honrosa responsabilidade que neste momento teño, cos irmáns emigrados. A isto quixera engadirlle o meu total apoio ás exemplares institucións, que indubidablemente terán que ir renovándose, dándolle paso á xuventude, para seguir sendo verdadeiras embaixadas de Galicia.

Reitero, máis unha vez, o que indica o programa electoral do Partido Popular de Galicia: a defensa dos emigrantes e dos seus dereitos políticos, tanto para os galegos do exterior como para os que viven en España; a necesidade de que acaden unha representación singular no Senado e, dende logo, un maior impulso e intensificación de relacións, con novas accións e plans destinados ás comunidades galegas de España, Europa, América e Oceanía.

Quero salientar, entre os principais obxectivos da nova consellería, que a integración no proxecto común da galeguidade pasa pola incorporación das novas xeracións, dos fillos e netos dos emigrantes. Queremos unha galeguidade firmemente constituída por novos galegos e galegas que se sintan orgullosos de pertencer a esta terra, aínda que nacesen moi lonxe de aquí.

Será a través dos sinais nos que se asenta a nosa identidade onde se produza a natural autoidentificación destes mozos, moitos deles altamente cualificados, ós que haberá que informar para trasladár-lle-la imaxe viva e real da Galicia do século XXI, empezando pola lingua e a cultura, verdadeiros motores da galeguidade, e continuando polas tradicións, pola historia, pola economía, polas tecnoloxías e por todo aquilo que, en definitiva, lles permita descubrir quen son, de ónde veñen e, se é o caso, a ónde veñen.

En definitiva, señor presidente, señoras e señores deputados, neste comezo do século XXI, e dende Galicia, cobra para min especial significación o alen-

tador pensamento de Demóstenes, que inspiraba o «**crer no que verdadeiramente desexamos**».

Eu creo, como cren todos, en Galicia e desexo con toda a forza do meu corazón que esta nova era que comeza sexa a da consolidación definitiva, a tódolos niveis, dun país que merece o mellor por parte dos seus fillos, dos de aquí e dos que están lonxe.

Sei que vivimos nun mundo no que se multiplican os problemas e aumentan as tensións a ritmos vertixinosos. Moitas veces semellamos ser espectadores impotentes de guerras, atentados, cataclismos e todo tipo de desgracias. Pero tamén é ben certo que hoxe máis que nunca constatamos no ser humano a mellor e máis perfecta creación de Deus, unha firme vontade de volveirse cara a dentro, de busca da espiritualidade, de defensa da natureza, de participación creativa, de maior tolerancia, autenticidade e solidariedade.

Todo isto é o que nos impulsa a crer no home do novo milenio, ou o que é o mesmo, a colaborar modestamente para que se impoña a xustiza no mundo e a sociedade sexa máis equilibrada, libre e democrática.

Ninguén se atreverá a negar, señorías, que Galicia, este vello reino situado nunha das fisterras de Europa, participou activamente do último treito do século XX, superou eivas e complexos ancestrais, e que hoxe se encara con orgullo a un novo século e milenio. En definitiva, señorías, penso que ninguén poderá nega-la chegada do progreso e da modernización coa que soñou e pola que loitaron tódalas xeracións que nos precederon.

Polo que a min corresponde, asumo a responsabilidade de seguir traballando polo engrandecemento da terra na que nacín, á que quero seguir servindo con renovado optimismo e no convencemento de que Galicia atopou o seu modelo propio; un modelo que non permite aventuras e, aínda menos, voltas atrás.

Cunha serena visión de futuro e na seguridade de ter cumprido os dictados da miña conciencia, cargado coa experiencia dos anos, mais nunca vello de espírito nin canso de traballar, emprendo hoxe unha nova viaxe a Ítaca.

Non me poñen medo nin as dificultades do camiño nin as súas sombras. Coa confianza, coa ollada no futuro, invito a todos a traspo-lo pórtico desta nova era que no novo século comeza para Galicia.

Dixen.

Moitas gracias.

DISCURSO DE TOMA DE POSESIÓN COMO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NO SALÓN DOS REIS DO PARLAMENTO DE GALICIA

15 de decembro de 2001

Excmos. señor vicepresidente do Goberno de España, presidente do Parlamento de Galicia, señores ministros, autoridades e representacións, señoras e señores.

Hai ben poucos días que tiña a honra de presentar, perante o pleno do Parlamento de Galicia o noso programa de goberno, maioritariamente votado polo pobo galego nos pasados comicios do 21 de outubro. Un programa que acadaría tamén a confianza maioritaria da Cámara para o meu cuarto mandato á fronte da Xunta de Galicia.

Prestado agora o solemne e circio xuramento de proseguir o meu compromiso máis profundo e leal coa nosa Galicia; ou o que é o mesmo, con todos e cada un dos seus fillos —cos de aquí e cos que aínda andan polo mundo adiante—, quixera reiterar novamente que no ano 2000 ábrese unha nova era para a nosa terra; unha etapa de ilusión e de traballo, de confianza e de unidade, de maior grandeza e recoñecemento para este vello reino.



Fraga anunciou o comezo dun novo tempo en Galicia na súa toma de posesión no Salón Nobre do pazo do Hórreo, en presenza do vicepresidente do Goberno central, Mariano Rajoy, e tamén diante de Beiras e Touriño, que asistiron por primeira vez a este acto oficial.



Vaia tamén por diante o meu agradecemento máis cordial para todos os que hoxe me acompañan neste acto; para as representacións do Goberno de España e doutras autonomías, para os que veñen de América, de Europa e de moitas partes de España, para as delegacións dos diversos sectores sociais, para a marabillosa xuventude galega; para todas e para todos.

Nunca fun partidario de facer longos discursos en momentos coma este; considero que hai que deixar que a emoción fale por si mesma, xa que abondan poucas palabras para expresar os sentimentos máis fondos.

Polo tanto, permítanme que reflexione brevemente, máis cara a un futuro esperanzador que arredor do que temos andado e realizado dende aquel 5 de febreiro de 1990; data na que asumín por primeira vez a responsabilidade de encabezar un Goberno autónomo galego.

Dixen daquela, e hoxe reafirmome no mesmo pensamento, que consideraba todos os meus esforzos e traballos anteriores como un período preparatorio, como unha introducción necesaria para asumir a honrosa tarefa de presidir o Goberno de Galicia.

Hoxe máis que nunca —e van alá case doce anos de traballo e entrega total—, podo dicir con enteira satisfacción que Galicia á que lle dedico o mellor da miña persoa, está dando magníficos froitos nos campos económico, social, cultural e das novas tecnoloxías.

Naturalmente, esta realidade representa unha enorme ledicia para todos nós. Foron anos intensos, nos que non só houbo triunfos e satisfaccións; tamén tivemos que aprender, moitas veces, da dura lección das dificultades. Dito isto, e á vista dun período que debe ser considerado en conxunto e que, afortunadamente, xa constitúe un modelo: o modelo da Galicia do século XXI; eu sigo mantendo a vixencia da teoría do optimismo razoable fronte a calquera xeito de pesimismo irracional ou a posicións utópicas, polo tanto, irrealizables.

Dominan por enteiro a miña conciencia o sentido do deber e o firme convencemento de que aínda é necesario facer moito máis pola nosa terra. Considero, pois, que debemos seguir avanzando a partir do que xa temos, pero cambiando a fondo todo aquilo que sexa reformable dende a continuidade e a estabilidade. Para iso é para o que estou disposto a gobernar Galicia durante os próximos catro anos, con novos folgos renovados, con ilusións permanentes e coa ollada posta no futuro.

Ó parecer, as forzas de representación parlamentaria coincidimos, no mesmo inicio desta sexta lexislatura, na necesidade de impulsar o diálogo. Benvido

sexa, pola miña parte, este novo talante que de seguir así servirá, sen dúbida ningunha, para un maior e máis fructífero entendemento político.

A aproximación en todo o que une e dá forza a unha comunidade non exclúe, de ningún xeito, a crítica democrática, o debate e a verdadeira oposición. Sabido é que de situacións de diálogo e consenso teñen xurdido os máis ambiciosos proxectos.

Ben certo é, como xa anunciaba don Ramón Otero Pedrayo no ano 1929, que «só hai unha terra prometida para os galegos: esa terra é a nai Galicia. Un país pletórico de forza espiritual, un camiño único, un mesmo campo de sacrificios e idealismos, unha perfecta unión de homes e enerxías».

Nesta mesma liña, cómpre orientar o noso futuro máis inmediato; mais sen esquecer nunca que Galicia esixe honradez de todos e con todos; honradez política, honradez administrativa, honestidade cultural, ó fin e ó cabo, seriedade persoal.

Que ninguén pense, a estas alturas do século XXI e do terceiro milenio, que poderá cambiar de rumbo modificando o actual modelo que Galicia xa fixo seu; un modelo de traballo, de paz e de solidaridade; un modelo para un tempo, unha terra e unha cultura.

Só dende as sólidas bases da democracia e da autonomía, dende a realidade política e social de arestora, é posible gobernar Galicia. O que significa gobernar con todas as consecuencias, contando con todos e procurando escoitar a todos: ós homes e ás mulleres, ós máis novos e ós que teñen a experiencia dos anos. Nunca en contra de ninguén, pero tampouco dispostos a negociar a división dunha España común á que nós como galegos estamos unidos por fortes vínculos.

A Galicia do futuro xa está sendo posible nos nosos días: unha Galicia como ela mesma é, pero aspirando a ser cada vez un pouco mellor.

A Galicia do campo e a do mar; a da industria e as telecomunicacións; a da moda e os produtos de calidade; a da cultura e o turismo; a do crecemento demográfico e o emprego xuvenil; a Galicia do desenvolvemento sostible e o equilibrio ambiental; a da innovación e renovación tecnolóxicas; a da educación e o coñecemento...

Unha Galicia con maior calidade de vida, con máis e mellores servizos sociais; unha soa Galicia cos brazos abertos ós nosos irmáns emigrados; ós que por certo tócalles afrontar na querida República Arxentina, terra de promisión e fartura onde as haxa, unha desgraciada crise económica; situación que desexamos, de todo corazón, ver superada canto antes.



Un claro ton conciliador e aberto a modificar todo o reformable, marcou o discurso de toma de posesión de Fraga como presidente da Xunta por cuarta vez consecutiva ante un nutrido elenco de autoridades e invitados.

Está é a Galicia na que cremos e á que queremos: unha sociedade plural, galeguista e popular, sen marxinações de ningún tipo, protexida polas institucións, cumpridora da xustiza e da lei, fomentadora da iniciativa privada e da riqueza, enraizada na tradición, proxectada ó futuro.

Cremos e queremos unha Galicia máis integrada en España e na Europa Unida das comunidades e as culturas, con peso específico, con orgullo e dignidade. Unha Galicia moi galega, moi española, moi europea, iberoamericana, universal. Eu ben sei que todo isto non é fácil, que esixe maior concienciación e mobilización da cidadanía do noso país. Pero tamén me consta que se ó longo da historia fomos capaces de realizar uns cantos esforzos comúns, tamén sere-mos quen de coroar esta terceira transformación da nosa terra; un novo rexur-dimento que nos leva á definitiva incorporación na sociedade da información e o coñecemento.

Polo que a min respecta, pídolle ó santo apóstolo, ó noso Señor Santiago, que non me negue as forzas necesarias para seguir percorrendo os camiños da nosa Galicia en todas as direccións; de norte a sur, e de leste a oeste. Para empuxar con seriedade, para esixir eficacia e responsabilidade, para brindar a confianza e a ilusión que require o actual proceso modernizador.

Ninguén mellor que o noso grande poeta da raza, Ramón Cabanillas —a que, por certo, tiven a honra de coñecer e de tratar—, para transmitirnos nos seus versos un alento poderoso, esperanzador e perdurable: «¡Galicia! Nai e Se-ñora, / sempre garimosa e forte; / preto e lonxe; onte, agora, / mañán... na vida e na morte».

Teño dito.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

8 de outubro de 2002

Señor presidente, señoras e señores deputados.

Sempre un debate sobre o estado da nosa Galicia, da súa autonomía e do seu autogoberno, é para todos nós, lexítimos representantes do pobo galego, un debate da máxima importancia.

Polo tanto, comparezo hoxe perante as súas señorías, a petición propia e en función do disposto na Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente e no Regulamento desta Cámara, para dar conta das actuacións da Xunta de Galicia dende o 15 de decembro de 2001, data da miña cuarta toma de posesión como presidente do Goberno galego.

Exporei aquí, resumidamente, a acción do meu Goberno nos últimos dez meses e informarei, así mesmo, a todos vostedes sobre os grandes proxectos xa en marcha, que configurarán basicamente o marco de desenvolvemento político, económico, social e cultural de Galicia no primeiro decenio do século XXI.

Para facilitárllle-los obxectivos anteriores dispuxen un método de traballo no cal este discurso non é máis ca una parte; o outro material vano ter vostedes, ó final da miña intervención, nos grupos parlamentarios, e está constituído polo tomo de rendición de contas e por outras quince separatas sectoriais sobre temas de especial interese, nas que se expoñen máis prolixamente as accións realizadas e as perspectivas de futuro do Goberno da Xunta.

Apuntaba eu no pasado debate de investidura, perante este mesmo Parlamento, que Galicia iniciaba unha nova etapa de consolidación e de avance transformador, de continuidade renovadora e coa ollada posta no inmediato futuro, no 2010. Pero esta realidade débese ós profundos cambios experimentados ó longo de tres lexislaturas ininterrompidas de goberno galeguista e popular.

Falo, señoras e señores deputados, do proxecto de goberno do Partido Popular de Galicia, deseñado no ano 1989, posto en marcha o 5 de febreiro de 1990 e adaptado en cada unha das citas electorais nas que o Partido Popular de Galicia recibiu o voto maioritario do electorado galego. Van alá doce anos e medio de apoio e de confianza do noso pobo, pero quero recordar que non foi dado sobre un programa sinxelo ou resumido senón sobre libros brancos de importancia e que hoxe poden servir de testemuño do que se propuxo e do que se realizou.

O noso mellor agradecemento é poderlles ofrecer a tódolos galegos o traballo realizado e a dedicación plena nun tempo caracterizado polo desenvolvemento ascendente. Devolverlles, sobre todo ós máis novos, unha comunidade histórica dinámica e conectada co mundo, fronte a unha Galicia antes frecuentemente representada de negro e laiándose da súa inxusta marxinación.

A sociedade galega foise reafirmando no seu conxunto, e con lexítimo orgullo, nos sinais marcados pola propia identidade, nos fondos alicerces da personalidade deste país, naquilo que constitúe o verdadeiramente cerne substantivo de Galicia, o que Vicente Risco denominaba «patrimonio tradicional». É dicir, o patrimonio dun pobo con alma propia, cunha lingua e cunha cultura milenarias, cunha historia e cun futuro; un pobo e unha cultura non só capaces de sobrevivir senón de crear e de manter espazos de seu na actual encrucillada globalizadora.

Dicía Alain Touraine que a globalización é «a adaptación a unha economía mundial aberta». Un eido difícil no que haberá que conxugar con sabedoría o mercado, que é o que asigna con eficiencia pero distribúe con problemas, con equidade; é dicir, con solidariedade intelixente e comprometida.

A globalización vista como un ámbito para enfrontarse correctamente ós novos retos e tamén como condición necesaria para intentar resolvelos. Novos retos chamados a enlousar este proceso sempre aberto e inacabado que é a Historia —así, con maiúsculas—, un proceso que demanda superar —o que Hegel chamaba *Aufhebung*— calquera xustillo imposto polas ideoloxías pechadas, esas que o explican todo, abríndolle en cambio as fiestras ó aire renovador da democracia e da liberdade.

Sabido é que a economía resulta ser sempre unha disciplina moi próxima ós cidadáns e ós acontecementos políticos e sociais; a economía nos seus ciclos, nas súas estruturas, ten un reflexo na vida cotiá das persoas. De aí que a responsabilidade sobre a traxectoria na que discorra a economía dun determinado espacio xeográfico non é cuestión exclusiva da Administración ou do Goberno senón algo compartido por tódolos axentes económicos e sociais.

Ós galegos, como españois e como europeos, tocounos vivir, na transición de finais do século XX ó XXI, unha época de profundos cambios nas relacións económicas, na configuración dos modelos de crecemento e desenvolvemento. O máis incisivo de todos estes avatares foi ese fenómeno da globalización, unha realidade que posibilita a liberación do comercio ou os fluxos financeiros, pero que tamén presenta graves riscos; o maior deles, a pervivencia das situacións de miseria e subdesenvolvemento de moitos países que non poden acceder ós niveis de benestar occidental.

Calquera observador imparcial pode percibir que a Galicia de hoxe, aínda que mantén a súa faciana agraria e pesqueira, deu un xiro radical na modernización do sistema productivo, de tal xeito que a riqueza xerada pola nosa economía bascula na industria e no sector servicios, como corresponde a unha sociedade desenvolvida. É unha Galicia que nos últimos anos creou emprego neto e de calidade; unha Galicia mellor comunicada, máis accesible ó turismo, con gran dinamismo do seu comercio exterior, plenamente integrada no Estado das autonomías e na Europa unida, aberta ó mundo e cunha morea de grandes empresas de prestixio internacional que actúan como motores dos respectivos sectores do país.

A ninguén lle escapa, por outra banda, que a actual conxuntura económica internacional presenta incertezas e que, dende xullo, a lenta evolución á alza que experimentaban as economías dos países máis desenvolvidos dende finais de 2001 semella ter entrado nunha fase de deterioración. As tensións derivadas dun posible conflito bélico en Oriente Próximo, o repunte dos prezos do cru, e mesmo o clima de desánimo producido polos escándalos

financeiros detectados nos Estados Unidos e noutras partes, que influíron sensiblemente sobre os mercados de valores das principais economías, están na base desta crise de confianza.

Galicia, como é obvio, non permanece allea a estas realidades. Certamente estamos a experimentar unha ralentización da actividade e unha menor creación de emprego, pero tamén é verdade que a boa saúde da nosa economía nos últimos tempos nos permitiu sortear certas dificultades e mante-las nosas diferencias de crecemento con Europa, o que nos serviu para avanzar na converxencia.

A evolución dos últimos anos amosa, ó meu xuízo, que o chamado «círculo virtuoso» foi a variante alta dun ciclo de crecemento que presenta agora perfís máis borrosos pero continuados. Todos deberíamos tira-las oportunas consecuencias desta recente evolución económica mundial. O indubidable proceso de globalización, as modificacións introducidas nas estruturas laborais, a íntima vinculación entre investigación e desenvolvemento empresarial, os esforzos das empresas por mellora-la súa competitividade, as prácticas conexas coa sociedade da información ou os problemas do desenvolvemento en amplas zonas do mundo, coas súas compoñentes de pobreza, constitúen novos eixos nos que encaixar dun xeito acertado o papel do sector público e das administracións na praxe económica.

Nalgunha ocasión dixen que a mellor maneira de afrontar os retos da mundialización da economía é a rexionalización da globalización. Penso, ademais, que é estéril marcar un falso dilema entre «vella» e «nova» economía. Trátase de pór en marcha unha política económica moderna que, sen dimitir das vantaxes dos novos procedementos, sexa capaz de extrae-las potencialidades dos antigos instrumentos.

Neste esquema, o Goberno galego entende que o sector público, a Administración pública, debe e ten que seguir xogando un importante rol na actividade económica. É obvio que ese papel non pasa polos vieiros dun intervencionismo caduco, senón por desenvolver unha tarefa de impulso da actividade, de creación das condicións axeitadas para que a iniciativa privada, os emprendedores, poidan facer aquilo que lles corresponde por dereito propio.

Ninguén dubida de que na tradición europea, da cal nós non abdicamos, as políticas de solidariedade e de cohesión social competen ó sector público de maneira fundamental. De aí que na nosa concepción dunha administración pública moderna ocupen o mesmo rango de importancia a protección social e o apoio ós sectores productivos, equilibrio entre investimentos reais e benestar social. Esta actitude, señoras e señores deputados, exprésase ano a

ano nas políticas orzamentarias, e así vai seguir sendo, pois témo-la intención de manter un crecemento dos gastos correntes non sociais por debaixo do crecemento do propio orzamento, para que os gastos de contido social e os investimentos teñan taxas de incremento superiores.

Economía e xestión na era dixital

Galicia pode gabarse de experimentar nos últimos tempos un bo comportamento económico. Coido que a vella apreciación sobre a traxectoria da nosa economía, aquela que falaba de que o noso PIB evolucionaba por debaixo do PIB do conxunto de España nos tempos de bonanza e que mantiña un comportamento menos malo nos tempos de crise, está hoxe desbotada.

A nosa economía amosa unha traxectoria completamente paralela á española, influídas ámbalas dúas, como é lóxico, polos ciclos económicos. Xa non medramos menos có conxunto de España; crecemos a taxas semellantes ás que experimenta o conxunto do Estado. Os datos falan por si mesmos: a nosa economía experimentou un comportamento moi positivo no período 1995-1999, acadando unha taxa de crecemento do 30 % ó final deste, fronte ó 29,2 % do conxunto español, oito décimas por enriba; diferencial que sería máis positivo —2,65 puntos— se tivesemos en conta o ano 2001 na comparación.

Na década dos pasados anos noventa, o noso PIB, activado polo pulo das exportacións e polo turismo dende o lado da demanda, e cun forte incremento da produtividade do traballo dende a vertente da oferta, mantivo taxas de crecemento certamente positivas, cunha media anual do 2,7 %, o que contrasta certamente cos antigos comportamentos de hai máis de quince anos.

Este importante esforzo de converxencia non foi resultado do azar. O proceso de modernización da nosa estrutura productiva foi parello á posta en marcha dunha política económica por parte da Xunta de Galicia. Hoxe temos un tecido productivo terciarizado e unha industria que recuperou os niveis anteriores á crise dos oitenta. Trátase dun proceso de modernización similar ó acontecido na economía española, aínda que cunhas peculiaridades que merecen uns apuntamentos.

Semella evidente que o noso sector primario, incluíndo a pesca, pode e debe ter uns perfís diferentes ós do resto de España. As nosas especializacións productivas aconsellan que a dimensión deste sector debe ser superior á estatal e esixen unha actuación decidida para impulsa-lo seu relanzamento na contribución ó PIB rexional. A esa estratexia de reforzamento do sector primario referireime máis adiante.

Non podemos esquecer, por outra banda, que o mercado de traballo evolucionou dun xeito favorable nos últimos anos. O incremento do emprego a partir, basicamente, do ano 1997, nas ramas de actividade non primarias, en especial na industria e nos servizos, compensou con creces o desemprego ou a perda de postos de traballo no sector agrario. En 2001, por exemplo, creáronse 27.000 novos empregos e no exercicio de 2000 foron 45.000, a cifra máis alta dende a existencia do rexistro da EPA. A nosa economía, señorías, crea emprego neto dende 1997, e dende esa data, e ata finais de 2001, xeráronse 122.920 novos postos de traballo, cunha media diaria de 67 novos empregos.

O cambio na estrutura productiva e a boa marcha do emprego non son os únicos datos da modernización da economía galega. Todos somos conscientes de que as empresas galegas están a realizar importantes esforzos para gañar competitividade nos mercados nacionais e internacionais. E, se ben é certo que é preciso seguir na mesma liña e apostar pola elaboración de produtos co máximo valor engadido posible, tamén é verdade que as nosas empresas incrementaron considerablemente as cifras do noso comercio internacional e que o saldo da nosa balanza comercial rexistrou unha notable — mesmo diría extraordinaria — mellora.

As exportacións galegas veñen mantendo, nos últimos cinco anos, incrementos moi superiores á media española. O ano pasado, as empresas galegas venderon nos mercados internacionais produtos por un importe de 9.271 millóns de euros, cun crecemento que triplicou o estatal. As importacións ascenderon a 9.373 millóns, co que a taxa de cobertura da nosa balanza exterior se situou case no 99 %, rozando o equilibrio comercial.

Pois ben, malia o actual panorama internacional, as nosas empresas seguiron crecendo neste contexto, e todo parece indicar que por primeira vez pecharémolo ano con superávit, gracias — repito — ós esforzos da nosa industria a prol da competitividade nos mercados máis esixentes. No primeiro semestre deste ano, a taxa de cobertura situouse xa no 110 %, e o saldo foi positivo en 428 millóns de euros a favor de Galicia. As exportacións cifráronse — repito — en 4.823 millóns e as importacións en 4.395 millóns.

Hai outros indicadores económicos que nos dan idea da modernización experimentada por Galicia e que nos indican que a nosa comunidade ten trazos obxectivos e razoables de competitividade. Así, os procesos de concentración parcelaria, a dotación de polígonos industriais, a indubidable mellora no acceso ás enerxías alternativas — gas natural ou enerxía eólica — e mailos instrumentos de promoción económica postos en marcha dende o

lgape ou mesmo as facilidades para o acceso ó crédito e a implementación das novas ferramentas, como os fondos de capital risco ou os préstamos participativos, son outros tantos reflexos do empeño do Goberno da Xunta por promover a actividade económica.

Señor presidente, señoras e señores deputados, con ser moi bos os datos anteriores e con amosar unha tendencia certamente positiva, o Goberno da Xunta considera, por suposto, que aínda cómpre avanzar máis na política económica mantida nos últimos anos. Debemos de continuar na dirección antes apuntada: outorgando un renovado papel ó sector público na definición das estratexias de política económica co fin de avanzar nunha serie de obxectivos plenamente asumidos pola cidadanía galega. É dicir, cómpre incrementala converxencia, crear emprego estable e de calidade, avanzar nas nosas cotas de benestar social e introducírmonos a fondo no universo das novas tecnoloxías e na sociedade da información. Neste senso, e logo da entrada en vigor do orzamento anual de 2002, o Executivo que me honro en presidir aposta na súa política presupostaria por priorizar obxectivos, de xeito que os recursos públicos vaian dirixidos a aquelas actuacións capaces de xerar maiores cotas de valor engadido e de emprego. Nesta estratexia, que se presentará neste Parlamento, establécese como imprescindible un marco de colaboración entre a iniciativa pública e o sector privado que abre interesantes e amplas expectativas no financiamento de determinados proxectos.

Nós pensamos que un esforzo compartido para incrementalo noso stock de capital actuante en Galicia é condición imprescindible para seguir avanzando na converxencia e na modernización. Constitúe unha evidencia o feito de que o incremento do stock de capital en 60 millóns de euros supón un incremento do PIB nunha décima, razón de peso para apostar por esta vía de posible financiamento compartido en obras de infraestrutura.

Non se trata, señoras e señores deputados, de restarlles créditos ás partidas adicadas a investimentos reais; moi pola contra, trátase de pór en marcha este mecanismo ademais das consignacións orzamentarias á disposición dos distintos departamentos. Non restamos nada, sumamos; non se reduce nada, increméntase o volume financeiro a disposición do conxunto social. A importancia de optar por esta fórmula mixta para financiar infraestruturas visualízase no feito de que se trata dunha opción que complementa o que poderíamos chamar «normal xestión orzamentaria». Non podemos esquecer, señorías, que a Xunta ten capacidade de seu para afrontar gastos de investimento, gastos de capital. A nosa saúde financeira en materia de xestión orzamentaria posibilita xa

abordarmos con recursos propios unha alta porcentaxe dos gastos de capital. O noso aforro presupostario, que medrou un 12,6 % neste exercicio de 2002, financia agora o 56,56 % dos gastos adicados ó investimento.

Este traballo non é só unha promesa: é unha realidade que xa está analizando posibles proxectos susceptibles de ter financiamento mixto e que xa ten concreción, por exemplo, na decisión de aborda-la construción da autoestrada Castro Dozón-Ourense. É o mesmo caso que o grupo de traballo constituído para examina-las potencialidades do noso subsector agrario, as posibilidades de incrementa-lo valor dunha serie de producións cunha dobre vertente: por unha banda, rendibilizar terras que na actualidade están ociosas, cecais por unha atención preferente ás actividades gandeiras; e, por outra, crear condicións que axuden a fixar poboación en amplas zonas rurais de Galicia.

Nós estamos convencidos de que, no actual esquema que amosa a nosa estrutura productiva, o subsector agrario ten un amplo camiño por percorrer na procura dunha meirande contribución ó PIB. Se desexamos ter un subsector agrario axeitadamente dimensionado, cunha dimensión que non ten por que se-la correspondente ó conxunto do Estado, hai que buscar fórmulas que nos permitan incrementa-la súa rendibilidade. As nosas tradicionais especializacións productivas no sector primario non son obstáculo para analizar vías alternativas en producións agrarias que poñan en valor terras desaproveitadas con cultivos de futuro nos mercados. A este labor, que esixe profundos estudos, estamos adicando grandes esforzos, porque pensamos que a nosa agricultura pode —e debe— incrementar dun xeito gradual a súa contribución á xeración de riqueza na nosa comunidade.

Señor presidente, señorías, todo este cúmulo de traballos e de esforzos buscan unha meta moi sinxela: facer que se acelere o noso ritmo de converxencia con España e con Europa, de xeito que no horizonte do 2010 o PIB per cápita de Galicia acade o 90 % do PIB español e o 80 % do PIB por habitante da Unión Europea. Os treitos percorridos ata agora non foron malos: coas nosas políticas económicas conseguíuse que no período 1990-1998 o noso PIB per cápita pasase do 57,3 % da media da Unión Europea —entón de quince membros— ó 64,2 %; relación que no tocante a España se situou no 79,5 % do PIB por habitante español en 1999 e no 96,7 % no total das rexións obxectivo 1 da Unión Europea.

Sabido é que a converxencia non é froito dun día. É un obxectivo a medio prazo, no que pode haber momentos puntuais de maior ou menor dinamismo. De aí que, como consecuencia da nova situación creada nos últimos meses,

poida haber unha revisión puntual das estimacións de crecemento e incremento do emprego, sen que iso afecte ó noso obxectivo global de seguir a medrar por enriba dos índices europeos e españois, recortando etapas na carreira de fondo da converxencia real.

A Europa unida dos pobos e das culturas

Antes de abordar este capítulo, permítome lembrarllles, señoras e señores deputados, que a miña firme convicción rexionalista non é algo que veña, nin moito menos, de onte á noite. Modestamente, sen ánimo de protagonismo, sen pretender dar leccións e escoitando a todo o mundo, creo que debo citar aquí o meu libro *Sociedad, Región, Europa*, aparecido en 1974, no que eu reflexionaba, xa daquela, arredor dos retos e das dificultades que a rexionalización europea podería presentar no futuro. Agora, vinteito anos despois de escritos aqueles textos, resulta que os problemas que se presentan, de representatividade das rexións na Europa Unida, na Europa do euro, son máis ou menos os que eu daquela apuntaba —repito, 1974—.

Támén é verdade que os galegos xa estabamos inmersos na mundialización moito antes de que se difundira este barbarismo que para algúns semella ser ata a palabra descubridora do proceso. Velaí como varios milleiros dos nosos antergos acudiron á chamada de moitas repúblicas latinoamericanas para poboar-las novas terras xa no século XIX, ou cómo explica-la nosa relación comercial co Reino Unido victoriano, ou a expansión da nosa flota pesqueira en augas daquela libres, xa que aínda non coñecían a *vis* expansiva dos estados ribeireños desatada no derradeiro tercio do século XX.

Tanto por esa tradición, que mesmo pode entroncar cos fondos vencellos que abriron dende a Idade Media os camiños de Santiago e as peregrinacións xacobeas, como pola nosa irreversible participación na empresa europea, somos unha sociedade aberta, permeable e receptiva fronte ás correntes internacionais, sexa no eido mercantil, sexa no cultural ou no social.

Repito unha vez máis, Galicia non pode nin debe pecharse. Dende que teño a honra de ser presidente da Xunta veño mantendo o criterio de que a nosa Comunidade Autónoma debe mante-la súa ollada alén dos nosos lindes e fronteiras para garantir, por paradoxal que resulte, a prolongación da nosa estirpe, da nosa cultura, da nosa lingua, das nosas tradicións.

Unha vez dito isto, e coa distancia necesaria, penso que esta política vén sendo abondo positiva para Galicia. E aínda que sabemos que houbo decisións moi criticadas no seu día, como a miña aposta polo diálogo para asegurar

unha transición pacífica e democrática en Cuba, ou os contactos con Libia ou Irán, resultan hoxe tan evidentes que ata moitos dos que antano nos criticaban desenvolven agora alí programas análogos. Para min, con total e absoluta responsabilidade —e permítanme que nisto personalice a miña posición, pois son fillo dunha familia numerosa de orixe emigrante; meus pais coñecéronse en Cuba, alí naceron dous dos meus irmáns, e eu mesmo vivín nunha facenda de azucre chamada Manatí uns poucos anos—, o benestar dos anciáns galegos que alí residen, e o dos seus descendentes, estaba —e segue a estar— por riba de calquera outra posible consideración ideolóxica, política ou persoal. Outro tanto digo para os nosos paisanos establecidos en calquera país con dificultades económicas e sociais.

Hai escasos meses tiven a oportunidade de defender, diante do presidente do distrito da Reserva Federal de Nova York, xunto con outros responsables políticos latinoamericanos, a necesidade de manterlle o creto ós países do Mercosur.

Se pensamos no volume de emigrantes galegos e de descendentes de primeira, segunda ou terceira xeración que hai naquelas terras do Plata, calquera poderá comprender perfectamente que a estabilidade dos sistemas financeiro e cambiario daquelas nacións non sexa —como non é— un feito irrelevante para nós.

Como xa lles anticipei ás súas señorías, son dos que cren que a mundialización, en tódalas súas manifestacións, non exclusivamente na económica, coma calquera outra obra humana, posúe luces e sombras, rosas e espiñas. Polo tanto, cómpre aproveitar todo aquilo que favoreza e combate-lo que provoque miseria e marxinação social. Temos, así, que unha boa parte do froito do traballo e do aforro dos galegos, gracias a empresarios emprendedores, está hoxe presente no planeta; por exemplo, en modernas industrias para tratar produtos do mar asentadas en Namibia, Arxentina, Costa Rica ou Cuba, ou que o noso sector téxtil sexa punteiro, mediante diversas fórmulas comerciais, nas principais cidades do mundo, ou que algunhas industrias mecánicas galegas estean instaladas xa no sur do Brasil... Ó mesmo tempo, agradecemos que unha gran firma do sector do automóbil europeo invista maiormente na nosa terra, ou que o capital alxeriano se sumase á planta de regasificación de Ferrol, ou que os nosos estaleiros reciban encargos civís e militares de armadores e de estados alleos. Polo tanto, está claro que non podemos desbotar xenericamente o proceso globalizador, ou como se lle chame, só aducindo posturas maximalistas.

Nada que proveña do exterior e que incida en Galicia pode ser, señoras e señores deputados, para nós indiferente. E dado que como europeos e españois participamos da sorte dunha Unión caracterizada por ser extremadamente porosa e internacional e por posuír un mercado interior no que as fronteiras xa non existen máis que como referentes administrativos, temos que ser conscientes de que calquera alternativa contraria a esta realidade estará abocada ó fracaso. É por iso, e non por xogar a relacións internacionais dende un goberno autónomo —pois nós respectámo-la Constitución—, que a Xunta vén desenvolvendo unha acción exterior programada e congruente, dentro dos termos aceptados polo Tribunal Constitucional na que tódolos documentos de previsión económica, tanto xeral como sectoriais, e de actuación nas áreas sociais con proxección ou influencia de factores esóxenos, teñen en conta o límite establecido polas variables foráneas.

A sistematización que supuxo a elaboración dun primeiro programa de acción exterior —que, por certo, culmina neste ano— terá continuidade dende o ano 2003 cunha nova programación que aspira a ser desenvolvida ata o 2006. Nela, tódolos departamentos da Xunta están directa ou indirectamente implicados, e o programa, que iniciará a súa aplicación no próximo xaneiro, reforzará, sen dúbida, a nosa capacidade de previsión e de resposta ós acontecementos externos que inciden na nosa realidade económica e sociocultural.

Non podemos esperar ós próximos anos, señoras e señores deputados, senón que nos próximos meses se revelarán algúns aspectos fundamentais para os intereses de Galicia. Dunha banda, a desaceleración da economía internacional, contraída en maior medida logo dos luctuosos acontecementos do 11 de setembro de 2001 —mais non só por iso— e a recesión das economías dos países latinoamericanos, especialmente os do Plata, ós que nos sentimos especialmente vencellados por motivos fundamentalmente familiares, impiden efectuar previsións con data fixa sobre a nosa expansión neses mercados.

Por outro lado, a reforma permanente do escenario europeo por mor do proceso constituínte en marcha —é moi importante recorda-la convención, que está funcionando e avanzando no seu traballo— das negociacións de adhesión de novos estados á Unión —que, sen dúbida, influirá tanto na revisión de certas políticas como no *modus operandi* das institucións e órganos comunitarios, pero que debemos apoiar igual que temos que censurar dificultades que a nós nos puxeron algún día, algúns por egoísmo— e a

preparación dos debates que deben perfila-las novas perspectivas financeiras plurianuais da Comunidade Europea, son causas que esixirán non só seguir-lles o paso ós acontecementos senón adaptármonos a un medio que vai mudando pouco a pouco.

Á vista desta análise e da nosa posición xeográfica en España, en Europa e no mundo, seguimos apostando por considerar a Portugal, en concreto á súa Rexión Norte, o noso primeiro aliado estratéxico —por algo son máis ca amigos: irmáns—. Transcorrida unha década dende a constitución da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, organismo que representa para nós un fito, mesmo no cambio de clima nas relacións bilaterais, pódese afirmar con orgullo que entre portugueses e galegos edificamos unha xenuína e institucionalizada comunidade de intereses e de traballo que vai máis aló da participación en iniciativas europeas ou da implementación coordinada de distintos aspectos do acervo comunitario.

Quero facer fincapé, señorías, en que a ordenada sistematización da nosa relación con Portugal —especialmente o seu norte— é un exemplo de cómo debe ser —penso eu— entendida a acción exterior. A adhesión das cidades que integran o Eixo Atlántico, rexidas tanto no norte de Portugal como na Comunidade Autónoma por un amplo abano de opcións políticas, lexitimamente competidoras e diverxentes en múltiples eidos —que tamén se fixo presentar estes días en Bruxelas—, demostra que as boas empresas con proxección externa deben asenta-los seus alicerces no máis amplo e fondo consenso entre as forzas políticas.

Aínda máis, a participación de organizacións sociais, como a dos sindicatos lusos e galegos que propiciaron a sinatura do Protocolo de Cooperación entre a Comunidade de Traballo e o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, referenda as vantaxes que supón para tódolos participantes a extensión da dinámica de consenso político á esfera cívica e social. Igualmente, hai que salienta-la boa disposición dos gobernos portugués e español ó nos brinda-la posibilidade de intervir no proceso negociador do futuro Tratado de Cooperación Bilateral —xa neste momento asinado e próxima a súa ratificación—, para empregar de seguido tódolos instrumentos de xestión mancomunada de servizos públicos nel previstos.

Rexións e nacionalidades no ámbito europeo

Debemos cobrar, pois, señoras e señores deputados, a plena consciencia de que as comunidades, os estados federados, as rexións, as nacionalidades e

outras entidades políticas de base territorial competimos arreo en moitos ámbitos, polo que as divisións internas adoitan só ser benvidas polas restantes que esperan ver medra-lo seu éxito e mailo volume dos seus retornos económicos ou a súa influencia política a custa da minoración das oportunidades alleas. Non, ese non é o camiño.

Dende hai un tempo véñse debatendo a posibilidade de que Galicia gañe un superior protagonismo no deseño das políticas comúns e non só na súa implementación operativa. Isto supón que a nosa avaliación dos asuntos que integren a axenda europea nas materias nas que posuímos competencias substantivas e maila capacidade para lanzar propostas que poidan ser debatidas nas institucións e órganos comunitarios sexan efectivas.

Sabémo-los temores dos que postulan a intanxibilidade do esquema de funcionamento actual e as ansias dos que pensan que nas negociacións dos expedientes comunitarios nunca hai algo que ceder para pecha-los acordos. Pero tal comprensión non quere dicir que compartamos eses posicionamentos. A vida, máxime a vida política, non se entende sen o cambio, do mesmo xeito que non hai negociación sen transacción, maiormente cando estamos inmersos nun proxecto irreversible e de debates concatenados en múltiples temas.

Neste marco cooperativo, pero tamén intensamente competitivo en moitas ordes, os resultados son a medida do éxito. Polo tanto, non cabe pensar nunha eficacia negociadora sen unha forza e sen as ferramentas idóneas que a apoién. Neste asunto, señoras e señores deputados, que para nós resulta crucial co fin de formular unha proposta galega responsable, definitiva e completa, válida para tódalas administracións implicadas, atopámonos con serios atrancos que, contra o que puidera parecer, non proceden exclusiva e nin sequera fundamentalmente das reticencias da Administración xeral do Estado senón da propia complexidade dos temas e da radical transformación que están experimentando dun xeito acelerado.

Un exemplo gráfico, que calquera pode contrastar, é como o Consello Europeo celebrado en Sevilla os pasados 21 e 22 de xuño ordenou ó Consello para que denantes do 31 de xullo modificase o seu regulamento interno, preparándose na perspectiva da ampliación na rodaxe dun funcionamento compatible co medre do seu número de integrantes. E así se fixo mediante unha decisión do 22 de xullo, publicada no *Diario Oficial das Comunidades Europeas* o 28 de agosto pasado. Pois ben, atopámonos cun novo escenario de análise: suprimíronse formacións específicas do Consello, que trataban de asuntos

que, en parte, podían atinxir a competencias estatutarias de diversas comunidades autónomas, refundíndose noutras máis heteroxéneas. Velaí que agora os expedientes de agricultura e pesca se examinarán nun único consello, igual cós de emprego, política social, sanidade e consumo, ou os de mercado interior, industria e investigación. A isto debe engadírselle que a Presidencia de cada consello pode permitirse esperar só catorce días antes do comezo da sesión para fixar e envia-la orde do día provisional.

Señorías, sen caer nun casuismo impropio dun debate como o que agora nos reúne, máis residenciábel nun comité de técnicos e xuristas especializados, debemos reparar en que o desexable obxectivo de incrementa-la participación da Comunidade Autónoma de Galicia no deseño das políticas da Unión Europea que inciden nas súas competencias estatutarias esixe necesariamente ter en conta os seguintes aspectos:

- 1º As institucións e órganos da Comunidade Europea ás que nos estamos a referir só recoñecen lexitimación para intervir nos seus traballos ós estados membros, con independencia de quen os represente. Quere dicirse que ningún estado federado, rexión, nacionalidade ou comunidade autónoma pode intervir en nome propio, senón, como moito, en inequívoca representación do Estado membro ó que pertenza, en nome do que debate, vota e asume obrigas fronte á comunidade e ós restantes estados. Esta é a regra para tódolos que están xa alí.
- 2º Nas ordes do día das formacións agora ampliadas do Consello e dos órganos a el adscritos, usualmente hai asuntos que poden non ter ningunha relación coas competencias autonómicas, ou só dalgunhas comunidades autónomas.
- 3º No a cotío breve prazo que vai dende a fixación da orde do día ata a celebración da sesión —no noso caso habería que dilucidar sobre qué asuntos afectan ás competencias autonómicas— trátase de fixa-la posición autonómica e logo contrastala coa da Administración xeral do Estado. A determinación deses aspectos, normalmente de difícil interpretación xurídica, pode orixinar unha chea de conflitos que, de agudizarse, só estarían resoltos despois de que se celebrase cada consello.

De maneira que a nosa proposta debe ser cabal e coherente, ademais de útil e factible. Cremos que a seriedade no tratamento dun tema tan transcendente nos obriga a estima-la idea dunha delegación española en calquera

institución ou órgano comunitario colexiado composta por un representante da Administración xeral do Estado e outro por cada unha das comunidades autónomas esencialmente competentes.

Daquela, resulta imprescindible, ó noso xuízo, e sempre tomando en consideración o obxectivo da superior participación autonómica, a seguinte tríada de actuacións:

- 1º Dado que quen se manifesta e vota nas sesións desas institucións e órganos é o Reino de España en tanto que Estado membro, cómpre atinxir un compromiso inequívoco de lealdade constitucional e institucional entre tódalas comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado. Sen este elemento fiduciario —que é básico na Constitución alemá— xamais será posible erradicar as suspicacias, suprimir os temores e disolver as reticencias mantidas, non só das comunidades autónomas respecto da Administración xeral do Estado, e desta respecto daquelas, senón de certas comunidades autónomas fronte a outras, como xa se ten visto en asuntos fiscais, de axudas públicas e de atracción de investimentos.
- 2º Debe relanzarse, adaptarse e mellorarse o acordo de participación interna nos asuntos comunitarios e mailo funcionamento das conferencias sectoriais, co fin de discutir, no tempo e na forma, dentro dos prazos prefixados en cada caso pola respectiva formación do Consello, ou doutros órganos del dependentes, os puntos da orde do día que atinxan a cada administración.
- 3º Cómpre tirar consecuencias da experiencia obtida pola intervención nos comités da Comisión Europea nos que xa hai presenza autonómica, e, seguindo o modélico método gradualista —os pequenos pasos do gran Monnet— aplicado a toda a construción comunitaria, ir estendendo paulatinamente o seu número e alcance, á vez que se continúa reclamando un reforzamento institucional do Comité das Rexións —do que me honro, por certo, en ser decano— para que un día chegue a ser unha institución equiparable ás restantes da Comunidade e mereza a denominación de Consello das Rexións, e, un día, tal vez, de segunda cámara do Parlamento Europeo.

Mentres, nós xa estamos poñendo a punto os nosos servizos administrativos mediante unha intensa política de formación de persoal que capacite os nosos funcionarios para tramitar tódolos expedientes e materias susceptibles de intervención galega.

Lembren, nembargantes, señorías, que esta demanda galega, que debo formular en termos realmente realistas e que indica a vontade de acción, puidera chegar a supor algún día o paradoxo de que un responsable público galego deba, por esa dobre lealdade constitucional e institucional antes aludida, defender unha tese colectiva nos foros comunitarios, maioritariamente apoiada polas restantes administracións, pero non compartida pola nosa Comunidade Autónoma. Só descansando sobre trabes de previsión e responsabilidade estamos dispostos a recibir tódalas achegas que as forzas representadas nesta Cámara nos desexen transmitir.

Non pretendemos ser efectistas senón eficientes —e dígollelo ós que onte me querían dicta-lo meu discurso— na xestión dos problemas de alcance comunitario que son relevantes para Galicia. Nesa liña, e non noutras, sempre nos atoparán coa mellor disposición ó diálogo e ó consenso, elementos imprescindibles, como teño dito e levado á práctica, para avala unha correcta acción exterior. Se cadra, deste xeito seremos capaces, entre todos, de convence-los que queren ve-la participación nas institucións e órganos comunitarios como un escaparate de promoción dunha ficticia personalidade xurídica internacional e non como o que realmente é, un instrumento para mellora-la administración nos asuntos cotiáns que afectan á sociedade, que afectan ás nosas competencias exclusivas e para achega-lo compromiso europeísta dos cidadáns.

Non quero rematar este capítulo adicado ó exterior sen deixar de facer referencia a outros aspectos singulares, como é o proceso constituínte agora aberto en Europa, e que, sen dúbida, incidirá fondamente no que antes reparaba, xa que mesmo se baralla reconverte-lo Consello nunha institución de distinta natureza e composición. Neste senso, a nosa proposta de participación autonómica, anteriormente esbozada, tería que ser reformulada na súa integridade.

Polo de agora, a situación dos traballos da Convención —que sigo co máximo interese— non permite albiscar un proxecto maduro —discútese ata o título— da Unión Europea, pero nós continuaremos ó tanto da evolución dos seus debates, solicitando para iso información puntual, precisa e directa do Goberno da nación.

Co mesmo pulo mantémo-la iniciativa de que as rexións europeas gañen maior protagonismo, aínda que ben sabemos que no Parlamento Europeo, na Comisión e en non poucas chancelerías esta proposta é examinada con cautela.

Galicia aposta por unha Europa reforzada, porque só ela pode atesoura-la capacidade de presión necesaria para defende-los nosos intereses alén das fronteiras europeas, pois, como ben sabemos, hai países hoxe con 1.300, con 1.100 millóns de habitantes. Sen ese requisito previo á reorientación que vimos esixindo de certas políticas, como a pesqueira ou a agrícola, sería estéril na práctica por falla de instrumentos para acometer unha fructífera negociación internacional. Tamén porque concibimos que estados de especial importancia para nós, como son os latinoamericanos, teñen neste noso continente unha referencia adicional e outra alternativa á solución dos seus graves e inaprazables problemas, á que Galicia ten a obriga de contribuír.

Galicia, señorías, na medida das súas posibilidades, desexa ofrecer solucións constructivas para que todo isto sexa unha pronta realidade, tanto a prol dos galegos que aquí vivimos como dos nosos irmáns espallados polo mundo enteiro.

Autoidentificación do noso pobo

O principal logro conseguido polo pobo galego ó longo de máis dunha década de Goberno popular é un sentimento xeneralizado de lexítimo orgullo, de recoñecemento da propia identidade, algo que penso que antes nunca tivera a sociedade galega no seu conxunto e que demostra unha plena e alentadora confianza nas institucións do actual sistema autonómico.

Ó mesmo tempo o galeguismo renovador, o galeguismo popular, está sendo asumido como ideoloxía autoidentificadora pola maioría da nosa sociedade. Estes dous eixos fundamentais son os que posibilitan o actual desenvolvemento político do noso país, cunha ampla maioría de cidadáns galegos de dentro e de fóra que apoian co seu voto os cambios introducidos para dotar a Galicia dunha conciencia galeguista e popular.

A nova Galicia, a Galicia autónoma e autogobernada do século XXI, acadou un prestixio que nunca antes tivera e que está presente alí onde queira que haxa un paisano noso; tanto no resto de España coma en Europa, en Iberoamérica ou en calquera outra parte do mundo.

Por primeira vez na nosa historia podemos gabarnos de que conseguimos rachar definitivamente coa caduca e discriminatoria concepción das dúas Galiciaas. Os cidadáns deste país podemos proclamar que só existe unha Galicia. Un país aberto e en vías de total transformación, unha comunidade social disposta a seguir traballando arreo e con responsabilidade para facer da totalidade do noso territorio a cidade xardín coa que soñou Castelao e na que puxeron o seu esforzo moitos dos devanceiros que nos precederon nesta honrosa empresa.

Polo tanto, os populares galegos consideramos que nos corresponde, como formación política maioritaria plenamente asentada e consolidada, a tarefa de seguir desenvolvendo a fondo o galeguismo político, pero a isto queremos invitar a todos. É dicir, estamos dándolle continuidade ó noso proxecto de rexionalismo avanzado —saliento: rexionalismo— dentro das posibilidades que ofrece o actual marco constitucional e o Estatuto de autonomía de Galicia. Dentro desas amplas marcas, nunca fóra delas, seguiremos sentando as firmes bases do galeguismo popular.

Non se trata, pois, de recuperar ou de emular, en plena sociedade da comunicación e metidos de cheo no terceiro milenio, as vellas teorías do galeguismo histórico. Consideramos aquelas ideas como a base indispensable e excelente dunha etapa importantísima para o desenvolvemento político de Galicia, pero tamén sabemos que remataron nun tempo e nunha praxe concretos.

O galeguismo popular é, nestes momentos, un movemento político de ampla base social —non minoritario—, centrado na defensa e no avance da autonomía e do autogoberno e centrado nos desenvolvementos económicos e científicos do noso tempo. E o Partido Popular de Galicia está tamén consolidado como unha forza política de centro, popular e galeguista, ben preparada para completa-lo ciclo anterior, no que Galicia avanzou máis, política, social, económica e culturalmente, ca en calquera outro período da súa dilatada historia.

Nós, os populares, témo-lo convencemento de que nunha sociedade coma a nosa os niveis de asentamento e fixación das culturas políticas resultan aínda moi primarios; entre outras cousas, por estarmos sometidos nos últimos quince anos a un proceso de incríbles e rápidos cambios sociais e de grandes transformacións infraestructurais.

Partindo do anteriormente exposto, consideramos que este é o momento máis idóneo e oportuno para completar unha grande evolución galeguista e popular con futuro. Seguiremolo facendo así, tomando moi en conta os principios e experiencias propias, pero tamén dialogando con todos, non excluindo a ninguén que veña traballar en serio por Galicia. O 21 de outubro de 2001, a maioría das galegas e dos galegos decidiron, soberana e democraticamente nas urnas, continuar con vigor reforzado unha nova etapa de construción renovadora. Polo tanto, estamos nun tempo de cambio e de consolidación, de estabilidade e de experiencia, unha permanente revolución, con continuidade pero coa perspectiva posta no futuro.

Un futuro que se presenta complexo, non só en Galicia e en España senón no mundo enteiro. Pero non por iso menos ilusionante á hora de poñer en

marcha novas realizacións marcadas polas firmes bases dun partido que é de base popular —como o seu nome— e que asumiu o galeguismo como a súa principal práctica política.

Temos dito moitas veces, pero cómpre repetilo, que Galicia é unha comunidade histórica diferenciada, fundamentalmente pola súa lingua e pola súa cultura, pero tamén por tódolos outros sinais que conforman a súa identidade.

O idioma propio é a base substancial da identidade galega. Dende o Rexurdimento do século XIX ata hoxe, cando atravesamos creo eu que un novo rexurdimento, foron os nosos mellores escritores e artistas, pero tamén, ou tal vez deba dicir sobre todo, os labregos, mariñeiros, obreiros e demais sectores que integran a meirande parte do pobo galego os que souberon dar ó longo de case cento cincuenta anos, e en circunstancias moitas veces contrarias, as respostas esenciais para que a nosa lingua seguise perdurando como vehículo de comunicación e de cultura.

O idioma galego é, neste comezo de século e de milenio, unha realidade viva e dinámica, enriquecida día a día polo labor dos creadores, aceptada como lingua propia pola nosa sociedade, potenciada polas institucións que conforman o noso autogoberno e promocionada por moitos outros colectivos que traballan arreo pola normalización lingüística.

A Xunta de Galicia, que me honro en presidir, quere manifestar unha vez máis, señor presidente, señoras e señores deputados, o seu total compromiso coa defensa, emprego e difusión da nosa fala; cousa moi distinta é a imposición. Xunto a isto, a firme vontade dos homes e mulleres populares, eu o primeiro, de contribuírmos a un maior espallamento e implantación a tódolos niveis. Facémolo conscientes de que a lingua non é patrimonio de ninguén, xa que pertence por igual a todos e a cada un dos cidadáns deste país, como ós galegos espallados polo mundo enteiro. Nada mellor, pois, que o exemplo da figura ilustre homenaxeada coas Letras Galegas deste ano 2002, o Padre Martín Sarmiento, eminente figura intelectual do século XVIII, que lle adicou á lingua galega importantes estudos e esforzos nun tempo verdadeiramente necesitado. Representante da ilustración xeral do país dende Madrid, foi un dos homes que máis loitaron por Galicia e polo seu modo de ser.

O Goberno autónomo galego quere reiterar unha vez máis que o necesario apoio á lingua galega seguirá levándose a cabo dende a realidade de sermos un país cunha lingua de noso, xunto co respecto ó dereito dos falantes, sen imposicións, inmersións obrigatorias nin guerras lingüísticas de ningún tipo. Por certo, hai poucos días a prensa publicaba unha interesante entrevista co

presidente da Real Academia Española, o profesor Víctor García de la Concha, quen expresaba con claridade que «non hai ningunha razón para dicir que o galego está en perigo». Argumentaba ó seu favor o profesor García de la Concha que no mundo hai 6.700 linguas e que moi poucas delas están vencelladas a un Estado, pero que tamén son poucas as que teñen unha literatura de seu. Polo tanto, aínda que o galego non sexa unha desas tres ou catro linguas que serven de vehículo de comunicación universal, gracias á súa extraordinaria literatura e gracias ó labor normalizador levado a cabo, o galego manterá o seu lugar, xa que o plurilingüismo é unha riqueza.

Nós, os galeguistas populares, estamos abertos ó diálogo e ó consenso para que a mocidade de Galicia medre no respecto á pluralidade lingüística, para que o camiño de recuperación e emprego da nosa lingua, a tan necesaria normalización, sexa percorrido con tolerancia e sen imposicións.

Superados felizmente os vellos complexos, os galegos do século XXI, de dentro e de fóra da nosa terra, temos acadado un común sentimento da galeguidade. Ese fondo sentimento, superador de calquera situación anterior, é o que nos anima a seguir apostando por un galeguismo popular e solidario, priorizando sempre a defensa do noso, pero sen renunciar nunca a nada. Como galeguistas e como populares subscribimos perante este Parlamento todas e cada unha das palabras do inesquecible pensador Ramón Piñeiro, mestre da Galicia contemporánea, cando dicía que: «Nós os galegos —e xustamente como galegos— somos unha desas unidades naturais en que a humanidade se realiza. E sómolo por ser un pobo dotado dunha lingua propia e, polo mesmo, dunha cultura. Constituímos tódolos galegos unha realidade orixinal dentro do patrimonio humano. A nosa misión consiste en facer que esa realidade orixinal acade a súa plenitude. De todos nós depende, pois, que a lingua galega, creación única de comunicación humana e de cultura, prospere ou fracase. Polo tanto, o noso destino —a nosa principal responsabilidade— é cultivala e ofrecerlle os seus froitos orixinais ó patrimonio cultural humano».

Chegados a esta altura do meu discurso, quixera facer obrigada referencia, señorías, á desaparición de dúas grandes personalidades. Refírome, por suposto, ó falecemento o 17 de xaneiro deste ano, en Madrid, do noso Premio Nobel galego: Camilo José Cela, que foi gloria das letras hispánicas e xeneroso legatario, á súa querida Iria Flavia e a Galicia enteira, dunha institución cultural que leva o seu nome e que engrandece o noso país. O outro gran galego arrebatado pola morte, que deixou orfas as nosas letras, foi Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega, falecido na cidade de Vigo o pasado 9 de

marzo. Aproveito esta ocasión para desexarlle o mellor á recentemente constituída fundación que leva o seu ilustre nome, e que ben seguro será a encargada de perpetuar-la obra e a dimensión intelectual do grande amigo Casares.

Vixencia do Estatuto de autonomía de Galicia

O segundo Estatuto de autonomía de Galicia, do ano 1981, celebrou o pasado ano o seu vinte aniversario, por certo, sen que algúns que queren agora revisalo lle concedesen daquela maior importancia á data. Creio que debemos ser serios e aproveita-lo cumprimento deste vinteún aniversario para reflexionar un pouco máis ó redor do noso Estatuto. Persoalmente, a miña biografía política está tan vencellada ó Estatuto galego como á Constitución española de 1978, da que me honro de ser un dos seus sete relatores. Como dixen nun capítulo anterior deste discurso, levo meditado algo, como profesor de dereito constitucional que son —aínda que emérito—, sobre os problemas da crise do Estado centralizado e sobre a súa evolución.

Escribín hai case medio século un libro con ese mesmo título, *A crise do Estado*, no que adiantaba que Europa ía cara a un período de maior rexionalización e de maior integración dos estados nas organizacións internacionais, como a Unión Europea ou a Alianza do Atlántico Norte. De feito, fun un dos primeiros en defender estas teses na España dos anos cincuenta.

Ocupeime do noso Estatuto como relator da Constitución, xa que no seu título VIII se debuxou o marco do que ían se-los estatutos autonómicos. Por certo, xa desmentín unha vez máis que nós votamos en contra; houbo algúns membros do grupo, que logo se foron, que o fixeron, non eu. Daquela tiveron como criterio da repartición competencial entre a nación e as nacionalidades a harmonización entre o que conviña ó ben común de España, por un lado, e ó interese xeral de Galicia, polo outro, que era precisamente o criterio constitucional.

Pero tamén fun membro da Comisión Constitucional que estudiou o proxecto de Estatuto galego, que foi dictaminado tralo vasco e o catalán. Daquela, mantiven o criterio de harmoniza-los intereses de Galicia cos de España máis unha vez, sobre todo nun intre no que se produciu o primeiro intento frustrado de minimiza-la autonomía galega —digo primeiro, porque logo houbo outro, o da LOAPA, no que tamén nós votamos en contra—.

Lembro perfectamente, señorías —aínda que algúns non queiran lembralo—, que a minoría de Alianza Popular que eu dirixía votou en contra daquel intento minimizador. Menos coñecido é que, cando se presentou aquela ominosa modificación do anteproxecto do Estatuto, os dous membros que tiña entón

Alianza Popular na Comisión Constitucional —eu era un deles— nos retiramos, e que o noso foi o único grupo que o fixo, pois non o fixeron nin o PSOE nin a UCD —daquela grupo maioritario— nin ningún outro grupo nacionalista doutras partes de España; por algo sería.

Penso que foi a partir de aí onde comezou a discusión da famosa aldraxe, a aldraxe por antonomasia da historia política máis recente de Galicia. O despropósito comezaba negándolle á nosa terra a discriminación positiva procedemental como unha comunidade histórica recoñecida pola propia Constitución. Tal desatino non se podía consentir, e, naturalmente, os representantes do noso grupo rexeitámolo, provocando outro fenómeno singular.

O Estatuto de Galicia foi o único caso de Estatuto aprobado dúas veces na Comisión Constitucional. Primeiro, por unha maioría pequena, e logo, por unha maioría máis grande despois de revisado. Nisto, creo modestamente que tivemos unha participación decisiva os dous deputados de Alianza Popular, e eu empeñei-me persoalmente a fondo.

O segundo intento de repoñe-lo centralismo levouse a cabo mediante unha lei orgánica —a famosa LOAPA— aprobada, recordado sexa, porque as cousas son como son, por un mal consenso realizado entre a UCD e o PSOE. Dito isto, señoras e señores deputados, non convén magnificar ningún problema, porque ámbalas cousas son auga pasada que non move muiño, pero a nosa tese foi ratificada polo Tribunal Constitucional.

O asunto é que, dende que se promulgou o Estatuto galego, ocorreron cambios moi importantes, uns doutrinais, orixinados pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional que creou o chamado bloque de constitucionalidade; outros políticos, suscitados polo ingreso de España na OTAN e na UE, que nos introduciron no ordenamento europeo; houbo outros máis, diríamos de tipo global, que teñen que ver con novas situacións en campos competenciais tan importantes como a sanidade animal ou os dereitos de pesca. Todos eles, como se aprecia, con forte incidencia xurídica sobre o articulado estatutario. Mais, en definitiva, a positivación do Estatuto de 1981 afincou un marco decisivo: o deixar claro que Galicia entraba no Estado das autonomías pola porta grande e que dispuña de tódolos medios necesarios para desenvolver-las súas competencias, podendo recibir cantas transferencias lle importaran. E así foi.

Na actualidade Galicia ten tantas competencias asumidas que só nos supera, nun par delas, Cataluña, que é a comunidade que recibiu ata agora máis transferencias do Goberno central e que estamos a punto de superar na próxima reunión da comisión correspondente.

A autonomía que cita o noso Estatuto, señorías, significa, primeiro de todo, autoidentificación. Despois disto, significa autogoberno, é dicir, a posibilidade de converter en realidade tanxibles de índole cultural, espiritual, administrativa, económica, industrial, agrícola, pesqueira, etc., todo o que se pode facer co poder posto ó servizo da identidade asumida dun xeito libre e colectivo. Digo «posibilidade» porque neste campo nunca hai nada asentado definitivamente, e convén notalo ben, porque de aí xorde un gran problema que dificulta o desenvolvemento autonómico. É o problema da asimilación dos cambios de persoas, agrupacións, necesidades e intereses connaturais coa propia sociedade.

A velocidade do cambio e do intercambio social actual fai sentir vertixe a moitas persoas, que reaccionan clamando polo inmovilismo. Pero como a continuidade do cambio social é inevitable, non se pode ignorar e hai que asumilo e dirixilo, se se pode. Así que a mellor medicina contra ese mareo é a disposición de institucións ben axeitadas para practicar como esta, con luz e taquígrafos, a necesaria e constante redefinición competencial autonómica. Por iso veño defendendo dende hai tempo que é imprescindible adecualo Senado de modo que actúe como lugar axeitado para ese diálogo permanente de equilibrio constitucional; é dicir, un senado que sexa unha verdadeira cámara de representación territorial, como di a Constitución, unha cámara integradora das comunidades autónomas. A lacra do terrorismo e as pretensións dalgúns que plantexan teses inviables, como está ocorrendo por desgracia no meu non menos querido País Vasco —non en van me chamo Iribarne, que quere dicir «no medio do pobo»—, impóñennos, desgraciadamente, entre moitos outros sacrificios, o de pospoñer as reformas constitucionais que necesitan do consenso, porque este só pode acadarse nun ambiente de paz e de estabilidade.

Os que de cando en vez claman por unha conxelación definitiva das correlacións de competencias non teñen os pés na realidade. A política actual pasa por ese calvario que o gran profesor italiano Santi Romano teorizou lucidamente hai un século coa súa teoría da pluralidade simultánea de ordenamentos xurídicos —aínda que os teóricos optaron por segui-lo monismo xurídico centralista de Hans Kelsen, con grave dano para todos e que non rematou ben, como demostrou a Segunda Guerra Mundial—.

Por conseguinte, as dúbidas iniciais sobre o noso Estatuto de autonomía considéroas, a estas alturas, totalmente esvaecidas. Teño por certo que, neste momento, o noventa e nove por cento da poboación galega é convencidamente autonomista e non entendería unha revisión hoxe do actual Estatuto. Existe, pois, con respecto ó Estatuto —penso eu— un consenso sociolóxico. A xente

valora perfectamente un goberno que saben eficaz, que estrutura ben o país, é dicir, que acomete a fondo a comarcalización e a municipalización, que inviste en infraestruturas, en educación, en sanidade, que adquire maior peso en Madrid, en Bruxelas, en Iberoamérica... En definitiva, os galegos e as galegas saben que hoxe teñen moitos máis motivos de autoestima ca no ano 1989. Esa é a verdadeira razón do autogoberno e esa é a autoidentificación que lle insufla espírito á letra estatutaria.

Polo tanto, señoras e señores deputados, considero que non é necesaria hoxe ningunha reforma ó actual Estatuto, porque na súa letra están presentes as arelas e os soños de tantos galegos bos e xenerosos, dende Alfredo Brañas a Manuel Murguía, dende Antón Losada Diéguez ó meu paisano Lois Peña Novo, dende Vicente Risco, Castelao e Otero Pedrayo a Filgueira Valverde, Carballo Calero e Ramón Piñeiro.

O que cómpre facer hoxe é aproveitar ó máximo as posibilidades e transferencia que aínda contempla o Estatuto de 1981. Sigamos desenvolvendo, pois, dunha maneira creativa, as previsións que nos marca o Estatuto e non caíamos en polémicas estériles e en propostas esaxeradas, infundamentadas a todas luces.

Unha etapa de diálogo institucional

O 3 de decembro de 2001, perante esta mesma Cámara, durante a miña intervención como candidato á investidura, reiterei o meu ofrecemento ós grupos políticos presentes para intentarmos, no novo período que comeza, un diálogo institucional constructivo. Dixen daquela que cría no diálogo, porque moi por riba de calquera discrepancia ou rivalidade política están o respecto e a consideración que merecen todos e cada un dos representantes que o pobo galego elixiu no seu nome.

Hai asuntos da vida política, social e económica que constitúen verdadeiros temas prioritarios para Galicia. Son eses temas os que nos levaron, dende a maioría absoluta —e isto non debe entenderse como unha fachendosa declaración de superioridade, senón para recorda-los deberes que iso impón—, a facer un chamamento á oposición parlamentaria para —no que fose posible— xuntar forzas, para debater e non confrontar —cando non fose indispensable—, para falar con todos nun clima aberto e plural en beneficio da cidadanía galega, e sempre co debido e mutuo respecto e cortesía. Cada un dos grupos que está nesta Cámara saberá como respondeu.

Por iso, aproveitando esta nova circunstancia, reitero novamente o meu chamamento a todos para acadar cantas decisións institucionais favorezan os

dereitos e intereses presentes e futuros da nosa Galicia. Fixémolo no tema da pesca, estámolo facendo no tema da educación. Fago esta solicitude na confianza de que será entendida en tódolos seus termos por tódolos aquí presentes. Eu non teño dúbida ningunha do que ofrezco.

É ben certo que o diálogo aberto e plural implica a toma de decisións comúns, sobre todo neste Parlamento, e baséase, fundamentalmente, nos resultados conseguidos. Como presidente da Xunta de Galicia resulta moi honroso para min declarar hoxe que nestes dez meses nos que se achegaron posturas e se consensuaron proxectos foi moito máis o que se obtivo, despois de debates e intercambios de opinións, do que ó longo das outras tres lexislaturas anteriores.

Por iso, señorías, permítanme que acuda na axuda do xenial escritor e pensador arxentino Jorge Luis Borges, que nun seu traballo, precisamente titulado *Descubrimiento del diálogo*, nos deixou dito que: «Uns cincocentos anos antes da era cristiá deuse na Magna Grecia a mellor cousa que rexistra a historia universal: o descubrimento do diálogo. A fe, a certeza, os dogmas, os anatemas, as prexarias, as prohibicións, os tabús, as tiranías, as guerras e as glorias oprímían o orbe. Foi daquela» —sigo citando a Borges— «cando algúns gregos atoparon, nunca saberemos cómo, o singular costume de conversar. Dubidaron, persuadiron, disentiron, cambiaron de opinión e aprazaron. Cecaís os axudou a súa mitoloxía, que era, como o Shinto, un conxunto de fábulas imprecisas e cosmogonías variables. Esas dispersas conxecturas foron a primeira raíz do que hoxe chamamos, non sen fachenda, metafísica. Sen aqueles poucos gregos conversadores a cultura occidental é inconcibible».

Sirva como mostra deste período as mocións e as proposicións non de lei aprobadas por unanimidade nesta Cámara, que totalizan nove mocións: sete do Bloque Nacionalista Galego e dúas do Partido Socialista de Galicia. En canto ás proposicións non de lei, tamén aprobadas por unanimidade, estas foron doce: seis do Partido Socialista de Galicia, tres do Partido Popular de Galicia e tres do Bloque Nacionalista Galego.

Non quero cansa-las súas señorías cunha lectura máis pormenorizada das devanditas mocións e proposicións non de lei, pero si quixera salientar que, tanto unhas coma outras, abranguen un amplo abano temático que vai desde temas de saúde ata asuntos relacionados co propio Regulamento desta Cámara, melloras na rede de distribución de enerxía eléctrica en Galicia, esclarecemento de conflitos de competencias en materia de mariña mercante. A lista é longa, téñena no texto que lles será repartido.

O Goberno da Xunta de Galicia, señoras e señores deputados, mantén a absoluta prioridade das súas políticas activas de emprego no convencemento de que o pleno emprego é un obxectivo ambicioso pero razoable de cara ós vindeiros anos. Ademais, a política de emprego, no seu senso estrito, é a nosa mellor política social, porque permite conseguir a un tempo a inserción social e o desenvolvemento persoal que leva implícito o exercicio dunha actividade, xunto coa obtención dunha renda que garanta o benestar persoal e familiar.

O dereito ó traballo acada deste xeito a súa verdadeira dimensión: aquela que permite o pleno desenvolvemento da persoa mediante a contribución de cada cidadán ó seu propio benestar e tamén ó do conxunto da sociedade.

Precisamente nesta liña deben situarse as actuacións que tentan a inserción sociolaboral dos demandantes de emprego no mercado de traballo, en coherencia coa estratexia europea de emprego e co Plan nacional de acción para o emprego, que encadran as políticas activas da Xunta de Galicia.

En primeiro lugar, cómpre destaca-lo esforzo que se está a realizar no ámbito do Servizo Público de Emprego galego.

No ámbito da orientación profesional cómpre lembrar catro medidas que se están a desenvolver de acordo co plan de traballo que fixamos para esta lexislatura.

- 1ª Tal e como prevé o Plan galego de formación, estase a crea-la rede conxunta de orientación profesional, común ó ámbito laboral e ó sistema educativo —cada día, como pasou onte, desenvolvido por convenios con universidades, etc.—, tentando anticipa-la información sobre o mercado de traballo e a saída profesional ó momento da decisión vocacional dos mozos.
- 2ª Púxose en marcha a coordinación entre o sistema de orientación profesional do Servizo Público de Emprego e os servizos sociais responsables do Plan galego de inclusión social.
- 3ª Estamos a desenvolve-lo modelo de atención personalizada baseada no compromiso de actividade que deben asinar tódolos beneficiarios do programa de Renda Activa de Inserción e, dende o Decreto lei 5/2002, tamén tódolos desempregados perceptores de prestacións.
- 4ª Estase a prestarlles neste ámbito da mellora da empregabilidade unha maior atención a determinados colectivos con especiais dificultades. É o caso dos discapacitados —que contan cunha rede específica de atención en cooperación co Servizo Público de Emprego e coas súas asociacións máis representativas—, dos universitarios que dispoñen

de oficinas integradas nos sete campus galegos en cooperación coas respectivas universidades e dos inmigrantes, que teñen tamén servizos concertados específicos para a súa atención.

Na liña de mellora do Servizo Público de Emprego que se está a enfrontar como obxectivo xeral no ámbito estatal, Galicia está a participar activamente nun proceso de reforma que terá como fío a aprobación dunha nova lei de emprego.

Por último, a mellora da empregabilidade dos galegos representa un reto extraordinariamente importante: o da súa formación e cualificación profesional. Un reto asumido de maneira inequívoca a través do Plan galego de formación profesional, aprobado o pasado ano de xeito consensuado cos axentes sociais e económicos, que continúa a ser unha prioridade do conxunto do Goberno como o demostra a recente creación da Comisión Interdepartamental das Cualificacións e a Formación Profesional.

1) Estabilidade:

É, con razón, un tema que nos preocupa a todos. Neste asunto continuamos traballando activamente, dende o diálogo cos axentes sociais e dentro do desenvolvemento das políticas activas de emprego. Trátase de continuar na liña de mellora na creación de emprego que vimos experimentando nos últimos anos, pero incidindo de maneira especial no seu carácter cualitativo, é dicir, na súa estabilidade e, sobre todo, na posta en valor da nosa maior riqueza: o capital humano.

Cómpre destaca-lo reforzamento do programa de estabilidade laboral mediante a promoción e incentivo de plans de emprego estable elaborados no ámbito da empresa que supoñan a superación das taxas medias do sector de actividades correspondente e da propia empresa. Esperemos que os diálogos destes días no ámbito nacional faciliten, respecto a certas inseguridades, o avance destes programas.

2) Colectivos con dificultades:

Durante este exercicio continúaase coa aplicación de plans de emprego específicos, incidindo moi especialmente nos colectivos con maiores dificultades (mulleres, mozos, discapacitados e parados de longa duración).

Cómpre lembrar, señorías, que durante o último ano foron 12.800 os galegos beneficiarios do Programa de renda activa.

As mulleres constitúen un colectivo prioritario nas políticas activas de emprego da Xunta de Galicia. Dende o ano 1997 creáronse en Galicia 50.000 novos

empregos para mulleres, e entre o ano 1998 e 2001, do total de beneficiarios dos incentivos para o fomento de emprego, máis do 40% foron mulleres.

3) Emprego xuvenil. Programa Labora:

No que se refire á mocidade, ademais da potenciación da cultura emprendedora e moi especialmente a vencellada ás iniciativas de base tecnolóxica e as derivadas da innovación en calquera proceso, é suficientemente coñecida a seria aposta por garantirlles unha primeira experiencia laboral a tódolos mozos galegos antes de que cheguen ós seis meses de desempregados, e, en todo caso, antes dos trinta anos de idade.

O Programa Labora, que se formula de tal xeito que este obxectivo sexa unha realidade no ano 2005, esixirá complementa-lo ritmo de creación de emprego no sector privado co apoio a uns 25.000 contratos de mozos ata o remate desta lexislatura. Fronte a informacións deformadas, quero certificar que nesta data son xa 5.000 os mozos acollidos ó programa, porque podo informar de que se están a cumprir-las previsións do programa no que atinxe a este exercicio.

Por último, cómpre lembra-la firma dun plan de emprego específico para traballadores discapacitados asinado pola Xunta coas asociacións máis representativas deste grupo social en Galicia, integradas no Cermi galego. O plan, que reforza o principio de personalización e especialización das nosas políticas activas de emprego, contempla un investimento global de 64 millóns de euros ata o remate da lexislatura.

Máis políticas sociais

A Xunta de Galicia, ó longo deste ano e no marco do Plan galego de persoas maiores —un dos grandes temas da sociedade do noso tempo—, desenvolveu o Programa residencias, que é un dos de máis impacto social e no que se fai un maior esforzo orzamentario e de promoción na sociedade civil. A súa finalidade é que as persoas maiores poidan mellora-la súa calidade asistencial e dispoñer da axuda necesaria para atende-la súa dependencia.

Así o Goberno galego, na tarefa de mellora-los sistemas de protección social e de incrementa-los servizos de atención ós maiores, contempla neste programa a creación de 25 novos centros, que, xunto cos programas de prazas en residencias a través da acción concertada con entidades prestadoras de servizos sociais, vai supoñer nesta lexislatura a creación dun total de 7.800 novas prazas. Nesta liña de traballo cómpre sinalar que a maioría destes

proxectos —en concreto 15— están en fases moi avanzadas de execución, algún deles xa en funcionamento, como é o caso da recentemente inaugurada Residencia de Ribeira. Todo iso supón un investimento aproximado de 63 millóns de euros e a construción de 103.000 m² de edificación destinados a equipamentos sociais, que se completará nos vindeiros meses coa aprobación doutros dez centros residenciais.

1) Persoas con discapacidade:

A Xunta de Galicia vén realizando un extraordinario esforzo nos últimos anos no eido da atención ás persoas con discapacidade. Así, por exemplo, o orzamento dos convenios con centros asistenciais experimentou nos últimos cinco anos un crecemento dun 70 %, e polo que atinxe ós centros ocupacionais, dun 69 %. Agora ben, sabemos que isto non é suficiente e, polo tanto, pensamos aumentalo.

2) Inclusión social:

Estamos diante do Plan galego de inclusión social, acompañando a este colectivo á porta do emprego, auténtico motor de integración. Pretendemos que esta integración se realice en plena situación de igualdade co resto da cidadanía, sen descoida-las súas necesidades de acceso á educación, formación, vivenda digna e plena participación social.

3) Voluntariado social:

A promoción da acción voluntaria amosa o nivel de compromiso e desenvolvemento dunha sociedade. Tivemos en certo momento unha fonte de recrutamento relacionada coas obxeccións de conciencia. Xa non existe. Polo mesmo, a elaboración do Plan de voluntariado de Galicia, aprobado en abril deste ano, recolle o sentir das organizacións e das persoas vencelladas á acción voluntaria e constituirá o instrumento estratéxico que rexerá a nosa política neste ámbito nos próximos catro anos. O nivel de implicación das administracións públicas e do terceiro sector, no procedemento de elaboración e de aprobación, foi un dos principais logros acadados.

Familia e sociedade

Nunca antes se falou tanto da necesidade de defende-la institución familiar, hoxe, obviamente, nunha das súas moitas crises históricas. A familia, afortunadamente, está pasando a ocupa-lo lugar que lle corresponde dentro da



O desenvolvemento do primeiro debate sobre o estado da Autonomía na sexta lexislatura confirmou o bo entendemento parlamentario, especialmente entre Beiras e Fraga, quen apoiou a proposta do BNG para reclamar ao Goberno central a xestión íntegra dende Galicia dos fondos europeos.



sociedade actual, feito este, señoras e señores deputados, do que temos certamente que congratularnos, porque, como todos vostedes saben, ata hai ben pouco tempo poucos erámo-los que apostabamos pola institución familiar. Facémolo porque estamos convencidos de que non existe mellor riqueza que as persoas, e que os fillos son o mellor investimento social, político e económico para un país. Neste senso, resulta moi grato para min poder anunciar que co incremento rexistrado entre o ano 1999 e 2000 a poboación rexistrada polo Instituto Galego de Estatística se sitúa nos 2.731.900 habitantes, unha cifra semellante —despois de anos de decadencia— ós niveis de poboación da comunidade a comezos da década dos noventa. A pesar deste aumento global, cómpre dicir que a única provincia que rexistrou un incremento de poboación foi Pontevedra, con 3.818 novos habitantes, cifra que compensa os saldos negativos das outras tres provincias.

A mobilidade da poboación inmigrante incrementouse no 2000 e no que vai de ano. Segundo o citado estudio do Instituto Galego de Estatística, o número de persoas que se instaloron na nosa comunidade incrementouse de 19.248 a 24.175. As provincias que maior mobilidade rexistraron foron A Coruña e Pontevedra. Tamén quixera destaca-lo feito de que o saldo migratorio co resto do Estado é negativo, pero o do estranxeiro é positivo, co cal Galicia se consolida como terra de inmigración.

1) Plan integral de apoio á familia:

Coincidindo coa celebración do Día Internacional das Familias, o pasado 15 de maio presentouse o III Plan integral de apoio á familia 2002-2005, cun orzamento total de máis de 389 millóns de euros. Un plan que pretende coordinar tódalas actuacións a prol da familia promovidas polo Goberno galego dende as diferentes consellerías e que potencia tódalas medidas con repercusión directa sobre os núcleos familiares.

2) Medidas fiscais: novidades:

Pero permítanme destacar, señorías, a este respecto, o enorme esforzo fiscal —non falamos de invitacións verbais— que estamos realizando no marco da nova regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas. Concretamente, as medidas fiscais de apoio ás familias galegas aprobadas para este ano van supoñer un custo para as arcas da Xunta de Galicia de aproximadamente 15 millóns de euros, o que nos sitúa á cabeza das comunidades que ofrecen un tratamento fiscal máis favorable ás familias con fillos.

Lembro unha vez máis que, a diferenza do que ocorre noutras autonomías, en Galicia as desgravacións fiscais por nacemento ou adopción contéplanse para tódolos fillos, con independencia de que se trate do primeiro, do segundo ou do terceiro, e que, ademais, teñen carácter universal; é dicir, poden beneficiarse delas tódalas familias, con independencia do seu nivel de renda.

3) Familias numerosas: carné familiar:

Está en marcha o carné familiar, que xa conta neste momento con máis de 1.000 establecementos comerciais adheridos, que é unha axuda importante.

Políticas de igualdade

1) Conciliación da vida familiar e laboral:

Quero destacar neste eido o programa de axudas para as traballadoras e traballadores que se reincorporen con carácter indefinido á empresa tras un período de descanso por maternidade/paternidade/adopción ou acollemento.

2) Violencia de xénero:

A loita contra a violencia de xénero continúa sendo unha prioridade para o Goberno que me honro en presidir. Demóstrao a posta en marcha este ano do Plan de acción contra a violencia de xénero en Galicia, cun orzamento de case 20,5 millóns de euros nos catro anos de execución.

3) Anteproxecto de Lei galega para a igualdade de mulleres e homes:

A actual lei é evidente que quedou superada polos acontecementos, e o obxectivo último que inspira o anteproxecto da Xunta —próximo a ser enviado a este Parlamento— da Lei para a igualdade de mulleres e homes inclúe a eliminación absoluta de toda discriminación directa ou indirecta por razón de xénero. Contempla a orientación da protección da maternidade cara á socialización das cargas derivadas do embarazo, o parto, a adopción e a lactancia; o fomento da participación das mulleres nos partidos políticos; a igualdade laboral a través da creación dun plan específico de emprego para mulleres, e a erradicación definitiva da violencia de xénero con severas sancións.

A mocidade é, sen dúbida —e dígoos con algúns anos que me distancian, non no espírito pero si no corpo, dela—, o maior activo de Galicia. Non me cansarei de repetilo: a capacidade de adaptación da xuventude galega ás novas tecnoloxías coloca os nosos mozos e mozas nunha situación

privilexiada. Son os meus netos os que me explican os novos aparellos da sociedade da comunicación. Eles son os líderes de hoxe, o verdadeiro motor da nosa sociedade.

Dicía Francis Bacon —un dos grandes homes creadores do espírito da modernidade—: «A xuventude é mellor para inventar que para xulgar, mellor para executar que para dar consello, e mellor para proxectar que para realizar». Algúns séculos pasaron dende entón. En todo caso, unha sociedade que non deposite unha gran confianza nos seus mozos é unha sociedade que non quere apostar polo seu futuro, e nós pretendemos facelo.

Dende o Goberno galego vimos planificando as nosas políticas de xuventude ó redor dun obxectivo prioritario: favorecer ó máximo o protagonismo da mocidade na vida social, política, económica e cultural da nosa comunidade, facilitándolle as condicións necesarias para o exercicio dunha cidadanía activa.

1) Informe da xuventude galega 2002:

Estase elaborando o Informe da xuventude galega 2002, un estudo que subministrará unha información pormenorizada de tódolos aspectos ben complexos e moitos novos que inciden na nosa mocidade, e que nos permitirá seguir adecuando os nosos programas e servizos en función das súas inxedanzas reais.

2) Anteproxecto da Lei galega de xuventude:

Anuncio o avance do anteproxecto de Lei galega de xuventude —que pronto espero que sexa proxecto ante esta Cámara—, despois de aprobar no 2000 o I Plan de acción xove 2000-2003. A nova lei terá como obxectivo dotar de maior axilidade, eficacia e eficiencia as accións dirixidas á xuventude, de xeito que as administracións públicas dean resposta ás súas necesidades e inxedanzas, procurando o pleno desenvolvemento como cidadáns das mozas e dos mozos de Galicia.

Acción integradora na Galicia emigrada

Resumirei moito isto porque estes días temos falado moito deste tema e comezamos ante as novas situacións pola creación da actual Consellería de Emigración e Cooperación Exterior.

É evidente que os tempos mudaron, e a solidez daquela magnífica rede de solidariedade creada polos nosos emigrantes enfróntase hoxe con profundas crises económicas de todos coñecidas. Pero permítanme que lles lea un párrafo daquel grande exiliado e grande artista, Luís Seoane, que é imposible

non recordar aquí hoxe: «¡Que espléndida historia humana a de cada emigrante! Unha historia de esforzos silenciosos, de lágrimas agachadas, de morriña, de incompreensións nunha terra allea. Menosprezados por ignorancia durante séculos, saídos do propio país galego sen máis armas cós seus brazos e a súa intelixencia natural, sen máis escola nin universidade cá da dureza da vida... Cada emigrante tivo e ten a súa historia, como cada home, pero a historia dos emigrantes galegos, con ter sido continuada ó longo de séculos e tan fecunda en realizacións solidarias, non tivo aínda historiador que a contase na súa totalidade, nin novelista que a tomase como tema central da súa obra; por non ter, non tivo máis que traballo e desamparo». Pois hoxe imos darlle, se é posible, polo menos algún amparo.

1) A Mesa da Emigración e a Fundación Galicia-Emigración:

Creáronse, como ben saben as súas señorías, a Mesa da Emigración e a Fundación Galicia-Emigración. Haberá dentro destes días —segundo estou informado— un importante programa da Televisión de Galicia para a incorporación de tódolos galegos, pero, en definitiva, a nosa política ten uns obxectivos básicos:

Garanti-lo benestar social, a saúde e a calidade de vida dos galegos alí onde se atopen, especialmente os residentes en países con situacións de grave crise económica e política como son os do río de La Plata.

Promover unha máis intensa e eficaz vinculación entre as comunidades galegas entre si e destas con Galicia, superando así as distancias reais e facilitando a unidade.

Propiciar unha maior cantidade de accións dirixidas á xuventude.

Elaborar programas que posibiliten a unidade e a transformación das nosas colectividades para que pasen a ser, canto antes, entidades creadoras e xestoras de servizos, verdadeiros axentes de cooperación. Para iso están a Mesa Galega da Emigración, a Fundación Galicia-Emigración e a creación, á que agora me referirei, da Fundación da Saúde en Arxentina.

Pero teño que dicir que espero non ter que volver pasar pola vergonza allea de que alguén vexa nisto nada relacionado con asuntos electorais. É o menos que Galicia e todos nós podemos facer polos nosos paisanos.

En todo caso, neste momento, foron xa importantes as partidas de alimentos e medicamentos enviados; a creación de mil axudas asistenciais individuais para os galegos de maior idade; a coordinación da axuda de concellos e deputacións provinciais. A especial atención prestada na área asistencial, por razóns

lógicas, continuarase tamén coas actividades e programas formativos de tipo cultural, de apoio á xuventude e de infraestructuras para as entidades galegas de Iberoamérica, de Europa e do resto de España.

Cento cincuenta e catro entidades galegas recibirán este ano subvencións por un total de 371.700 €, axudas destinadas á realización de actividades. E outras 95 entidades recibirán subvencións para realizaren accións dirixidas a potencia-la difusión da cultura e da realidade de Galicia.

2) Política de retorno:

En canto á política de retorno, está aprobada xa polas Cortes Xerais unha importante Lei de reforma do Código civil para obter-la nacionalidade —no que tivo unha parte importante a insistencia da nosa comunidade—. A Consellería de Emigración e Cooperación Exterior —creada especialmente para estes eventos— trata de ofrecer novas alternativas de apoio ó colectivo de galegos e ós seus descendentes que deciden integrarse na realidade social da nosa comunidade. Para iso, infórmaselles do coñecemento da realidade do retornado a Galicia. Foi editada por parte da Universidade de Lomas de Zamora, que se ocupa diso en Arxentina, unha axeitada información da atención ó colectivo, publicando unha Guía para emigrantes retornados. E, en definitiva, desenvólvense doce programas de formación e xestión empresarial nas catro provincias galegas.

Creo, sinceramente, que o conxunto destes traballos é exemplar e, dalgunha maneira, imitado ou envexado por outras comunidades.

Obras públicas e política territorial

1) Investimentos ferroviarios:

Están estes días en plena actualidade os investimentos ferroviarios. Como é natural hai quen neste momento pon en dúbida a súa importancia ou a velocidade coa que se están facendo.

Teño que dicir que o convenio asinado no ano 2000, que comprende o Eixo Atlántico en alta velocidade e ó mesmo tempo a comunicación coa Meseta e co resto da rede española e europea, está neste momento —e non hai diferencias entre o tramo norte e o tramo sur— nun 50 % en aplicación.

Ó mesmo tempo, continúa a reforma importantísima da rede convencional. E convén recordar —polo que valla— que o Plan de infraestructuras redactado polo ex ministro señor Borrell, e o seu desenvolvemento no PIF

—que, felizmente, non pasou do estadio de borrador ou proxecto—, viña certifica-lo estado comatoso do ferrocarril galego, que non recibía financiamento de ningún tipo. Como é natural, nestes momentos estamos nos plans de alta velocidade, na renovación da rede interior convencional e nos plans de intermodalidade que require a sociedade moderna, propugnados no Libro branco do transporte da Unión Europea (2000-2010).

Toda Galicia está afectada por isto, tódalas grandes cidades galegas terán comunicación mediante alta velocidade coas redes europeas equivalentes. E o último tramo despois das autovías, despois da reforma dos portos e despois da reforma dos aeroportos, para que Galicia se poña no mapa, quedará resolto dun modo exemplar.

2) Vivenda e solo residencial:

As importantes actuacións en materia de solo residencial que está a realiza-lo Instituto Galego da Vivenda e Solo e ás que nos vimos referindo en debates de anos anteriores están dando bos froitos. Un exemplo delas é o vigués barrio de San Paio de Navia, que viu como a comezos do verán se convocaba o concurso público de venda das primeiras parcelas e que proximamente permitirán a varios milleiros de vigueses acceder a novas vivendas, igual que ocorre en Santiago de Compostela.

É importante sinalar que os prezos da vivenda en Galicia son os únicos que non subiron —ía dicir que escandalosamente—, sendo a comunidade onde menos medran os prezos e unha das catro onde os prezos son máis baixos. Tamén continúa entre as comunidades que maior esforzo adican ós máis desfavorecidos, por medio dos programas de vivenda pública.

3) Solo empresarial:

Houbo un tempo —espero que superado— no que se falou de que favorecíamos demasiado —ou polas peticións dos concellos— o Plan de solo empresarial de Galicia. Neste momento en que xa as comunicacións demostran o efecto converxente das actuacións da Xunta, están en marcha novas actuacións consideradas estratéxicas no eixo que vai da Coruña a Vigo pasando por Santiago, así como no contorno de Lugo e Ourense.

A Xunta de Galicia conta xa con 38 parques empresariais operativos, nos que está vendido máis do 74 % do solo. Cara a un futuro inmediato, esta-se traballando nunha trintena de parques máis, que permitirán incrementa-la oferta de solo axeitado ás empresas galegas e ás que chegan de fóra.

4) Medidas urbanísticas:

4.1) Modificación da Lei do solo de Galicia:

Sen pretender anticipa-los debates que a Cámara dedicará a esta Lei do solo —suplico ó señor presidente, á Mesa e a tódolos señores deputados e deputadas que recoñezan a importancia e a urxencia que ten esta lei—, é evidente que, despois da nova Lei do Estado de 1998 e do Real decreto lei do ano 2002, estabamos obrigados a facer algo.

Despois de catro anos de vixencia da Lei do solo de Galicia e destas modificacións, a lei móstrase insuficiente nas medidas de xestión urbanística para que a iniciativa pública ou privada poida desbloquear grandes bolsas de solo co fin de construír vivendas públicas e privadas e crear solo urbanizado para facilita-la implantación de industrias e doutras actividades económicas. Para este efecto presentámo-la lei antes mencionada e que pronto permitirá, entre outras cousas, crear un patrimonio público de solo participando nas plusvalías que xere a actuación urbanística e no que interveñan as administracións locais e a Comunidade Autónoma, coa finalidade de executar vivendas de protección oficial, solos urbanizados para actividades económicas e grandes equipamentos públicos, impulsando, en todo caso, o destino dos solos públicos excedentarios, a efectividade da política da vivenda e os equipamentos públicos.

4.2) Anteproxecto de Lei de ordenación e protección do medio rural de Galicia:

Pasando a outro tema que empeza a ser polémico —aquí é onde o discutiremos—, quero falarlles do anteproxecto de Lei de ordenación e protección do medio rural de Galicia.

Galicia conta no momento actual cunha arquitectura rural de excepción e cun territorio de incalculable valor paisaxístico, así como cunhas terras eminentemente fértiles e con vocación agrícola, gandeira e forestal. Nembargantes, a anarquía de construcións e usos que están proliferando nos últimos anos, a deterioración das edificacións, a falta de conclusión de moitas delas e a degradación da paisaxe provocada polos moitos movementos de terra inadecuados e o desenvolvemento tecnolóxico aplicado moitas veces de xeito incontrolado ó medio rural, fan urxente a promulgación dunha lei que trate de harmonizalo desenvolvemento e benestar da poboación rural coa preservación e revitalización dos bens culturais e naturais tan estimados. E o prezo, tal vez, que pagamos por un máis lento desenvolvemento industrial é fonte de recursos e patrimonio que se debe conservar para legalo ás xeracións futuras deste país.

Resulta, pois, necesario aborda-la regulación desta clase de solo, incluíndo os asentamentos de poboación nel emprazados, dunha maneira máis obxectiva e detallada que, dende a óptica da súa protección global fronte ós procesos de desenvolvemento urbanístico, teña en conta a súa importancia no esquema territorial de Galicia e limite, ordene, protexa e reconduza os procesos de transformación cos que se enfrenta.

Con esta finalidade foi elaborado o anteproxecto de lei por unha comisión de especialistas na materia, integrada por profesores das tres universidades galegas, arquitectos e profesionais galegos de recoñecido prestixio e funcionarios das distintas consellerías. O texto normativo —quero dicir, o anteproxecto— está completamente rematado e ten por obxecto a regulación e protección do solo rústico de Galicia, dos asentamentos de poboación nel emprazados e do patrimonio rural, de acordo, entre outras, coas seguintes finalidades —pero déixenme dicir antes que mellor que ver de vez en cando unha voadura dalgunha cousa feita incorrectamente, como está a pasar agora na costa galega, é adiantarse a iso—: preserva-lo medio físico; conseguí-la integración harmónica do territorio nas súas vertentes natural, cultivado e construído; fomenta-la ordenación e mellora dos asentamentos rurais; harmoniza-las esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais, e, en definitiva, inserir todo isto na política de urbanismo e de ordenación do territorio.

5) A planificación urbanística:

Trátase de conseguir que tódolos concellos da Comunidade Autónoma —sen mingua da súa autonomía— dispoñan dunha figura de planeamento municipal axeitada á súa realidade territorial e socioeconómica, de acordo coa lexislación urbanística vixente.

As axudas ás corporacións locais constitúen o apoio preciso para a obtención de instrumentos de planeamento urbanístico eficaces para o desenvolvemento do territorio de xeito coherente coas demandas sociais e coa preservación dos valores ambientais. Así mesmo, a disposición de cartografía dixital —da que quero salienta-lo esforzo especial da organización comarcal de Galicia— permite subministrarlles ás corporacións locais, ós demais entes públicos e ós particulares a información física do territorio para a planificación e programación de actuacións inmediatas e futuras coas características técnicas axeitadas.

Desenvolvemento industrial e comercial

1) Modernización do sistema gasístico. Reganosa:

A gasificación en Galicia, señorías, execútase en dúas fases ben diferenciadas; na primeira construíuse a rede principal do gasoducto que deu abastecemento ós principais núcleos de poboación. Poucos valorarán canto significou a axeitada negociación e construción pola Xunta de Galicia dos ramais a Lugo e a Ourense. Na actualidade, atopámonos na segunda fase, co inicio das actuacións constructivas encamiñadas a estende-la subministración por toda a Comunidade e chegar así ó maior número de puntos de consumo posibles, pero en competencia de prezos e sen ningún monopolio, para o cal sería bo recordar que, efectivamente, Reganosa é un instrumento clave para isto.

A construción da planta de Mugardos levará aparelado, por outra parte, un investimento de 228 millóns de euros e xerará uns 500 empregos directos, posibilitando uns investimentos do sector privado de gran transcendencia para a nosa Comunidade Autónoma, xa que superarán os 492 millóns de euros para os próximos dez anos, cunha estimación de emprego duns 1.500 postos de traballo directo, indirecto e inducido. Penso que un dos maiores servicios prestados nestes anos á Comunidade galega é a primeira fase da gasificación e a segunda.

2) Modernización do sistema eléctrico:

A xeración eléctrica ten lugar en dous escenarios: un convencional (térmica e hidráulica) e outro especial (renovables, coxeración e residuos). A rede de distribución en Galicia é complexa e custosa, cuns condicionantes singulares en relación con outras comunidades, que fan que os investimentos necesarios para as infraestruturas sexan apoiados dende a Administración pública.

Quero dicir, señoras e señores deputados, que a Xunta impulsa o cumprimento dos prazos de execución das infraestruturas previstas no Acordo de colaboración bilateral adoptado entre os gobernos español e portugués, importantísimo, como xa dixeran antes, para a creación do Mercado Ibérico da Electricidade, que no caso de Galicia afecta ás liñas de Cartelle—Lindoso e á de Aldeadávila-Pocinho-Porto.

Tamén estamos a desenvolver-lo Plan de mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia, firmado o pasado 24 de abril do 2001, cunha duración de cinco anos, que se centra nos aspectos de cantidade e calidade a nivel zonal e individual.

3) Potenciación das enerxías renovables:

Teño que dicir que imos en cabeza —todo o mundo sabe disto—, por exemplo, na eólica en España, e que recentemente, á parte do vixente Decreto 302/2001, regulador do aproveitamento da enerxía hidráulica, debemos salientar neste momento a figura do parque eólico singular para unidades de ata 3 megavatios —a súa normativa aprobarase en breve— que afecta ó servizo dos municipios.

O pasado ano a xeración da enerxía eólica superou os 2.000 xigavatios hora/ano e as fontes renovables acadaron os 3.000 xigavatios hora/ano, convertendo a Galicia na primeira productora española de enerxía procedente deste tipo de fontes. Nestes intreos, a enerxía eólica cobre o 13 % do consumo eléctrico da nosa Comunidade e as fontes renovables o 18 %.

Cando o outro día escoitámo-las subidas do cru, teño pouco que engadir, salvo que, dos 44 parques existentes en Galicia, 29 están xa en funcionamento, cunha potencia total instalada de 1.058 megavatios, 4 rematados con inminente inicio de actividade —106 megavatios— e 11 en construción —227 megavatios—. Cóntase coa autorización para novos parques cunha potencia de 468 megavatios e xa comezou a tramitación para autorizar outros 350 megavatios.

4) A política industrial:

A política industrial da Xunta de Galicia, señorías, responde a un modelo de reparto de tarefas entre distintos departamentos, consecuencia da nosa estrutura organizativa e competencial, pero sempre conforme á coordinación que define o Plan de desenvolvemento rexional de Galicia 2000-2006, como documento de referencia para o encaixe das diversas políticas sectoriais.

Na actualidade, a estrutura empresarial galega non é a óptima; feito que se comproba ó observa-la súa escasa dimensión media, a súa distribución xeográfica (case un 75 % de implantación na área atlántica) e a existencia de sectores maduros xunto a outros moi dinámicos. Como contrapartida, e afortunadamente, hai que resalta-la existencia dunha dinámica investidora nos espazos con tradición industrial, o que se reflicte nas longas listas de espera en polígonos e parques industriais, que, como xa dixen, obriga a redobrar esforzos nesta materia.

A Consellería de Industria e Comercio propónse acentua-lo papel das infraestruturas enerxéticas, como xa dixen, no desenvolvemento de Galicia; profundar naquelas medidas horizontais, como a sociedade da información,

a cultura da calidade e o fomento da innovación, necesarias para mellorala posición competitiva; e impulsa-las programacións especificamente sectoriais no convencemento de que as medidas horizontais deben complementarse con outras, en función das estruturas sectoriais. Impulsaranse, así mesmo, actuacións de ordenación industrial no sector téxtil —hoxe en cabeza— mediante a implantación física en espazos conxuntos, promovendo a xeración de sinerxías polo efecto da proximidade; promocionaranse accións cooperativas para mellorala posición competitiva de determinados aglomerados industriais, e impulsarase a innovación competitiva das empresas.

Un dos obxectivos fundamentais, señorías, pola súa incidencia na competitividade dos sectores de maior importancia na economía de Galicia, é, por suposto, o fomento na innovación tecnolóxica nas empresas —para iso, ademais de reforza-los medios da Consellería de Industria e Comercio, creouse a Secretaría Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación—, fomento no que estamos a traballar con exemplos tan importantes como o que hai poucos días inaugurou a Súa Alteza o Príncipe de Asturias no Porriño, no conglomerado de automoción, promovendo conglomerados ou *clusters*. O conglomerado tecnolóxico en materia de automoción penso que é un dos mellores de Europa, e hai outros exemplos que se poderían mencionar.

Dos programas incluídos no Plan cuadrienal de modernización do sector comercial retalista de Galicia destacan, pola súa incidencia e novidade, fundamentalmente dous, sen esquecer que están incluídos nun plan global no que tódolos programas se complementan e teñen, por tanto, unha vital importancia para o seu desenvolvemento.

O comercio, señoras e señores deputados, fai cidade e exerce de tractor social; na decisión da compra participan conceptos como a vinculación do acto da compra e o ocio, os atractivos urbanos, a capacidade de atracción turística, o ámbito comercial, a cultura, as infraestruturas urbanas, etc. De aquí a promoción dos centros comerciais urbanos, no que estamos lanzados a fondo, con axudas que poden acadar ata o 70 % do investimento.

Por outra banda, e cara á modernización do pequeno comercio, publicouse recentemente unha orde na que Galicia é pioneira —máis unha vez— en todo o territorio español. Esta orde posibilita que aqueles comerciantes cunha idade superior ós 60 anos cesen anticipadamente na súa actividade comercial, asumindo o compromiso de traspasar, alugar, vender ou cede-lo establecemento comercial no que desenvolvían a súa actividade.

Plan estratéxico de protección ó consumidor en Galicia 2002-2005:

Establece as bases da política de consumo en Galicia para os próximos catro anos. Constitúe tamén unha proxección do Plan estratéxico nacional 2002-2005, consensuado entre a Administración central e tódalas comunidades autónomas, con tres obxectivos xerais:

Nivel elevado da protección dos consumidores. Aplicación efectiva das regras de protección dos consumidores.

Participación das organizacións de consumidores nas súas políticas de defensa.

A finalidade do Plan estratéxico é facilita-la integración dos intereses dos consumidores en tódalas políticas sectoriais, coa conseguinte mellora da calidade de vida dos cidadáns.

Educación, cultura e ocio

Galicia —atrévome a dicir— posúe, señor presidente, señoras e señores deputados, un sistema educativo cada día mellor dotado de recursos humanos e materiais. E hai que ter vivido nos anos trinta do século pasado para sabe-lo que isto quere dicir.

Ano tras ano, pese ó descenso da natalidade, vimos ofertando emprego público estable, mediante convocatoria de oposicións, para que os nosos centros docentes contan cun persoal cada día mellor preparado e, sobre todo, que os nosos alumnos dispoñan dun ensino de calidade e dunha eficaz e individualizada orientación educativa e profesional.

Señorías, vostedes saben que se fixeron e seguen a facerse grandes investimentos adicados á construción, reposición e ampliación de centros escolares. Pero o importante é que só no que levamos da presente lexislatura uns 4.700 docentes se incorporaron ó servizo de mensaxería, cunha conta de correo electrónico, é dicir, que estamos no século XXI, de maneira que nestes momentos son uns 12.000 os profesores que dispoñen da dita conta.

Enviamos ós centros educativos de niveis non universitarios uns 15.200 ordenadores e investimos na súa dotación informática máis de 36 millóns de euros. Hoxe teñen conexión a internet 1.100 centros e dispoñen de acceso a internet uns 287.000 alumnos de ensinanza non universitaria, aproximándose a ratio media ós 16 alumnos por ordenador.

Contando con estes recursos, e unha vez implantadas de maneira xeneralizada as ensinanzas de réxime xeral, os esforzos do Goberno que teño a honra de presidir céntranse hoxe na ordenación das ensinanzas de réxime especial e na mellora da calidade do noso sistema educativo.

Estamos a potenciar, señorías, as ensinanzas musicais, adaptando os centros á actual normativa, de tal xeito que no curso que acaba de comezar xa funcionan os conservatorios de grao superior de Vigo e A Coruña, os de grao elemental e medio de Ferrol, A Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo; o de Santiago está en fase de construción. Eu lembro o que dicía Platón sobre a música, que é un instrumento básico da cultura. Igualmente está disposto para entrar en funcionamento o Conservatorio de Danza de Lugo —o primeiro—, que representa un avance importante na implantación das ensinanzas de danza. É o primeiro que se crea en Galicia.

En canto ó ensino —no noso tempo esencial— de idiomas, contamos nestes momentos con dez escolas oficiais que, xunto cos 52 institutos de educación secundaria, que imparten o Plan de potenciación da aprendizaxe de linguas, atenderon no pasado curso académico uns 26.500 alumnos.

Co fin de potencia-la lectura incrementouse unha hora semanal no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, tanto para a lingua galega como para a castelá. Esta acción enmárcase no Plan de apoio ás materias instrumentais e ás humanidades, de xeito que tamén se aumentou o horario de matemáticas e de filosofía.

Somos conscientes, señorías, de que a calidade do ensino non só se fundamenta nuns bos currículos nin na suficiente dotación económica dos centros. A clave do éxito de calquera reforma educativa está no profesorado; de aí que a súa formación sexa un obxectivo prioritario da Xunta de Galicia, obxectivo que se vén plasmando ano tras ano nos respectivos plans de formación.

No referente á formación profesional, a Xunta estableceu, como unha das prioridades para esta lexislatura, a aplicación do Plan galego de formación profesional. Este plan foi elaborado en cooperación pola Xunta de Galicia e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas no seo do Consello Galego de Formación Profesional.

Estamos seguros, señoras e señores deputados, de que o reto da mellora da calidade educativa se vai ver apoiado pola promulgación da futura Lei de calidade, que no pasado mes de xullo foi tramitada como proxecto polo Consello de Ministros.

As contribucións de Galicia ó borrador do anteproxecto foron asumidas na súa case totalidade polos responsables do ministerio; considerámonos, polo tanto, copartícipes dunha futura lei que esperamos que lle dea o pulo definitivo a un ensino de calidade para todos, aplicado dende a diversidade.

Universidades:

A Universidade do século XXI entrou xa na fase de excelencia académica, unha vez acadado, na última década, o número máximo de estudantes probable, que superou os 100.000 nas 157 titulacións que temos implantadas, que lles permiten ós mozos e ás mozas galegos elixir entre 89 carreiras.

Neste ámbito, e como vostedes saben, lévase feito un grande esforzo no desenvolvemento da LOU, elaborando dous proxectos de lei, que xa están en trámite parlamentario, e un decreto de contratación de profesorado, aprobado xa polo Consello da Xunta.

Neste asunto, tamén —repito— temos aberto un diálogo cos grupos parlamentarios para acadar un consenso na elaboración da Lei xeral do sistema universitario de Galicia que permita a converxencia con Europa nun sistema común de educación superior.

Señor presidente, señoras e señores deputados, a encrucillada internacional, á que Galicia non pode escapar, esixe a construción dun novo espacio cultural europeo que, lonxe das vellas hexemonías, poida integrarse no mundo a través de intercambios recíprocos e sen renunciar ós nosos valores propios.

Sabido é que estamos a vivir unha época na que a creatividade está cada día máis ameazada polas esixencias uniformadoras do mercado, que moitas veces non respectan debidamente as identidades culturais e que sacrifican todo en beneficio das potencias industriais. Por iso falo da industria da cultura.

A evolución cultural da Europa comunitaria deberá pasar, pois, señor presidente, señorías, por unha maior presenza e competitividade nos mercados mundiais a través dunha institución forte no terreo cultural, que permita a realización plena das rexións e das comunidades sen Estado, unhas das principais fornecedoras da cultura europea de hoxe.

A dualidade cultura-desenvolvemento deberá supoñer axiña unhas cantas respostas por parte dos organismos europeos, especialmente o Consello de Europa e o Parlamento comunitario.

Neste sentido cultural, ábreanse moitas posibilidades para a nosa Galicia. Unha comunidade plenamente integrada en Europa, ata o punto de ser unha das súas fisterras históricas, pero ademais co centro de atracción que é Santiago, e que ó longo da última década ten dado abondosas mostras da súa vocación europea. Unha realidade que é máis que vocación e que contribuíu á unidade dos pobos e das culturas europeas dende a Idade Media e a través

do Camiño de peregrinación a Santiago, por certo, declarado oficialmente polo conxunto de Europa Primeiro Itinerario Cultural Europeo, un camiño de fe, de historia, de arte e de cultura que pervive con total e plena vixencia e que ofrece moitas posibilidades.

1) Os eixos da modernización:

Os eixos da modernización son complexos.

En primeiro lugar, a demostración práctica da importancia que lle damos á nosa integración na sociedade da información e do coñecemento é que dende a cultura, o ocio e a comunicación está pasando do 15 % ó 20 % do PIB.

Estamos preparando a campaña de promoción exterior da celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2004. As obras da Cidade da Cultura de Galicia, proxecto vértice de moitos anos de pensar cómo espalla-la nosa cultura polo mundo enteiro, penso que fala polo demais.

No ámbito do patrimonio cultural traballamos de maneira coordinada, abordando actuacións e programas dos distintos departamentos dentro dun obxectivo común; en particular, o turismo cultural. Aí está a Rede de Patrimonio Arqueolóxico que se vai executar en catro anos e que suporá un investimento de 21 millóns de euros (o Ministerio de Fomento concedeu este ano 2,5 millóns de euros a través do 1 % cultural).

Este plan suporá a creación de catro parques arqueolóxicos:

- O do megalitismo na Costa da Morte (A Coruña).
- O da arte rupestre en Campo Lameiro (Pontevedra).
- O da cultura castrexa en San Cibrán de Las (Ourense).
- O do mundo romano (Lugo).

Á parte disto está o Plan de museos e arquivos de Galicia, o Plan de catedrais, o Plan de mosteiros, o Plan de pontes históricas, o Plan de castelos e fortalezas, o da muralla de Lugo, o da Illa de San Simón e o Plan de casas rectorais, á parte das casas de turismo rural, elemento esencial na cultura e no turismo.

2) Proceso de preparación do Xacobeo 2004:

Estamos preparando o Xacobeo 2004 coa magnificencia que require o que será o primeiro Ano Xubilar Compostelán do novo século e milenio, despois da súa recuperación nos últimos anos. Xa está elaborado o Plan estratéxico dos camiños, a partir do cal se crearon varias coleccións visitables e se levou a cabo a potenciación da rede de albergues.

3) Avance da Cidade da Cultura:

Do avance da Cidade da Cultura de Galicia teño pouco que dicir, salvo que imos recibir en Barcelona o premio *Meeting Point* ó mellor proxecto inmobiliario do ano 2002, e que ocupámo-lo papel protagonista estes días na Exposición Bial de Venecia, e podo anunciar que se a finais do pasado mes de agosto se adxudicaron as obras de estrutura da Hemeroteca, despois dos traballos preliminares e dos traballos da súa construción, que comezaron na segunda semana do pasado setembro, ó longo do 2003 iranse adxudicando as obras da Biblioteca, do edificio de novas tecnoloxías e do Museo da Historia de Galicia, quedando daquela só pendente para o ano 2004 o comezo das obras do Teatro da Música.

4 e 5) Novos proxectos de promoción cultural:

Está en marcha o Programa de fomento da lectura, o da Promoción do libro galego e o da Biblioteca dixital de Galicia.

6) A sociedade da información e do coñecemento:

Señorías, o desenvolvemento da sociedade da información e do coñecemento é un elemento clave para unha mellora substancial da cultura do país galego. Só conquistando o mundo das novas tecnoloxías, da comunicación e dos contidos, poderemos acadala converxencia coas rexións máis avanzadas da Unión Europea. Aí estamos traballando na potenciación do sector audiovisual —e cada día hai un novo premio que se acada dende os traballos que se fan en Galicia— na promoción da sociedade da información e no desenvolvemento das telecomunicacións.

7) Maior presenza do sector audiovisual:

Quero destaca-la maior presenza do sector audiovisual. No período comprendido entre 1996 e 2001 rodáronse en Galicia un total de vinte longametraxes, corenta e nove curtametraxes, doce series de televisión —varias cedidas xa e en fase de tradución noutras televisións comunitarias— e corenta e catro documentais.

No campo da animación, estanse realizando interesantes traballos a partir do éxito sensacional acadado por *O Bosque Animado*.

8) Incorporación da cultura galega a internet:

Aproveitando o bo momento do audiovisual e os contidos multimedia e a súa converxencia con internet, a Xunta ultima a promoción dos contidos propios da cultura galega na rede de redes. Isto permitirá, señoras e señores deputados,

xerar emprego na industria galega de alta tecnoloxía de contidos e impulsa-lo proceso de dixitalización de todo o noso patrimonio cultural, achegando un maior número de galegas e de galegos a internet.

9) Substitución da telefonía rural TRAC:

Falarei brevemente, por ser coñecido, da substitución da telefonía rural TRAC. Foi un gran triunfo establecer un sistema que chegase a tódalas partes de Galicia, pero nestes momentos está xa en marcha o bucle local *inalámbrico*.

Conforme á nova Lei 34/2002, do Goberno central, o día 30 de xullo de 2003 deberán estar substituídos o 30 % dos teléfonos TRAC de España, o día 31 de decembro do 2003 estarán substituídos o 70 % e no ano 2004 deberán estar cambiadas todas estas liñas celulares.

O Goberno de España tamén cumpriu o seu compromiso de que o proxecto de substitución dos TRAC comezara por Galicia, porque conta co 40 % dos TRAC existentes en toda España.

O custo deste cambio de telefonía en Galicia ascenderá a 240 millóns de euros, que serán financiados integramente por Telefónica e cos fondos Feder que xestiona directamente o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

O turismo segue a ser un dos principais motores da economía galega, xa que, no que levamos andado deste ano, o crecemento do sector foi dun 9,8 %. Non teño máis que dicir do sector do turismo.

Contrariamente á tendencia mundial, os datos do sector na nosa Comunidade son altamente positivos. E, naturalmente, como son aquí obviamente parcial pois non quero insistir, pero é evidente que a situación favorable de Galicia se debe a unha oferta variada, con múltiples produtos turísticos especialmente no rural, no cultural ou no termal; unha mellora substancial das redes internas e externas de comunicacións; unha planta hostaleira en renovación; un compromiso co sector profesional do turismo cunha das mellores escolas de Europa, situada aquí en Santiago; e, naturalmente, as moitas posibilidades que ofrecen o mercado español e o galego no mundo.

Protección da saúde

Señorías, a promoción e a protección da saúde dos cidadáns galegos, de dentro e de fóra de Galicia, segue a constituír para o Goberno da Xunta un obxectivo prioritario. Recentemente aprobámo-lo novo Plan de saúde de Galicia, que define as principais liñas de actuación que caracterizan as políticas e programas para o cuatrienio.

Neste momento contamos xa cun Programa galego de vacinacións, que se cumpre case que ó 100 % en termos de cobertura. Á parte das vacinas contra a meninxite C, a *Haemophilus influenzae* de serotipo B, o pneumococo, etc., estanse a incorpora-las vacinas combinadas.

Elaborouse o Plan de acción anti VHI-SIDA Galicia 2002-2006, que comezará este ano. E, en definitiva, nós apostamos decididamente pola seguridade alimentaria, para o que se puxo en marcha un programa específico que regula, entre outros, o control sanitario das industrias alimentarias e a análise dos alimentos do mercado.

Implantado xa o Plan especial de control sanitario da encefalopatía esponji-forme bovina, estanse a incorporar dez novos matadoiros ó sistema informático de control e seguimento do sacrificio de bovinos.

En canto á sanidade ambiental, témo-la constitución do Comité de Expertos Multidisciplinares en Telefonía Móbil; por certo, quero disipar certas afirmacións que se están facendo ó respecto, e seguimos coas investigacións. Tamén se segue a desenvolver este ano o Programa de prevención e control da lexi-onelose, que, gracias a Deus, as medidas anteriores limitaron notablemente a súa expansión en Galicia.

Constitución da Fundación Galicia-Saúde:

Xa falei das medidas especiais para os galegos no exterior. Debería mencionar aquí que o pasado 16 de setembro tiveron a honra de presidir, xunto co presidente do Centro Galego de Buenos Aires, o acto de constitución da Fundación Galicia-Saúde, encargada, a partir de agora, de xestionar e de administra-la área hospitalaria do histórico Centro Galego de Buenos Aires, desbordado pola crise no momento actual, e que esperamos continuar estendendo por outras partes de América.

1) Reforma da atención primaria:

Señorías, dende o Sergas séguese apostando pola mellora da accesibilidade e da calidade da atención primaria, e co desenvolvemento ininterrompido do novo modelo estanse a acadar practicamente tódalas previsións que formulamos no seu momento, concretadas en 309 unidades de atención primaria en funcionamento — 18 delas creadas neste ano —, extensión das unidades con horario de tarde, ata chegar a 67, e esperando que sexan 6 máis a finais deste ano.

Implantáronse 12 novos PAC no que vai de ano, co que se incorporaron 19 concellos ó sistema de gardas de presenza física neles, completando así un total de 293 concellos incorporados.

A implantación, excluída no seu momento dos programas nacionais de saúde, do Programa de saúde bucodental para a atención da poboación infantil de 0 ata 14 anos supón un decisivo impulso na información e na educación desta materia para este importante tramo poboacional, e inclúe ademais os coidados preventivos ás mulleres embarazadas e a asistencia odontolóxica a discapacitados físicos e psíquicos.

Polo que atinxe á construción dos novos centros de saúde —xa moi adiantada—, cabe subliñar que neste ano se rematou a construción de 5 máis (2 xa funcionando), outros 7 están en execución e 5 en fase de adxudicación, o que fai un total de 17 novos centros de saúde.

2) Importantes melloras na atención especializada:

Aí está a páxina web do Sergas, cos datos correspondentes. Pero quero salientar, porque é un tema de frecuente discusión pública, que a demora media existente nas listas de espera é, polo xeral, inferior á dos países do noso ámbito, aínda que continuaremos realizando todos aqueles esforzos que nos permitan atende-la crecente demanda de asistencia sanitaria dos últimos anos. Deste xeito, a finais de ano a demora media cirúrxica aceracrase ós 60-70 días e a de primeiras consultas externas será aínda inferior.

3) Potenciación da rede hospitalaria:

Dende o Sergas continúaase, señorías, coa mellora da infraestrutura hospitalaria, concretada en importantes actuacións este ano, como o inicio da fase 1.^a dos plans directores do Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña, do Complexo Hospitalario de Ourense e da fase 3.^a do Hospital Montecelo de Pontevedra. Tamén rematarán este ano as obras e o equipamento do edificio do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela. Así mesmo, iníciase a construción do novo Hospital de Lugo, moderno centro asistencial con tecnoloxía de vangarda, que xa está en fase de licitación.

4) Plan de Galicia sobre drogas:

Quero anuncia-la elaboración dunha nova lei que modifica a Lei 2/1996, de Galicia sobre drogas, que limita tamén a publicidade, promoción, venda e consumo abusivo de alcohol por parte dos menores. E, por outra parte, tomáronse medidas para evita-lo inicio do consumo, atrasalo e detectar situacións de risco; para o incremento da accesibilidade ós programas de tratamento, ampliando a cobertura da administración de metadona nos centros

de saúde; para a creación dunha comunidade intrapenitenciaria no cárcere de Pereiro de Aguiar; e para a elaboración do Plan de inserción personalizado para drogodependentes.

Política medioambiental e agroalimentaria

Non quero prolongar demasiado a paciencia das súas señorías, pero estamos nun grande esforzo pola adquisición e extensión dunha cultura ambiental na nosa Comunidade. O progreso non é posible sen o necesario respecto ó contorno e sen a protección dos recursos naturais imprescindibles para garantir que ese progreso teña unha continuidade no futuro, cousa que en Galicia —non hai mal que por ben non veña— facilita o atraso anterior do desenvolvemento industrial.

Precisamente a creación do Centro de Desenvolvemento, como dirección xeral dentro da Consellería de Medio Ambiente, é unha mostra dese novo enfoque. Entre as súas tarefas iniciais cómpre destaca-la posta en marcha da estratexia de desenvolvemento sostible de Galicia, no que se refire á integración da variable ambiental nas restantes políticas, así como a elaboración dunha segunda fase da citada estratexia centrada no desenvolvemento dun informe de sostibilidade en Galicia.

Non menos importante é, señorías, a promoción da elaboración de estratexias de desenvolvemento sostible no ámbito local, isto é, a implantación da Axenda 21 local nos municipios e mancomunidades de Galicia. Temos que lle facer fronte ó cambio climático, que xa é unha realidade, e niso estamos.

A Lei de creación do Instituto Galego de Calidade Agroalimentaria (Ingaca) é absolutamente necesaria.

1) Infraestructuras agrícolas e rurais:

Cómpre a adaptación ó Plan nacional de regadíos e ó Acordo marco de colaboración dunha rexión que ata o de agora non tiña moito interese polo tema, pero que neste momento parece evidente que o cambio climático obriga a isto.

Hai un cambio importante nas axudas da rede viaria da nosa comunidade, que precisa de constante actuación de conservación, mellora e ampliación que contribúan á incrementa-la calidade de vida dos habitantes dos núcleos rurais. Por iso no plan actual, aprobado no 2001, que afecta a 220 concellos, onde se desenvolven 241 actuacións, o noso investimento total vai ser de 27.640.000 €, dos que 11.150.000 € corresponden a este ano.

2) O sector lácteo:

Do sector lácteo quero dicir que nós estamos absolutamente pendentes del, que estamos pendentes da conxunción de cantidade e calidade.

3) Novos obxectivos para a gandería:

Polo que se refire ó vacún, a proxección de Galicia é a de seguir avanzando nos obxectivos marcados dende hai moitos anos e que teñen que ver co aumento da competitividade para incrementa-las rendas dos gandeiros, a reestructuración e o incremento das garantías na calidade e seguridade dos produtos, e non ten que ver, naturalmente, co número de explotacións agrarias senón coa súa produción e calidade.

4) A agricultura e o sector agroalimentario:

En canto á agricultura e ó sector agroalimentario continuaremos nesta lexislatura co proceso de obter unhas producións nas que se priorice a calidade e a salubridade, compatibilizándose coa salvagarda do medio ambiente e a rendibilidade das explotacións. Neste eido seguirase potenciando a produción integrada, a ecolóxica e os produtos específicos e tradicionais, así como as medidas agroambientais ligadas á agricultura, compensando mediante primas por superficie o lucro cesante como consecuencia da aplicación destes sistemas productivos.

5) Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

Debo salienta-la creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, decidida aposta polo noso medio rural e a súa inevitable transformación, plasmada na redacción da Estratexia Galega do Medio Rural e na creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

O principal esforzo dedicouse, e seguirá dedicándose, á implementación dos programas Agader, que, cun investimento previsto de 84.141.695 € e financiados integralmente con fondos autonómicos, afectará a dez grupos de acción local. Combinando estes recursos cos procedentes dos programas Leader e Proder II, a totalidade do territorio galego queda cuberta por programas de desenvolvemento rural xestionados por grupos de acción local, o que supón corenta grupos de acción local cun investimento total previsto de preto de 324 millóns de euros no período 2000-2006.

Actividade productiva pesqueira

En Galicia polo termo «pesca» non entendemos soamente un labor extractivo, senón —e cada vez máis— toda unha serie de actividades productivas. Xa o

30 % destas actividades productivas —non o sitúo no Paleolítico senón nas modernas fórmulas de produción derivadas do mar— teñen a súa orixe na explotación dos recursos mariños e constitúen un complexo agregado empresarial de especial importancia, con ramificacións na case que totalidade dos sectores económicos identificados do país.

Para o seu desenvolvemento, a pesca precisa, ademais dunhas políticas propias de recursos, estruturas, mercados, formación e investigación, dunha planificación integral do litoral e dunha xestión adecuada e consecuenta do medio ambiente mariño e máis da política portuaria, ademais dun dispositivo de seguridade e de salvamento marítimo.

En consecuencia con esta realidade, e na procura de maior eficacia na xestión, ó botar a andar esta nova lexislatura adecuamos formalmente a estrutura administrativa autonómica a estas necesidades, o que tamén aconsellou modifica-la denominación do departamento, que pasou a chamarse de «Pesca e Asuntos Marítimos».

Señoras e señores deputados, gracias ás políticas activas dispostas a principios dos anos noventa, e a pesar dos sobresaltos que de cando en vez nos chegan de fóra, as cousas marchan máis que razoablemente ben neste sector. Así, temos que a produción marisqueira se multiplicou por catro; os desembarcos de peixe non decaen, pese á redución da flota; as solicitudes de renovación e modernización da flota mantéñense á alza; os investimentos na industria de transformación incrementáanse substancialmente ano a ano; a acuicultura consolídase e non fai máis que medrar; e os nosos produtos do mar chegan cada vez máis e mellor ós mercados.

Por iso queremos impulsa-la evolución do marisqueo a pé cara á acuicultura, como remate do proceso de profesionalización desta actividade; regula-la reordenación da baixura, absolutamente necesaria, e na que se están a dar pasos decisivos, non fáciles, nestes días, pero espero a colaboración de todos para entendelos; involucrarnos na cooperación ó desenvolvemento como fórmula de colaboración cos países donos dos recursos de interese para a nosa industria pesqueira, no que está a traballar intensamente a consellería; e, por último, imonos seguir concentrando, como o estamos a facer dende 1997, na defensa dun cambio no modelo de xestión da política pesqueira comunitaria —pero non no que algúns propoñen—, para que esta actividade productiva se rexa segundo os principios do Mercado Único e as nosas empresas pesqueiras poidan desenvolverse sen trabas e como calquera outro sector productivo.

Apoio á Administración de xustiza

Non son, como saben, competencias substantivas, que corresponden, como é ben sabido, ó Consello Xeral do Poder Xudicial e ó Ministerio de Xustiza, senón competencias adxectivas ou de apoio, pero deron lugar á rehabilitación de máis de 20 edificios xudiciais, estando en marcha outros varios; á renovación e ó reforzo dos equipos informáticos básicos dos órganos xudiciais, e, en todo caso, vaise implantar un sistema informático xeral de xestión xudicial chamado Minerva e as novas tecnoloxías, cun sistema de videoconferencia nos xulgados galegos que permitirá aforrar custos de desprazamentos nas declaracións testificais dos membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e que axilizará os procedementos xudiciais.

Tamén estamos na elaboración dun plan de choque contra a sinistralidade laboral (Proxecto 1.100).

Continuando na senda programada, estamos a traballar no Programa integral para a formación de riscos laborais; na intensificación do Plan galego de prevención de riscos no sector pesqueiro; na creación dun portal preventivo na rede; no desenvolvemento dun programa nos sectores de canteiras e lousa para coñecer e palia-los efectos da silicose; no fomento da implantación de normas e criterios en convenios colectivos que potencien a aplicación de condicións favorables á seguridade e á saúde laboral. E, en definitiva, é imprescindible a colaboración e o diálogo cos axentes sociais, no que estamos traballando, que son os verdadeiros protagonistas das relacións laborais colectivas e que teñen unha posición relevante nesta emerxente área da seguridade e saúde laboral.

O consenso e aprobación por unanimidade nesta Cámara da Lei do estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela significou un xesto de unidade e de sensatez —dos que mencionaba ó comezo da miña xa un pouco longa intervención— por parte dos grupos políticos que compoñen este Parlamento, que eu celebro e agradezo. Esta declaración permitirá, dende un punto de vista práctico, articular un sistema que responda ás particularidades que a capital de Galicia e maila súa área de influencia presentan.

Polo que se refire á Área Metropolitana de Vigo, estase a traballar entre todos para avanzar na creación dun novo ente capaz de conciliar e coordinar os intereses comúns dos concellos que nel se integren. Atopariámonos perante a primeira experiencia metropolitana no ámbito galego, constituíndo un pilar indiscutible na configuración do réxime local galego. Un fito demostrativo da firme aposta da Xunta de Galicia polo asociacionismo municipal como elemento artellador do tecido local da nosa Comunidade Autónoma.

Desenvolvemento do Plan e pacto local:

Púxose en marcha o Centro de Estudos Locais de Galicia, de especial importancia, no que queremos que xurdan as bases para dotar Galicia das axudas para a execución e o mantemento de servizos básicos municipais. Xa estamos traballando con especial fincapé na mellora das sedes das entidades locais e na colaboración cos concellos para a dotación dos medios de Xustiza de Paz. É un tema que desborda o ámbito local, pero é esencial o recente convenio para a mellora das casas cuartel da Garda Civil, a implantación dunha «cultura da calidade» das entidades locais e o fomento da utilización das novas tecnoloxías, xeneralizando a tramitación electrónica entre a Xunta e os concellos.

Por todo isto estamos nos traballos para a modificación da Lei de Administración local de Galicia, coa colaboración, dende un principio, dos habilitados nacionais e das tres universidades galegas, co obxectivo de que o texto teña entrada no Parlamento galego a principios do ano 2003.

En canto ós parques de bombeiros, entrarán en servizo os parques de Ribadumia, Arteixo, Ordes, Carballo, Boiro e o de Verín, así como o funcionamento comarcalizado do de Santiago de Compostela. E estamos traballando coa Fegamp nas materias susceptibles de traspaso.

Creada a nova Secretaría Xeral, non teño que explica-lo que se está a facer dende ela. Pero quero dicir que nun estudio levado a cabo pola Unidade de Políticas Comparadas do Consello Superior de Investigacións Científicas, SPRITTE (*Spanish Policy Research in Innovation and Technology, Training and Education*), no que se comparan as políticas de I+D de diversas comunidades autónomas, dise: «...a política galega de I+D é un magnífico exemplo de cómo as preferencias dos decisores políticos nesta materia se poden levar adiante e plasmarse en políticas concretas, sempre e cando medie un instrumento adecuado de organización institucional...».

O mesmo informe indica que a viabilidade desta política require a asistencia ou a creación dunha certa demanda empresarial de I+D —que eu quero reiterar dende aquí—, dado que se optou por unha orientación claramente empresarial.

Durante o primeiro Plan galego de IDT, a demanda empresarial medrou de todos modos de xeito sistemático, multiplicándose por dous o número de proxectos financiados e por 1,6 a contía total deles. Á vista de todo isto, coa aprobación do segundo Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005, a Xunta decidiu dar un novo pulo á política de I+D+i, reforzando o papel integrador da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento. O seu presuposto medrou nun 69 % e aumentou o financiamento xeral do plan

nun 27 %. No que vai de 2002 —isto é o máis importante—, a demanda empresarial proposta para o financiamento multiplica por máis de 3,5 % a de 1999.

Reflexión final

Señor presidente, señoras e señores deputados, chega o momento de rematar. Ata aquí o balance ou rendición de contas do Goberno da Xunta, ampliado cos documentos que serán remitidos, balance da Xunta que me honro en presidir.

Quero reiterar, unha vez máis, que o Executivo galego ten desenvolto, nos últimos dez meses, moitas máis realizacións —é imposible amplia-lo tempo dunha intervención dese tipo— e continuado ou iniciado moitos máis proxectos que os que eu sumariamente levo apuntado neste discurso. Insisto en que teñen vostedes á súa disposición o tomo de Proxectos e Realizacións, con máis de mil páxinas abondo exhaustivas, e quince separatas máis tamén bastante completas.

Penso que todos somos conscientes dos cambios e das transformacións e das conxunturas; tamén, por suposto, dos erros e das equivocacións, naturais en toda empresa humana que se preze de selo. En todo caso, aquí estamos para dar conta do feito e do que imos seguir facendo, que non é pouco, e para responder, con total honestidade, ás posibles eivas que conteña o noso proxecto, mellorable —como dixen varias veces— e aberto ó diálogo.

Rabindranath Tagore, aquel magnífico poeta bengalí, a quen, por certo, deu a coñecer na Península Ibérica Vicente Risco —permítanme que engada que nunha conferencia da Unesco celebrada en Nova Delhi me tocou presidir unha homenaxe a el cunha obra en bengalí e falar despois; non sei cómo o entendín, pero fíxeno—, ten un coñecidísimo pensamento que di, máis ou menos: «Non te enredes en arrincar flores para gardalas. Segue camiñando e as flores aledarán o teu camiño».

Algo así é o que eu penso, dende hai moito tempo, con respecto ó que ten que ser unha xestión de goberno sería, responsable e sen escatimar esforzos. Non se trata de exhibir aquí, nesta tribuna, os mangados de flores que fomos colleitando ó longo de todo este tempo. Tampouco é o meu estilo oculta-las espiñas debaixo dos fermosos e arrecendentes pétalos da rosa, porque todo o mundo sabe que as espiñas seguen estando aí.

Polo tanto, só me resta, nesta reflexión final, volver sobre a miña idea de que, por riba das diferencias ideolóxicas e das lexítimas distancias partidarias, aínda por riba das maiorías absolutas —que, por suposto, agradecemos moitísimo a tódolos que teñen confiado no noso programa e na miña modesta

persoa, ó longo de catro exemplares consultas electorais e que por suposto non nos dan dereitos senón obrigas—, está o principal, está Galicia. Isto é o que non entenden algúns que veñen por aquí de paseo e que non saben valorar, na súa xusta medida, os ofrecementos que eu, lealmente, fixen.

E remato xa, señor presidente, señoras e señores deputados. Aquele xenial fabulador, tamén galego, que foi Gonzalo Torrente Ballester, profesor meu de literatura aquí en Compostela nos anos 39-40 do pasado século, abre a primeira páxina desa gran novela que é *La saga/fuga de J.B.* cunha magnífica descrición de dous ríos, o Mendo e o Baralla. Esta narración, chea de suxerencias e de evocacións, representa para min o símbolo da esencia máis pura da nosa terra. Por iso, porque Galicia está de corpo enteiro e coa súa alma nesa dualidade simbólica, tan nosa e tan necesaria para seguir sendo o que somos e como somos, quero que as miñas palabras finais sexan as do mestre Torrente Ballester, recentemente desaparecido: *«La niebla se hace más espesa y gris por la parte del Mendo, más ocre y húmeda por la parte del Baralla: lento el uno, rápido y alborotado el otro. De aguas opacas y densas el Mendo; transparentes, ligeras, las del Baralla, que se cuentan las guijas relucientes de su lecho. El Mendo es atractivo y siniestro: invita a mirarse en él como en un espejo, y hay que apartarse de prisa, porque en los adentros del que se mira nace en seguida un deseo incoercible de aniquilamiento. El Baralla invita, en cambio, a la aventura, a la evasión, al viaje: no descanso, sino camino ofrece; no tumba, sino vehículo».*

Dixen.

MOCIÓN DE CENSURA:

DE ONCE DEPUTADOS E SEIS DEPUTADAS, PERTENCENTES Ó GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, PARA ESIXI-LA RESPONSABILIDADE POLÍTICA DA XUNTA, DO SEU PRESIDENTE E DOS CONSELLEIROS, E QUE INCLÚE A DON EMILIO PÉREZ TOURIÑO COMO CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

DE TRECE DEPUTADOS E CATRO DEPUTADAS, PERTENCENTES Ó GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PARA ESIXI-LA RESPONSABILIDADE POLÍTICA DA XUNTA, DO SEU PRESIDENTE E DOS CONSELLEIROS, E QUE INCLÚE A DON XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO COMO CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

12 de decembro de 2002

Señorías, respondo ás dúas mocións dos dous sectores da oposición que interviñeron esta mañá. Teño que dicir que consideramos moitos que un paso importante na formación dos sistemas modernos de política foi a aceptación dunha oposición normal dentro do sistema e non simplemente fóra del. Pero tamén debo indicar que o primeiro país que desenvolveu este sistema, que foi —como se sabe— o Reino Unido, cando acuñou o concepto —que foi ó comezo do século pasado— creou o cargo de xefe da oposición e deulle o título de «xefe da leal oposición da Súa Maxestade». Da Súa Maxestade quere

dicir, evidentemente, que é parte do sistema, que é unha institución máis. Pero a palabra «leal» ten a súa importancia. Eu teño a impresión de que hoxe aquí —perdóenme, pero falo coa mesma franqueza que escoitei esta mañá— non estamos ante unha verdadeira oposición, nin tampouco se lle pode aplica-lo título de «leal».

Os termos do actual sistema parlamentario racionalizado previsto na Constitución, e reflectido no Regulamento, obrigan a presentar un candidato en caso de suceso da moción —non é como naqueles tempos nos que se derrubaban os gobernos, uns tras outros, sen ter preparada unha alternativa—. Non se concibe como unha simple alegación en contra do Goberno e da súa política senón que debe haber presentación dunha alternativa. Teño que dicir que eu non vin semellante cousa, nin polos argumentos e polas propostas feitas nin pola verosimilitude dos votos necesarios para conseguilo resultado nin —e perdóenme, xa que eles fixeron un xuízo sobre min— polos candidatos presentados.

En todo caso, en diversos momentos si escoitei referencias a manifestacións na rúa como xustificación dun posible cambio de maioría. Sen dúbida que isto só podería producirse pola vía constitucional a través dunhas eleccións cunha data que non pode impoñer ninguén; está prevista a forma de facelo. Pero, en todo caso, o que é importante é que, por moitos que se teñan manifestado, son moitos menos que os que votaron en contra de nós no seu día, nas últimas eleccións, por exemplo; e, desde logo, moitos menos dos que votaron a favor. Se temos que falar en serio, temos que deixa-las presuncións, aínda que pode haber presumidos.

E quero citar a este respecto o que dixo o señor Touriño no debate da moción de censura do BNG con motivo doutra crise, a das chamadas «vacas tolas». Di: «Faga debater á cidadanía e a censura que a fagan os cidadáns se a consideran oportuna». E insistiu: «Non creo nos xestos inútiles, e sobre todo se se saben inútiles desde o primeiro momento. Non me pida que vaia en contra das miñas conviccións». Pero en canto á lealdade, onte mesmo —é certo que hoxe, con razón, o fixeron dimitir— o señor Carmona, colega noso da cámara equivalente da Autonomía de Madrid —por certo, onte representada aquí ó seu máis alto nivel polo seu presidente, que veu ofrecernos unha axuda importante—, falaba de «que non se preocuparan que había votos, e, se fose necesario, se afundiría outro barco». Aquí un dos candidatos, estes días, despois de estar reclamándose durante moito tempo que viñera o señor presidente do Goberno, dixo que desde logo en Galicia podía haber mortos

se o facía. Non me parece que eses sexan os métodos e os sistemas de lealdade. Pero, por outra banda, é evidente que a Galicia estas mocións —que non van ter ningún resultado, como é natural— non lle fan ningún ben. E non facilitan, evidentemente, recobra-la confianza nos nosos produtos e na nosa situación.

Por certo, xa que mencionei antes que a anterior ocasión foi con motivo da aparición de casos de encefalopatía esponxiforme bovina, naquel momento tamén se dicía que se ía produci-la mesma situación e tamén se insistía en que o Goberno tiña perdida a partida, que era un tema absolutamente fundamental, posto que, efectivamente, a gandería de vacún é importante, como o é a pesca. E, naturalmente, non foi así. Superouse o problema, continuamos e gañámo-las eleccións seguintes.

Eu neste momento quero dar, en todo caso, testemuño do meu profundo respecto a este Parlamento, que representa, naturalmente coa composición que el lle deu, o pobo galego. E, por outra banda, quero dicir que eu, se neste momento tivera que dicir todo o que levo dentro, diría —xa sei que a miña frase xa foi citada fóra de contexto— que espero que esta vez tamén se poida aplica-lo de que non hai mal que por ben non veña. Porque, por unha parte, neste momento é practicamente seguro que, por primeira vez, despois desas presións que realmente existiron e que atrasaron unha proposta que xa fixera, despois do desastre do *Erika*, a actual vicepresidenta e comisaria de Transportes, agora probablemente si se vai aprobar. Xa a aprobou —e é un paso decisivo— a Conferencia de Ministros de Transporte. Pero, por outra parte, porque nos permitiu comprobar unha profunda, unha marabillosa solidariedade; que aquí foi presentada como que non foi ben recibida ou como que non atopou organización. Hoxe podo dicir, naturalmente, que, desde o primeiro día, xentes que chegan desde os máis diversos puntos, de diversas orixes, é difícil organizalas. Neste momento hai xa un mando único en cada ría e teño que dicir que a solidariedade —estamos a ter testemuños diso— é realmente extraordinaria.

Neste momento é frecuente escoitar unha serie de críticas; por exemplo, que se atrasan as axudas económicas. Pois aí están. Os cartos non seu meus, naturalmente; pero as outras veces non os trouxo ninguén. Fálase de que non chegou o presidente do Goberno. Veu nada menos que o rei, os dous vicepresidentes, catro ministros, que todos eles teñen competencias. Pero no caso do Casón, o ministro Abel Caballero —que coñece moi ben o señor Touriño porque foi secretario xeral con el—, dignouse visitar Fisterra tres meses despois, e

dixo —e non lle faltaba razón— que o seu lugar de traballo era o seu despacho. De modo que a comparanza polo de agora non é mala.

A Galicia emprendedora

Fálase moito —e falouse moito nas intervencións— da previsión. E eu estiven repasando os programas estes días e mesmo —e perdoo pero é algo aburrido— no libro *A Galicia emprendedora*, do señor Pérez Touriño, non se observa unha gran preocupación por estes temas. Vexo o programa electoral das eleccións autonómicas do Partido Socialista e en «Mariscadores, conserveiras, armadores e pescadores» hai unha liña e non hai ningunha referencia a estes temas de prevención. É certo que hai algunha referencia no programa do Bloque, pero ó lado do que está nos libros brancos nosos, que son moitas páxinas... E teño todo este material á disposición do que desexe velo, no que, evidentemente, si había todas esas propostas, moitas das cales neste momento afortunadamente poden ser xa aproveitadas o mesmo en Madrid ca en Bruxelas.

Despois de dicir isto, é evidente que nunha das dúas mocións, na moción do Grupo Socialista, o seu voceiro fixo o seu propio programa resumido; pero, en definitiva, non só era unha censura realmente ós últimos acontecementos senón ós doce anos. Falaba dun goberno que en doce anos non apostou pola modernización do país, polo equilibrio territorial, etc., e viñan unha serie de datos. Pois ben, non é ningunha sospeita, eu podo mencionar datos que nada teñen que ver con iso: a taxa de crecemento na década 1991-2000 para España foi do 26,9% —co PIB a prezos de mercado— e para Galicia foi do 28,8%; na Unión Europea, no mesmo tempo, foi do 20,8%, e no que son os membros da unión monetaria, o 19,7%.

Respecto do apoio ás empresas —que algún desprezaba—, é evidente que o funcionamento do Igape neste momento é a todo gas. E podería continuar coas cuestións de política territorial. Nin unha soa das propostas que fixo no seu proxecto para a recuperación de Galicia deixa de estar en marcha neste momento, como se pode ver pola lista, comparándoas coas xa aprobadas pola consellería, polo Goberno ou polo Goberno de Madrid. E así sucesivamente.

Na política de enerxía, por exemplo, que neste momento é parte esencial do panorama, non hai dúbida de ningunha clase de que Galicia é punteira, e mesmo referencia neste momento, no que se refire a enerxías limpas. Sómo-lo número un en España e referente en Europa en enerxías renovables e limpas, como é a eólica, e así sucesivamente. Pero non me vou estender sobre isto

posto que a penas foi feita a referencia a estas cuestións nas intervencións desta mañá, que, como é natural, versaron sobre outros temas.

Pois ben, en relación cos temas principais que se mencionaron e forman parte do debate, teño que dicir que nós —entendo eu— estivemos no noso sitio. Estivemos no noso sitio porque, aínda que se falou de tomar iniciativas de emerxencia e de subrogación, pensen que nestes momentos son xa outras catro comunidades no Cantábrico as que están co mesmo problema, igual que o está a rexión norte de Portugal, e que alguén ten que coordinar. Por certo, unha delas, precisamente por ter unha idea diferente da relación das comunidades autónomas co Goberno nacional, privouse a si mesma do importantísimo apoio que supón a presenza das forzas da Armada e do Exército —sobre as cales, como é natural, non creo que ninguén pretenda que poidamos exercer competencias—. Igualmente podería dicirse doutros aspectos. Dá a sensación de que neste momento seguimos indefensos. Xa tres veces se fixo uso deses acordos bilaterais —que, efectivamente, esperamos ver pronto completados por acordos europeos— e as fragatas nosas sacaron tres barcos con sospeita fóra dos límites da nosa zona de influencia.

En definitiva, desde o primeiro momento estivemos coordinados a tódolos niveis, e, naturalmente, iso evitou a situación que se produciu no caso do *Casón* —antes mencionado— cando se pasearon por media Galicia os residuos, con diversidade de opinións entre as distintas administracións. Foron parar finalmente á compañía —que hoxe é privada pero entón era pública— de aluminio. Alí houbo unha folga para non recibir aqueles residuos, apagáronse dous fornos, que volver poñelos en marcha custou máis de 1.000 millóns de pesetas, e así sucesivamente.

¿Por que se levou o barco cara a fóra? Foi un tema varias veces repetido. Pois ben, é absolutamente falso, por suposto, que a alguén se lle fixera firmar un papel en branco; é efectivamente certo que os técnicos recomendaron como a solución menos mala saca-lo barco para fóra. E é absolutamente certo tamén que a ver quen se atreve a dicir aquí que debía entrar en Vigo ou na Coruña. Creo que hai quen mencionou Ferrol. Que llelo propoña ós devanditos alcaldes. Como é natural, sería moito máis grave. Levalo á Coruña implicaba un vertido consabido ó longo de toda a costa ata o porto, no interior da ría da Coruña, que chegaría á terra de inmediato dada a proximidade forzosa da ruta; un vertido concentrado nesa parte da costa e da ría daría como mínimo, estimado polos técnicos, 20.000 toneladas. E se o tema fose máis grave, en todo caso as consecuencias serían enormes nas rías de Ares, Ferrol e no Cantábrico. Afastalo da

costa significaba minimiza-la intensidade do vertido, xa que se podía recoller parte do fuel no mar, antes de que alcanzara as costas. E, de feito, lévanse recollido 13.000 toneladas deste xeito. Infelizmente, a parte do vertido que xa non estaba, que vén de abaixo e tarda polo visto vintecatro horas en chegar, chega en condicións de moi difícil recollida para estes barcos; e témo-los mellores e máis importantes do mundo —que a ver cómo o conseguiría Galicia, que con un ou dous faría menos—. Á parte, os temporais que coincidiron fixeron moi difícil a recollida, porque se dispersan as manchas. En todo caso, levando o buque a unha desas cidades sería moito peor.

Preguntouse tamén polo remolque do *Prestige*. Cando o barco é abandonado e se apaga a sala de máquinas carece de enerxía eléctrica para move-lo molinete de proa. Este barco, que realmente non o tiña —é unha das súas moitas faltas—, non o podería usar. Quedáballe un, pero non foi usado pola falta de colaboración do capitán e da compañía que traballaba neste asunto.

Respecto da afectación das rías baixas, nós tivemos unha reunión con tódolos patróns maiores hai poucos días. Tivemos unha discusión franca con eles e deixámoslos convencidos. E neste momento, efectivamente, hai un acordo básico.

Desde o primeiro momento, a Xunta, ás 7:30 horas do 14 de novembro, constitúe un comité de emerxencia. E despois creouse, na mañá do xoves tamén, un centro de coordinación operativa coa Delegación do Goberno. Estivemos en todo momento en contacto, hoxe completado pola presenza dun representante permanente —o señor Villar, que coñece ben Galicia—, que representa ó vicepresidente do Goberno, o único que pode coordinar todo ese tipo de medidas. O certo é que, en canto ás medidas paliativas de carácter económico, o mesmo xoves 14 de novembro se celebrou unha xuntanza extraordinaria do Consello para que a Consellería de Economía puidera dispoñer dos mecanismos orzamentarios para afronta-las posibles continxencias do sinistro. E acordouse empezar a pagar a partir do 14 —de feito, empezouse desde o luns pasado—. No caso do *Urquiola*, antes de que ninguén cobrara un peso pasaron trece anos; no do *Mar Exeo*, dez; e mesmo no do *Erika*, en Francia, tres. Neste caso o Consello de Ministros aprobou un real-decreto lei o venres 22 de novembro con axudas directas —complementos de 10 euros diarios—, ademais dos 30 que nós poñemos por día. Estas cifras son —como se sabe perfectamente— moi superiores ó salario mínimo, e mesmo respecto do salario medio de Galicia pasan do 80%. Outras medidas: redución no IRPF e no IVE; redución do IAE correspondente ó ano 2002 e liñas preferentes

de crédito —o ICO abre dúas liñas de crédito, unha delas de carácter directo dedicada ás persoas físicas e outra ás Pemes por 100 millóns de euros e un xuro do 1,35%; a segunda liña, tamén de 100 millóns de euros, está dedicada a persoas físicas e xurídicas cun xuro ó 0%—.

Respecto do Fondo Internacional de Danos, tardouse nos outros casos tempo en conectar co Fidac. Neste momento, aberta xa a vía de reclamación por danos prevista, xa se comezaron as conversas e se firmaron os primeiros documentos. As medidas laborais son de bonificación do cen por cento ós empresarios afectados no pago das cotas á Seguridade Social mentres dure a prohibición da pesca e marisqueo.

Cando foi o asunto do *Mar Exeo*, o Goberno de entón, socialista, despachou o asunto con 1.000 millóns de pesetas para contribuír á limpeza de oito quilómetros de praia. A súa xestión da catástrofe —é verdade que eu os felicitei, porque era algo— non ten nada que ver co que temos neste momento.

O sábado 7 de decembro veu o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación. Primeiro viñera o 2 de decembro o ministro de Traballo a firmar un protocolo coa Xunta para axiliza-las axudas comprometidas polo real decreto, para que se aboen —como se está facendo— de maneira conxunta coas dispensadas pola Administración autonómica. O sábado 7 de decembro o ministro de Agricultura asinou un protocolo para a articulación das actuacións e medidas para levar a cabo, polo MAPA e pola Xunta de Galicia, por un total de 102 millóns de euros. O Cecop chegou a un acordo con Repsol para que os barcos pesqueiros e mexilloeiros que ían recolle-lo fuel puidesen repostar sen cargos. En total, polo tanto, tomáronse medidas urxentes que non tiñan precedentes de ningunha clase.

Nin descordinación, nin desinformación

Fálase de falta de coordinación. Desde o primeiro momento o conselleiro de Pesca e o de Medio Ambiente estiveron constantemente conectados co Cecop e cos ministros correspondentes de Madrid. E, por outra parte, creouse unha comisión que eu chamei «de intendencia», en canto se viu o problema dos voluntarios e as dificultades para coordina-las subministracións, que empezaban a chegar de todas partes pero que había que agrupalas —outras había que compralas— e poñelas a disposición. E neste momento, nun tipo ou noutro de material están os temas resoltos. Pero hai que saber tamén que non se pode facer limpeza nunha praia con maquinaria pesada, nin poden entrar mil persoas de súpeto nunha praia. A retirada dos residuos resolveuse

normalmente, e hai xa unha mina de arxila chea, estase enchendo outra e hai reservadas tódalas necesarias.

Sobre a suposta falta de información, en primeiro lugar, os medios públicos hoxe nin son os únicos nin son os máis importantes. Pero calquera que vexa diariamente a Televisión Galega pode ver que practicamente só informa sobre iso. Pois ben, neste momento hai que dicir que a información é completísima, e, como ocorre sempre, ás veces é contradictoria.

Foi mencionada Protección Civil. Non hai, como se sabe, unha lei galega de protección civil, hai un regulamento dunha lei nacional. Desde o primeiro momento foi mobilizada e está toda ela á disposición —igual que o están os Grumir de acción inmediata— dos órganos correspondentes. Polo tanto, é rigorosamente falso que non fosen tomadas medidas de tódolos xeitos. As administracións actuaron en todo momento escoitando os criterios técnicos e profesionais oportunos e os dictames e propostas de especialistas, que en cada caso foron unánimes ou non. E, naturalmente, ó final a última decisión correspóndelles ás autoridades. Pero en tódolos casos escoitáronse os que era posible ou os que era obrigatorio escoitar.


En canto ás actuacións internacionais, témo-la sorte de dicir que neste momento no Parlamento Europeo hai que destaca-la actuación dun deputado, varias veces deostado, do Grupo Popular, Daniel Varela, que sacou por unanimidade —que non era nada fácil— un acordo contra as reformas que se intentan na política de pesca; en cambio, hai unha do Grupo Socialista —que votaron, por certo, dúas deputadas socialistas españolas, unha delas galega—, que, falando das varias veces citada aquí Axencia de Seguridade Marítima, indicou como zona preferente o Mediterráneo. Nós, efectivamente, de acordo cos criterios que se tomaron aquí, estamos defendendo que poida ser Galicia, e nisto estamos a traballar con todo o interese. O certo é que aquí veu varias veces —e hoxe mesmo falei con ela un par de veces— a vicepresidenta e comisaria de Transportes e Enerxía —que está facendo un magnífico traballo—, e que veu a comisaria de Medio Ambiente, xustamente antes, nos dous casos, de que se celebrara o Consello de Ministros de Transporte, que xa fixo unha proposta unánime; e igualmente en medio ambiente se fixeron propostas que son preparatorias das demais, varias das cales se están discutindo neste momento en Copenhague. Se se atenderan —como digo— as propostas feitas pola comisaria Loyola de Palacio hai un ano, evidentemente, hoxe non estaríamos onde estamos. Pero, como dicía, neste momento temos unha seria probabilidade de que si sexan tidas en conta.

E voume referir, como é natural, ás intervencións desta mañá. O señor voceiro do Partido Socialista falou de desinformación. Eu creo que nunca houbo tanta información. E, ademais, sobre o feito das informacións portuguesas e francesas, en todo momento houbo contacto coas autoridades españolas e, como é natural, tivéronse en conta. Por outra banda, non hai dúbida ningunha de que se fixo vir —é un aparello custoso— o *Nautille* para sabe-la verdade, que, como é natural, é esencial. E están terminando as investigacións. Nomeouse unha comisión científica —que, por certo, preside o señor Tamayo, que é o fillo do outro, que foi o meu compañeiro, porque esta mañá parecía que había algunha confusión co nome e os apelidos—. É un home de ciencia, coñecido, respectado e punteiro, que preside unha comisión na que hai persoas da máis alta cualificación.

En canto ós que lles gusta poñer en ridículo o presidente, saiban que hai algún que bota de menos o baño de Palomares. Pero, efectivamente, esta vez non tocaba, tocaba outro tipo de accións.

Non houbo ningunha descoordinación, salvo as directivas que non foron aceptadas polo capitán, que foi o que o levou cara ó sur. E, naturalmente, no momento en que os portugueses —con moi boa razón— lle ordenaron saír das súas augas, probablemente foi cando o barco tivo as dificultades na súa estrutura, dificultades polas que xa non debían permitirle saír do porto.

¿Solidariedade? Por suposto, exemplar; pero animada e encadrada en todo momento polas administracións. Numerosísimas comunidades —onte xa mencionei a visita que fixo o presidente de Madrid— están facendo as súas iniciativas, que en cada caso se discuten, e aconséllaselles ir ós lugares máis axeitados. Teño que dicir a este respecto que hoxe, como é sabido, unha empresa cen por cento galega, como é Inditex, acordou unha achega de 1.000 millóns de pesetas, e como esta están chegando tódolos días. Houbo unha de Zeltia, etc. As contas están abertas, á parte do que van supoñe-las axudas do Estado e as axudas da Xunta, que non van terminar ata que deixen de ser necesarias. Pero en canto ó que se preguntou sobre os fondos comunitarios de axudas, estimamos que España neste momento pode acceder a 1.100 millóns de euros, non incluíndo polo de agora o Fondo Comunitario de Solidariedade para Catástrofes, porque xa quedan poucos cartos —só quedan 54 millóns— e só se poderían achegar 5 millóns no presente exercicio. En cambio, ten posibilidades de incrementar estoutra cantidade das indicacións que se fixeron sobre os fondos estruturais de cohesión que xa poderían poñerse en marcha inmediatamente.





Fraga sacou a relucir na tribuna do Parlamento o libro *A Galicia emprendedora* e reprochoulle ao seu autor, Emilio Pérez Touriño, a ausencia no texto das medidas preventivas reclamadas ante unha catástrofe imprevisible coma a do *Prestige*.

En canto ós catro eixes de propostas do Grupo Socialista, sobre o autogoberno, evidentemente, é obvio que nós estamos absolutamente de acordo e que temos feito propostas. Pero recordo —vólvoa dicir— que agora mesmo hai catro comunidades no norte que queren coordinarse connosco. Pero é que hai unha no sur, que é Andalucía —por certo, cun goberno que coñece sen dúbida o señor Touriño—, que está protestando porque nos fondos de pesca se lle está dando unha axuda especial a Galicia. Hoxe mesmo pódense ver nos teletipos novas sobre iso.

Fálase de economía de austeridade. O dito comentario non o fago eu, porque, aínda que pasou pouco tempo, xa o señor alcalde de Santiago protestou porque lle fixeran referencia á Cidade da Cultura, un proxecto dunha importancia como tódolos que se fan en tódalas épocas no mundo. Cando Luís XIV fixo Versalles tamén se lle dixo que gastaba moitos cartos. Os cartos que achega Versalles a Francia, só polo lado do turismo, son absolutamente incomparables; pero é que temos máis cerca o exemplo do Guggenheim.

En canto á eliminación dos gastos de información, é evidente que a Xunta ten a obriga e a necesidade de explicarse, ten que facer coñecer certos programas. O que se mencionou forma parte dunha desas campañas e, como é natural, é importante que a xente saiba qué programas están en marcha e onde pode atopa-los cartos.

En canto ás fundacións comarcais, estou bastante farto de escoitar que non temos... É certo que é optativo no Estatuto pero, en fin, varias veces tense presentado como imperativo a creación das institucións comarcais. Nós, que cremos que é unha boa idea pero que non sería bo multiplicar un número xa grande de niveis administrativos, seguimos este sistema das fundacións. E non creo que neste momento se atope outro mellor. Como medidas de austeridade, claro, cando van acompañadas, ademais, da proposta, ó mellor hai que esquecerse —é unha proposta xa feita varias veces e antes da catástrofe igualmente— dos principios de estabilidade e de débeda limitada de non supera-lo 3 % de déficit. Evidentemente, non se sabe exactamente o que se quere dicir.

O segundo principio, como é natural, pasado o de austeridade era: Beneficencia non; resurrección, recuperación, desenvolvemento sostible. Estou absolutamente de acordo. Dise non ó neoliberalismo, non á globalización. Ben, dá a casualidade de que despois foi mencionado con eloxio o caso do *Exxon Valdez*, precisamente nunha economía libre —é verdade que é a máis potente—. Foi onde foi posible, non nunha gran división de intereses como hai aínda nos quince —veremos cando sexamos vintecinco—, senón nunha

lexislación como a americana. O principio de «quen contamina paga» é necesario, como é natural, que o defendamos todos; por iso mencionei a nosa política de enerxía.

Antes houbo unha referencia a un grupo de investigadores. A Secretaría de Investigación máis Desenvolvemento está traballando en coordinar a tódolos científicos galegos. E hai dous galegos na comisión que preside o señor Lora Tamayo.

Programación mellor da competitividade, da que se puxo como exemplo o turismo. Se algo ten feito o presidente que lles fala é ocuparse do turismo, que xa está no índice do 10% do produto interior bruto. Pero, por certo, houbo unha vez aquí algún dos deputados desta Cámara, cando estabamos explicando os resultados do último Xacobeo, que dixo: «**Vostedes non saben facer máis que xacobeos**». Pois ben, non debe de ser tan mala a palabra nin tan incompatible coa idea de desenvolvemento económico cando —engadindo, iso si, o cualificativo de «civil»— foi a palabra que usou o señor Zapatero para describir precisamente o que podía ser ese plan de conxunto.

Falou de aumenta-la accesibilidade. Xa dixen que, unha por unha, tódalas estradas que el propoñía esta mañá están nos plans neste momento. Se hai algo do que a Xunta poida presumir, e calquera que nos visita ou que quede dentro recoñecerá, é que conseguimos —porque estabamos fóra dos mapas, como sabe perfectamente o señor Touriño— metela nos plans do Ministerio de Obras Públicas —hoxe de Fomento—; traballamos seriamente nas liñas de alta capacidade en Galicia, na mellora dos portos, onde non se fixeron soamente instalacións deportivas. Os portos pesqueiros ata hai moi pouco tempo eran practicamente os únicos sobre os que tiñamos xurisdicción. Agora chegouse a un arranxo con este goberno para que nos portos de interese xeral tamén teñamos capacidade. Pero o investido en portos deportivos non chega ó 5% do total dos investimentos.

Seguridade marítima

Respecto da maior capacidade de previsión, evidentemente, como digo, nós estamos absolutamente de acordo en non desmantela-lo Estado, outra cousa é que creamos que o Estado pode resolvelo todo. Unha longa etapa de lecturas —á que me queren devolver algúns— e de estudos como profesor, e despois dunha longa experiencia en moi diversas administracións de tódolos niveis, faime pensar que os problemas das sociedades actuais non os pode resolver nin unha burocracia que o queira facer todo —que no fondo é un

modelo socialista, mesmo socialdemócrata— nin o simple mercado incontrolado —aí está o tema dos voluntarios e da solidariedade de certos mozos—. Pero, desde logo, o que é evidente é que son necesarios os recursos propios —incluído o tema da Axencia de Seguridade Marítima, que intentaremos conseguir—, a axuda do Estado e a cooperación con outros estados —porque o número de barcos que aquí se xuntaron é de máis de vinte barcos que viñeron de varios países do mundo; e se houbo que traer un gran remolcador desde China é porque non o había máis cerca—. Pois ben, igualmente digo que nós estamos ocupándonos a fondo da coordinación cos municipios. E hai quen considera agora oportunismo que dedicamos dúas excepciónais conseleiras a candidatas. É porque queremos precisamente valorar... ¿Quen está falando neste momento de pacto local e dunha descentralización? O Partido Popular. Polo tanto, teño que dicir que non hai outra forma de gobernar.

Fálase de redes clientelares. En tódolos países do mundo hai relacións persoais, familiares, etc., pero comparando o que era a España dos tempos de don Joaquín Costa, cando fixo a famosa enquisa —que é un libro clásico, por certo— a finais do XIX e primeiros do XX, *Oligarquía e caciquismo*, ou cando se comparan aquelas vellas oligarquías coas oligarquías burocráticas que outros crearon, é evidente que non hai nada que dicir a este respecto. E, por suposto, respecto da subordinación da Administración local, fale co alcalde da Coruña a ver se o ve dese xeito; ou co de Santiago, como acabo de dicir agora mesmo.

Críticanse determinadas ausencias. Chamoume a atención o tema da caza, que xa o imos deixar. Estiven unhas horas fóra e parece que se acabou aí o mundo. Pero fun a unha reunión de empresas petroleiras, efectivamente, aquí en Santiago. ¿Con quen ía falar de petróleo? Coas empresas petroleiras. Críticanse viaxes a Portugal e a Madrid, que eran necesarios. E aproveitei, por suposto, para presentar un libro ou dar unha conferencia. Pero, en definitiva, todo o problema é unha cacería —que, por certo, cando se dixo que fora a unha en Aranjuez e a outra en Toledo, dixeran que a segunda era unha patraña, e á outra xa dixeran que fun saudar e que volvíñ—.

Cascos destaca na súa comparecencia de hoxe no Congreso dos Deputados que o presuposto de seguridade marítima, contra o que se dixo esta mañá, aumentou un 30 % desde 1996, pasando de 49,78 millóns de euros ó final do Goberno socialista a 64,8 millóns de euros no 2002. Recordou que o número de buques de salvamento pasou de 10 a 14 nestes anos, desde 1996 a 2002; que as embarcacións de intervención rápida se multiplicaron por dous

nestes anos ata alcanzar as 37; e que se adquiriron tres helicópteros con sistemas avanzados de localización. Pero, á parte diso, contamos con tódalas facilidades que nos deron os países amigos.

Sobre a cuestión da solidificación do fuel, dise que se enganou á poboación manifestándose que o fuel se solidifica nas profundidades debido ás baixas temperaturas e que resultou non ser así. Pois ben, a información ó respecto baseábase en informes técnicos. Teño á man a entrevista dun profesor e científico sueco. Parece ser, sen embargo —isto é o que acabamos de saber—, que a lista de embarque que traía o barco describía mal —probablemente de mala fe— as características do fuel, e que este pode ser que necesite unha temperatura algo maior. Pero todo fai supoñer, polo de agora, esa afirmación —estamos esperando as últimas investigacións do submarino, que, por certo, está custando bos cartos que non está a aforra-lo Goberno, e, desde logo, van seguir adiante—.

Propúxose a declaración da Costa da Morte como espazo natural protexido. Esta está incluída xa —a Costa da Morte— na proposta galega para a Rede Natura 2000; é, polo tanto, un lugar de importancia comunitaria, un LIC. Trátase na actualidade dun espazo en réxime de protección xeral ó que se aplican os principios de protección da Rede Natura 2000. Foi este goberno o que instou a declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, así como a creación do Parque Natural de Corrubedo e do Parque Natural das Fragas do Eume. En canto ás accións da Unión Europea xa as mencionei. E o plan global de recuperación económica e medioambiental de Galicia, con todos estes medios, pode estar seguro de que será unha prioridade do Goberno que me honro en presidir.

De tódolos modos, gustárame dicir, como se mencionou especialmente a vertebración territorial, que a autovía do Cantábrico xa foi licitada polo ministro. Está fixado xa todo o percorrido. O proxecto constructivo do primeiro tramo, desde Ribadeo, pronto virá poñelo en marcha o ministro de Fomento. Sobre a vía de alta capacidade de Carballo a Fisterra está en redacción un estudio previo para esta comunicación; da autovía Lugo-Ourense xa foi contratado o estudio informativo polo ministerio; da autovía Lugo-Santiago está en redacción o estudio informativo; respecto do desdoblamento da vía rápida do Salnés, estalle adxudicada a redacción do proxecto constructivo á empresa Idasa; respecto do desdoblamento da vía rápida da Barbanza, a principios do 2003 está previsto licita-la redacción do proxecto constructivo. Na ampliación e mellora de infraestructuras portuarias investíronse desde

1990 o equivalente a 38.000 millóns de pesetas —no incremento de superficies de peiraos, o 42 %; e no incremento das superficies de diques de abrigo, o 41 %—.

En todo caso, o Congreso dos Deputados, como sabe, acaba de aprobar unha iniciativa do Partido Popular con 43 medidas para evitar sucesos como o do *Prestige*, onde está moito máis do que se dixo aquí esta mañá e que foi presentada pola deputada galega María Xesús Sáinz.

No seu discurso, o candidato do Bloque preguntou sobre o comité científico do que é presidente o señor Lora Tamayo fillo. As peticións do vicepresidente ó comité científico, que se espera que sexan evacuadas mañá probablemente, son: situación xeral do barco, gretas, previsión sobre o estado do buque no futuro, cantidade do fuel que sae, evolución dese fuel, se se vai solidificar ou non, a partir de cando se solidifica, alternativas para actuar na zona do afundimento. Neste momento, o máis importante é que hai seis ou sete persoas máis, todas independentes, e que hai un representante do (...), outro portugués e outro da Comisión Europea. En canto á expresión *los hilillos*, que foi tan criticada, é unha expresión dos técnicos.

En canto á intervención do señor voceiro do Bloque Nacionalista Galego, teño que dicir que pasou por varias fases e, en definitiva, convén recordar que as decisións discrepantes foron tomadas polas compañías no breve tempo en que estiveron a cargo do barco. Botoulle a culpa de todo á globalización neoliberal. Eu creo que o exemplo de Estados Unidos demostra que non ten nada que ver coa doutrina político-económica. Si é certo que hai que valora-lo medio ambiente e o ecosistema como parte das indemnizacións, pero iso non o discute ninguén.

Respecto de que non foi unha catástrofe imprevisible senón anunciada, eu xa dixen que neste momento Galicia o que podía facer era colaborar desde o seu lugar político. El é nacionalista e eu son rexionalista; el di que non é como a situación no País Vasco, pero alí —como dicía agora mesmo— priváronse a si mesmos do apoio do exército. E a entrada na Unión Europea, que el considera, ó parecer —ou así o entendín eu—, unha maldición, foi boa polo de agora —vexamos no tema da pesca cómo nos resulta—. Houbo unhas exclusivas provisionais; agora hai un plan de reforma xeral que, efectivamente, sería perigoso, pero que xa ganamos por unanimidade na Comisión e no Pleno do Parlamento Europeo, e esperamos seguir saíndo ben.

Segundo el, da desfeita do Goberno de Bruxelas, da desfeita de Madrid e da desfeita de Santiago só se libran os concellos; suponse que pensará,

naturalmente, nos do BNG. Despois fixo algunhas excepcións. Pero, por exemplo, onte tivémo-la honra e a oportunidade de recibi-la visita do vicepresidente económico —o vicepresidente primeiro está vindo constantemente, xa case non sae de aquí— en Vigo e na Coruña. Na reunión da Coruña estivo o señor alcalde cos empresarios e outros grupos que el citou; en Vigo foi invitado e escusouse.

É certo, como digo, que hai problemas europeos, pero eu pregunto: ¿quen quere estar fóra do que el chamou a «cínica Unión Europea»? O Parlamento Europeo, como digo, votou en contra dos plans de reforma de pesca; e, por outra banda, xa ve neste momento a présa que teñen os dez países do leste de entrar canto antes e por encima de calquera dificultade, porque fóra vai moito frío. En todo caso, o Grupo Popular votou a boa resolución, e incluso os gregos o fixeron no tema do tráfico marítimo.

No Estado español —que, por certo, en bo latín é *urbe et orbi*— non se pode dicir que nos traten como unha colonia interior. Na nosa balanza fiscal con España somos recipiendarios netos. Cada un pode te-las súas opinións, pero o chamado «virrei Rajoy» está dedicado plenamente, de boa fe —e ninguén mellor ca el—, a coordinar coa súa autoridade calquera autoridade civil e militar. E nós estamos a colaborar con el con moito gusto, como o fan os organismos do Estado e, por suposto, iguais os civís cós militares.

Xa falei da visita do señor Rato, do ministro de Traballo, do ministro de Agricultura e Pesca e de varias visitas do ministro de Medio Ambiente. No que se refire a Bruxelas, Loyola de Palacio estivo varias veces aquí e merece toda a nosa gratitude, e a comisaria sueca de Medio Ambiente aprobou ela mesma —foi confirmado ós poucos días polo Consello de Ministros de Medio Ambiente— un estudio importante sobre o futuro dos fondos mariños en Galicia.

Ó señor Aznar tratóuselle cun respecto que, mentres sexa presidente do Goberno, non me parece o máis axeitado. Pactou xa con Francia, con Portugal e con Italia unha exclusión dos nosos mares de xurisdicción, e xa foi aplicada tres veces por órganos da nosa Mariña de guerra. E hai unha fragata permanente que está moito para fóra, desde logo, do vello pasadizo —que xa foi ampliado, polo demais, no noso tempo— de Fisterra. De modo que *la gallarda soberanía española* non está actuando mal, e, cando veña, non haberá mortos senón que estou seguro de que haberá moitos aplausos e moita gratitude. Naturalmente, xa veu por diante o primeiro maxistrado da nosa Constitución, que é El-Rei de España.

A Xunta di vostede que deixou facer. Eu creo que estivo no seu sitio. Creo, como digo, que cando eu falei de que facía as visitas —fixen dúas á Costa da Morte—, efectivamente, fun con solucións.

Non lle gustou a palabra «cartos», pois a xente entende moi ben esa palabra. ¿Que non son meus? É obvio, nunca tiveron un peso. Agradezo a lección de dereito político que me deu. Eu, desde logo, recibo leccións de dereito político dun ilustre economista coma el, pero non de servir a España, que creo que a tería servido mellor doutro xeito.

Nada de secuestro, nada de vasalaxe, nin é posible a subrogación que el menciona. E volvo dicir que eu teño o maior respecto polo dereito de manifestación. A primeira lei que regulaba este dereito propúxena eu, sendo ministro do Goberno; despois da Constitución fíxose outra. Pero, efectivamente, iso que el chama «o coro da traxedia grega» non é un instrumento de goberno, é un instrumento de proposta de petición sumamente respectable, pero non dá lexitimidade para formar un goberno.

Falou do prego de cargos de indefensión, da falta de política propia, da falta de liderado, de mentiras —que non houbo ningunha, puido haber nalgún momento erro ou falta de información suficiente—, de propina —cando estamos falando de cantidades económicas netamente importantes— e de ausencia de medios, que neste momento hai xa suficientes e ben coordinados, aínda que sempre haberá quen pida máis, como é natural. E tamén está a referencia especial á xente das rías baixas, coa que me reunín nun ambiente que non empezou fácil e que terminou en pleno... En definitiva, da Axencia de Seguridade Marítima xa falei.

Por certo, na famosa opinión do Instituto Español de Oceanografía (IEO), que foi tida en conta, non houbo ningunha firma de papel en branco, e dous técnicos estaban presentes na reunión. Para que non haxa dúbidas dígolle que eran dona Teresa Nunes e don Juan José González. A decisión de cambia-lo rumbo do buque foi tomada cando entraba en augas portuguesas, por mediación portuguesa, que respectamos totalmente.

É totalmente falso que a Consellería de Medio Ambiente expulse das praias os voluntarios sen papeis. É certo que hai que coordinalos e é certo que é bo que iso se faga desde unha soa man.

En definitiva, insistiuse desde varios lados na declaración de zona catastrófica —que non é xa necesaria— para que actúe a Administración. O Decreto de Protección Civil de 1931 que a regula está superado por moitas normas dos anos 1993, 1996 e 1997; por iso tiña sentido pedila no ano 1992, no caso do *Mar Exeo*. Agora non o ten.

Librarnos da maledicencia

Afirmouse, falando da Illa de Arousa, que os medios materiais foran fornecidos polo Concello de Pontevedra —concello que moi respectablemente ten un alcalde do BNG—. Debe saber que, á parte do que enviaron do Concello de Pontevedra, a Administración do Estado, a Xunta e a Deputación enviaron: 220 colectores de 1 m³, 700 colectores de 1 a 6 m³, 5 colectores de 20 a 25 m³, 11 bañeiras móbiles, 1 bañeira fixa, dous guindastres, 1 retroescavadora, 3 pas mixtas, 3 carretillas elevadoras, 1 camión-guindastre. Desprazáronse varios equipos, financiouse combustible —como dixen— das embarcacións, e ata o día 8 repartíronse 2.600 uniformes especiais. Onte mandáronse máis a tódolos concellos da costa.

Falou tamén dun lgape obsoleto. No período 1993-2001 deu apoio a 10.153 proxectos, cun investimento de 2.135 millóns de euros e cunha subvención estimada de 176,92 millóns de euros. Isto propiciou unha creación de emprego estimada de 16.565 e axudou a manter outros traballos, que se perderían, de diversas compañías en crise: 227.165. No programa de emprego desde 1997 ó 2001 apoiáronse 229 proxectos, cun investimento de 1.154 millóns de euros, 7.413 empregos creados e 24.960 mantidos. Non só non está obsoleto senón que cada día está máis cerca dos cidadáns, coa apertura de oficinas en tódalas grandes cidades desde xullo de 2001, data na que se atenderon persoalmente 18.000 visitas e 45.500 chamadas.

Díxose que non se desenvolveu a Lei galega de protección civil, que foi transgredida e suplantada pola actuación da Administración central e os negocios de Tragsa. Non existe, como digo, unha lei galega; hai unha lei estatal, que é obrigatoria para todos nós, a Lei 2/1985, e o desenvolvemento do Regulamento noso, do ano 1992, na que se refiren os plans que deben elaboralo Estado e as comunidades autónomas. En Galicia contamos con Platerga, o Plan territorial de Galicia, que é o Plan director de protección civil de Galicia, que desenvolve o Plan de riscos naturais, tecnolóxicos, en terra, así como os plans de emerxencia municipal.

Dos portos galegos xa falei. Van gastados en infraestruturas deportivas —tan importantes para o turismo e tan rendibles— 12 millóns de euros, o 5,2 % dos 229 millóns de euros dedicados á modernización e á mellora das infraestruturas portuarias.

Restricción de voos na zona. Efectivamente, a restricción de voos privados é unha práctica habitual en calquera emerxencia, e gusta garantila seguridade das aeronaves oficiais. Tódolos voos son programados polo gabinete de crise.

O modelo informático portugués —que foi mencionado con merecido eloxio— foi tido en conta polo Centro de Control do Medio Mariño de Vilaxoán e houbo e hai intercambio continuo entre ese centro portugués e o de Vilaxoán, polo que a información coincide.

En canto ás xestións do Fidac, tendo en conta a experiencia previa do *Mar Exeo*, quero dicir que neste momento, desde o 18 de novembro, se constitúe unha comisión de reclamacións na que, ademais do Fidac, participan a Administración central e a autonómica. E estamos traballando na avaliación dos criterios, na que participan as consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Ambiente e Sanidade en cuestións de pesca, marisqueo, acuicultura e medio ambiente.

Señor presidente, non é o meu propósito prolongar en demasía esta sesión da que, como é natural, pronto se verá o resultado. Si quero dicir que non podo deixar de recordar unha frase de León Felipe cando dicía: *«El día que el hombre sea libre la política será una canción»*. Polo de agora a política, a pesar de que a liberdade xa é un artigo común, segue sendo unha ocasión para practicar tamén a maledicencia, e esperamos libramos dela.

Pero, en fin, a algúns non lles importou demasiado —dicía ó comezo— destruír ou, polo menos, prexudica-la imaxe de Galicia no tema do turismo. Vai haber un plan extraordinario, xa anunciado onte, cun amplo financiamento polo vicepresidente Rato. Recordemos que a pesca galega non é soamente nas costas e que hai posibilidades de desacreditala, toda ela, co que, desde logo, non se vai obter ningún beneficio público. E, desde logo, teño que dicir que así pasou cando sucedeu o das vacas tolas, que deu lugar a outra moción de censura igualmente inútil. Parece que algúns, máis que o interese de Galicia, buscan o acceso ó poder, cansados de perder eleccións.

En todo caso, teño recortes de prensa interesantes, como o de que unha manifestación entorpece os traballos en Cangas, publicado estes días, que, efectivamente, pasou.

En definitiva, se houbo unha petición unánime de tódolos grupos da Cámara sobre diversas propostas de interese para Galicia, nós aceptámolas todas; mesmo fixemos que fose unánime unha comisión de investigación, porque nada temos que ocultar. Ese era o sitio ó que levalo, e non a sesións tan pouco útiles como a actual.

Pero, en definitiva, volvo a onde comecei antes. Non hai mal que por ben non veña, porque estamos todos no «nunca máis», aínda que algúns queiran facerse co monopolio deste lema ilustre. E, por outra parte, a solidariedade que lles prestamos, que é realmente emocionante, é unha lección para todos nós.

E para rematar, señor presidente, señorías, quero dicir que se falou moitas veces hoxe do maior desastre da nosa historia. O maior desastre da nosa historia sería deixala en mans dos demagogos. O galego que lles fala non abandonará o barco, cumprirá ata o final o seu compromiso con Galicia, e non se arrepiñe. Por certo, non foi na campaña de 1989, foi na campaña primeira, na de 1981, aquilo de «Galego coma ti». E os galegos entenderon perfectamente, porque saben que eu non son descendente de fidalgos nin de capitalistas, que son neto de pobres galegos, dunha viúva —que quedou moi nova— con once fillos de San Xurxo de Regovello, parroquia de Vilalba, que os meus pais se coñeceron en Cuba e que eu todo o que fixen fíxeno cos cóbados, enriba da mesa, é dicir, cos estudos, e que non herdei, nin teño nin terei ningún negocio, porque nunca tiveron máis que o servizo público.

Quero dicir, en definitiva, que, galego coma todos —sobre todo como os que conservan sempre, mesmo en política, boa fe e a súa palabra—, propóñome rematar estas palabras dicindo desde o barco —que non deixarei ata que a maioría deste Parlamento me obrigue a iso— que nós estamos dispostos a continua-lo diálogo —que algúns aceptan cando lles convén e rexeitan cando cren que lles vale máis dici-las palabras do señor Carmona— dentro da Constitución e do Estatuto, e que me alegrei moito, respecto do diálogo, de ver repetida esta frase esta mañá. Os demais saberán o que fan.

Eu quero transmitir neste momento o compromiso persoal, incondicional e de todo o Goberno. E, como é natural, efectivamente, non vale un día dicir: ¿que fan aí aínda as conselleiras —mesmo se dixo esta mañá— que vergoñosamente abusan do seu cargo para face-las súas candidaturas? En xaneiro, nun tempo oportuno, faranse as reformas que sexan necesarias; pero é un reto persoal e do Goberno que eu presida lidera-las propostas de actuacións en tódalas administracións, para que a Galicia non só non lle queden secuelas desta catástrofe senón que saia fortalecida, no senso de que esta vaia ser realmente a última, polo menos deste xeito. Facerlles fronte a esta catástrofe e ás súas secuelas será a prioridade do Goberno galego.

Moitas gracias pola súa atención.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

21 de outubro de 2003

Señor presidente do Parlamento, señoras deputadas e señores deputados

Unha vez máis, comparezo perante este Parlamento de Galicia, a petición propia e en función do disposto na Lei reguladora da Xunta e do seu presidente e no Regulamento desta Cámara, para dar conta das actuacións da Xunta de Galicia que me honro en presidir.

Analizarei aquí un tempo comprendido entre o anterior debate sobre o estado da Autonomía, celebrado o 8 de outubro de 2002, e o día de hoxe. Pero, como vostedes ben saben, señorías, resulta case imposible fragmentar e considerar este tempo á marxe dunha acción conxunta do Goberno iniciada en 1989 e baseada no noso programa galeguista e popular, e, naturalmente, fóra do contexto xeral da nación e do mundo en que vivimos; certamente, señoras deputadas e señores deputados, o período máis ilusionante da miña vida pública, no que, grazas á confianza maioritaria, reiterada en catro ocasións sucesivas, do pobo galego, tiven —e teño— a alta responsabilidade de servir unha vez máis, pero con especial responsabilidade, a nosa terra.

Nestes primeiros anos do século e do milenio, todos os analistas coinciden en que a nova sociedade emerxente esixe uns esforzos de adaptación e de preparación para poder desenvolvernos con eficacia nun mundo cada vez máis complexo e competitivo; unha sociedade fortemente condicionada polas novas tecnoloxías da información e da comunicación, innovación tecnolóxica, por certo, que está modificando, día a día, e moi significativamente, o contorno local e internacional do noso tempo.

Sabido é, señorías, que o mundo se está volvendo cada vez máis pequeno e interdependente, e que o fenómeno da globalización afecta todas as relacións humanas de intercambio: as económicas, por suposto, pero tamén as sociais, as políticas e as culturais; e mesmo as máis próximas á persoa.

Fronte aos que, desde posicións catastrofistas e apocalípticas, só se limitan a denunciar os riscos desta nova situación, sen achegar, por certo, novas ideas e solucións, eu considero que son cada vez máis necesarias que nunca as relacións de cooperación e de coordinación das accións e das políticas públicas —que non hai nada que non poidamos afrontar—.

Sempre tratei de que a acción política fose un medio para a busca de solucións, non para o agravamento dos problemas. Teño moi claro que o meu compromiso cos cidadáns de Galicia non consiste en exacerbar os conflitos, acentuar as tensións sociais ou provocar o enfrontamento. A nosa misión é achegar, en cada situación, alternativas realistas, iniciativas factibles, mensaxes de esperanza. Isto é o que diferencia a acción política do puro oportunismo.

Estámonos integrando, pois, ao mesmo nivel que outras comunidades de España e de Europa, pero facémolo cos nosos medios e na medida das nosas posibilidades. Isto significa que Galicia forma parte xa, activamente e con todas as consecuencias, do actual proceso de renovación produtiva e tecnolóxica. Esta vez, señorías, podemos dicir que non perdemos o tren da historia.

Cómpre seguir avanzando no mesmo sentido. Cómpre que a autoidentificación sexa un elemento competitivo e diferenciador do uniformismo que impera nos mercados económicos e culturais. Como deixou dito Rafael Dieste: «Os valores universais só poden xurdir dos valores diferenciais; e estes convértense en universais, precisamente, pola autenticidade que representan e comunican».

Reafirmo aquí, señoras deputadas e señores deputados, perante este Parlamento que representa o conxunto do noso pobo, o compromiso popular con Galicia, o meu compromiso persoal; un compromiso renovado en decembro de 2001, cando anunciei que a miña cuarta lexislatura non ía ser, nin moito menos, o remate dunha etapa, como especulaban algúns, senón o comezo

dunha nova era; un novo período de renovación e de significativos avances na política, na economía e na sociedade en xeral; un período caracterizado por un obxectivo: completar o esforzo feito en investimentos infraestruturais que os populares galegos iniciamos en 1989.

Galicia non é só unha realidade espacial que esperta admiración nos que aquí vivimos e nos que ata aquí chegan. O noso país constitúe unha realidade temporal, unha experiencia histórica protagonizada por un pobo que habita un territorio, un pobo que posúe unha lingua propia e unha personalidade cultural; elementos que nos distinguen e que nos singularizan.

Resulta evidente —e isto, señorías, non é cousa miña, senón que é unha opinión unanimemente expresada por persoas de diferentes posicións ideolóxicas— que a nosa comunidade prosperou máis grazas á situación de confianza e de estabilidade política dos últimos catorce anos que en toda a anterior historia deste vello Fisterra peninsular.

Hoxe, a pesar dos atrancos e das dificultades, calquera pode comprobar que a sociedade galega no seu conxunto está a facer realidade a vella arela do inesquecible pensador e galeguista Ramón Piñeiro cando nos animaba a: «... **orientar todos os esforzos no sentido de lograr unha maior presenza galega e galeguista na política do país. É dicir, que Galicia acadará a súa plenitude e a súa realización no momento en que poida desenvolver politicamente a súa personalidade**».

Efectivamente, o actual nivel de autogoberno permítenos ver cumprido o desexo de Piñeiro. Galicia controla, por si mesma, os servizos públicos que máis incidencia teñen na calidade de vida da nosa xente: a sanidade, a educación, a cultura, a ordenación do territorio, as infraestruturas na maior parte, as políticas de emprego e de benestar social, a xestión dos recursos naturais...; un autogoberno que conta tamén con importantes instrumentos financeiros con capacidade normativa, que non só garanten a suficiencia da nosa Facenda senón que permiten impulsar políticas propias adicionais, tanto pola vía do gasto coma dos ingresos.

A Galicia do século XXI é unha sociedade avanzada, plural e democrática, respectuosa coa Constitución española e plenamente convencida das vantaxes da autonomía. Non son outras senón as institucións autónomas as que resollen, día a día, os múltiples problemas e dificultades deste país.

Valentín Paz-Andrade, galeguista irreprochable, poeta e ensaísta brillante, empresario adiantado, deixounos esta magnífica reflexión: «**O home galego do futuro está chamado a actuar como axente totalizador. O eido xa foi decruado, cómpre rematar a sementeira e saber, cando chegue o tempo, aproveitar as colleitas**».

Os tempos son chegados. De todos nós depende, da nosa capacidade política, do noso traballo e boa xestión, que as colleitas das que se falaba sigan sendo cada vez máis abundantes e frutíferas.

En defensa da Constitución

Os vinte e cinco anos dunha constitución significan un feito verdadeiramente importante sobre o que me parece oportuno incidir nun debate destas características. A vixencia e alcance da Constitución é algo que debe preocuparnos a todos. Galicia xoga moito neste momento e debe manifestarse con claridade e responsabilidade nesta cuestión.

Unha constitución é un pacto no que un grupo social, suficientemente amplo e solidamente establecido nunha base territorial, acorda os poderes políticos polos que se vai gobernar, os prazos nos que os seus titulares serán nomeados e cesados, os termos nos que se distribuirán as competencias, e os dereitos e liberdades dos cidadáns. Isto implícanos directamente a todos, incluso aos que non cren nin nunca creron na Constitución nin no Estatuto de autonomía. Refírome a aqueles que din acatar a Constitución e mais o Estatuto, pero que ao mesmo tempo proclaman os seus obxectivos soberanistas e emancipadores.

No mes que andamos cumprírase o XXVº aniversario da Constitución española, aprobada polas Cortes Xerais o 31 de outubro de 1978 e ratificada en referendo polo pobo español o 6 de decembro, e que foi sancionada e promulgada pola súa Maxestade El-Rei o 27 de decembro daquel mesmo ano; un cuarto de século, pois, de vixencia continuada dunha constitución que representa moito máis que unha data significativa ou que unha celebración institucional.

A Constitución de 1978, ademais da honra que significa para min ter sido un dos seus sete redactores, segue a ser hoxe unha constitución válida e avanzada. A nosa Carta Magna incorporou daquela algunhas institucións novidosas (como o Tribunal Constitucional ou o Defensor do Pobo) e ensaiou con éxito fórmulas organizativas tan orixinais no terreo do dereito público comparado como o actual «modelo territorial»; é dicir, o Estado das autonomías.

Penso, señorías, que a perdurabilidade da Constitución radica no feito de que os españois logramos consensuar, naquel difícil momento, un texto no que se contemplaron as posicións ideolóxicas e os intereses políticos da inmensa maioría, consagrando así unha serie de principios compartidos por todos. No sentido filosófico do termo, a Constitución española de 1978 foi o gran contrato social das liberdades democráticas e do Estado das autonomías. Por isto é

polo que segue a ser un exemplo para moitos outros países que fixeron —non sempre con éxito e claridade— as súas transicións á democracia desde réximes diferentes.

Naquel momento, cando redactabamos a nosa Carta Magna, tiñamos que resolver tres grandes problemas que historicamente xeraran os principais conflitos da España contemporánea, chegando á confrontación entre irmáns nunha cruel e desgraciada guerra civil:

En primeiro lugar, estaba a cuestión da forma política do Estado. Coa proclamación do Reino de España como un Estado social e democrático de dereito e coa formulación política da monarquía parlamentaria superouse, practicamente, a vella división entre monárquicos e republicanos; unha formulación política plenamente aceptada pola maioría porque á lexitimidade orixinaria da monarquía como institución se lle engadiu a lexitimidade de exercicio derivada da admirable actitude arbitral de El-Rei don Juan Carlos I desde a promulgación da Constitución.

En segundo termo estaba a cuestión social. A constitucionalización do modelo de economía social de mercado permitiu conciliar a eficiencia na creación de riqueza, a través do mercado, coa equidade no repartimento e na acción redistributiva dos poderes públicos, tanto no eido persoal como no territorial. Superábanse así os vellos conflitos derivados de situacións de inxustiza social.

E un último e terceiro aspecto: os españois necesitabamos solucionar a cuestión territorial, que fora sempre adiada e causa de graves confrontacións e que se nos presentaba aos constituíntes como o problema máis complexo.

A confrontación entre as posturas partidarias do mantemento da forte centralización do Estado e as que reclamaban movementos segregadores, mesmo separatistas, foron confluindo na proclamación conxunta do principio de unidade da nación e do dereito á autonomía para as nacionalidades históricas e as rexións que integran España. O equilibrio acadado entre os principios de unidade e de autonomía, e o conxunto aberto de regras procedementais e de repartimento competencial, recollidas no título VIII, facilitaron un proceso de descentralización sen precedentes. Así, as Españas pasaron, en apenas dúas décadas e media, de ser un dos Estados máis centralizados de Europa a un modelo no que as comunidades autónomas gozan de maiores niveis de auto-goberno que outras rexións de países europeos.

A actual norma fundamental propiciou un marco de liberdade individual, de paz social, de estabilidade institucional e de cohesión económica. Neste mesmo sentido, cómpre destacar, como outro gran mérito constitucional, un

sistema estable de forzas políticas. Desde o Partido Popular, tanto en Galicia como en España, creo que algo temos achegado nese sentido. Por iso, pola estabilidade política de Galicia, desexo que aquelas forzas do noso sistema que se encontran hoxe en pleno proceso de renovación poidan culminalo sen rupturas nin sobresaltos —aínda que algún suceso das últimas semanas non nos tranquilice moito ao respecto—; polo menos, tan ben coma nós temos demostrado saber facelo.

Dado que durante o proceso de elaboración e redacción da ponencia constitucional tiven unha modesta participación encamiñada a buscarlles solución a algúns problemas que, desgraciadamente, volven ser polémicos vinte e cinco anos despois, considero interesantes as seguintes puntualizacións:

Os constituíntes comprobamos que mentres que uns queríamos levar a descentralización ata os niveis máis amplos da autonomía, preservando a unidade de España, outros, en cambio, inclinábanse por perigosas fórmulas de repartimento territorial do poder político de claro alcance cantonalista, soberanista e mesmo independentista. Quede claro que a nós non nos foi posible ir máis alá do que expresa o título VIII. Polo tanto, a Constitución non contén propiamente unha distribución do poder autonómico territorial de España, senón que ofrece unha serie de regras para ir negociando o repartimento de competencias.

Pois ben, desde a miña perspectiva de hoxe, e despois da enriquecedora experiencia de gobernar todos estes anos en Galicia, creo que o problema non está tanto no título VIII como na actitude irresponsable e insolidaria dalgunhas forzas nacionalistas. Estas saltan as regras de xogo constitucional ata o punto de rachar o actual consenso para impor unilateralmente, no País Vasco, o que eles chaman «estado libre asociado», fórmula contida no desafiante Plan Ibarretxe. Xustifican o seu plan soberanista afirmando que con el rematará a violencia asasina de ETA, argumento totalmente falso, pois a realidade do Plan Ibarretxe é moi distinta. O que pretenden os nacionalistas é dinamitar o actual Estado das autonomías e condicionar a capacidade redistributiva do Estado, algo que desde Galicia non podemos aceptar baixo ningún concepto.

Tampouco entendemos, desde Galicia, que o Partido Socialista avale modelos aventureiros que o único que pretenden é minguar ou rachar a solidariedade interterritorial entre os pobos de España. Esta é, e non outra, a pretensión que se agocha baixo o título de «federalismo asimétrico»; un bo avance é o dado polo seu promotor coa súa insolidaria postura sobre o Plan hidrolóxico.

En relación co terrorismo de ETA, penso que o único que cabe facer é actuar legalmente ata erradicalo —e cada vez hai máis consenso internacional sobre

este punto—, entre outras cousas, porque o terrorismo é a causa principal que condiciona hoxe calquera proceso de emenda ou reforma constitucional.

Fronte aos que acatan e fan seus modelos alleos, nós defendemos un galeguismo concibido desde Galicia; un modelo definido na Constitución e para nós un modelo válido xa que mestura a garantía da nosa identidade coa defensa da solidariedade territorial. Por iso, non admitimos que nos dean leccións de galeguismo os que apoian irresponsablemente aventuras alleas.

Desde Galicia consideramos, no entanto, que o impulso autonómico si que é necesario. Ao meu modo de ver, este impulso podería concretarse no seu momento arredor de propostas feitas desde Galicia e xa presentadas nesta Cámara, pero feitas imposible precisamente por esas outras actitudes. Refírome á aplicación da Administración única e a outras reformas que posibilitarían unha maior participación das autonomías na política estatal: Conferencia de Presidentes, reforma do Senado e participación das comunidades autónomas na Unión Europea. O freo non está na vontade do Goberno central para levar a cabo estas reformas, senón nas actuacións criminais de bandas terroristas que utilizan a cuestión nacional e a independencia do País Vasco como coartadas políticas dos seus bárbaros crimes e accións.

Estamos na mellor situación de enfrontarnos ao terrorismo. Debémolo vencer co dereito na man, como exemplarmente se está facendo. Refírome ao dereito interno e externo, ao constitucional de España e de Europa, e ao internacional da ONU.

Miremos cara a adiante. O noso futuro pasa pola Constitución, polo Estatuto, polo Estado das autonomías e pola Constitución europea. O camiño presenta dificultades, pero non por iso imos quedar parados. Temos que percorrelo en catro direccións: impulso autonómico; vertebración da unidade europea; cooperación atlántica, tanto co norte coma co sur; e presenza en labores humanitarios e de cooperación solidaria.

Reitero, pois, señoras deputadas e señores deputados, que a reforma constitucional é necesaria e que deberá facerse no momento oportuno e desdramatizando o que xa non sería, polo demais, a primeira revisión da Constitución —xa se fixo unha para darlles o voto, como saben, aos residentes dos países membros da Unión Europea—.

Por suposto, antes que nada deben sopesarse moi ben as reformas. Neste sentido, o obxectivo para avanzar nas modificacións constitucionais consistiría en telas a punto primeiro, para aprobalas despois, cando chegue o seu momento; e cumprindo dúas condicións para min imprescindibles: que as

reformas se produzan segundo o previsto na propia Constitución (título X) e que se aborden con idéntico ou maior consenso do que presidiu a elaboración da Constitución de 1978.

Ambas as dúas recolléronse na recente «Declaración de Gredos», na que tiveron a honra de participar; un documento serio, plural e integrador, tanto no espírito coma na letra, formulado polos que tivemos a honra de participar na Ponencia constitucional —e que mantemos as nosas ideas e compromisos vinte e cinco anos despois— e que algúns, levados pola lixeireza e a politiquería, pretenderon boicotear. Alá cadaquén coas súas actitudes.

Vixencia do Estatuto

Quero lembrar, señorías, que o segundo Estatuto de autonomía de Galicia —o primeiro aprobábase nun plebiscito celebrado no ano 1936, pero as tráxicas circunstancias posteriores impediron a súa aplicación— foi debatido na Comisión Constitucional, da que eu formaba parte.

O noso proceso estatutario, que tivo lugar despois do vasco e do catalán, sufriu unha dinámica conflitiva. O chamado «Estatuto dos dezaseis» foi denunciado pola UCD —entón maioritaria— por anticonstitucional, e o mesmo partido presentou o seu proxecto, que pasaría ás Cortes o 28 de xuño de 1979, aniversario do Estatuto do 36. Dous dirixentes, un daquela da Unión do Centro Democrático e o outro do Partido Socialista Obrero Español, Pérez-Llorca e Alfonso Guerra, pactaron rebaixar o teito autonómico galego. Chegaron incluso a introducir no seu proxecto de Estatuto unha fórmula restritiva, o apartado 4º do artigo 32 —que logo se convertería na famosa disposición transitoria terceira—, que non figuraba no texto elaborado pola Ponencia e que deixaba as nosas competencias permanentemente nas mans das Cortes Xerais.

Tan grave foi a situación que algúns aínda hoxe tratan de esquecer aquilo. Porén, un observador atento e obxectivo como era Ramón Piñeiro deixouno rexistrado no seu libro *Da miña acordanza*, recentemente publicado. Dinos Piñeiro: «Deuse a circunstancia insólita de que os membros da propia ponencia votaron en contra do texto, pois como dixo un deles, Manuel Fraga Iribarne, non estaban dispostos a aceptar para Galicia un Estatuto de segunda categoría».

Aquel foi, señoras deputadas e señores deputados, o primeiro intento minimizador da autonomía galega —digo «o primeiro» porque logo houbo outro ao cal o noso partido votou en contra: o da LOHAPA—, e a minoría de Alianza Popular, que eu dirixía, á parte de abandonar a ponencia, como tamén lembra Piñeiro, votou en contra daquela verdadeira aldraxe.

En Galicia produciuse unha reacción xeneralizada contra a aldraxe da maioría dos sectores representativos da sociedade galega, que obrigou a que aquel pacto chafalleiro e centralista non fose adiante. Tan grande era o desatino, que provocou un fenómeno único: o noso Estatuto foi aprobado dúas veces na Comisión Constitucional; primeiro, por unha maioría mínima, e, logo, por unha meirande. Relembro tamén que cando pasou o da LOHAPA —segunda arremetida contra a autonomía galega— os parlamentarios populares votamos en contra.

Recordo todo isto, señorías, sen ningún ánimo de revanchismo, pero si para refrescar a memoria sobre situacións que puideron ter consecuencias irreparables e que a moitos lles interesa esquecer. Grazas ao seu Estatuto, aquel que nós defendemos, Galicia non só participou do Estado das autonomía coa categoría de nacionalidade histórica que lle correspondía, senón que foi o instrumento válido para ir recibindo as posteriores transferencias. Somos, neste momento, xunto con Cataluña, a comunidade que máis transferencias ten recibido do Estado. Os traspasos a Galicia foron exactamente 139, o que nos converte na segunda autonomía que goza de maior autogoberno.

O Estatuto de 1981 —por certo, rexeitado ata a saciedade polos que agora pretenden aparecer como férreos comisarios das súas competencias— permítenos unha xestión do autogoberno con total e absoluta normalidade, e o seu articulado contempla calquera impulso da autonomía, mesmo unha futura posta en marcha da Administración única. En consecuencia, non vexo necesaria, como propuxo no seu día o señor portavoz do Grupo dos Socialistas de Galicia, o señor Pérez Touriño, unha reforma do Estatuto. E aproveito para tranquilizar o señor Touriño no sentido de que nin eu nin o meu Goberno estamos esgotados, paralizados e faltos de ideas. Todo o contrario, no que a min respecta, asegúrolle que estou en boa forma e traballando coma sempre; en canto ao meu equipo de conselleiros, non paran de presentarme novos proxectos. E outra cousa: síntome moi honrado con que vostede aprecie e trate de emular a miña primeira etapa á fronte da Xunta. Celebro que non lle interese volver a aquel Goberno tripartito de triste memoria, por certo, presidido por un partido presente na Cámara.

Señoras deputadas e señores deputados, examinarei a continuación algúns obxectivos da nosa acción política. E chegados aquí, teño por forza que facerme unha pregunta: ¿é o galeguismo popular, integrador, reformista, humanista e racional a resposta adecuada aos principais problemas da sociedade galega de hoxe? Debo dicir que si, que ese é o camiño e o futuro, no que penso que tivo razón Ramón Piñeiro —e vólvoos citar no décimo aniversario da fundación

que tiven a honra de facer do instituto galego do seu nome—: o galeguismo non pode ser propiedade de ninguén senón unha propiedade de todos os partidos que se consideren galegos —ou penso que o vai ser progresivamente—.

Sentirse e saberse galego transcende os lindes da propia terra nai. Isto é algo que na última década ten chegado a todos os confíns do mundo grazas ao fenómeno da galeguidade, un concepto que vai máis alá da simple presenza dos nosos emigrantes galegos e das súas exemplares institucións no ancho mundo. Disto, e doutras cuestións, ocúpome no meu recente libro: *A emigración: unha ollada dende Galicia*. Nel abordo, como fillo de emigrantes, algúns aspectos da nosa diáspora, hoxe non exenta de crise cos problemas xerais de Suramérica.

Volvendo máis unha vez á autoidentificación, concepto que iguala os galegos de dentro e de fóra, penso que podería definirse como a expresión máis profunda dos nosos sinais de identidade. O home galego, e tamén, por suposto, a muller, que sempre foi a máis importante en Galicia, autoidentifícanse a través do sentimento da terra, da lingua propia, da cultura, das tradicións, do xeito especial de andar polo mundo... Mais agora temos que engadir un novo elemento autoidentificador: as institucións que sustentan a autonomía; unhas institucións plenamente asumidas, consolidadas e sentidas como súas polo conxunto do pobo galego.

Seguirémonos comprometendo a fondo co proceso de modernización e desenvolvemento. Do que se trata é de avanzar, de popularizar o galeguismo e de galeguizar a modernidade. Imos seguir practicando un galeguismo popular de solucións dentro dunha política aberta e solidaria, nunca sectaria nin excluínte.

A vida pública, señorías, e disto eu teño algunha experiencia —oficialmente, a maior do noso país—, debe funcionar ao ritmo do país. A política ten que recoller as virtudes que residen na nosa xente. Cómpre rescatar a cordialidade, a honestidade, o consenso, a unión fronte á adversidade e moitas outras calidades que sempre nos foron propias.

En relación con isto, señoras deputadas e señores deputados, veño observando dun tempo a esta parte que estamos dando unha imaxe que non lle convén a Galicia. ¿Non sería moito mellor debater e disentir, defender cadaquén as súas posturas, pero nun clima de cordialidade, de mutua cortesía, evitando as crispacións e os comportamentos histriónicos —ofrecidos hai uns meses, no anterior debate, co resultado que se sabe, cando alguén pensou que tiña unha ocasión para facer as cousas ao seu xeito—? Témonos que convencer de que Galicia e o galeguismo son tarefa de todos os galegos, non

parcelas exclusivas de ninguén. Para algúns, aínda hoxe, fóra dos seus postulados todo é submisión ao centralismo, españolismo entreguista, votantes sen criterio, emigrantes comprados ou utilización deturpada e oportunista do galeguismo. E isto non é así, e ben o saben todos no fondo da súa alma.

Reitero que sería bo para Galicia cambiar esta dinámica. Pola miña parte, seguirei traballando con todas as forzas posibles para que os sectores menos concienciados da sociedade galega comprobén as vantaxes e beneficios que lles brinda a autonomía, para que a asuman e se integren nela. O resto, os que apostan mimeticamente por outras fórmulas, que, polo seu nome, son soberanismo, autodeterminación, emancipación, etc., aquí, en Galicia, non deixarán de ser o que son: minorías; pois o noso pobo ten manifestado, ao longo de toda a democracia e co seu voto, que non entende nin admite unha Galicia enfrontada e fóra de España. Estes días diversos estudos de opinión o confirman.

Neste sentido, estamos dispostos a establecer unhas mínimas bases de entendemento para traballar unidos, con máis forza, para fomentar unha maior confianza nas institucións e na vida política. Se hoxe a nosa terra transita por sendas de prosperidade e de benestar, e se a cultura galega está en pleno proceso de expansión e creatividade, débese, señorías, sobre todo, á consolidación da autonomía e á acción dun goberno comprometido na súa defensa. O futuro poderá ser máis esperanzador aínda se logramos acordos e proxectos de unidade no marco que establece a Constitución e mais o Estatuto. Para este fin, para traballar unidos polo ben de Galicia, e non para outro, contarán sempre vostedes coa miña man tendida, que algúns rexeitaron.

A Constitución europea

Dicía antes que o noso presente e futuro inmediato pasan pola Constitución, polo Estatuto, polo impulso autonómico e pola Constitución europea. Como saben as súas señorías, acabo de estar en Bruxelas. Na capital da Europa unida tiven ocasión de reunirme co profesor Romano Prodi, vello amigo e actual presidente da Comisión Europea —quen, por certo, ten percorrido en bicicleta boa parte da nosa terra, e prometeume volver, mesmo me mencionou algunha taberna que eu non coñecía—, e tamén con Michel Barnier, comisario de Política Rexional, que me confirmou, entre outras cousas, que Galicia non se verá afectada polo posible recorte de axudas comunitarias —¡que dúbida cabe de que o importante non é seguir con elas senón superar as condicións, pero no tránsito é importante seguir desfrutando delas—. Polo tanto, non haberá

ningún cambio despois do 2006, cando se incorporen á Europa unida os dez novos países. Galicia seguirá sendo rexión obxectivo 1, sempre e cando a nosa renda por habitante teña as actuais características, que esperamos mellorar. Tamén tiveron ocasión de recomendarlle ao comisario de Política Rexional que os fondos de cohesión non deberían servir de moeda de cambio nas discusións entre estados sobre a futura Constitución.

Co Presidente do Parlamento Europeo, o irlandés Pat Cox, mantiven unha interesante entrevista na que me informou sobre a extensión do principio de subsidiariedade aos ámbitos rexional e local, para superar o dualismo Europa-estados membros, recoñecido no artigo 1-9.3 do actual Proxecto. Tamén falamos doutras contribucións, como son o respecto á diversidade cultural e lingüística dos estados membros e algunha outra referencia que mellora o recoñecemento do feito rexional no ámbito europeo. Pat Cox ten pensado visitar Santiago no próximo Ano Santo Xacobeo, á fronte dunha importante delegación da Unión Europea.

Con respecto ao Proxecto de Constitución europea, a miña opinión é que, se ben os referidos cambios son positivos, non pode ocultarse que existen cuestións susceptibles de mellora que afianzarían aínda máis a dimensión rexional e local da Unión Europea. Estas tres cuestións son:

Primeiro. A extensión do ámbito de consulta obrigatoria do Comité das Rexións, para que poida emitir ditames sobre un número maior de materias que inciden directamente sobre as rexións e entidades locais, como poden ser a política agrícola común, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, os servizos de interese xeral, a protección social, etc. —por certo, fun ponente do acordo do Comité das Rexións que aprobou estes puntos hai breve tempo—.

Segundo. A reclamada inserción dunha base xurídica na Constitución para a cooperación interrexional e transfronteiriza, para que se permita desenvolver e mellorar estas prácticas e incentivar a adaptación das lexislacións nacionais, autorizando a creación e proliferación destes entes transfronteirizos con personalidade xurídica, como está a funcionar, como saben, esencialmente, a comunidade Norte de Portugal-Galicia—.

Terceiro. Unha maior implicación dos parlamentos rexionais —e isto interésalle a esta casa— nos asuntos europeos. A vinculación dos parlamentos rexionais aos mecanismos de cooperación interparlamentaria, fundamentalmente á COSAC (Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Comunitarios), lograríase estendendo ás nosas cámaras o dereito a sermos informados sobre as iniciativas lexislativas e as decisións das institucións europeas.

Quero reiterar o grande interese que sempre tiven en que Galicia estivese presente no Consello de Ministros da Unión, tanto nos grupos de traballo coma no Coreper e nas reunións ministeriais propiamente ditas. Desde o respecto ao principio de lealdade constitucional e institucional, que é unha cuestión fundamental, deberíase estudar a posibilidade que ofrece a nova formación do Consello Lexislativo, en canto ao aumento do número de representantes por Estado. E —insisto— o noso interese non é outro máis que participar, xunto co Estado español —ao que pertencemos e a moita honra—, nos debates e acordos sobre aquelas materias máis sensibles —como, por exemplo, a pesca— para Galicia.

Por último, exprésolle o meu apoio ao Goberno de España para que se respecten os equilibrios institucionais acadados no Cumio de Niza; equilibrios que non fan máis que reforzar a posición de España no Consello, co fin de poder defender con maiores garantías os intereses de España —entre eles os de Galicia, que, naturalmente, son especialmente importantes— ao máis alto nivel.

Como vostedes poden comprobar, señoras deputadas e señores deputados, seguimos a defender os intereses de Galicia en Europa. Seguirémolo facendo así, os resultados están á vista. Por certo, desde a miña viaxe, un representante da Xunta formará parte da Mesa de Seguimento dos traballos de redacción da Carta Europea, en nome do Comité das Rexións.

Nós consideramos Galicia como unha unidade. Nestes anos consolidouse o vencello entre os diferentes territorios do país. A creación dun espazo económico común, a mellora das comunicacións e a superación de vellos localismos converteron a nosa comunidade nunha sociedade autoidentificada e madura. Temos a obriga de elaborar políticas cunha visión unitaria de Galicia, porque todo o que se faga en calquera parte do noso territorio repercutirá axiña nos outros. Así o fixemos cando iniciamos a nosa política de infraestruturas, cando animamos á unidade ás caixas de aforros do sur ou cando concibimos, defendemos e puxemos en marcha o noso Plan de residuos sólidos urbanos, exemplar en Europa: o Plan Sogama. E así o facemos hoxe, cando, a través do Pacto local, pretendemos un mapa municipal máis racional. E tamén pretendemos máis melloras no financiamento dos concellos. Pretendemos, en definitiva, unhas competencias acordes coa nosa capacidade e coas necesidades dos cidadáns, sen prexuízo das políticas de desenvolvemento, de equilibrio e de solidariedade interterritorial. A promoción e a defensa das áreas metropolitanas, das mancomunidades e dos consorcios son fórmulas que axudan a brindarlles aos cidadáns máis e mellores servizos —répito— á hora de superar localismos estériles.

Nesta mesma liña enmárcase a Lei de policía de Galicia, actualmente en elaboración; unha lei que conta, desde o principio, coa colaboración dos corpos de seguridade do Estado; unha lei de policía que, lonxe dos modelos de substitución implantados noutras comunidades, respecta o principio de autonomía local consagrado na Constitución e permite un modelo policial no que prime a coordinación, a especialización, a definición de competencias, a estabilidade, a formación dos seus membros e a creación dunha carreira policial única, en beneficio dos cidadáns galegos.

Feitos e realizacións

A Thomas Carlyle gustáballes referirse á economía en xeral como «*the dismal science*», ou sexa, a ciencia lúgubre. Eu sempre considerei, pola contra, que a economía é a ciencia do progreso e da civilización —sen saír, naturalmente, da realidade—. E a economía galega confírmalos neste momento un panorama importante, mesmo luminoso. Tanto é así, señorías, que os analistas coinciden en que vivimos unha etapa de progreso económico e de aumento sostido do emprego sen comparanza na nosa historia contemporánea.

Non se trata, pois, dunha conxuntura pasaxeira. Levamos máis de sete anos consecutivos de ascensos permanentes e xeneralizados, tanto na produción coma no emprego, e a súa magnitude obríganos a denominar esta situación como un novo modelo de desenvolvemento galego. As principais características deste modelo son:

- 1º Un despegue industrial sen precedentes. Nos sete últimos anos creáronse 73.500 empregos na industria asentada no país. Isto representa un crecemento do 50,8% respecto ao existente a mediados de 1996, coincidindo coa perfecta sintonía coas políticas económicas do Partido Popular en Galicia e en España, e equivale a un ritmo de crecemento medio anual do 7,3%; cifras que auguran un futuro moi alentador.

O proceso de industrialización, evidenciable sobre todo nos últimos tres anos, contradí outra vez a idea dun goberno paralizado. A realidade é outra: un proceso xeneralizado nas catro provincias, factor de grande importancia para o desenvolvemento vertebrado de Galicia. Baste o dato de que nas catro provincias o ritmo de crecemento do emprego industrial superou o 7% como media anual. A nosa industria esténdese ao mesmo tempo que conxuga os necesarios procesos de diversificación, tecnificación e reforzo da competitividade. Contamos, ademais, cun amplo abano de empresas exportadoras que operan como base

estratéxica para a multiplicación de emprego noutros sectores e para a dinamización urbana e comarcal das zonas de asentamento.

2º Por outra banda, señorías, o sector da construción, obras públicas e vivenda continuou o fortalecemento estimulado polo fomento do capital social e infraestrutural fixo. Nos últimos sete anos aumentou o emprego neste sector en case 30.000 persoas, ou sexa, a un ritmo do 4,2 % anual, que é un valor que hai que ter moi en conta.

3º En canto á pluralidade das actividades agrupadas no sector servizos, o número de postos de traballo creados, durante a etapa expansiva que estamos a amentar, foi de 164.300, o que supón un aumento da terceira parte do número de persoas empregadas.

Se temos en conta o ritmo de crecemento anual medio do 5,1 %, podemos dicir que hoxe a sanidade, a educación, o transporte, os servizos financeiros, o comercio, a hostalería, o turismo —temos hoxe, probablemente, a que é hoxe a mellor escola superior de turismo de España— e os demais sectores ofrécennos unha boa cantidade de actividades modernas e cualificadas. Engadiremos, ademais, que a xeración de empregos na industria, na construción e nos servizos foi, no último septenio, de 266.000 postos de traballo, cunha media anual de 38.000 empregos e cun ritmo de crecemento do 5,4 %. Estes datos, señorías, son significativos dun proceso de desenvolvemento que, afortunadamente, non dá signos de inflexión, e así, nos dous primeiros trimestres deste ano 2003, o emprego non primario aumentou en 22.400 persoas.

A intensidade do noso modelo de crecemento foi tan ampla e sostida que compensou os excedentes laborais da nosa base primaria: os da agricultura e da pesca. Sabido é que o progreso no campo supón a necesidade de descenso do emprego asociada á reestruturación produtiva: a concentración parcelaria, o aumento do tamaño das explotacións, a mecanización —eu coñecín unha Galicia onde habería en todo o país catro tractores— e novas formas de comercialización e xestión. O mesmo sucede en certos sectores pesqueiros, aínda que cada un deles teña as súas propias características. Esta redución ocupacional na agricultura e na pesca non só é un elemento inevitable da modernización, aínda máis, o mellor modo de cumprir coas lexítimas aspiracións dos agricultores e dos sectores pesqueiros máis ilustrados.

Pois ben, señorías, nestes anos ten sido posible absorber todos os excedentes laborais da agricultura e da pesca, xa que os demais sectores económicos crearon máis emprego que os cesamentos de actividade no sector

primario, no cal empeza a introducirse a inmigración. A diferenza favorable foi de 164.300 persoas, que é a cifra de aumento total de emprego en Galicia durante os últimos sete anos, cunha taxa anual do 2,5 %, valor que todos os expertos recoñecen como moi alto.

Outra das repercusións positivas do noso dinamismo é, naturalmente, o descenso do paro. Desde 1996, o paro en Galicia reduciuse en 72.000 persoas; así mesmo, conséntase un crecemento de poboación con vontade de traballar de 100.000 persoas. Esta capacidade para atender o aumento das demandas laborais e darlle satisfacción ao cambio estrutural das ocupacións é verdadeiramente inédita na nosa historia. A propia natureza do paro estatístico mudou; os seus compoñentes fundamentais non son persoas que perderan o seu emprego, senón moitas persoas con vontade ou esperanza de traballar; homes, e particularmente mulleres, que, froito do crecemento económico, teñen hoxe máis fácil atopar un emprego; de aí o forte aumento da poboación activa, ou sexa, dos que procuran incorporarse ao traballo. E, aínda máis, encontráronos cun aumento do emprego e con cifras récord de afiliación á Seguridade Social, dato para min fundamental. Pasamos de 760.766 afiliados en 1996 a 945.748 —que é unha cifra realmente importante— no primeiro trimestre deste ano. É dicir, estamos creando un emprego de mellor calidade e contribuíndo ao futuro sostemento da Seguridade Social. Este dinamismo do noso tecido económico está logrando un grao de autoconfianza que permitirá propoñer nos próximos anos o obxectivo do pleno emprego para unha poboación que, afortunadamente, cada vez desexa con máis intensidade incorporarse ao mundo do traballo.

Como resultado das melloras económicas xeneralizadas, señorías, o volume total de ocupados en Galicia no segundo trimestre do ano en que estamos supera o millón de persoas: son exactamente 1.106.300 persoas, segundo as cifras do Instituto Nacional de Estatística. Por outra banda, ademais deste cambio cuantitativo produciuse un cambio de composición estrutural, unha variación cualitativa decisiva: hoxe, o emprego do sector primario supón o 12 % do total, mentres que o do resto dos sectores produtivos ascende ao 88 %. Estas realidades supoñen, señoras deputadas e señores deputados, un fortalecemento —repito— do noso sistema da Seguridade Social sen precedentes. Superar o millón de asegurados, e facelo sobre bases de cotización cada vez maiores, é a mellor garantía para o benestar social. Se atendemos á renda bruta por habitante, pasamos de 6.706 euros en 1995 a 8.355 euros no 2000; datos que permiten asentar unhas bases produtivas, modernas e competitivas.

Todos sabemos que a solidariedade e a asistencia social non é posible sen antes crear riqueza. Benjamin Franklin deixou dito que: «**Cómpre aforrar para cando cheguen a vellez e a necesidade, porque o sol da mañá non dura todo o día**». Polo tanto, a prosperidade de agora é a mellor garantía do futuro para a nosa Galicia.

Outra das repercusións do actual proceso de crecemento foi o cambio de sentido dos movementos migratorios. De sermos, tradicionalmente, un país emigrante —ben o sei eu—, Galicia pasou a recibir 194.000 inmigrantes no período 1992-2001. Polo que respecta ao regreso de emigrantes e dos seus fillos, o Instituto Galego de Estatística cifra en 38.277 os retornados durante os últimos cinco anos. Só no 2002 o número de retornados a Galicia ascendeu a 10.054, cifra que supón o 19,32 % do total que recibiu España, que foron 52.006 persoas. A consecuencia que podemos tirar destes datos, sen triunfalismos de ningún tipo, é que atravesamos unha era de relativa prosperidade, unha etapa de despegue económico nunhas condicións nada fáciles, algo que a fai máis meritoria —é obvio cal é a conxuntura neste momento no mundo—. Tamén hai que dicir que tivemos que afrontar uns cambios importantes: a supresión da peseta, a implantación do euro e a atribución ao Banco Central Europeo da política monetaria.

Moitos pensaban que a supresión das barreiras monetarias sería un factor desequilibrante, de agudización da brecha con Europa, e, non obstante, a sociedade galega soubo responder ao desafío. Galicia está demostrando a súa capacidade económica, tanto en España coma no resto de Europa. Somos competitivos na Europa da unión monetaria. Por certo, o mellor índice é naturalmente o relativo ás exportacións e ás importacións, onde os datos son tamén reveladores: en 1989 o volume das nosas exportacións era de 1.468 millóns de euros, e as importacións ascendían a 2.109 millóns de euros, case o dobre; trece anos despois, no 2002, as exportacións chegaban aos 9.496 millóns de euros e as importacións a 9.015 millóns de euros. Con cifras moi altas, neste momento temos unha balanza comercial e positiva. Isto demostra unha competitividade que nos permitirá converxer con Europa. Así, entre os anos 1995 e 2000, Galicia acurtou en cinco puntos a distancia do seu PIB coa media europea en termos de paridade e de poder de compra. Por outra banda, os galegos enfrontamos o reto da moeda común con resultados óptimos, pois a nosa Comunidade seguiu creando emprego e medrando por riba da media europea; e, con respecto ao conxunto de España, tamén seguimos unha traxectoria paralela, cando non converxente.

Os acontecementos dos últimos tempos confirman que as visións dos que nos cualificaban como un pobo atrasado e incapaz de competir nos foros mundiais se non era blindado con escudos protectores eran erróneas. Persoalmente, nunca entendín aquelas análises. Trato de ser optimista e sinto un grande orgullo polo noso, pola capacidade das nosas xentes e empresas, pola nosa forza laboral e empresarial, pola nosa constancia e polo noso sacrificio, polo noso sentido previsor da vida, pola nosa seriedade e eficiencia no traballo. Por outra banda, Galicia ten un gran activo na política económica estatal e conta cun particular apoio do actual Goberno español. Xa falei dos seus froitos: a nosa traxectoria de crecemento no económico, de estabilidade no social e de equilibrio no orzamentario.

As súas señorías coñecen os efectos beneficiosos sobre a economía dunha política de estabilidade orzamentaria, pero tamén son sabedoras de que a prevención ocasional do déficit pode ser excepcionalmente conveniente se é con carácter transitorio, motivada por unha situación conxuntural moi específica, e con vontade de restablecer a situación previa de equilibrio. Isto é, como xa explicou o conselleiro de Economía ao presentar os proxectos de orzamento neste Parlamento, o que imos facer no próximo exercicio cun modesto programa de endebedamento de 38,9 millóns de euros, que na súa práctica totalidade financiarán os investimentos en infraestruturas na Costa da Morte, de acordo coa programación determinada no Plan de dinamización de Galicia. Unha vez máis, estamos a actuar con sensatez, sentido común e sensibilidade, dando unha resposta axeitada á prioridade de reparar o impacto negativo do mal chamado *Prestige*.

O Plan Galicia

Señorías, paso a referirme agora á situación actual de Galicia en relación co desastre do *Prestige*.

Nos momentos inmediatamente posteriores a esta catástrofe, moitos pensaron que aquela desgraza motivaría un importante retroceso na marcha económica e política do país —e non faltaban razóns para preocuparse seriamente, pero habería que actuar con boa fe en relación a elas—.

A nosa pesca e o noso marisqueo, xunto coa cadea de actividades derivadas, o turismo, o medio ambiente e incluso a propia imaxe colectiva de Galicia, puideron resultar gravemente prexudicados. Non obstante, como todo o mundo recoñece hoxe, funcionaron exemplarmente os colectivos de mariñeiros e mariscadoras, mobilizáronse as institucións locais, autonómicas

e estatais, e destacou, sobre todo, un potencial de solidariedade e simpatía co noso país, coas nosas xentes e as nosas costas, verdadeiramente impensable. Á gran catástrofe seguiuulle unha gran resposta. Os afectados foron compensados —nunca o foran previamente—, o litoral encóntrase nun avanzado proceso de recuperación e xa se está abordando con bos resultados —por certo, nunca se fixo nada a esas profundidades— a fase de extracción do cru que aínda permanece no famoso pecio do buque afundido.

A colaboración do Goberno nacional foi decisiva, e aproveitou para reiterar, unha vez máis, que a maioría das competencias nesa materia son exclusivas do Estado; canto ao Goberno de José María Aznar, non só prometeu —como fixeron outros en semellantes situacións—, senón que tamén cumpriu as súas promesas.

Indubidablemente, señorías, unha catástrofe desta magnitude deixa sempre fondas feridas sociais e medioambientais, pero no camiño dunha total reparación téñense tomado, e séguense a tomar, moitas e moi diversas medidas. E se Deus quere, sen ánimo ningún de dar carpetazo ás súas posibles consecuencias, a crise do *Prestige* —por aquilo de que non hai mal que por ben non veña— serviranos para seguir facendo desde Galicia, desde Madrid e desde Bruxelas, propostas que obriguen a incrementar a seguridade na navegación marítima internacional. Moito máis grave tería sido que aquela crise afectara negativamente a marcha xeral da nosa economía; afortunadamente, non foi así, aínda que —todo hai que dicilo— algúns dos que se apresuraron a rendibilizar a desgraza para desestabilizar politicamente o Goberno seguen a negar hoxe a evidencia e o acerto das solucións e das medidas tomadas. Tan grande é o seu rancor e desprezo polo pobo galego e polas súas decisións democráticas que ata falan de afundir outro *Prestige* para acabaren coa Xunta e co Goberno de Madrid. Polo de agora, non parece fácil.

A diferenza entre responsabilidade e oportunismo viuse con claridade nos días que seguiron á catástrofe do *Prestige*: mentres uns traballaban arreo para paliar os danos e poñer en marcha a maquinaria administrativa que permitira axudar decontado os prexudicados, outros só pensaban en como sacar proveito da traxedia; mentres uns se esforzaban por manter unido o país, outros fomentaban irresponsablemente a división, algo que o están pagando xa entre eles mesmos.

A crise superouse grazas ao grande espírito cívico que demostrou o noso pobo. A unidade, a solidariedade e a forza que mostraron os galegos e os voluntarios que viñeron axudar faime sentir orgulloso e honrado de servir a Galicia

e a España. Lonxe quedaron os tópicos que describían a nosa xente sumida nun perpetuo fatalismo; Galicia púxose en pé, malia a desgraza que veu de fóra e os intentos destrutores que practicou unha minoría desde dentro.

Máis alá das opinións dos agoireiros de sempre, o futuro presentáenos esperanzador. O marco da política económica española segue a ser favorable a Galicia, tanto no seu aspecto microeconómico xeral coma na súa vertente presupostaria específica, por unha parte; e, pola outra, o Goberno da Xunta, que me honro en presidir, tampouco esquece, señorías, as necesidades pendentes daqueles sectores de poboación cun dinamismo xeral non favorable. O noso equipo é plenamente consciente —eu o primeiro— de que todo proceso de desenvolvemento supón desequilibrios e de que xunto á distribución por mérito existen tamén as desigualdades; polo tanto, o noso obxectivo principal seguirá sendo o de compatibilizar crecemento económico e solidariedade social.

O Plan Galicia e o Plan de dinamización económica de Galicia son unha mesma cousa e responden á posta en marcha dunha nova política económica que, partindo do Pedega, poña a énfase nos aspectos que teñen maiores efectos multiplicadores sobre o crecemento económico. En consecuencia, é unha actuación política que persegue dous obxectivos concretos: situar o PIB *per capita* no 90 % da media española e no 80 % da media da Unión Europea no horizonte do 2015, e xerar emprego neto e situar a taxa de paro arredor do 5 %, coa ollada posta na mesma data. Certamente, trátase de obxectivos ambiciosos do Plan Galicia, unha realidade articulada sobre tres piares intermedios: o incremento do capital produtivo público, o incremento do capital produtivo privado e o fomento do capital tecnolóxico.

Estes obxectivos complementáanse coa mellora da cualificación do capital humano, xa plasmada no Pedega —que segue totalmente en vigor—, así como coa continua mellora das políticas sociais e, en consecuencia, do benestar colectivo.

Permítanme, señoras e señores deputados, que saliente uns datos: o incremento do investimento público nun 10 % vai aumentar o investimento produtivo nun 4,1 % a curto prazo e nun 7,7 % a longo prazo; é dicir, o investimento público vai xerar o 77 % de efecto adicional sobre o crecemento económico. As axudas ao investimento produtivo do sector privado suporán que por cada 10 % de redución do custo de capital para as empresas se incremente nun 5,5 % o investimento privado.

Estes importantes efectos multiplicadores aplicaríanse ao 95 % do gasto adicional contemplado no Plan de dinamización económica e a máis do 80 %

dos recollidos polo Estado no Plan Galicia; é dicir, case 6.000 millóns de euros entre os dous. É fácil, pois, calcular o impacto diferencial do Plan Galicia sobre o PIB galego, que podemos resumir nos seguintes datos:

- 1º O investimento público, como consecuencia da posta en marcha do Plan Galicia, vai subir un 40 % de media durante os primeiros anos de execución do plan.
- 2º Como consecuencia do anterior, o crecemento do capital produtivo privado vaise triplicar e acadará taxas próximas ao 10 %, fronte a pouco máis do 3 % na última década.
- 3º O efecto conxunto destas taxas de crecemento sobre o PIB permiten establecer importantes diferenciais, de ata 0,9 puntos porcentuais sobre España e de 1,8 puntos sobre a Unión Europea, nos anos de maior investimento.

Isto permitirá que Galicia poida situarse no 83 % de PIB por habitante da Unión Europea e no 91 % da media española, no ano 2015. Comparen co que era isto hai quince anos.

Con relación ao mercado de traballo, señorías, os efectos do Plan Galicia son, así mesmo, importantes: a poboación activa incrementará o seu ritmo de crecemento desde o 0,3 % da última década a unha media do 1,5 %, chegándose a acadar unha taxa de actividade do 60 %, e a poboación ocupada crecerá ata alcanzar unha media do 2,5 %. En consecuencia, a taxa de paro irase reducindo progresivamente ata niveis próximos ao 5 % en 2015, taxa que se considera, como saben, «friccional» ou de pleno emprego —que é posible nesta realidade económica e social—.

Estes resultados non son froito de exercicios especulativos ou demagóxicos, son froito das técnicas estatísticas rigorosas, preditas a través do modelo Século XXI, e esperamos que o tempo acabe dándonos a razón.

Señorías, claro é que falamos de futuro, algo sempre incerto, pero tentamos facelo con seriedade, con obxectividade; iso é falar do estado da autonomía. Facémolo, ademais, coa mesma seriedade coa que afirmamos que no presente exercicio, o ano 2003, a economía galega vai superar os negros augurios dalgúns e vai presentar un crecemento do 2,3 %, en liña coa media española e moi por riba da media europea. Sen o Plan Galicia, o crecemento sería só do 1,3 %. Novamente se demostra que a estratexia válida é a de traballar e definir políticas sobre a base do coñecemento, e non lanzar mensaxes de pesimismo nun momento no que a concordia institucional debería primar sobre calquera outra cousa.

No campo laboral, o Goberno da Xunta seguirá buscando maiores niveis de emprego estable e unha incorporación equitativa da muller ao traballo. Nesta

materia, permítanme apuntar que o nivel de contratos indefinidos subscritos aumentou 3,6 puntos durante o último exercicio. E, en canto ao emprego feminino, é salientable que este crecese en termos absolutos e relativos. Nos últimos sete anos o emprego dos homes fóra do sector primario creceu nun 25 %, mentres que o das mulleres chegou ao dobre, un 51,4%; niveis semellantes poden apreciarse no aumento total do emprego.

Señorías, a tarefa de manter unha traxectoria de desenvolvemento económico e social en Galicia é un proxecto común á sociedade e ás institucións. O Goberno da Xunta seguirá traballando arreo para apoiar os axentes emprendedores alí onde sexa necesario: en Galicia, no resto de España, en Europa, en Latinoamérica ou no mundo enteiro; sabemos moi ben que con traballo e dedicación todo é posible.

Paso agora, señorías, a informar sobre dous proxectos concretos, o Plan de infraestruturas e o Xacobeo 2004, aos que quero referirme explicitamente pola súa importancia, transcendencia e inmediatez.

Novas infraestruturas

En outubro do ano 2001 aprobouse un ambicioso Plan director de infraestruturas que recolle as actuacións necesarias para contemplar o proceso de modernización e converxencia do noso país no horizonte de 2010; agora ben, a traxedia do *Prestige* motivou un maior compromiso por parte da Administración estatal, que se materializou no Plan Galicia, un plan que supón un reforzo das previsións do Plan director de infraestruturas a través da incorporación de novas actuacións e do adiamento dos prazos noutras xa programadas, como acabamos de mencionar.

En materia de estradas, señorías, e no que atinxe ás actuacións da Administración do Estado, Galicia vai contar con 369,5 quilómetros máis de autovías; incorporaranse tres novas autovías (Pontevedra-A-52, Chantada-Monforte e Vigo-Porriño) e acurtaranse os prazos das autovías Lugo-Ourense, Santiago-Lugo e a autovía do Cantábrico; nestas tres xa foron licitados e están en fase de redacción os proxectos de construción de once dos catorce tramos galegos das autovías... Isto foi escrito antes da última visita ao tramo —o primeiro dentro do territorio galego— Ribadeo-Barreiros. Canto ás autovías que unirán Lugo con Ourense e Santiago, remitiráselle este ano os expedientes ao Ministerio de Medio Ambiente para a apreciación e declaración do impacto ambiental. Na rede de estradas autonómicas, o Plan Galicia inclúe 137,5 quilómetros en sete novas actuacións e a posta en servizo doutras 22 recollidas no PDI, que supoñen 445 quilómetros.



O distanciamento entre goberno e oposición estivo moi presente no debate xeral da metade da lexislatura.

En definitiva, señorías, o Plan Galicia implica un investimento común, entre a Xunta e o Ministerio de Fomento, de máis de 2.407 millóns de euros, o que supón incrementar nun 35 % máis o volume de investimentos inicialmente previsto no PDI 2001-2010. Aproveito para reiterar que o Plan Galicia non é unha abstracción, é un plan concreto, con contidos e con accións presupostadas, con todas as súas actuacións xa en marcha, o que permitirá garantir o cumprimento dos prazos comprometidos.

Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, non quero deixar pasar a oportunidade de referirme a outras actuacións de notable importancia para a mellora da nosa rede de estradas, como é o caso dos avances rexistrados na autoestrada Santiago-Ourense. Tras a posta en servizo do tramo Santiago-Silleda, a finais deste ano, estará listo o treito Silleda-Lalín e queda para os primeiros meses do 2004 o remate das obras entre Lalín e Dozón.

Está xa en marcha, señoras deputadas e señores deputados, un proxecto que dotará Galicia con 612 novos quilómetros de autovías e autoestradas, 327 novos quilómetros doutras vías de alta capacidade e 50 quilómetros máis das moi importantes variantes de poboación, dado o aumento das zonas metropolitanas.

A promoción do transporte público colectivo e o fomento dos medios máis respectuosos co medio ambiente son dous dos nosos principais eixos de actuación. Unha boa mostra desta política, señorías, é o noso compromiso coa modernización do ferrocarril; xa non é falar por falar, son realidades. Como é sabido, xa contamos cun programa de investimentos conxuntos entre a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e Renfe, adicado a transformar de xeito radical os nosos camiños de ferro —certamente obsoletos hai pouco tempo—, a abrir Galicia á alta velocidade e á renovación da rede convencional.

O esforzo que supón o Plan Galicia —por certo, tan criticado polos que nin sequera se preocuparon de coñecer o seu alcance e financiamento— ten no eido ferroviario un dos seus fitos máis senlleiros. A garantía de contar coa alta velocidade —que foi a gran novidade nestes últimos meses— no tramo Lubián-Ourense —todo isto entre túneles— permitirá que as sete principais cidades galegas se sitúen a menos de tres horas de Madrid no horizonte do 2010. Os novos tramos facilitarán a conexión por alta velocidade entre estas sete cidades nunha media de trinta minutos. Todo isto sen esquecer a conexión directa co norte de España a través do AVE Transcantábrico e a existencia de dúas saídas cara á Meseta, grazas ao novo tramo Ponferrada-Monforte; para todo isto existe un investimento adicional de 4.936 millóns de euros.

Galicia contará, por fin, cunhas comunicacións por ferrocarril propias deste século, que abrangerán unha conexión interior, a través do AVE do Eixo Atlántico e outros tramos internos; unha conexión estatal, con dúas vías de acceso á Meseta e unha conexión directa co norte de España; e unha conexión internacional, con Portugal a través da prolongación do AVE Eixo Atlántico, e con Francia a través do AVE Transcantábrico. Esta impresionante transformación, señoras deputadas e señores deputados, implicará —sen dúbida ningunha— un cambio a mellor nos nosos hábitos de transporte.

Son xa dous os tramos do AVE do Eixo Atlántico rematados, Santiago-Berdía e Oroso-Ordes, que representan un 6,76 % do conxunto da actuación. En execución atópase o 35,7 %; en redacción de proxecto, o 10,77 %; e o 46,85 % está pendente da declaración de impacto ambiental. Seguindo esta evolución positiva, no 2007 completárase definitivamente unha infraestrutura que permitirá desprazarse desde Vigo ata A Coruña en só corenta e nove minutos.

Os avances en alta velocidade non poden facernos esquecer o importantísimo traballo que se está realizando na mellora e renovación da rede interior convencional. Este ano rematouse a mellora integral dos tramos Sarria-Lugo, Ferrol-Betanzos-A Coruña, Arbo-Salvaterra e o triángulo de Guillarei; atópase en fase de execución o tramo Parga-Curtis e proximamente estara o treito Lugo-Parga. Isto significa que o grao de execución das actuacións alcanza practicamente o 80 % desde decembro de 2000 ata setembro de 2003.

Estas non son, señorías, boas palabras e promesas, son realizacións concretas e tanxibles, rematadas ou en marcha. Están fixados xa tamén os adiantos dos prazos de execución previstos dunhas infraestruturas que propiciarán unha auténtica renovación no noso país. Estes proxectos e realizacións serán a mellor garantía para o futuro desenvolvemento económico e social da nosa terra.

Xacobeo 2004

O turismo consolidouse xa como un dos grandes motores económicos de Galicia, pois xera o 10 % do produto interior bruto da Comunidade e o 12 % do emprego. A puxanza do sector apréciase cando contrastamos os datos referentes aos últimos anos. Así, no pasado 2002 recibíronse algo máis de catro millóns de visitantes e, coa ollada posta no Xacobeo 2004, agardamos que a finais do 2003 pasaran arredor de catro millóns de turistas por Galicia e deixen uns ingresos superiores a 2.500 millóns de euros.

Ao longo deste ano, señorías, estamos facendo un esforzo especial en materia de promoción turística. Neste senso, xa se puxeron en marcha diversas

campañas de publicidade no ámbito nacional e internacional —hoxe estamos en París— en colaboración con Turespaña, o que supón un investimento global de 12 millóns de euros. Nestas campañas estase facendo un especial fincapé na recuperación do litoral galego e tamén na promoción do Xacobeo como cita fundamental para o turismo no ano 2004; iniciativas que se combinan, por outra banda, coa organización de visitas a Galicia para xornalistas, operadores turísticos, axentes de viaxes e outros colectivos especializados, que coñecerán *in situ* a nosa oferta.

Os excelentes resultados acadados co Xacobeo 99 son o mellor exemplo para a celebración do Ano Santo Compostelán de 2004 —por certo, recordo unha frase nesta Cámara que non esquecerei nunca, vello ministro de turismo como fun e autor de algo que ten que ver coas posibilidades recentes da España modernizada: «*Vostedes o único que saben facer son xacobeos*»; oxalá outros souberan facelo tan ben—. Será outra gran celebración xacobeá que, ao longo de todo o ano, ofrecerá a todo tipo de públicos espectáculos lúdico-culturais, grandes eventos e congresos, festivais de música, exposicións, competicións deportivas, literatura, teatro, danza, cine, audiovisual e unha longa serie de actividades relacionadas cos milenarios camiños de peregrinación a Santiago de Compostela, en torno aos cales se fixo a unidade da Europa cristiá, e con Galicia.

Por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo, está prevista a organización de máis de 3.000 actos abertos á participación de todos os cidadáns e dos millóns de visitantes e peregrinos que cheguen a Galicia e a Santiago de Compostela durante o próximo ano. O grande obxectivo do Xacobeo 2004 —primeiro do século e do milenio— é a difusión e promoción das diversas rutas de peregrinación a Santiago para unha maior pervivencia do fenómeno xacobeo; ao mesmo tempo, os visitantes recibirán unha completa información sobre a cultura, o patrimonio, as tradicións e a gastronomía de Galicia.

En canto á infraestrutura hoteleira, Galicia mantén unha tendencia ao crecemento. Todas as previsións indican que no Xacobeo 2004 abrirán polo menos sete novos establecementos de alta capacidade, o que suporá un investimento de máis de seis millóns de euros. Ademais, outros 21 establecementos mellorarán as súas instalacións, cun investimento próximo aos 7.200.000 euros (a oferta xa máis importante da cornixa cantábrica).

O turismo termal é outra das opcións interesantes do actual momento, no que xa contamos con 19 balnearios e 2.153 prazas. Para o ano 2004 está

previsto investir máis de 9.600.000 euros, destinados a mellorar e ampliar as instalacións existentes. Entre as actuacións máis importantes, podemos sinalar os balnearios de Guitiriz e o Río Pambre —xa en funcionamento—, o complexo Talaso Atlántico —que xa abriu as súas portas— e os balnearios de Berán e Cortegada —coas obras xa iniciadas—; hoxe volvemos ser unha potencia en turismo termal.

En materia de turismo rural —que é a gran novidade nos últimos tempos—, tan axeitado para o desenvolvemento da nosa Galicia do campo, a nosa comunidade superou xa a cifra de 400 casas en funcionamento, e está prevista a apertura no 2004 de 29 novos establecementos, que achegarán algo máis de 200 prazas, o que suporá un investimento de 8.400.000 euros. Outros segmentos nos que xa se está traballando intensivamente son o golf e a náutica, ambos os dous con grandes posibilidades de desenvolvemento no futuro. Todo este esforzo, señorías, será incrementado no 2004 cun investimento global de 36 millóns de euros, o que leva consigo un aumento de 400 prazas máis de aloxamento e a creación de cen novos postos de traballo directos.

O Xacobeo 2004, primeiro ano santo compostelán do século e do milenio —repeto—, será un proxecto común que implique a todos os departamentos da Xunta. Ao mesmo tempo, contaremos coa estreita colaboración do Goberno nacional, as deputacións provinciais, os concellos, as comunidades autónomas que atravesan o Camiño francés —o principal dos sete— e as outras vías de peregrinación, e coa de numerosas institucións públicas e privadas.

O Xacobeo 2004 abórdase desde o máis absoluto respecto á espiritualidade e ao compoñente relixioso que representa a peregrinaxe a Compostela, e a Xunta de Galicia mantén, en todo momento, unha estreita colaboración coa Igrexa compostelá. En canto á mellora e sinalización das rutas, lévase investido máis de cinco millóns de euros. Nos tramos galegos dos diversos camiños, pasouse dos 41 albergues que existían en 1999 a 52 na actualidade. Os refuxios e albergues existentes ofrecen máis de 2.800 prazas e está prevista a apertura de tres novos en Lalín, Vedra e Portas durante o presente ano. Tamén están en marcha as xestións para a construción de novos aloxamentos xacobeos en Muxía, Abadín, Friol, A Fonsagrada, Palas de Rei, Abegondo, Ordes e Mazaricos.

O Goberno da Xunta destinará, señorías deputadas e señores deputados, unha parte importante do investimento do Xacobeo 2004 á recuperación e posta en valor de edificios e obras de arte do marabilloso patrimonio cultural galego. Este magno evento contará, por outra banda, co apoio de institucións e empresas privadas que patrocinarán aspectos e actividades concretas.

Polo de agora, xa están subscritos convenios con Gadisa, Iberia, Pascual, Mahou, Begano, El Corte Inglés e Globalia, empresas ás que se engadirán outras moitas que manifestaron o seu interese en participar.

Galicia enteira beneficiarase do Xacobeo 2004 e, polo tanto, a programación terá moi en conta todas as cidades galegas e vilas significativas. Segundo as sondaxes, está previsto que durante o ano 2004 acudan a Galicia máis de seis millóns de visitantes —só a Santiago calculamos que chegarán uns doce millóns de persoas—, e esta masiva afluencia ao longo de todo o ano 2004 suporá, aproximadamente, uns ingresos equivalentes a 4.000 millóns de euros.

Políticas sectoriais futuras

Deseguido, pasarei a referir moi brevemente algúns aspectos das nosas políticas sectoriais e novos proxectos. Se as súas señorías —como é natural— teñen interese especial en ser informados sobre algún tema concreto que eu, por razóns de limitación do tempo —non que sexan regulamentarias, grazas á benevolencia do señor presidente, pero que, naturalmente, están na natureza das cousas—, non poida abordar ou ampliar neste discurso, recoméndolles que consulten os once tomos, con máis de 2.000 páxinas, que recibirán a través dos grupos parlamentarios todas as señoras deputadas e señores deputados, onde se detallan e pormenorizan todas as realizacións e proxectos do Goberno da Xunta. Farei un breve resumo das principais:

Desenvolvemento sostible. O avance experimentado no terreo económico e social debe levar aparelado un avance na protección do medio ambiente. O obxectivo de mellorar o benestar e a calidade de vida dos galegos implica un uso prudente dos nosos recursos naturais e a protección dos nosos ecosistemas, porque temos que conservar unha herdanza marabillosa que recibimos da natureza e dos nosos antecesores. Estamos a traballar, señorías, para sentar as bases que permitan unha prosperidade económica sostible e un desenvolvemento do social equilibrado a longo prazo, que sexa o resultado dun crecente rendemento ecolóxico por parte das empresas, así como da asunción de modelos de uso cada vez máis respectuosos co medio ambiente por parte da sociedade.

A nova orientación da nosa política medioambiental obedece a un enfoque estratéxico e innovador que combina unha gama completa de instrumentos e medidas destinados a conseguir a concienciación e o imprescindible traballo en común entre a Administración, as empresas e os cidadáns. Quero destacar, señorías, a posta en marcha dun proxecto que se pretende fomentar, o

concepto de empresa sostible entre as Peme galegas, así como o lanzamento dunha nova liña de axudas destinadas a apoiar os investimentos empresariais encamiñados a protexer o medio ambiente.

Está xa moi avanzado, señorías, o Proxecto de lei de montes de Galicia e avánzase na preparación de novos instrumentos de ordenación de usos en terreos forestais, con incidencia nas zonas queimadas ou de alto índice de incendios, que regule o aproveitamento de pastos nos montes galegos. Estas accións van, por suposto, complementadas co fortalecemento dos plans destinados a previr e paliar as consecuencias dos incendios forestais, sobre os que se logrou xa un control máis que notable —neste ano terrible, onde no veciño país irmán de Portugal ardeu o 5 % non da masa forestal senón do territorio, nós queimamos menos que o ano pasado, e teño que dicir que este esforzo, que anunciei ao comezo da miña xestión, é un dos que me teñen máis satisfeito—.

Neste mesmo senso, cabe informar sobre a creación dunha unidade da Policía autonómica adicada exclusivamente á investigación dos incendios forestais, así como a designación de catro fiscais especializados no tema, un por provincia; servizos moi necesarios dada a intencionalidade da maior parte dos lumes.

No eido da xestión de residuos, a nosa actuación está marcada pola consolidación da programación prevista para os distintos programas e plans de acción que integran a estratexia galega de xestión de residuos, que nos colocou na vangarda europea no que atinxe á recollida e valoración dos fluxos prioritarios de residuos.

Quero referirme tamén á protección da biodiversidade e dos hábitats, da flora e fauna, que estes sustentan, en plena conxunción co uso sostible destes espazos, tanto por parte da poboación como do público visitante; tamén ás 370.000 hectáreas que conforman a actual proposta galega para a Rede Natura 2000, que gozan xa dun instrumento de protección específico, aínda anticipándonos á súa declaración por parte da Comisión Europea.

A Cidade da Cultura

Se ben é certo que a realización persoal e o benestar individual son obxectivos básicos para o home do noso tempo, un sector tan importante da poboación como é a xuventude reclama hoxe unha clase de valores máis relacionados coa solidariedade e co medio ambiente natural. A xuventude galega presenta hoxe un maior grao de conciencia cara ás particularidades culturais e socioeconómicas da súa terra. Os mozos e as mozas do século XXI queren saber de onde veñen e cara a onde van, e nós debemos de facilitarlles as respostas. As

actitudes críticas e as inquedanzas dos mozos do noso tempo deben servírnos de contraste para as nosas actuacións; non nos doen, senón que nos estimulan. Debemos de aproveitar a forza da xuventude para unha maior promoción do galeguismo, da lingua e da literatura propia, da cultura e do deporte; só así a nosa mocidade poderá desenvolver as súas actividades en liberdade e cara ao país.

Desde as institucións, temos a obriga de recoller e analizar calquera proposta de participación, de actividade e de creatividade xuvenil, pois sabido é que na mocidade está o futuro. A marabillosa xuventude galega reclama da sociedade da información e do coñecemento maior integración laboral, novas políticas medioambientais e culturais, o acceso a unha vivenda digna e outra iniciativas relacionadas co voluntariado e a solidariedade.

No común camiño dunha maior promoción da mocidade, apelo, unha vez máis, á colaboración dos grupos representados nesta Cámara, para a elaboración conxunta dun gran proxecto galego de apoio á xuventude que empece por respectala —«*Maxima debetur puero reverentia*», dicía un clásico romano—, xa que hai que ter en conta que algúns ás veces utilizan instrumentos para servirse dela e non para servila.

A lingua galega é, nesta altura do século XXI, un vehículo de comunicación vivo, útil e válido en calquera situación. Xa teño afirmado —e fágoo unha vez máis— que o idioma galego nos pertence a todos por igual. Polo tanto, que ninguén utilice a milenaria lingua propia de Galicia en beneficio seu, como exclusividade dunha ideoloxía ou dun grupo político; a nosa lingua é patrimonio de todos os galegos, mesmo daqueles que, por unha razón ou outra, non a falan.

A difusión e promoción da lingua galega vai en aumento ano tras ano, o que non significa detrimento ou eiva ningunha para o castelán, a outra gran lingua de Galicia —aí están Valle-Inclán, Cela ou Torrente Ballester—, que tamén é nosa, á que non pensamos renunciar e que enriquece e emprega o conxunto da comunidade de falantes.

En todo caso, a Xunta de Galicia está dando os pasos necesarios para que a lingua galega estea presente nos diferentes programas informáticos e sistemas operativos. Neste mesmo ano está previsto asinar unha serie de convenios coas multinacionais do *software*, uns acordos que lles permitirán aos usuarios a escolla do galego como lingua predeterminada.

O traballo normalizador da Xunta de Galicia, sempre aberta, neste sentido, aos informes e opinións de todos os colectivos implicados, vén considerando

como un dos seus obxectivos funcionais fundamentais a presenza do galego nos medios de comunicación. Vivimos na trepidante era da información e das novas tecnoloxías, e é tamén nos medios dixitais de opinión e difusión informativa onde o galego merece especial atención.

A normalización do galego, definida pola Lei de normalización lingüística do ano 1983 —que considero plenamente vixente—, só será efectiva se a realizamos entre todos, sen sectarismos nin claudicacións, sen voltas atrás e sen procesos e sistemas agresivos e impositivos. O uso do idioma deberá realizarse con total liberdade; debemos seguir convencendo con máis avances e realizacións, e nunca impositivo nin condicionando. Desde unha perspectiva de consideración e de permanente apoio á lingua galega, permítanme formular neste Parlamento, señorías, o meu desexo dun maior compromiso no uso e promoción do galego por parte de todos aqueles que exercen algún cargo público; nós somos os que debemos dar exemplo, e eu creo que así o veño facendo.

A Lei de normalización lingüística, de xuño de 1983 —que consideramos plenamente vixente, repito—, vén sendo desenvolvida e aplicada ao longo destes anos pola Xunta de Galicia. Na actualidade, a Consellería de Educación está a elaborar, no seu marco habitual de diálogo e consenso, un Plan de normalización lingüística que vai supor un paso máis na potenciación da lingua galega. O referente da nosa política lingüística segue a ser o bilingüismo harmónico, sobre o cal diversos traballos de investigación nos veñen dar a razón; dispor de dúas linguas é para Galicia un valor engadido, polo que debemos aproveitarnos constantemente. Un recente estudo do profesor Si-guan fai un eloxio especial da política lingüística de Galicia, como saben os señores deputados e as señoras deputadas.

Recentemente, a Real Academia Galega aprobou unha nova modificación da normativa da lingua galega, e a Xunta de Galicia, co debido respecto institucional e tendo en conta a disposición adicional única da Lei de normalización lingüística, que establece como criterio de autoridade o da Real Academia Galega, colaborará no desenvolvemento e aplicación das referidas modificacións.

En canto á Cidade da Cultura de Galicia, é un proxecto que pretende conseguir un ámbito que, partindo do aproveitamento máximo das infraestruturas tecnolóxicas, supoña o eixo dinamizador da sociedade da información.

A construción do complexo edificatorio da Cidade da Cultura está en marcha, unha vez conseguidos os terreos grazas a moi xenerosas actitudes,

como a de Caixa Galicia. Xa está construída a galería de servizos, obra de enxeñería importante, e están en marcha os accesos a ela, foron construídas as torres John Hedjuk, a estrutura da biblioteca atópase xa rematada, e antes de final de ano será adxudicada unha nova fase do proxecto.

En canto aos contidos da Cidade da Cultura, xa están traballando na súa elaboración cinco ponencias integradas por 150 persoas representativas do ámbito universitario, do mundo da cultura, das novas tecnoloxías e da sociedade galega en xeral.

Educación e Saúde

A Xunta de Galicia considera, señoras deputadas e señores deputados, entre os seus obxectivos prioritarios, a potenciación do ensino en todas as súas etapas e niveis. Estas prioridades están cambiando, debido a razóns demográficas como o descenso da natalidade —volvo lamentalo—, os movementos migratorios dos alumnos ou o acceso crecente ás zonas metropolitanas, así como pola entrada en vigor das novas leis de ámbito nacional ou ben pola adaptación dos sistemas ás características de Galicia.

Hai poucos anos, o que máis preocupaba era a construción de novos centros educativos —a idade de escolarización obrigatoria aumentara daquela en dous anos—, así como a dotación de materiais didácticos actualizados para as novas ensinanzas —música, idiomas, tecnoloxía, etc.— ou a reposición de equipamentos desfasados; e, por certo, fíxose moi ben. Hoxe, señorías, as novas prioridades son a implantación das novas tecnoloxías nos centros educativos —acadamos unha *ratio* de 15 alumnos por ordenador en primaria e de 10 en secundaria—, a potenciación das ensinanzas especiais —música, idiomas, artes plásticas—, a mellora das axudas ao estudo, a gratuidade do ensino obrigatorio, a formación das persoas adultas e a absoluta aposta pola formación profesional, en estreita relación co tecido produtivo e o mercado laboral galego.

A pesar do constante descenso do alumnado —desde hai sete anos perdemos un 23,38%, é dicir, 119.000 alumnos—, o número de profesores, non obstante, aumentou: por cada 55 alumnos menos incrementouse un profesor. O número medio de alumnos por aula en Galicia é o máis baixo de España —15 en primaria e 22 en secundaria—. Tendo en conta que o número de horas de clase continúa baixando, estamos conseguindo unhas condicións óptimas para un ensino de calidade, que é hoxe un obxectivo fundamental de todas as políticas educativas, se todos pensamos en utilizar o ensino para ben de Galicia e dos galegos, e non con fins partidarios.

Na etapa universitaria centrámonos no desenvolvemento de novas leis —xa entraron en vigor a dos consellos sociais e a do Consello Galego de Universidades e estamos rematando o Proxecto de lei xeral do sistema universitario de Galicia—, na implantación de 11 titulacións máis, que fan xa 96 diferentes —168 no conxunto das tres universidades— e no deseño dun novo marco de financiamento. Quixera destacar que, ademais do espectacular aumento de alumnos universitarios, nos últimos dez anos a poboación ocupada con estudos superiores aumentou nun 90%.

No curso académico 2003-2004, que comezou con absoluta tranquilidade, iniciamos unhas melloras que pensamos continuar: gratuidade total dos libros de texto no ensino obrigatorio, melloras retributivas para o profesorado, incluído o universitario, e entrada en funcionamento de dous conservatorios de grao superior.

Segundo os datos máis actuais, Galicia está en cuarto lugar entre todas as comunidades en gasto por alumno e en sexto lugar en recursos totais adicados á educación. Polo que se refire ao fracaso escolar, ocupamos o terceiro posto por arriba entre as comunidades autónomas con mellor rendemento de alumnos. En canto á mellora do éxito escolar, seguimos traballando na potenciación de valores fundamentais, como o esforzo, a responsabilidade ou a disciplina —todos deberíamos colaborar nisto—. Creo que todos os implicados coincidimos, señorías, en que a promoción automática no sistema educativo, sen aprobar as materias, sen esforzo e sen estudo, non é o camiño máis adecuado para a formación dos futuros cidadáns.

Señoras deputadas e señores deputados, cómpre agora falar da saúde, outro valor social fundamental. Neste momento encóntrase en trámite parlamentario o Proxecto de lei de ordenación sanitaria de Galicia (Losga). Trátase dunha lei garantista e centrada no cidadán —que coloca como eixo do sistema— e nas súas necesidades de atencións de saúde, co cal se reforza o carácter público —contra algunhas intoxicacións— e universal de toda acción sanitaria.

Nos ámbitos de promoción e protección estanse facendo importantes actuacións para seguir mellorando a seguridade alimentaria, a sanidade ambiental, as inmunizacións preventivas e a loita contra as enfermidades transmisibles, con especial atención á sida e outras enfermidades emerxentes, como a síndrome respiratoria aguda severa —vulgarmente coñecida como «pneumonía asiática»—, que parece xa en camiño de recesión.

En política asistencial, e entre os pasos dados en atención primaria, debemos destacar que se completa este ano a implantación do novo modelo coa

cobertura dos puntos de atención continuada —PAC— de toda a poboación galega. Así mesmo, señorías, séguese a potenciar a telemedicina, e débese destacar neste campo a implantación da teledermatoloxía en todas as áreas sanitarias.

No eido da atención primaria, no ano 2003 foron inaugurados oito novos centros de saúde, atópanse en execución outros oito e están con importantes reformas doce centros máis. A atención especializada continúa potenciándose con importantes reformas e plans directores ben coñecidos en todos os hospitais de Galicia, así como coa dotación e o equipamento de alta tecnoloxía neles.

Está en vías de implantación o Programa de atención ao neno san, para acadar unha progresiva mellora da saúde da poboación infantil, que afectará, polo menos, o 95 % dos menores de 14 anos, atendidos por pediatras nas unidades de atención primaria. Nos 32 hospitais da rede do Sergas ofrécese unha carteira de servizos completa, e resulta excepcional que algún galego teña que ser atendido fóra da nosa comunidade. Debemos destacar, por exemplo, no apartado de atención especializada, a posta en marcha este ano do edificio D do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, un dos mellores de España, que conta coa máis avanzada tecnoloxía para o diagnóstico, tratamento e investigación na área oncolóxica, que era a única que estaba en déficit ata a inauguración dese centro.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia; 061, é pioneira en Europa, tanto en consulta médica telefónica —resolve máis do 50 % da demanda sanitaria sen mobilizar ningún recurso— como no protocolo de ansioplastia primaria, e achega ás salas de hemodinámica dos hospitais os cidadáns que sofren síndrome coronaria aguda. Ademais, ten implantados programas tan relevantes como o Programa alerta HADO, Apoio a transplantes ou Traslados interhospitalarios de enfermos críticos. Tamén se porá en marcha a primeira fase do Programa Acougo, de atención aos pacientes psiquiátricos, cun protocolo de actuación unificado entre a atención primaria do Sergas, o 061 e o sistema xudicial.

Mantense na sanidade galega a implantación de tecnoloxías pioneiras, conscientes de que así se melloran sensiblemente as prestacións e a accesibilidade dos cidadáns ao sistema sanitario. Xa está desenvolvido o proxecto de análise e deseño dun sistema de información de lista de espera cirúrxica e de hospitalización, e Galicia é a primeira comunidade autónoma que informa a través de internet sobre as súas listas de espera de forma exhaustiva.

Rematouse neste ano o proceso de consolidación de emprego para 5.000 profesionais da saúde e asinou-se no mes de setembro coas centrais sindicais

un importantísimo acordo sobre a mellora retributiva e profesional do persoal das institucións sanitarias do Sergas.

Señor presidente, señorías, a Xunta séntese satisfeita cos obxectivos logrados en materia sanitaria, pero estamos decididos a atender as demandas dunha sociedade que reclama aínda maiores e mellores prestacións sanitarias. Son suficientemente maior como para ter coñecido unha familia galega que dependía dos menciñeiros no campo, que entón representaba moita máis poboación que agora, cuxas receitas se despachaban nas farmacias, porque non había outro xeito de atendelas.

Sabemos que é necesario contar con recursos adicionais para afrontar esta tarefa e non sería lóxico, nin a nosa sociedade o entendería, que se restasen créditos doutras políticas tan estratéxicas como a sanitaria para financiar este proceso de mellora integral da sanidade galega. De aí a decisión, que algúns aínda non entenderon, de establecer no ano próximo o tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos. Trátase dunha decisión meditada, moi fundamentada e matizada na súa aplicación práctica, que se basea no sistema nacional —establecido xa nalgunha comunidade, como Madrid—, de xeito que se minimiza ao máximo o impacto nas ramas de actividade que dispoñen dos hidrocarburos como consumo intermedio, quedando exentas, en todo caso, a agricultura e a pesca.

É un imposto que, certamente, sae dos cidadáns da nosa Comunidade Autónoma, pero —hai que dicilo— non se pode falar de listas de espera e despois opoñerse a buscar medios para iso, pois a súa recadación tamén ten por destinatarios e beneficiarios os propios cidadáns. Nós non temos nada que ocultarlle á sociedade galega; a decisión de establecer o imposto nace da sensibilidade da Xunta por atender as crecentes demandas dunha atención sanitaria de calidade, é unha decisión razoable e razoada, que non teme a crítica, porque xorde da nosa constante preocupación por fortalecer todas as políticas sanitarias.

Deste xeito, o imposto é o instrumento financeiro axeitado para procurar eses recursos adicionais que se precisan. A modulación que se establece na súa posta en marcha —repito—, con exencións para os produtos de uso agrícola ou pesqueiro, con minoracións para os hidrocarburos que se utilizan no transporte ou nos procesos industriais, expresa a nova vontade de incidir na menor medida posible sobre o dinamismo da actividade económica e a competitividade das nosas empresas.

Este «céntimo sanitario», como xa se coñece logo da súa aplicación polo Estado desde hai dous anos, e por algunha que outra comunidade autónoma,

é unha achega pequena, modesta, pero necesaria, para contribuír á obtención dun gran fin: unha alta calidade na sanidade pública de Galicia para os nosos cidadáns.

Agricultura e pesca

Consecuentemente, coa aprobación definitiva da reforma da PAC —Política Agraria Común— por parte da Unión Europea, a Xunta de Galicia, a través do seu departamento de agricultura —puntualizamos, hoxe produción agroalimentaria—, porá en marcha, nos próximos meses, diferentes iniciativas que contribuirán a desenvolver o proceso de mellora e modernización das estruturas agrarias e o avance en sectores de gran significación. Obviamente, entre os mencionados sectores está: a produción láctea e os seus derivados, a industria cárnica e a actividade vitivinícola —só por citar os máis significativos—. As disposicións lexislativas que apoiarán o noso labor na agricultura son a Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia, a Lei de ordenación vitivinícola de Galicia e a Lei de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria.

Así mesmo, estas iniciativas lexislativas servirán para fortalecer diferentes accións prioritarias que se deben desenvolver arredor dos seguintes eixos:

No sector lácteo e gandeiro, a Consellería de Política Agroalimentaria elaborou un Plan estratéxico do sector lácteo galego, co fin de que continúe a ser competitivo no ámbito europeo, establecendo liñas de actuación concretas, potenciando o asociacionismo e apuntando medidas que repercutan na mellora integral da calidade do leite a través de toda a cadea comercial, incidindo na existencia dun eficaz sistema de trazabilidade.

No sector vitivinícola está previsto, señoras deputadas e señores deputados, que no ano próximo 1.500 novas hectáreas sexan reestruturadas e reconvertidas co fin de mellorar a estrutura produtiva dos viñedos, recolocalos cara a zonas máis adecuadas e redimensionar as parcelas; en definitiva, aumentar a cantidade e calidade dos nosos viños, cun investimento previsto de 14 millóns de euros.

Nas infraestruturas agrarias, unha das principais actuacións nesta materia virá, unha vez máis, da man da concentración parcelaria. Esperamos rematar, entre o presente ano e o final de 2004, un total de 85 zonas de actuación, cunha superficie de 65.000 hectáreas. Dotaremos así o agro galego de predios rústico-dimensionados e dunha rede de camiños rurais axeitados ás posteriores accións de transformación e desenvolvemento integral do noso agro.

Xunto a isto, señorías, cómpre engadir o relativo á transformación de zonas de secaño en regadío, así como á adecuación e modernización de regadíos xa existentes, labor que se comezara e fora abandonada, esquecendo aquilo de que «auga do ceo non quita rego», pero é que, ademais diso, neste momento non sabemos as consecuencias do cambio climático, cada vez máis evidente. Estas iniciativas comezaron xa na comarca da Limia, onde se iniciaron as obras para a transformación en regadío da zona da lagoa de Antela, incidindo sobre unha superficie de máis de 2.000 hectáreas e cun investimento de 13 millóns de euros, e están igualmente en marcha na zona de Lemos.

A nosa política pesqueira debe responder hoxe, señorías, ás grandes preocupacións que existen en relación co futuro do sector. A curto prazo, o sector máis industrial —fundamentalmente, as industrias de transformación da pesca e as empresas de acuicultura— poderá seguir competindo sen demasiadas dificultades, pois trátase dun sector certamente competitivo, pero no cal estamos tomando un lugar preeminente. É moito máis débil, por certo, o da pesca de baixura, sempre marcado por unhas estruturas excesivamente artesanais, carente de vocación e de iniciativa empresarial, que deberá afrontar o futuro fortalecido e defendido pola Administración autonómica.

Nesta mesma liña de recuperación da pesca de baixura, deberanse priorizar os capítulos de creación e modernización das infraestruturas portuarias en todas as localidades de baixura do noso litoral. Farémolo a través dos denominados «plans de porto». As melloras contempladas nos mencionados plans, que constitúen o eixo central para o desenvolvemento do Plan de baixura da Xunta, entendido como a suma dos plans de porto en cada unha das poboacións costeiras galegas, perseguen optimizar a manipulación e o tratamento dos nosos produtos pesqueiros en orixe, creando un maior valor engadido nos diferentes portos.

Circularon algunhas informacións de que existen mariñeiros en paro e de que estamos a perder traballo na actividade extractiva. Isto é unha auténtica falsidade, unha falacia, xa que hai moitos armadores obrigados a incorporar emigrantes ás súas tripulacións —caboverdianos, ecuatorianos, peruanos...— porque os profesionais galegos renuncian a este traballo, diante da lícita aspiración de empregos de maior calidade, que están á súa disposición. Estes empregos de maior calidade, estes traballos cualificados e mellor remunerados, tamén proceden da acuicultura e das industrias de transformación. Polo tanto, ambos os dous subsectores están chamados a ser a punta de lanza do futuro pesqueiro de Galicia.

A acuicultura, xa dotada dos *clusters* correspondentes, ten por diante un extraordinario futuro —seguíamos no paleolítico, aínda non inventáramos a ganadería, agás para os moluscos—. Hoxe ten —repito— futuro porque contribúe a garantir, de forma sostible e mantida, a subministración de peixe e porque será unha actividade clave no proceso de cambio e progreso da economía costeira galega. Por estas razóns, desde a Xunta de Galicia estamos facendo unha aposta moi firme por ela, ofrecendo condicións atractivas para todas aquelas iniciativas empresariais que poidan supoñer investimento en Galicia, o que redundará na creación de empregos de calidade. Hai que considerar, ademais, que os investimentos na acuicultura son de moito valor, porque desembocan en altísima tecnoloxía, innovación e investigación sobre o medio mariño.

Con este propósito, a Xunta de Galicia está levando a cabo unha política de acción múltiple, que se sustenta sobre diferentes eixos:

- 1º Reforzo, a través do Plan Galicia, das liñas tradicionais de axudas ao sector para a creación e a modernización de empresas.
- 2º Modificación do marco normativo, para a redución dos prazos de tramitación para novas instalacións, que pasaron xa de dous anos a seis meses.
- 3º Creación de once parques de tecnoloxía alimentaria. Por encargo da Consellería de Pesca, o cluster da acuicultura está analizando, actualmente, as localizacións máis idóneas.
- 4º Creación do Centro de Repoboación de Especies Mariñas.

Por outra banda, quero recordarlles ás súas señorías que estamos apoiando iniciativas empresariais moi valiosas para a diversificación dos cultivos mariños. No eido da cooperación pesqueira internacional temos en marcha un proxecto moi importante en Namibia, onde xa hai técnicos galegos traballando; hai outro en proxecto con algunha provincia do sur de Arxentina, etc.

Non quero rematar este apartado sen afirmar que, despois de anos de traballo, podemos asegurar que a transformación do marisqueo a pé en acuicultura é xa unha realidade.

En definitiva, señorías, estamos apostando por unha política pesqueira forte, especialmente necesaria no caso de Galicia. A esta política irémolle incorporando, no seu día, o conxunto das políticas portuarias, de comercio marítimo e, en definitiva, de xestión de todo aquilo que veña do mar.

Emprego, formación e colaboración

Señorías, o Programa Labora: xuventude con experiencia, da Xunta de Galicia, leva empregado 8.200 mozos, e pretende empregar, de aquí ao 2006, outros 27.000.

O Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas da violencia de xénero é un novo programa posto en marcha o pasado mes de xuño. As mulleres que acepten a súa incorporación a el terán preferencia para acceder a outros incentivos e, ademais, garantiráselles un contrato de traballo por doce meses para que acaden a súa inserción laboral.

Plan de emprego e formación das persoas con discapacidade. Estase a fomentar, en colaboración coas entidades do movemento asociativo, a súa inscrición como demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación, o que lles permitirá acceder ás medidas para a mellora da súa empregabilidade, así como ao resto de accións para a súa inserción.

En relación co autoemprego, este ano concédense, por primeira vez, axudas para os traballadores autónomos que constitúan unha sociedade limitada de capital social inferior aos 60.100 euros. Potenciaranse as iniciativas de emprego xurdidas, principalmente, entre os investigadores e titulados universitarios que desenvolvan proxectos empresariais innovadores, con orientación científica ou tecnolóxica.

No ano 2003, no marco dos programas de cooperación, estableceuse esta nova actuación, denominada «Fomento do desenvolvemento local», dirixida a promover a articulación, por parte das entidades locais, dos recursos humanos, económicos, culturais ou institucionais existentes, para o seu aproveitamento e dinamización pola iniciativa empresarial.

A formación e cualificación profesional continúan a ser unha prioridade do conxunto do Goberno, como o demostra a recente creación da Comisión Interdepartamental das Cualificacións e a Formación Profesional, e dos comités sectoriais e de estándares profesionais.

Galicia contará moi pronto, señoras deputadas e señores deputados, cun Libro branco do cooperativismo que reflectirá a situación actual desta fórmula empresarial na Comunidade Autónoma. Imos pór en marcha un plan estratéxico de desenvolvemento que aborde, dun xeito integral, a plasmación das potencialidades do modelo cooperativo, tan fecundo na nosa Galicia.

Estamos a traballar na elaboración dun mapa de recursos, que contribuirá a axeitar estes ás demandas do colectivo de persoas con discapacidade. Está prevista a creación dun centro de asistencia integral para persoas con discapacidade física severa demandantes de axuda externa. O Goberno da Xunta acaba de remitirle a este Parlamento o Proxecto de lei sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, un proxecto de lei (practicamente pioneiro en España) que pretende mellorar a accesibilidade de todos os discapacitados.

Poranse en funcionamento, para as persoas maiores, dúas novas residencias de carácter público na Coruña e en Vigo, para a atención de 302 persoas maiores dependentes. Iniciarase a construción das residencias públicas de Santiago de Compostela e de Larouco, que ofrecerán un total de 230 prazas para persoas maiores dependentes, ademais dos respectivos centros de día. Concertaranse 900 prazas residenciais de tipoloxía asistida e concederanse 650 axudas de cheque asistencial na súa modalidade de residencia.

Antes do remate do presente ano, porase en marcha a referida liña de axudas para o coidado habitual de persoas maiores polos seus familiares máis próximos. Preténdese acadar 842 axudas, cunha vixencia de seis meses —prevendo elevala a nove meses no 2004— e por importe de 203,50 euros/mes —equivalente ao 40 % do salario mínimo interprofesional—, coa colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, que achegará un crédito de máis dun millón de euros. Comezará a funcionar un novo programa de aplicación das novas tecnoloxías á atención dos maiores, no que se combina a teleasistencia coa instalación dun detector de movemento que posibilitará a detección de situacións críticas que imposibiliten que o maior poida accionar o dispositivo de alarma.

En relación ao Teléfono do Maior, pretendemos este ano ampliar a cobertura horaria de atención directa, personalizando máis a atención aos usuarios, cunha tendencia, en breve prazo, de abarcar un servizo de 24 horas os 365 días do ano. En relación co programa de teleasistencia, estamos a atender uns 2.219 usuarios, prevendo acadar 4.695 usuarios no 2006. A posta en marcha do novo programa levarase a cabo antes do remate do ano 2003 e espérase acadar un total de 1.000 beneficiarios —case o 50 % dos beneficiarios totais da teleasistencia—, calculando un custo de 150 euros/ano por cada usuario. No 2004 prevemos acadar un total de 1.500 usuarios.

O proxecto de modificación da Lei galega 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social que impulsou o Goberno da Xunta constitúe, señorías, unha boa mostra do compromiso social cos colectivos máis desfavorecidos e co desenvolvemento dunha boa e axeitada política social.

Industria e Tecnoloxía

O Goberno da Xunta está a deseñar unha estratexia de Galicia cara á sociedade da información. Búscase así eliminar ou reducir a incidencia dos problemas detectados no proceso de incorporación de Galicia ás novas tecnoloxías —substituíranse, entre este ano e o vindeiro, todas as liñas TRAC, que nós

mesmos creamos e que no seu tempo foron un avance moi importante—. Procurarase, tamén, a través deste plan estratéxico, a mellora da calidade das infraestruturas, a formación dos cidadáns e a integración dos sectores con maiores dificultades no acceso ás novas tecnoloxías, favorecendo as condicións necesarias para un maior desenvolvemento do comercio electrónico.

A través da aprobación dun Plan estratéxico de innovación 2006-2010, que continúe e amplíe o actual Plan 2001-2005, impulsarase o sistema I+D+I e producirase a mellora competitiva do sistema empresarial, ao tempo que se enfatice o sistema de innovación empresarial como impulsor da investigación e do desenvolvemento, ata acadar o 50 % do gasto total de I+D.

Así mesmo, señorías, procurarase optimizar a cooperación entre o sistema público e privado de innovación para facilitar a integración das empresas e das institucións no ámbito da innovación.

Intensificar a diversificación e o aforro enerxético. Asegurar a satisfacción da demanda enerxética diversificando as fontes de subministración, tanto externas como internas; mellorar as infraestruturas e promover o uso racional e eficiente por todos os sectores consumidores; potenciar o desenvolvemento de enerxías renovables, non só a eólica —onde xa ocupamos o primeiro lugar en España— senón tamén a solar, todas elas de carácter autóctono, que palíen a nosa dependencia do exterior e sexan respectuosas coa conservación do medio ambiente. Culminarase moi pronto o proceso de gasificación de Galicia, ao rematar a complexa situación da base de Reganosa, en Mugardos.

Reforzar a política de *clusters*. Sen prexuízo de continuar co apoio aos xa existentes, desenvolveranse novos *clusters* como instrumentos para crear contornos competitivos, con especial atención a sectores emerxentes e con capacidade de desenvolvemento endógeno, e poñeranse en marcha programas de axudas para promover estratexias de cooperación entre empresas individuais.

Novo impulso ao desenvolvemento e á internacionalización da minería en xeral, e da non metálica en particular. Farase especial fincapé en propiciar maiores investimentos en I+D, sobre todo no aspecto da maquinaria para este sector, de xeito que se fortaleza a industria galega de fabricación de bens de equipo, especialmente granito e lousa.

Consolidación do comercio polo miúdo a través da creación de centros comerciais abertos. Apoiarase a posta en marcha desta nova fórmula de competitividade fronte ás grandes superficies —que son igualmente necesarias—. Xunto con estas, seguirase a potenciar o asociacionismo e a implantación das novas tecnoloxías no comercio tradicional a prol dun servizo da

maior calidade posible, capaz de atender a demanda dun consumidor cada vez máis esixente.

Potenciar a internacionalización das nosas empresas. Impulsarase a diversificación do comercio exterior, hoxe —como digo— tan avanzado, a través dos programas Foexga e PIPE, e estimularase a presenza de Galicia en particular nos países de nova adhesión á Unión Europea.

Sector audiovisual e libro galego. O apoio da Administración autonómica ao sector audiovisual galego, nestes últimos anos, permitiu xerar unha base empresarial neste sector que está sendo referencia en todo o Estado. Non só se produce máis en Galicia, onde superamos xa o 10% da produción nacional, senón que aquí se produce mellor. Aí están á vista todos os datos e os éxitos acadados en audiencia, tanto nas series de televisión producidas aquí, como nas longametraxes. Por certo, que se están rodando tantas series en Galicia como en Madrid este ano.

Dentro do audiovisual, destaca especialmente a animación e os debuxos animados. Galicia estase a converter nun polo de desenvolvemento do mundo da animación audiovisual, no que estamos vivindo un momento de auxe que se manterá nos próximos anos. As nosas factorías Digra Films ou Bren Entertainment, do grupo Filmax, creado por un galego, nas que traballan os mellores técnicos de España no mundo da animación, van manter a produción en Galicia polo menos da estrea, no nivel mundial, dunha ou dúas longametraxes de animación ao ano.

Neste sentido, é salientable, señorías, o impulso do Goberno galego para o despregamento da televisión dixital. Esta televisión é o presente e unha das principais portas de entrada da chamada «sociedade da información» nos nosos fogares. Desde 1998 estase a facer un esforzo de modernización da rede da Televisión de Galicia para adaptala aos requirimentos da normativa sobre televisión dixital. Nestes momentos, supera xa o 85 % da poboación galega, por enriba dos requisitos do Plan técnico nacional e superando tamén as coberturas doutras televisións autonómicas.

En canto ao libro galego, señoras deputadas e señores deputados, experimentou nos últimos anos un importante avance. Non obstante, os informes dos colectivos implicados e os datos máis recentes permítennos afirmar que o libro en xeral, e especialmente o libro galego, está pasando por unha crise importante, como corresponde á aparición de moitos competidores neste sector da información e da cultura.

A pesar de que hoxe temos ao noso alcance cada vez máis oferta de libros —de feito, o libro galego superou hai tempo a barreira dos 1.000 exemplares

anuais—, os libreiros quéixanse de que baixaron as vendas e os editores xustifican que non poden editar novos títulos porque teñen os depósitos cheos. Diante desta situación, creo que o máis oportuno sería convocar a todos os sectores implicados para que expuxeran as súas opinións e, posteriormente, tratar de impulsar un Pacto polo libro galego que axude a remediar esta situación —pero recordemos que son moitas outras as fontes de información e de cultura que temos neste momento—.

Apoio á muller traballadora. As mulleres constitúen —ía dicir que grazas a Deus— o 51,9% da poboación galega. A Galicia do século XXI, a Galicia do benestar e do desenvolvemento, debe prestarlles o seu apoio especial ás nosas grandes mulleres. A nosa comunidade deberá ser, señorías, un marco de referencia que facilite a conciliación das súas vocacións e que, conseguintemente, facilite o aumento das taxas de natalidade, que é, como saben, unha vella pretensión miña. Para estes efectos, o Goberno da Xunta incorporará a perspectiva de xénero ao deseño e implantación das súas políticas públicas.

A Fundación Galicia-Emigración. A Fundación Galicia-Emigración é a manifestación operativa da solidariedade de toda a sociedade galega. As medidas abranguen un amplísimo ámbito xeográfico, inciden nos segmentos máis fráxiles da nosa emigración e consisten nunha pluralidade de actuacións que inclúen a asistencia farmacolóxica, médica, social e axuda alimentaria —e os resultados están á vista nos lugares máis afectados, como Arxentina e Uruguai—. As situacións de carencia aguda foron detectadas con sentido de anticipación; utilizáronse as entidades galegas como auténticas cabeceiras que permitiron chegar moito máis alá das persoas vencelladas á vida societaria. No peche do ano 2002 levábanse asinados nove convenios de colaboración con entidades galegas de todo o arco latinoamericano. O seu obxecto era a axuda aos emigrantes galegos desamparados, con particular atención á infancia e á ancianidade. Toda esta operativa —así como as actuacións directas de carácter inmediato— permitiunos chegar a 25.000 concidadáns, que viron como Galicia estaba pronta e solícita nos momentos de anguria e desesperanza. O bo nome de Galicia, e, por extensión, de España enteira, quedaba patente en feitos concretos e medidas palpables.

No ano 2003, a Fundación Galicia-Emigración redobra os seus esforzos. Destacarei unha medida de amplísimo alcance como foi a convocatoria, por máis de 500.000 euros, dunha liña de axudas en materia socioeconómica, dirixida ás entidades galegas de Suramérica que prestan este tipo de servizos. Pronto —se Deus quere— farei unha viaxe a Bos Aires e a Montevideo para rematar algunhas destas operacións.

Cidadáns comprometidos

Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, quero chegar ás conclusións e pido licenza, porque era imposible falar menos tempo do que teño empregado.

O Goberno da Xunta, que me honro en presidir, aposta por unha maioría natural de cidadáns comprometidos cos principios básicos de organización do país, Galicia e España; por unha Galicia autoidentificada, e tamén española e europea, que, sen renunciar a nada, poida aspirar a todo; por unha Administración galega flexible, áxil e eficiente, aberta aos cidadáns e que evite a endogamia no seu funcionamento; por unha Administración autónoma, capaz de convocar todos os recursos empresariais e financeiros co fin de mellorar a competitividade integral: produtiva, comercializadora e un longo etcétera; por unha Administración propia capaz de convocar todos os axentes posibles na xeración do pluralismo do benestar; por unha terra que explote os seus sectores produtivos máis especializados e diferenciais; por un país que aumente o esforzo en I+D+I en interconexión coas nosas tres excelentes universidades —debo dicilo—; por unha Galicia que rendibilice a súa condición litoral e atlántica; por unha Galicia tecnolóxica; por unha Galicia que ofrezca un marco equitativo para a participación da muller e da xuventude; por unha Galicia moderna e conservadora do seu rico patrimonio cultural; por unha Administración autónoma coordinada coa Administración local e por unha Galicia produtiva, especializada e competitiva.

Quero rematar, señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, este discurso sobre o estado da Autonomía co meu firme compromiso de seguir traballando, coa mesma ilusión do primeiro día —mentres siga o meu mandato— polo engrandecemento deste noso país galego. Penso que Galicia está hoxe chea de vida e de esperanza. A nosa sociedade acada, día a día, a súa plena realización. O Goberno da Xunta, do que son responsable, é un equipo sólido, estable, dinámico e traballador —sen liortas internas, teño que dicilo—. Polo tanto, creo que non imos perder o tempo nin a ocasión. Seguiremos adiante coa Constitución e co Estatuto, co noso programa galeguista e popular, mentres o pobo galego así o desexe.

Ninguén mellor para axudarme a poñerlle o ramo a esta intervención, para darlle un axeitado remate literario a esta reflexión política, na que intentei deseñar as grandes liñas do presente e do futuro da nosa terra, que a escritora galego-brasileira Nélida Piñón, unha muller extraordinaria, unha creadora que envorca na súa obra novelística as inquedanzas ideolóxicas, sociais e culturais

do noso tempo, unha artista que concibe a escritura como unha paixón estética, como unha revelación intelectual, unha galega que naceu no Brasil, filla de galegos, e que chegou a ser presidenta da Academia Brasileira da Língua.

Nélida Piñón, no solemne acto académico da súa investidura como doutora *Honoris Causa* pola Universidade de Santiago de Compostela, pronunciou unha fermosa lección doutoral titulada «Retorno ao centro». Naquel discurso, entre outras cousas, deixounos dito:

«Chego a estas terras vinda da pátria brasileira. Nutri sempre profunda nostalgia por uma Galícia que conheci menina, mal sabendo que existia a geografia dos homens e que cada terra —dentro desta estranha noção de pátria— levava um nome; um nome no mapa, um nome na alma. Meu amor por Galícia permitiu-me percorrer os itinerários da imaginação... Sou escritora, o meu é um ofício reforçado pelas cosmogonias indígena, galega, européia, negra... todas elas definitivamente entrelaçadas».

Non se pode falar mellor.

Dixen.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

5 e 6 de outubro de 2004¹

Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, teño a honra de comparecer perante o Parlamento de Galicia, a petición propia, conforme o disposto na Lei de competencias da Xunta e do seu presidente e no Regulamento desta Cámara, para dar conta das actuacións do Goberno de Galicia, desde o pasado debate sobre o estado da Autonomía do 21 de outubro de 2003 ata o día de hoxe, nos seus aspectos máis relevantes e estratéxicos.

Non se trata só de repasar as liñas mestras da nosa acción de Goberno ao longo do último ano, senón tamén de expor a política baseada no programa do Partido Popular de Galicia e desenvolvida grazas á elección maioritaria do pobo galego, ao que todos nós representamos e ao que eu, persoalmente, nunca me cansarei de agradecerlle a confianza e as oportunidades que nos ten brindado.

1.O esvaeceamento de Manuel Fraga na tribuna mentras pronunciaba o discurso de apertura do debate provocou a suspensión da sesión e a súa continuación ao día seguinte.

Señorías, máis alá do tempo marcado para debates como o que hoxe nos ocupa, existe outro tempo que esixe máis vagar e maior responsabilidade. Todo froito necesita da súa sazón para ser concibido, para medrar e madurecer, e o proxecto político do Partido Popular de Galicia —desenvolvido con eficacia e seriedade— vaise materializando en realidades concretas mediante os plans e as accións pertinentes. O noso é un programa de centro, galeguista e popular, e, por certo, non de onte á noite, nin de hai un ano. Este proxecto político estableceuse o 17 de decembro de 1989, foise desenvolvendo ao longo da década dos noventa, está resultando válido no que levamos deste novo século, proxéctase cara ao futuro e é a política apoiada pola ampla maioría das galegas e dos galegos. Cómpre lembrar aquí que non é nada doado enfrontarse a catro comicios consecutivos e gañar as catro eleccións por maioría absoluta, facéndoo, loxicamente, dentro das regras que establece o xogo democrático.

Unha vez dito isto, consideramos que é oportuno comezar aclarando que o proxecto iniciado en 1989 —e que eu modestamente encabecei— non é produto dunha arroutada, nin dunha iluminación, nin dunha utopía, senón dunha meditada acción de goberno que ten dado uns excelentes resultados ata o de agora, que ten solucionado moitos conflitos e que ten achegado solucións concretas tanto aos problemas específicos da nosa terra como aos demais dun mundo en cambio.

En decembro de 2001 dixeran que o meu compromiso era con todos os galegos, cos que nos votan e cos que non nos votan. Anunciei daquela que a miña cuarta lexislatura non viña ser o remate dun período caracterizado polo esforzo infraestrutural, senón o comezo dunha etapa renovadora, dedicada a cambiar todo o que houbese que cambiar e a conservar todo o que nos pertence por tradición, cultura e historia. Reafirmo hoxe aquí, perante as súas señorías, o meu compromiso e as miñas palabras; polo tanto, que ninguén perda o tempo especulando con candidatos tapados, cunha crise que non é tal nin con rupturas irreparables. Os cambios realizados no Goberno galego teñen unha base sólida, realizáronse con absoluta responsabilidade e deuse conta deles oportunamente neste Parlamento; polo tanto, que ninguén fale alegremente da necesidade de cambios sen facer antes unha axustada análise da realidade política, económica e social do noso país.

Cando un chega á política como eu cheguei, con verdadeira vocación, non para conseguir un posto de relevo nin para buscar prebendas —en definitiva, para contribuír á transformación, á renovación, a deixar algo feito, a arranxar os problemas—, ten todo o dereito do mundo a determinar cales son os seus

momentos e a tomar as súas decisións en función do que mellor conveña para Galicia. Cando a experiencia se sobrepón á ideoloxía, cando un ten claras unhas cantas cousas —e non fai delas barreiras nin atrancos—, daquela pódese dicir que existe unha obriga —chamémoslle moral ou como se queira— que está moi por encima da política. Esa obriga, ese compromiso establéceo un coa xente do seu país, un país que eu vivín pobre e obrigado a coller o camiño da emigración, como fixeron meus pais.

No ano 1895, Manuel Curros Enríquez escribía desde A Habana, no seu xornal *La Tierra Gallega*, a seguinte reflexión: «Hoxe necesitamos empregar toda a nosa intelixencia, aplicar a fondo todas as nosas forzas, valernos da nosa experiencia para un maior desenvolvemento da idea rexionalista. O noso credo é claro: Galicia, sempre Galicia». Van alá quince anos desde que tomei a decisión de achegarlle á miña terra o mellor de min mesmo sen reserva de ningún tipo e, ao mesmo tempo, de demostrar —desde unha idea rexionalista, como dicía Curros Enríquez— que o Estado das autonomías era posible e viable. Debo confesar que igual que Adrián Solovio —o personaxe principal da novela *Arredor de si* de don Ramón Otero Pedrayo— eu era un galego de sentimento e exercía sempre como tal, pero andaba tamén un pouco arredor de min, é dicir, sempre me sentín galego porque nacera aquí, pero non deixaba de necesitar algo máis, de procurar en min e no meu pobo unha esencia máis fonda. Sabía que tiñamos o noso propio xeito, a nosa maneira de andar e de concibir o mundo, pero iso non era suficiente. Agora sei que nos nosos sinais de identidade, no noso cerne identificador, residen os mellores valores para entender e construír Galicia de verdade.

Ningún pode dicir que aquí houbo voltas atrás ou que as súas posicións non foron escoitadas. Pola miña parte, reunínme —e sigo me reunindo— con todos aqueles colectivos, persoeiros e axentes sociais que mo solicitaron para facerme chegar os seus problemas e as súas propostas e tratar de resolver, na medida do posible, as situacións e os conflitos que diariamente se nos presentaron. E botando unha ollada retrospectiva a todos estes anos, podemos asegurar, sen gabarnos, que nos honramos de ter participado no engrandecemento de Galicia, unha comunidade que logrou acurtar as distancias de todo tipo que historicamente a marxinaban. Hoxe imponse a realidade e Galicia participa das máis modernas e actualizadas correntes do pensamento, da economía, da cultura, das tecnoloxías de vangarda...; en fin, de todo o que conforma e orienta ao home e á muller do século XXI.

Agora, máis que nunca, seguimos afirmando que nós temos a mellor materia prima, ese espírito que caracteriza e singulariza os pobos —o que chaman os

alemáns o *volkgeist*—, a forza da creatividade desde o seu propio espírito. Esa foi a forza transformadora dunha Galicia que vestía sempre de loito e non podía facer máis que laiarse. Hoxe, propios e alleos coinciden en considerarnos un exemplo, unha comunidade orgullosa de si mesma que non renuncia a nada, que evolucionou sen traumas nin confrontacións. Por outra parte, non hai máis que transitar o noso territorio de norte a sur e de leste a oeste para ver o moito que se leva feito en vías de comunicación, en infraestruturas, en centros educativos ou en hospitais —en todo o que xera maior calidade de vida—, e, por suposto, é moito o que queda por facer.

Reforma da Constitución

Do punto de vista institucional, somos unha nacionalidade integrada no Estado das autonomías, herdeira da mellor tradición histórica española, irmandada con Portugal e con todo o mundo lusófono, con fondas raiceiras en Iberoamérica, que se fai respectar nos foros europeos e reclamamos con firmeza os nosos dereitos; o exemplo galego non é máis que o da práctica do diálogo aberto, a postura solidaria, o pluralismo e a reivindicación do que nos corresponde. Non somos inmovilistas, estamos abertos a reformar o que haxa que reformar, a avanzar en todo o que favoreza e perfeccione o actual sistema, así que permítanme, señoras deputadas e señores deputados, que poña a miña ollada no futuro. Facémolo aquí, neste Parlamento, sen falsas demagoxias e dispostos a seguir defendendo o porvir de Galicia, mais sen renunciar a ser españois, todo o contrario: defendendo Galicia, deféndese España, e sendo español compártese a cidadanía europea.

Teño moi claro que ninguén é imprescindible, son optimista e sei que Galicia perdurará moito máis ca nós. Por iso estou aquí, para seguir traballando no que sexa necesario, disposto a contribuír no que o pobo galego considere de utilidade —Voltaire dicía que canto máis envellecemos, máis necesitamos estar ocupados; case é preferible morrer antes ca arrastrar unha vellez ociosa, posto que traballar é vivir— na nova Galicia do século XXI.

Os galegos contamos cunha comunidade próspera e en pleno desenvolvemento, melloráronse substancialmente as infraestruturas, afianzouse a autonomía e avanzamos no autogoberno en case quince anos. Aínda así, aspiramos a máis, e isto significa: ofrecer máis empregos e de mellor calidade á marabillosa mocidade galega, posibilitar o acceso a unha vivenda digna, mellorar as prestacións sociais para os nosos maiores, axudar á inserción dos inmigrantes retornados —importantísima cuestión—, impulsar o desenvolvemento sostible

dos nosos recursos naturais, apoiar o sector pesqueiro e marisqueiro, mellorar a calidade do ensino, procurar máis prestacións e equipamentos na sanidade; en definitiva, señorías, seguir traballando por todo o que represente mellor calidade de vida —a favor de todos e contra ningún—, por un uso prudente dos recursos naturais e pola protección dos ecosistemas. Para a materialización destas tarefas, para loitar en serio por Galicia —como moi ben dixo Castelao— non hai que poñer tachas. Aquí hai lugar para todos, veñan de onde veñan, pensen como pensen; poñámonos mans á obra.

Canto ás reformas institucionais, hai xustamente un ano, neste mesmo acto parlamentario, dediquei a primeira parte do meu discurso a tres cuestións esenciais: á defensa da nosa Constitución —coincidindo coa celebración do seu vixésimo quinto aniversario—, á defensa da vixencia do noso Estatuto de autonomía e á necesidade de implicar a Galicia na construción europea —ao estarse negociando o texto da xa aprobada, pero aínda non ratificada, Constitución europea—. En todas estas materias —como ben saben os membros desta Cámara, que apoiaron as miñas propostas en diversas ocasións—, se a nosa posición ten unha característica clara é a da coherencia, artellada en torno ao noso ideario galeguista, popular e reformista, dirixido a articular, tamén no eido institucional, mecanismos que permitan o exercicio do autogoberno de Galicia para a defensa dos nosos lexítimos intereses nunha España plural e nunha Europa ampliada que nós, como galegos, axudamos a configurar e nas que queremos continuar participando para que sigan sendo un marco de liberdade e pluralidade.

Neste punto, e antes de analizar o avance producido en cada unha das materias sinaladas, permítanme que reitere a miña satisfacción polo feito de que —transcorridos doce anos desde que eu as formulara nun debate coma este no ano 1992— as propostas reformistas que presenteí nesta Cámara serán hoxe o principal asunto da inmediata axenda de reformas institucionais na que tanto o Goberno da nación como o conxunto das comunidades autónomas estamos dispostos a traballar. Este é un feito obxectivo e documentado que evidencia que o Goberno da Xunta, lonxe de permanecer alleo ao debate das reformas institucionais e estatutarias como algúns afirman, está xustamente no epicentro do debate, desempeñando un especial protagonismo e disposto —como lle transmitín persoalmente ao señor presidente do Goberno— a apoiar cantas reformas contribúan a perfeccionar o modelo territorial vixente.

O noso Goberno apoiará e participará activamente no debate sobre a reforma constitucional do Senado, co fin de convertelo nunha auténtica cámara de representación territorial; tamén vai colaborar lealmente na posta en marcha

da Conferencia de Presidentes. Así mesmo, continuará impulsando a presenza das comunidades autónomas no Consello da Unión Europea, e xa fixo pública —como esta Cámara e os líderes dos partidos da oposición coñecen directamente, porque así llelo transmitín en cadansúa entrevista antes do verán— a nosa disposición para acometer unha reforma consensuada do noso Estatuto de autonomía, un conxunto de reformas que teñen lugar nun novo contexto político, caracterizado polo feito de que o actual Goberno da nación necesita o apoio doutras forzas políticas para sacar adiante os seus proxectos; un ámbito de reformas constitucionais que precisan unhas maiorías especialmente cualificadas. O éxito destas reformas pasa, polo tanto, polo diálogo e polo acordo, cando menos, dos principais actores nacionais e autonómicos: os partidos maioritarios en toda España e os representantes dos gobernos autonómicos.

Como temos dito moitas veces: defendendo os intereses de Galicia, deféndense os intereses do conxunto de España —outros non falan diso, eu teño que reiteralo cada vez, esíxeo a miña conciencia e os mandatos que teño do pobo galego—. É dicir, cómpre impulsar reformas puntuais que melloren a Constitución, pero sen reabrir un debate constituínte, que poñería abertamente en risco o noso actual marco de convivencia. Galicia deféndese defendendo a reforma, a adaptación e a mellora do noso Estatuto de autonomía, pero non abrindo debates falsos e interesados sobre a necesidade dun novo estatuto, aproveitando a ocasión para cuestionar o principio da soberanía nacional que o artigo 1º da Carta magna consagra. Galicia deféndese defendendo a participación das comunidades autónomas na política comunitaria, mellorando as canles de conformación da vontade do Estado no Consello da Unión Europea, pero non propiciando a fragmentación da representación do propio Estado nas institucións europeas. Galicia deféndese participando no debate da reforma do financiamento autonómico, pero sempre tendo en conta que o Estado debe manter a capacidade de cumprir os seus obxectivos constitucionais de garantir a solidariedade interterritorial e interpersoal, e o principio de igualdade de todos os españois no acceso aos servizos públicos básicos.

A Xunta de Galicia, desde a responsabilidade, non vai xogar nunca a rachar o esquema competencial e financeiro explicitado na vixente Constitución. Que quede claro que as propostas que teñen aparecido con etiquetas como «estado de libre asociación» ou «federalismo asimétrico» —por certo, unha expresión contraditoria nos seus propios termos— non só menoscaban a realidade histórica e constitucional que hoxe é España —motivo dabondo para oporse a elas—, senón que tamén, desde unha perspectiva exclusivamente

galega, poden prexudicar gravemente a nosa capacidade de desenvolvemento, o financiamento e o benestar do conxunto do pobo galego.

No seu discurso de investidura, o presidente do Goberno da nación expresou a súa intención de reformar a Constitución española en catro puntos concretos: en primeiro lugar, o Senado —ao que me referirei deseguido—, as outras tres propostas están dirixidas a incluír unha mención á Constitución europea, a mencionar as comunidades autónomas e a modificar a orde sucesoria da Coroa para suprimir a preferencia do home sobre a muller dentro da mesma liña e do mesmo grao. Na miña opinión —que é a dun vello profesor de dereito político que tivo o gran privilexio de participar na comisión que redactou a Constitución vixente—, son propostas que non alteran o espírito constitucional e que, polo tanto, poden ser asumidas por todos.

Con todo, estas tres últimas propostas concorren nunha ausencia de concreción sobre o contido exacto, ao non seren aínda explicadas polo Goberno que as propón; unha inconcreción á que se lle engadiu unha importante dose de incerteza sobre as intencións da reforma, dadas as declaracións feitas por diversos persoeiros do Partido Socialista e dos partidos que o apoian nas Cortes —bastante diferentes entre si—. Eu considero que ningunha destas tres reformas é especialmente urxente; pénsese, sen ir máis lonxe, que estamos a falar dunha mención á Constitución europea cando esta aínda non foi ratificada. Non obstante, non por iso deben ser descartadas de antemán, especialmente de limitarenses estritamente ao anunciado. Incluso a enumeración das comunidades autónomas podería aproveitarse —porque ademais de Fraga, chámome tamén Iribarne, que vén da Baixa Navarra— para suprimir o establecido na disposición transitoria cuarta —que é discriminatoria para Navarra—, por contemplar unha situación hoxe xa superada. En todo caso, á espera da súa exacta formulación, o meu Goberno seguirá con atención que das reformas —e moi en particular da relativa á enumeración das comunidades autónomas— non deriven situacións diferenciais que prexudiquen os intereses da nacionalidade histórica que teño a honra de presidir.

Feita esta aclaración, nós non temos ningún problema en incorporarnos ao consenso, de xeito que, de producirse un acordo, cando menos tan amplo como o que no seu día obtivo a vixente Constitución, as tan mencionadas reformas —e en particular a reforma do Senado, que esa si parece que debería desenvolverse o máis rapidamente posible— poidan ser materializadas.

No mes de novembro de 1992, quen lles fala compareceu perante esta mesma Cámara para explicar o proxecto de Administración única e a reforma do

Senado; poucos días despois, no mes de decembro, entregueille ao presidente do Goberno a mencionada proposta. Desde aquela tiveron ocasión de expor reiteradamente as bases da que consideramos que debe ser a reforma do Senado, particularmente nas miñas intervencións na propia Cámara alta nos anos 1994 e 1997, onde se iniciou o tratamento desta reforma que foi parada por pretensións inadmisibles de veto —que volven xurdir agora— de certos grupos nacionalistas. Hoxe seguimos a defender desde Galicia que a reforma do Senado debe encarsarse consensuadamente, contando coas principais forzas políticas e garantindo o respecto e a igualdade de todos os cidadáns españois e tamén os dereitos e as obrigas das comunidades autónomas.

A reforma do Senado que nós propoñemos concrétase, basicamente, en dous ámbitos: por unha parte, a modificación da composición da Cámara alta para incrementar o número de senadores que representan as comunidades autónomas, entre os que deben estar incluídos os seus presidentes das comunidades autónomas; e, pola outra, a reforma das competencias das cámaras lexislativas e das previsións constitucionais que regulan as relacións entre o Congreso e o Senado, co obxectivo de que este último obteña unha especialización funcional e un papel preponderante na lexislación estatal, de que incida nos ámbitos competenciais das comunidades autónomas, as provincias e os municipios —algúns dos cales acaban de obter un réxime organizativo diferenciado ao acollerse ao novo Estatuto de grandes cidades—. Seguimos, pois, mantendo firmemente que a reforma do Senado axudaría —sen dúbida ningunha— a mellorar substancialmente o actual Estado das autonomías, a buscar unha situación de maior consenso e a superar a actual desconfianza e bilateralidade das relacións entre as autonomías e o Estado. Un Senado reformado sería o marco idóneo onde presentar, estudar a fondo e debater propostas de avance no sistema autonómico realizadas con seriedade e dentro do marco constitucional.

Nós non concibimos a reforma do Senado como un mecanismo que altere ou violento o actual pacto constitucional, tampouco queremos que se oriente cara ao recoñecemento dun suposto carácter plurinacional do Estado español, nin cara a unha estruturación asimétrica do poder. Neste punto, permítanme que lles lembre que a posibilidade de introducir no Senado algún tipo de veto distinto do que é habitual nos sistemas comparados, isto é, o veto derivado dunha votación do conxunto da Cámara de representación territorial —por aí xa caeu a primeira proposta de reforma—, resultaría algo completamente alleo ao espírito da nosa norma fundamental. Consecuentemente, señorías, consideramos que a materialización do principio de representación territorial das comunidades

autónomas non debe conducir, en ningún caso, a unha capacidade de decisión asimétrica de cada unha delas, agás a que derive da ponderación da poboación censada en cada territorio e das súas especiais necesidades.

En resumo, os populares galegos consideramos que a reforma constitucional debe abordarse como unha reforma puntual e limitada — é dicir, buscando unha oportunidade para un novo período constituínte—, non como unha agra aberta; a Xunta de Galicia entende, pois, que a reforma do Senado pode e debe ser abordada hoxe para contribuír a unha nova síntese superadora do centralismo ineficaz e dos igualmente ineficaces nacionalismos extremistas.

A Conferencia de Presidentes

O pasado 20 de setembro tivo lugar en Madrid, como vostedes saben, a primeira reunión preparatoria da Conferencia de Presidentes, na que estivo o conselleiro da Presidencia en representación de Galicia. A pesar de que o ministro de Administracións Públicas non anunciou ningunha proposta concreta, e de que a propia reunión carecía dunha orde do día, todo apunta a que nunha próxima reunión preparatoria que se celebrará na primeira quincena de outubro podería chegarse a acordos que nos benefician a todos. Expreso, polo tanto, señorías, perante esta Cámara, o meu desexo de que teña lugar por fin a primeira Conferencia de Presidentes e de que este novo órgano comece a funcionar con normalidade; é dicir, que contemple todas as comunidades en pé de igualdade, nun clima de máxima transparencia, e que sirva para abordar propostas de afondamento no autogoberno e de mellora dos actuais estatutos de autonomía.

A principal función da Conferencia de Presidentes —como xa defendín nesta Cámara e no Senado en reiteradas ocasións desde 1992— debería ser facilitar desde a súa cúspide a efectividade do principio de cooperación e de impulso político coordinado que debe presidir, desde a lealdade constitucional, as relacións entre administracións de distintos niveis. Debe ser, polo tanto, unha institución en certo modo complementaria dos órganos aos que constitucionalmente se atribúe a función lexislativa e de inordinación da vontade das comunidades autónomas na vontade xeral do Estado e, en coherencia, as súas funcións deberanse axustar ás competencias que neste ámbito asuma o Senado reformado co fin de complementalo. Resulta inapropiado, por iso mesmo, entrar a debater en profundidade as competencias da Conferencia de Presidentes sen coñecer previamente cal vai ser o sentido da reforma do Senado que impulsará o Goberno. Esta lóxica, e non outra, é a que nos levou a solicitar do Goberno da nación unha maior concreción respecto do seu modelo territorial do Estado.



"...Esa foi a forza transformadora dunha Galicia que vestía sempre de loito e non podía facer máis que laiarse. Hoxe, propios e alleos coinciden en considerarnos un exemplo, unha comunidade orgullosa de si mesma que non renuncia a nada, que evolucionou sen traumas nin confrontacións."



Señorías, quero adiantarlles que, de acordo coa concepción do Senado reformado que lles acabo de expor, a Xunta de Galicia trasladaralle ao Goberno central que entendemos a Conferencia de Presidentes coas seguintes características: en primeiro lugar, debe funcionar como un foro presidido polo presidente do Goberno da nación, no que participen todos os presidentes das comunidades autónomas, coa finalidade de institucionalizar no máximo nivel político as relacións entre a Administración do Estado e as autonomías; en segundo lugar, cómpre dotar de forza vencellante os acordos desta Conferencia, que deberán ser adoptados por unanimidade; en terceiro lugar, a Conferencia deberá emitir o seu parecer sobre os diversos proxectos normativos da Unión Europea e, ademais das lóxicas funcións de impulso político, deberá actuar como instancia superior ás actuais conferencias sectoriais —de natureza fundamentalmente administrativa—, que deberán ser supervisadas e dirixidas por ela; finalmente, a Conferencia de Presidentes debería funcionar como un foro que, con independencia da súa convocatoria anual ou semestral, poida ser convocado sempre que polo menos unha terceira parte dos seus membros o estime necesario.

Galicia e a Unión Europea

Como todos vostedes saben, no último ano producíronse dous importantes fitos na historia da Unión Europea: o primeiro de maio celebrouse a súa ampliación cara ao Leste coa incorporación de dez novos países, o que marca a verdadeira superación da división entre bloques iniciada coa caída do Muro de Berlín en 1989; e no transcurso do Consello Europeo dos pasados 18 e 19 de xuño, os xefes de estado e de goberno europeos acadaron un acordo sobre o texto da Constitución europea, que será rubricada neste outono e que entrará en vigor unha vez sexa ratificada por todos os países membros de acordo coas súas respectivas disposicións constitucionais ou acordos axeitados para o caso.

O primeiro destes fitos constitúe, obviamente, un motivo de enorme ledicia. Galeguismo —e non quero abundar nisto— é sinónimo de europeísmo, non hai máis que mirar estes días a Praza do Obradoiro para saber o que quero dicir. Por iso celebramos como propios os éxitos dunha ampliación que, máis aló do seu simbolismo político, contribúe a facer da Europa da que formamos parte a primeira área económica e a terceira potencia demográfica do mundo, cos seus 450 millóns de habitantes, despois de China e da India. E son consciente de que estou falando no medio da maior revolución demográfica de

todos os tempos; hai quince anos falábase da bomba demográfica, con temor ante o crecemento excesivo da poboación, nestes momentos o fenómeno é contrario en todos os países e, polo tanto, tamén debemos considerar este tema. Sempre dixemos o mesmo: non podemos consentir o escaso número de nenos que nacen.

Ábrese, pois, un inmenso abano de posibilidades de intercambio cultural e económico, un enorme espazo que nos permite compartillar cos demais pobos de España e de Europa unha unidade europea que siga defendendo os valores da democracia e da solidariedade sen renunciar ao noso; pero tamén un enorme reto ao que estou seguro que a nosa sociedade saberá facerlle fronte, como fixo no pasado tras a súa adhesión, ou coa instauración da moeda única. Boa parte das nosas accións e políticas económicas e de desenvolvemento —ás que me referirei posteriormente— van dirixidas a favorecer a competitividade das empresas galegas e a facilitar que os nosos sectores produtivos e a sociedade civil —en definitiva, señorías, os verdadeiros protagonistas da nosa adaptación ao novo escenario europeo— poidan aproveitar as oportunidades que se lles abren no mercado.

Considero importante unha análise do segundo gran fito europeo: a Constitución europea. E comezarei por comunicarlle a esta Cámara que o meu grupo considera que o texto finalmente aprobado no cumio do pasado mes de xuño —con independencia de que podería deixar España mellor situada en termos de poder de voto, como o negociado polo anterior Goberno no Tratado de Niza— é un texto que recolle moitas das arelas da Xunta de Galicia.

Aproveito a ocasión para anunciar que o Grupo Popular galego —como xa foi anunciado no recente congreso que fará todo o Grupo Popular— solicitará dos cidadáns o voto a favor da Constitución europea no referendo que, con tal motivo, está previsto que se celebre no próximo mes de febreiro —desde onte ten data—. Pediremos o «si», entre outras, polas seguintes razóns:

A Constitución supón un avance no achegamento das institucións europeas aos cidadáns, cuxos dereitos fundamentais aparecen explicitados, incrementando o papel institucional do Parlamento.

A Constitución europea consagra, como principios comunitarios, os de solidariedade e cohesión económica e territorial; este último termo está recollido nos tratados por vez primeira.

A Constitución europea avanza, como solicitara o Goberno da Xunta, no recoñecemento do feito rexional, considerando a cooperación transfronteiriza como un elemento de cohesión —temos nós un exemplo na nosa relación co

norte de Portugal— e potenciando o Comité das Rexións —do que me honro de formar parte—, que está capacitado para presentar recursos ante violacións do principio de subsidiariedade e cando se produzan atentados contra as súas propias prerrogativas.

O principio de subsidiariedade farase máis efectivo ao establecerse a necesidade de fixar mecanismos internos que se materialicen en cada un dos países membros.

A Constitución europea reconece a diversidade cultural e lingüística da Unión Europea e o Goberno da Xunta está xa a colaborar co Goberno central na redacción da versión traducida ao galego.

Aínda máis, a Constitución europea garante o principio de estabilidade das actuais fronteiras dos estados, un principio coherente coa nosa idea de construción europea e que contribúe a reducir as incertezas derivadas de aventurismos separatistas.

A ratificación da Constitución europea é, en resumo, boa para Galicia; podía ser mellor, pero é boa. Nós confiamos en que sexa posible acadar un amplo consenso entre as forzas representadas nesta Cámara, o mesmo que respecto da reforma da Constitución española e do Estatuto galego. Sería moi bo que todos puidésemos colaborar na obtención dunha ampla ratificación da Constitución europea en Galicia. O Partido Popular de Galicia espera coincidir con outros grupos na campaña a favor da aprobación da devandita Constitución. Este consenso sobre a Constitución europea sería bo estendelo tamén a dúas cuestións intimamente relacionadas con ela: a participación das comunidades autónomas —e de Galicia en particular— no Consello da Unión Europea e a introdución dun mecanismo que garanta a implicación do Parlamento de Galicia nas políticas europeas.

Como saben as súas señorías, a Xunta de Galicia ten defendido nos últimos catorce anos un incremento da participación das comunidades autónomas no Consello da Unión Europea. Trátase de que o exercicio da competencia do Estado para representar España no Consello —que é necesaria— sexa compatible coa presenza dos intereses e das opinións das comunidades autónomas, dado que as decisións adoptadas inciden, cada vez máis, no ámbito competencial que nos é propio, tanto na súa fase de elaboración —ou ascendente— como na de execución —ou descendente—. O pasado día 30 de xuño, o Ministerio de Administracións Públicas remitiunos un borrador no que se facía unha proposta para artellar a participación das comunidades autónomas no Consello de Ministros da Unión Europea. A proposta, en síntese,

recollía as formulacións realizadas no seu día pola Xunta de Galicia, aínda que nalgúns aspectos o borrador quedara curto en relación coas nosas pretensións, particularmente, no relativo á presenza de funcionarios de procedencia autonómica nos grupos de traballo do Consello —e non a través da Consellería de Asuntos Autonómicos da representación permanente do Estado en Bruxelas—, así como no relativo á participación directa dos representantes autonómicos no propio Consello de Ministros —naturalmente, dentro dunha delegación que poida presidir o representante do Estado—. A Xunta seguirá a negociar melloras nestes dous ámbitos, así como a xerar propostas que permitan axilizar a transmisión e comunicación de información entre todas as administracións implicadas. Confío en que neste tema o Goberno conte tamén co apoio de todos os grupos desta Cámara.

En canto á participación autonómica no control do respecto ao principio de subsidiariedade, o novo tratado constitucional establece un sistema de control no que os parlamentos nacionais e autonómicos deben xogar un importante papel. O noso Goberno considera que os parlamentos autonómicos deben intervir nesta tarefa de control, tanto na fase de consulta previa por parte da Comisión —antes de adoptar unha proposta lexislativa— como na fase de ditame e tamén na fase de recurso perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O establecemento dun mecanismo que lle permita ao Parlamento galego facer o seguimento da aplicación do principio de subsidiariedade cando as políticas comunitarias incidan no noso ámbito competencial non é unha cuestión fácil, xa que terá que estar sincronizado coa actuación das Cortes Xerais e os prazos previstos son bastante curtos. Como mostra da dificultade, lémbrense de que esta é unha das cuestións máis controvertidas no debate da reforma do federalismo alemán nestes momentos. Pola súa vital importancia é esta unha cuestión na que a Xunta espera contar tamén co apoio do conxunto dos grupos desta Cámara.

Reforma do Estatuto de autonomía e desenvolvemento do ámbito competencial. Nos vinte e tres anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que —ao abeiro da Constitución europea de 1978— se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia, o noso país creou, desenvolveu e consolidou as súas institucións de autogoberno e asumiu, despois dun intenso e complexo proceso de transferencias, a práctica totalidade das competencias previstas na norma estatutaria. A asunción de máis de 150 traspasos, efectuados a través da Comisión Mixta de Transferencias, ou a aprobación neste Parlamento de máis dun cento de leis propias dan unha idea

aproximada da capacidade de autogoberno que Galicia asumiu e vén exercendo. Polo tanto, a Xunta considera que o actual marco estatutario permitiu un amplo desenvolvemento do autogoberno —dos maiores que se gozan en Europa e o maior da historia de Galicia— que satisfai en gran parte as arelas dos nosos devanceiros.

Aínda así, consideramos que dentro do actual marco normativo é posible avanzar máis no autogoberno, como de feito xa aconteceu no pasado, cando Galicia asumiu xa, pola vía do artigo 150.2 da Constitución española, competencias non previstas no propio Estatuto. Así, desde o pasado día 6 de maio, a Xunta ten demandado en diversas ocasións do Goberno da nación un total de 25 transferencias adicionais, entre as que destacan: formación continua, materias pendentes do Instituto Social da Mariña, sanidade exterior, ordenación do sector pesqueiro, inspección pesqueira e outras neste ámbito, portos de interese xeral e aeroportos, espazos naturais protexidos, concas hidrográficas, medios para a posta en marcha da Policía Autonómica, inspección de traballo, xestión e explotación do espazo radioeléctrico, execución da lexislación laboral, arbitraxe de consumo e diversas encomendas de xestión en materia de industria, enerxía e minas. Son unhas reivindicacións que a Xunta mantén, e das que confía ter unha resposta favorable da nova Administración central, da que esperamos unha maior flexibilidade que a que se deduce dalgunhas declaracións dos actuais responsables do Ministerio de Administracións Públicas —algún deles, por certo, de procedencia galega—.

Dito isto, consideramos que o Estatuto de autonomía pode —e debe— ser reformado á luz da experiencia destes últimos vinte e catro anos, co fin de mellorar a norma institucional básica da nosa autonomía. Esta reforma, na nosa opinión, debe facerse dentro dos seguintes límites:

O respecto á vixente Constitución, na súa letra e no seu espírito, especialmente unha vez que o presidente do Goberno aclarou que a reforma da Constitución non lles afectará aos elementos básicos do Estado das autonomías —aos títulos preliminar e oitavo da Constitución—.

Contando, naturalmente, cun amplo nivel de consenso. Por iso —como xa anunciei nesta Cámara— permanece aberto un proceso de diálogo coas demais forzas políticas. Eu convido expresamente aos grupos representados a que se sumen ao consenso no marco da vixente Constitución. Se o conseguimos, o Estatuto reformado ampliará o grao de apoio con relación ao que tivo no seu día. A miña opinión é que se o nacionalismo galego, que se autoexcluíu sempre dos grandes acordos políticos —Constitución e Estatuto—, é capaz

de superar vellas posicións maximalistas, como no seu día fixeron as forzas políticas equivalentes de Cataluña e do País Vasco, todos teremos avanzado moito polo ben de Galicia. Reitero o meu convite a sumárense ao consenso sobre a reforma estatutaria dentro da vixente Constitución, un consenso que o Goberno da Xunta está disposto a impulsar e que xiraría, fundamentalmente, en torno ás seguintes liñas de reforma:

No ámbito institucional, coa incorporación ao Estatuto das institucións xa existentes que non están recollidas no actual texto —por exemplo, o Consello Consultivo da Xunta, que está prestando un magnífico servizo—; tamén coa fixación dos instrumentos de cooperación, así como da acción exterior da Xunta coa Administración local, coas restantes comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e coa Unión Europea, no ámbito da cooperación internacional e na axuda ao desenvolvemento.

No ámbito competencial, para conseguir a consolidación e ampliación deste ámbito, tanto no referente ás competencias exclusivas como ás de desenvolvemento lexislativo e ás de execución.

Converxencia, emprego e benestar

Nos últimos anos do pasado século XX, e no que levamos do XXI, o tecido produtivo galego soubo aproveitar un clima de confianza e estabilidade inducido por unha política económica de contido estratéxico, de xeito que Galicia pasou dunha economía dominada basicamente polo sector primario a unha economía desenvolvida e terciarizada —en suma, moderna—.

A década dos noventa supuxo o inicio da modernización. A partir da segunda metade, sobre todo, comezou un proceso de creación de emprego, avalado por cifras como estas: entre 1995 e 2003 creáronse 148.000 empregos netos, cunha creación de emprego de 265.000 persoas nos sectores non agrarios e unha perda de ocupación do sector agrario de 117.000. Non podemos esquecer, ademais, o incremento da poboación activa —que se cifra en 97.000 persoas— e a diminución do paro —con 51.000 parados menos nese período—, de xeito que pasamos dunha taxa do 19,9 % en 1995 ao 12,6 % no ano 2003.

No crecemento obsérvase igual tendencia positiva: a media anual da evolución do PIB de Galicia situouse no 3,50 % entre 1995 e 2003, moi superior á media europea, que é do 2,30 %, cunha Europa de Quince. O noso crecemento económico foi superior en dous puntos ao español e superou en oito puntos o crecemento medio europeo. Isto tivo unha tradución en termos de

converxencia do PIB per cápita: se no ano 1995 Galicia representaba o 78,6 % da media española, no ano 2002 a porcentaxe elevábase ao 81,3 %. A ninguén lle escapa que isto é unha mostra de modernización da estrutura produtiva. Nestes momentos o sector servizos ten un peso maior, con 61,3 % de achega ao valor engadido bruto; seguido da industria, con 20,8 %; mentres que a construción supón o 13,1 % e o sector primario só representa un 4,8 %.

Desde 1990, o Goberno galego vén apuntando á converxencia, á creación de emprego, á mellora do benestar e á introdución da nosa economía na sociedade do coñecemento. Estámolo facendo con ritmos e tempos axeitados a cada necesidade e a través de instrumentos estratéxicos que teñen como meta fundamental a capitalización da nosa economía.

Con todo, señoras deputadas e señores deputados, e a pesar dos logros evidentes, aínda cómpre corrixir algunhas cuestións. Por exemplo, o sector público ten que deseñar políticas activas que creen as condicións precisas e axeitadas para que a libre iniciativa se desenvolva plenamente. Semella tamén necesario analizar a disxuntiva de afianzar o crecemento económico en motores como os investimentos en bens de equipo e obra pública fronte ao consumo e á construción residencial. Por outra parte, a ninguén lle pode esquecer a importancia dunha política integral de apoio á innovación, desenvolvemento e investigación, tanto na investigación aplicada, como na innovación ou nas novas tecnoloxías.

Ben, señorías, é nesta dirección na que traballamos para incrementar o ritmo de capitalización da nosa economía e acelerar os nosos ritmos de converxencia. Estamos a traballar no incremento das nosas dotacións de capital físico, humano e tecnolóxico. Cómpre manter a tensión e o impulso, porque temos diante de nós o reto das infraestruturas ferroviarias e da conexión coa rede de alta velocidade. Pero non debemos atender soamente as infraestruturas do transporte; trátase de potenciar outras infraestruturas económicas, como a rede gasista —a pesar de tantas oposicións, está en marcha, por fin, a famosa planta de Reganosa en Mugardos—, a mellora da oferta de solo empresarial, a necesidade dunhas redes de telecomunicación que permitan a implantación das máis modernas tecnoloxías e uns eixes portuarios que nos convertan en plataforma de exportación de produtos.

As empresas teñen que se comprometer coa mellora do capital tecnolóxico, algo que nestes tempos é unha esixencia ineludible. Galicia fixo notables progresos nese ámbito, como o proba o feito de que o esforzo en I+D sobre o PIB estea agora situado no 0,8 %, cando hai unha década era menos da metade.

Fanse necesarios moitos pasos adiante e o Goberno autónomo, que me honro en presidir, está comprometido cunha implicación máis decidida das nosas empresas no incremento dos gastos en investigación e desenvolvemento. A tal fin vai dirixido o noso Plan de I+D+I para o período 2000-2005, que ten por obxectivo achegar a participación do noso gasto en I+D sobre o PIB á media española.

Coñecendo a realidade do noso tecido produtivo, na súa maioría constituído por pequenas e medianas empresas, son estas as que teñen que ser conscientes da necesidade de arbitrar fórmulas de cooperación sectorial que lles permitan defender intereses comúns e desenvolver estratexias de expansión en novos mercados, tarefa na que seguirán contando co apoio e estímulo da Xunta.

Tampouco cómpre esquecer a importancia do capital humano. A capacitación das persoas que dirixen as empresas, así como a capacitación dos empregados e traballadores, son factores esenciais á hora de estimular a competitividade. É imprescindible fomentar a conexión entre os centros universitarios, as empresas e os centros de investigación.

Por outra banda, a estabilidade laboral, ao favorecer o acceso da muller e da xente nova ao mercado de traballo, así como os esforzos por acadar a concertación social, son firmes bases sobre as que traballa o Goberno da Xunta.

En definitiva, a estratexia galega de crecemento pretende que, no horizonte de 2015, Galicia acade o 90 % do PIB per cápita nacional e o 80 % do PIB per cápita europeo. Todos os esforzos da Xunta de Galicia e todas as previsións de contido orzamentario para o próximo exercicio van dirixidos a alcanzar esta meta.

Por outra parte, a nosa aposta pola capitalización da economía galega, pola dinamización económica, en definitiva, e por un maior pulo para os sectores produtivos, a través de investimentos reais, é compatible coa atención que a Xunta amosa polos gastos de natureza social. Señorías, reitero unha vez máis que as políticas de atención sanitaria, educativa, de apoio aos maiores ou de conciliación da vida familiar e laboral, así como o compromiso de favorecer o acceso dos mozos e das mozas ao mercado laboral, foron e seguen sendo un obxectivo principal para a Xunta.

Señoras deputadas e señores deputados, non quixera rematar esta breve análise sen facer alusión ás medidas de apoio aos investimentos empresariais incluídas no Plan de dinamización económica, as cales tiveron unha incidencia substancial precisamente na dinamización da actividade económica da que falo. Así, durante o primeiro semestre de 2004 a contía das subvencións aprobadas polo Igape para apoiar os novos investimentos empresariais supuxo un incremento do 129 % con respecto ao primeiro semestre do ano anterior.

Máis concretamente, no primeiro semestre de 2004 o Igape rexistrou un sensible incremento da súa actividade de apoio aos investimentos e acordou concederlles, ao abeiro dos seus distintos programas, subvencións a un total de 2.432 proxectos, un 157 % máis ca no mesmo período do ano 2003. Estes proxectos aprobados permitirán crear 2.171 novos postos de traballo —un 20 % máis ca no ano anterior— e consolidar 13.441 empregos xa existentes. Canto ás axudas aprobadas polo Igape durante o primeiro semestre de 2004, permitirán apoiar investimentos ou gastos empresariais subvencionables por importe de 523,5 millóns de euros, un 132 % máis ca no primeiro semestre do exercicio anterior. Sirva como exemplo significativo da súa actuación o programa de microcréditos mediante o convenio con CERSA, no que se achegan as subvencións necesarias para facer posible a concesión por parte das entidades financeiras de 1.631 microcréditos cuns xuros altamente competitivos —do 2,5 % con carácter xeral e do 0 % na Costa da Morte—, co que o incremento das subvencións foi do 860 %.

A eficacia destes apoios económicos fixo que se ampliara ata a fin de 2004 a vixencia de medidas que inicialmente foran aprobadas para un período dun ano, que remataba o pasado 30 de marzo. Así, a demanda en liñas como a dos microcréditos fixo necesario ampliar o fondo para a súa concesión en 18 millóns, unha vez comprometidos os 90 millóns habilitados inicialmente para o período 2002-2004.

Señorías, vostedes saben tan ben coma min que a incerteza non é boa conselleira á hora de tomar decisións empresariais, e, certamente, moitas das expectativas do Plan Galicia baséanse na participación da iniciativa privada. O Goberno da Xunta entende que as incertezas, as dúbidas e os atrancos relativos ao Plan Galicia —repito unha vez máis, non é só un conxunto de infraestruturas, por moi importantes que estas sexan, senón un plan estratéxico para o desenvolvemento do noso país—, que estamos constatando todos os días por parte da Administración central, poden chegar a pór en perigo a continuidade do proceso de converxencia que vive a nosa economía desde hai anos —esperemos que isto non se confirme— se non se respectan na súa integridade o calendario e os prazos previstos para as distintas actuacións e medidas incluídas nel. Ata tal punto isto é perigoso que, de non levárense a cabo as obras comprometidas, e á marxe de resentirse a competitividade global do territorio, poderíamos chegar a unha diferenza de cinco puntos con respecto aos obxectivos finais; é dicir, a renda galega media, en relación coa de España, quedaría no 85 %. Por isto, como presidente da Xunta de Galicia e no nome de todos os populares, penso seguir reclamando —co máximo respecto institucional,

pero coa máxima contundencia— perante o presidente do Goberno español e perante a Administración central a necesidade dun cumprimento estrito do establecido neste plan.

A semana pasada coñecemos o Proxecto de presupostos xerais do Estado, e teño que dicir, lamentándoo profundamente, que implica un claro incumprimento do Plan Galicia e unha falla de compromiso do Goberno do Estado co noso país. A dotación económica non chega nin á metade do solicitado por este Parlamento coa participación de todos os seus grupos; é dicir, presenta unha contía claramente insuficiente para garantir o avance de proxectos decisivos para o futuro deste país, en particular os relativos ás infraestruturas viarias e á alta velocidade. Trátase, pois, duns presupostos que, de non ser modificados no trámite parlamentario, implicarán a imposibilidade de que o Goberno do Estado cumpra os prazos fixados unanimemente no Congreso e no Senado —tamén acordos xa tomados— para a finalización das infraestruturas proxectadas. Neste transcendente momento solicito o apoio de todos os grupos da Cámara na tarefa de intentar corrixir estes presupostos a través das correspondentes emendas. Espero que todos os grupos deste Parlamento se sumen, sen ambigüidades, á defensa deste proxecto vital para Galicia, porque o Plan Galicia é un compromiso de Estado co noso país que debe cumprirse á marxe de cuestións partidarias.

Antes de comezar a darlles conta ás súas señorías das máis destacadas realizacións do Goberno do que son responsable, tanto das xa realizadas como dos proxectos en marcha, permítanme que lles aclare que van ter ao seu dispor —se non os teñen xa— catro volumes onde figura o estado dos compromisos adoptados para este ano. Polo tanto, reitero —á parte de que terán copia, como é natural, deste discurso— que non vou facer —porque é imposible no tempo normal dun discurso— a este respecto un balance polo miúdo nin un informe exhaustivo, porque aquí están os materiais complementarios.

Este volume contén documentos explicativos do que dixer sobre o Estado das autonomías: «O desenvolvemento institucional do Estado das autonomías»; un informe sobre o Xacobeo 2004 —unha vez escoitei nesta Cámara, e non o esquecerei, a frase: «**Vostedes o único que saben facer é xacobeos**», pois se todos soubesen facer xacobeos e demais cousas que nós facemos...—; e, finalmente, un documento do Plan de dinamización económica na parte que toca a Galicia, que toda ela, ao cento por cento, estará incluída no proxecto de orzamentos que van recibir inmediatamente nesta Cámara. Pedímoslles aos demais que fagan o mesmo.

No que ten que ver coa modernización das infraestruturas, e máis en concreto coas infraestruturas viarias, señorías, Galicia vai contar no futuro con 1.000 novos quilómetros de estradas, na súa maior parte autovías e autoestradas. Máis das tres cuartas partes da nosa poboación —o 78 %— disporá dunha vía de alta capacidade a menos de dez minutos, que conectará directamente os seus fogares cos grandes eixes de comunicación. En 2004, os orzamentos para este fin experimentaron o maior incremento da nosa historia —un 75 %—, acadando os 325 millóns de euros. Grazas a isto, estanse executando xa ou están en fase de licitación 106 km de autovías, 40 km doutras vías de alta capacidade e 464 km de estradas convencionais.

Rede galega infraestructural

En canto ao Plan de dinamización económica-Plan Galicia, que está a executar o Goberno autónomo, e que significa ampliar e mellorar a rede galega infraestructural, avanza cumprindo as previsións e facéndose cada día máis visible. Así, por unha parte, mentres que en xaneiro de 2003 non se iniciara aínda a tramitación do 64 % dos quilómetros incluídos no Plan Galicia, actualmente máis da metade dos quilómetros están sendo executados; e, pola outra, en tres actuacións nas que estaba previsto executar unha vía rápida comezou xa a construción da primeira fase dunha autovía —Carballo-Baio, Sarria-Monforte e A-52-Celanova—. Estas melloras implican un incremento dos fondos do plan que alcanza o 14 % con respecto ás previsións iniciais.

Polo que respecta á alta velocidade, como vostedes saben, señorías, unha das apostas máis firmes da Xunta foi conseguir o compromiso do Estado para a implantación da alta velocidade ferroviaria no noso país; este compromiso, xa confirmado en 2001, foi notablemente mellorado coa aprobación do Plan Galicia en xaneiro de 2003. Grazas a este plan contaremos cunhas infraestructuras ferroviarias que contribuirán á transformación do país e xerarán todo tipo de vantaxes, mellorarán a mobilidade e a comodidade dos cidadáns e fomentarán novas oportunidades de negocio, co conseguinte incremento na creación de emprego.

Galicia contará cunhas comunicacións por ferrocarril propias deste principio de século, que abrangerán as seguintes conexións: interior, a través do AVE do eixe atlántico e os tramos internos Santiago-Ourense, Lugo-Ourense, Vigo-Ourense e Lugo-A Coruña; estatal, con dúas vías de acceso á Meseta —Lubián-Ourense e Ponferrada-Monforte— e unha conexión directa co norte de España; internacional, cunha conexión con Portugal a través da prolongación

do AVE eixe atlántico e outra conexión con Francia a través do AVE transcantábrico. A primeira foi confirmada estes días por ambas partes no Cumio Portugal-España celebrado en Santiago.

No referente á promoción do transporte público, quero resaltar que o Plan de transporte metropolitano está a dar xa os seus primeiros froitos. Logo dun ano de intenso traballo en común cos municipios das sete áreas metropolitanas na procura dun acordo institucional conxunto, está aprobado e en marcha o Plan de transporte da área de Ferrolterra; a piques de aprobarse os da Coruña, Santiago e Ourense; e proseguiremos a traballar nos de Pontevedra, Vigo e Lugo.

Coa posta en marcha destes plans —sobre os que haberá campañas de promoción e información— executaranse novas infraestruturas e mellorarase a eficacia da xestión das diferentes redes de transporte; ademais, implantarase o billete único, que permitirá facer transbordos entre liñas urbanas e interurbanas e reducirá o prezo do transporte ao redor dun 30 %. Estamos convencidos de que con estas medidas o uso do transporte público vai incrementarse progresivamente e diminuírá a congestión do tráfico nas nosas cidades, co cal se farán máis saudables e habitables. Este compromiso da Xunta co transporte público esténdese, así mesmo, ao eido rural, co inicio dos traballos de elaboración dun plan de transporte rural e comarcal.

Nos últimos anos os prezos da vivenda sufriron no conxunto de España un considerable incremento. Os factores económicos e de mercado que propician este contorno alcista que está a ter, obviamente, consecuencias na súa accesibilidade son varios, pero quero salientar aquí que Galicia segue a ser a comunidade autónoma na que menos aumentan os prezos da vivenda e unha das tres nas que a súa adquisición resulta máis barata, e polo tanto máis accesible ás familias. E o que aínda é máis significativo e fiable: o esforzo económico que teñen que facer as familias galegas para acceder a unha vivenda atópase máis de dez puntos porcentuais por debaixo da media de España.

A Xunta de Galicia, ademais de aproveitar ao máximo as importantes axudas do Plan de vivenda do Estado —somos unha das comunidades cun mellor índice de cumprimento deste plan—, executa desde hai varios anos programas financiados con fondos propios que, dun tempo a esta parte, lles están servindo de inspiración a outras comunidades autónomas. Entre eles, podemos destacar, señorías, o Programa de urbanización do solo residencial, dirixido a abaratar o prezo do solo e destinalo á construción de 12.000 vivendas de protección oficial; o Programa de construción de vivendas de promoción pública, que facilita o acceso á vivenda aos máis desfavorecidos; os programas de

rehabilitación de vivendas no rural e en conxuntos históricos, nos que somos líderes en España con máis de 50.000 vivendas rehabilitadas e con 29 áreas de rehabilitación nas zonas históricas das cidades galegas.

Desde o Goberno galego non queremos estancarnos, e por iso seguimos buscando novas solucións que permitan afrontar con eficacia os retos máis urxentes. Quizais os dous máis importantes sexan o acceso dos mozos á vivenda e o insuficiente desenvolvemento do mercado do alugueiro, por iso —tras a exitosa posta en marcha o ano pasado do Programa Hipoteca Xove, co que os mozos galegos adquiriron máis de 4.000 vivendas en propiedade—, neste ano 2004 a Xunta puxo en marcha a Bolsa de vivenda en alugueiro. Grazas a este novidoso programa, que agora é copiado polo Goberno central, máis de 900 familias galegas teñen xa a posibilidade de alugar unha vivenda cunha subvención de ata o 60 % na renda mensual. Non esperaba eu este éxito, esta hilaridade, pero todo ben.

Polo que respecta ao solo industrial, señoras deputadas e señores deputados, xa son 45 os polígonos industriais dependentes da Xunta que existen hoxe en Galicia, aos que hai que engadir outros 32 construídos por outros promotores, co que contamos cun total de 30 millóns de metros cadrados de superficie industrial. Este é o principal obxectivo do Plan Galicia nesta materia, que está a ser executado polo Goberno galego e pola empresa pública Solo Empresarial do Atlántico, constituída especificamente polo Estado e a Xunta para facilitar a súa execución. Neste plan contéplase a construción de 41 novos parques industriais, cunha superficie de 13,7 millóns de metros cadrados.

Vertebración do territorio

A Xunta de Galicia segue a traballar na mellora das nosas infraestruturas enerxéticas. En canto ao desenvolvemento da infraestrutura gasista na nosa comunidade, estamos a crear unha rede de transporte e distribución que permita o achegamento integral do gas á nosa comunidade, como factor de competitividade para as súas industrias e de calidade de vida para os seus cidadáns, e temos xa os gasodutos desde o sur e con Asturias, que conectan coas principais redes de distribución. Na actualidade o número de clientes que contan con subministración de gas natural é de 123.879, cifra que se incrementará coas novas infraestruturas que se prevén executar no presente ano nos diversos municipios de Galicia e que xa teñen cambiado a vida e a economía, por exemplo, da cerámica, etc.

As obras da planta de regasificación de Galicia en Mugardos, Reganosa, supoñen un gran triunfo para Galicia —por certo, non sen oposicións, porque neste país, infelizmente, ás veces, tarda máis un en que lle deixen facer as cousas que en facelas, como está a pasar, vergoñentemente, co peche da iniciativa industrial de Endesa na ría de Pontevedra— e vanse desenvolvendo a un ritmo superior ao previsto, de xeito que en 2006 estará plenamente operativa. Ao mesmo tempo, os ciclos combinados proxectados por Endesa e Unión Fenosa —neste momento da era do petróleo na que con novos clientes como China é moi pouco probable que volva aos prezos tradicionais— atópanse en fase avanzada de autorización administrativa, ata o punto de que ambas as dúas empresas xa adquiriron os equipos que instalarán nos devanditos ciclos combinados. Polo tanto, todas as instalacións do proxecto de Reganosa estarán en funcionamento antes de que remate o ano 2006.

En canto ás enerxías renovables, é importante salientar os logros acadados no Plan eólico de Galicia, xa que a nosa comunidade mantense no primeiro posto de España en potencia instalada, que alcanza actualmente 1.649 megavatios e ten unhas previsións para finais do presente ano de 1.900 megavatios. No que se refire á enerxía solar —térmica e fotovoltaica— a súa evolución é claramente positiva e superáronse amplamente as previsións realizadas.

Por último, é preciso falar tamén do esforzo dedicado á mellora das infraestruturas eléctricas e da calidade da subministración da enerxía eléctrica na nosa comunidade. Analizando os índices de medida da calidade de subministración eléctrica (TIEPI) dos últimos anos en Galicia, pódese ver máis clara a súa mellora; a pesar da distribución da poboación, moito máis fragmentada, a nosa comunidade atópase en mellor posición respecto dos valores medios do resto de España.

Canto ao urbanismo e á vertebración do territorio, despois dunha activa política de infraestruturas, señorías, chegou o momento de presentar o modelo de territorio, cunha proposta de país: a Galicia única. Efectivamente, foille presentado ao Consello da Xunta do pasado xoves o documento de avance das directrices de ordenación do territorio, que será sometido á consulta de máis 500 institucións galegas e, así mesmo, será remitido a este Parlamento. Porque estamos en pleno cambio, as citadas directrices constitúen o marco para a ordenación do territorio, tanto na súa relación e inserción cos territorios limítrofes como na súa estruturación e vertebración interior. Trátase, polo tanto, dun auténtico resumo da nosa idea de país cara ao futuro. Por iso, neste proceso, e cara á súa definitiva aprobación, cómpre lograr non só unha ampla

e enriquecedora participación, senón tamén un firme compromiso das administracións e do conxunto da sociedade para a súa posta en práctica.

Quero salientar, señoras deputadas e señores deputados, que a ampliación territorial está en marcha en colaboración co Plan sectorial de ordenación do litoral, de ámbito supramunicipal para os 71 concellos que conforman a nosa franxa costeira, tan valiosa desde todos os puntos de vista. Este plan pretende ser un instrumento dirixido a fortalecer unha visión urbanística responsable e intelixente que aproveite as potencialidades e os valores propios do noso litoral, ao tempo que se terminan as medidas para lograr a recuperación e ordenación dos espazos costeiros máis degradados.

Señorías, a entrada en vigor en xaneiro de 2003 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, marcou un fito transcendental no cambio de mentalidade en canto á protección do noso territorio e, en particular, do noso medio rural. No seu primeiro ano de aplicación práctica —podían escoitar ata o final—, a lei suscitou novas achegas desde as administracións e desde os sectores máis directamente implicados, xa que se detectaron algúns aspectos concretos susceptibles de ser aclarados e mellorados nun tema que afecta a todo o país.

Decidimos, pois, señorías, afrontar unha reforma lexislativa coa que, mantendo inalterables os principios básicos da lei, poida facerse máis doada e eficaz a súa aplicación. Estas modificacións podémolas resumir en abaratar o prezo da vivenda, promover a concentración da edificación nos núcleos rurais, axilizar a xestión urbanística e incrementar as competencias dos concellos. Para este fin, o Executivo galego optou, como en tantas outras accións, pola vía do diálogo e do consenso, abriu un período de consultas nos sectores sociais e económicos —Fegamp, sindicatos, empresarios, colexios profesionais e un longo etcétera— e acolleu a maioría das suxestións remitidas. Proba deste clima de consenso foi o protocolo asinado con todos os grupos políticos representados na Fegamp —PP, PSdeG, BNG e independentes— e todos os sindicatos agrarios —Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego—. O texto remitido a esta Cámara é froito do diálogo, e confío que este mesmo diálogo serio e construtivo presida o debate parlamentario. Lograremos así unha lei que desde o consenso dotará de máis competencias urbanísticas os concellos e contribuirá eficazmente ao axeitado desenvolvemento do noso territorio e á efectiva protección do noso marabillosa medio ambiente.

En canto aos portos, o ente público Portos de Galicia acaba de aprobar o seu primeiro Plan estratéxico 2004-2006. Este plan abrangue todos os aspectos

vinculados ás 122 instalacións portuarias sobre as que a Comunidade Autónoma ten competencias.

Para garantir a óptima execución destas estratexias, que se deberán desenvolver nos vindeiros anos, requírese a adecuación do marco normativo vixente, co fin de adaptar as peculiaridades da xestión portuaria da nosa comunidade. Este é o obxectivo do Proxecto de lei de xestión e administración portuaria de Galicia, que en breve será sometido ao Consello da Xunta para a súa aprobación, e despois a este Parlamento —como é natural—. Estes instrumentos —a futura lei e o plan estratéxico— constitúen os alicerces sobre os que se asentará a política portuaria da Xunta de Galicia e ambos os dous contribuirán decisivamente a darlles cumprida resposta aos desafíos que este sector terá que afrontar inmediatamente. Nesta mesma materia, quero destacar que, grazas á determinación e firmeza da Xunta de Galicia, o porto exterior da Punta Langosteira vai ser unha realidade. As escusas que nalgún momento alegou o Goberno, de índole técnica, primeiro, e de financiamento, despois, que poñían en dúbida a construción desta emblemática infraestrutura portuaria, foron desmontadas unha a unha co debido rigor e firmeza —e hai que loar, naturalmente, a acción do señor alcalde da Coruña—. Agora as obras poderán ser adxudicadas en breve e confiamos en que poidan dar inicio a finais deste ano ou a principios do que vén. Con esta mesma actitude de firmeza na defensa dos intereses de Galicia, o Goberno galego seguirá defendendo o futuro do porto exterior de Ferrol —xa moi adiantado—. Así, imos perseverar na xusta demanda de acometer a súa segunda fase a partir do vindeiro ano 2005, e imos esixir, ademais, que se garanta o remate dos seus imprescindibles accesos viarios en 2006 e que se inicie xa a tramitación dos seus accesos ferroviarios.

Acción forestal e cambio climático

En canto á nosa política forestal, cómpre sinalar, señorías, que xa existen en Galicia 50.000 hectáreas de montes de xestión pública con certificación forestal. Esta superficie supón arredor de 150.000 metros cúbicos de madeira certificables ao ano, cun importe de taxación que pode ascender a máis de 7,5 millóns de euros.

Dadas as excepciónais condicións meteorolóxicas do presente ano —que ninguén negará—, que supuxeron entre o 40 % e o 50 % das chuvias rexistradas nos últimos anos —eu na miña vida recordo unha seca semellante—, o despregamento de medios para loitar contra os lumes forestais adiantouse xa a mediados do mes de febreiro. En todo caso, os índices de eficacia falan de

que máis do 76 % dos lumes rexistrados na presente campaña non superan a hectárea por superficie queimada —comparen con outras cifras, en Andalucía e noutras rexións— e de que o tempo de reacción das brigadas forestais é de tan só vinte minutos. Unido ao anterior, a dedicación de mulleres e homes que protexen os nosos montes consegue que máis do 99 % dos lumes non supere as vinte e catro horas de duración. Pero o noso marco de actuación non se limita ao Plan Infoga. Reitero aquí, de xeito moi especial —e seguireino facendo tantas veces sexa necesario—, unha seria chamada á conciencia medioambiental da nosa sociedade galega para combater e previr os lumes. Cómpre reclamar, unha vez máis, a tolerancia cero cos incendiarios.

En materia de residuos sólidos urbanos (RSU) temos consolidada a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama), que funciona como un sistema troncal absolutamente necesario para a moderna xestión dos residuos sólidos urbanos —despois de que hai tempo quedara consolidada nas Somozas, quizais sexa necesaria unha ampliación cara ao sur, a de residuos industriais perigosos—. Na actualidade, o 85 % dos residuos vertidos anteriormente xa se atopa selado. Galicia avanza cara á desaparición dos vertedoiros. En 2005 acadaremos o vertido cero. En canto ás apostas no tratamento dos refugallos industriais —como digo—, o novo Programa de xestión de residuos da construción e demolición 2004-2006 responde á aposta do Goberno galego pola prevención, fomento da reutilización e reciclaxe destas materias.

Malia o tópico tradicional, Galicia non está sobrada de auga, estamos en pleno cambio climático. Cómpre, en todo caso, xestionar ben os recursos hídricos —pois somos máis, grazas a Deus— desde o fogar ás industrias e ás actividades agrícolas. Segundo a Carta da Auga, a boa xestión dese recurso debe ser obxecto dun plan elaborado polas autoridades competentes. É básica unha programación e execución coordinada das actuacións que resulten necesarias, polo que en 2005 quedará redactado o Plan de abastecemento de Galicia.

Na actualidade, a Xunta está a realizar un importante labor en materia de saneamento, abastecemento e mellora das marxes dos ríos. En canto aos progresos levados a cabo en infraestruturas hidráulicas, no que levamos de ano 2004 —de xaneiro a xuño— licitáronse un total de 89 actuacións, fronte ás 53 licitadas en todo o ano 2003 e ás 24 de 2002. Do mesmo xeito, os investimentos no mesmo período do presente ano ascenden a máis de 52 millóns de euros, fronte aos preto de 46 millóns investidos en 2003 e aos preto de 13 millóns en 2002. Todo isto significa, señorías, que os nosos esforzos en

materia medioambiental van en aumento. Estamos investindo nunha cultura ambiental que toda a sociedade nos demanda.

Renovación da oferta educativa. Sabido é, señoras deputadas e señores deputados, que o descenso de alumnos e as variacións nas demandas de novas ensinanzas e titulacións están dando lugar a un permanente proceso de renovación e mellora da nosa oferta educativa.

Desde o ano 1998, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo un plan de implantación das novas tecnoloxías nos centros educativos, coñecido como Plan Siega (Servizo de Información de Educación en Galicia)...

A segunda parte

Señor presidente e membros da Mesa, a miña desculpa e petición de perdón porque os restos dunha mal mantida convalecencia dunha gastroenterite vírica me impediron cumprir como debía o meu deber. Agradézolles a súa comprensión, señoras e señores portavoces e membros da Cámara. A todos, as miñas desculpas e a miña gratitude.

Como queira, señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, que están repartidos dentro do meu discurso os catro puntos que antes anunciei, vou resumir brevemente o que me quedaba por dicir.

Como lles dicía, o meu Goberno vai seguir apoiando a universidade galega cun novo plan plurianual de financiamento. Así mesmo, impulsaremos un plan de normalización lingüística, consensuado nesta Cámara, e prestaremoslle especial atención á eficacia nas políticas sociais. Os próximos meses presentaremos o plan de acción de emprego feminino 2004-2006, incrementaremos as axudas da terceira idade e das persoas discapacitadas e continuaremos traballando na mellora da sanidade galega mediante a incorporación das novas tecnoloxías. Para a incorporación de Galicia á sociedade do coñecemento, continuaremos traballando na extensión da Internet a toda Galicia, na administración electrónica, e presentaremos un proxecto de lei da axencia galega de protección de datos. Continuaremos impulsando a adaptación do noso sector agrícola co impulso da concentración parcelaria, e seguiremos cos plans de modernización e transformación da pesca de baixura, co impulso da acuicultura e da seguridade marítima. No ámbito da sociedade da información, axiña estenderemos a cobertura de canles de televisión ao 95 % da poboación e poremos en marcha seis canles de radiodifusión para a radio dixital.

Permítanme que comparta con vostedes a ledicia polo éxito do Xacobeo, recoñecido polo galardón do Premio Príncipe de Asturias da Concordia. Confiamos que os catro mil millóns de euros por turismo deste ano poidan ter continuidade coas accións que estamos programando de aquí ao vindeiro ano santo. Quero dicir que ese premio será entregado pronto en Oviedo e que foron invitados gaiteiros galegos a acompañar os gaiteiros asturianos a esa celebración.

O meu Goberno, sen deixar de prestarlles apoio aos nosos emigrantes, vai reforzar as políticas de integración dos inmigrantes retornados. Así mesmo, no que queda de lexislatura, presentaremos un proxecto de lei de Policía autonómica de Galicia, poñeremos en marcha o pacto local e incrementaremos as medidas contra a violencia de xénero. Conclúo manifestando o compromiso da Xunta de Galicia para prestar unha leal cooperación ao Goberno central e aos sectores implicados para a solución da crise dos estaleiros de Izar.

En fin, resumo: penso que só desde o galeguismo e desde o autogoberno solidario Galicia pode enfrontarse con éxito a grandes retos que cada vez máis se consolidan, e aí están; uns desafíos que podemos resumir en tres puntos: reforma das tarefas tradicionalmente atribuídas ao Estado, integración europea e globalización.

En definitiva, do que se trata, señoras e señores deputados, é de gañar o futuro para Galicia. Para iso, para ampliar horizontes e perspectivas, para transformar o necesario e conservar todo o que nos distingue e identifica, para poder seguir definindo a nosa terra como «célula de universalidade», para abrir novas fiestras ao mundo e deixar firmes as pegadas do noso tempo, pido a colaboración de todos, dos que integran o Grupo Popular e dos que exercen —con responsabilidade— unha construtiva oposición.

Señorías, desde esta tribuna —máis unha vez— ofrézcolles a man tendida. Reitero o meu sincero chamamento á unidade pola Galicia que todos queremos, pola que todos soñamos: aberta, plural e dialogante; por esa Galicia cada día máis grande e dona do seu futuro. Repito: por un galeguismo popular, integrador e solidario.

Podemos afirmar con satisfacción que Galicia acadou, nas últimas dúas décadas do século XX, o maior nivel de autonomía de toda a súa historia. Nestes comezos do século XXI —botándolle unha ollada á vella Europa— comprobamos que son moi poucas as rexións e nacionalidades que gozan do nivel de autogoberno que o Estado das autonomías lles garante a Galicia, como a Cataluña e ao País Vasco.

A través das súas propias institucións, a nosa comunidade xestiona, por si mesma, os servizos públicos fundamentais que máis inciden na calidade de

vida dos cidadáns: cultura, sanidade, educación, ordenación do territorio e infraestruturas, políticas de emprego e protección social, recursos naturais e un longo etcétera. Polo tanto, os sonhos e proxectos de galeguismo histórico fanse hoxe realidade. A autonomía está plenamente consolidada e os galegos contamos con institucións e instrumentos políticos necesarios para que o futuro dependa, fundamentalmente, das nosas propias decisións.

Coa Constitución de 1978 os españois abandonamos a tradicional tendencia ao desencontro histórico e forxamos un consenso básico para a construción do Estado social e democrático de dereito, capaz de darlle resposta aos vellos e enquistados problemas subxacentes dos sucesivos enfrontamentos ao longo dos séculos XIX e XX. Nestes enfrontamentos destacou sempre unha cuestión: a organización territorial do Estado.

A consolidación da autonomía política, os rápidos procesos de integración europea e os importantes avances económicos, políticos e sociais que acompañan a actual revolución tecnolóxica —a denominada globalización— conducen ao obrigado debate sobre o significado e alcance político do galeguismo. Este é un termo que —no seu sentido máis xenérico— non significa outra cousa que «preocupación por Galicia, pola súa identidade e pola súa cultura», como o definiu o grande e admirado Ramón Piñeiro.

Os amplos e transcendentais procesos de liberalización política e económica a escala mundial —iniciada nos anos oitenta e favorecidos pola xeración do uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación— modificaron significativamente o contorno internacional.

O fenómeno da globalización —como todo o mundo sabe— afecta todas as relacións humanas de intercambio; as económicas, por suposto, pero tamén as sociais, as políticas e as culturais. O mundo é cada vez máis pequeno e interdependente, o que sitúa os diferentes grupos sociais dentro dunha disxuntiva, só en aparencia, paradoxal.

Por outro lado, a globalización vai acentuando os niveis de competitividade que se producen na sociedade: competitividade económica nun mundo cada vez máis aberto; competitividade social nun mundo con maiores diverxencias demográficas e de renda per cápita; competitividade política entre sociedades abertas e democráticas e sociedades pechadas e autoritarias; competitividade cultural nun mundo no que as distintas manifestacións artísticas e intelectuais tenden a permeabilizarse cada vez máis.

Fronte aos que, desde posicións integristas ou apocalípticas, só encontran terribles males e perigos irreparables na nova situación, augurando a desapa-

rición —a curto e medio prazo— das identidades minoritarias e a ruína económica da maior parte dos estados soberanos, eu considero, señorías, que a globalización trouxo consigo un amplo conxunto de oportunidades que deben aproveitarse e que resultan fundamentais para a pervivencia e o fortalecemento das comunidades diferenciadas.

A incorporación sen complexos de Galicia á dinámica globalizadora, desde a reafirmación e a autoidentificación de todo o que nos é propio —daquilo que nos pertence—, converténdoo nun elemento competitivo —diferenciador do uniformismo que supoñen os mercados económicos e culturais—, debe ser un obxectivo prioritario para os que compartimos a teoría e a praxe galeguista.

Rafael Dieste tiña moi claro que «os valores universais só poden xurdir dos valores diferenciados»; cousa ben certa, xa que estes se converten en universais precisamente pola autenticidade que representan e comunican, fronte á escasa transcendencia que teñen as construcións ideolóxicas de pretensión universal carentes dunha tradición milenaria arraigada nun territorio definido, como é o caso de Galicia.

Só así, señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, integrándonos no mundo global cos nosos propios valores —que son moitos, moi importantes e moi apreciados—, poderemos garantir que Galicia suba, sen marxinacións nin complexos, ao primeiro vagón do tren da historia.

A nosa lingua, as nosas manifestacións artísticas e arquitectónicas, a nosa literatura, a nosa cultura popular e patrimonial, en definitiva, o inmenso herdo que recibimos dos nosos devanceiros, e que nos compromete co futuro, constitúen o máis claro referente autoidentificador do pobo galego, e pronto a Cidade da Cultura de Santiago será o mellor símbolo universal de todo isto.

En aberto contraste coa visión hipercrítica e apocalíptica que manteñen algúns —e tendo en conta a evidencia do proceso globalizador—, eu entendo, señorías, que o novo contorno abre un amplo conxunto de posibilidades para preservar os nosos sinais de identidade e para difundir a cultura galega por todo o mundo. A aplicación ao audiovisual das novas tecnoloxías da comunicación ou da Internet constitúen instrumentos imprescindibles a través dos que a cultura propia pode estar presente en todo o mundo, e que, de seu, poden ser considerados como un novo campo para a creación artística máis moderna e vangardista.

Penso que só desde o galeguismo, desde o autogoberno solidario, Galicia pode enfrontarse con éxito aos grandes retos que cada día se consolidan máis

e máis; uns desafíos que podemos resumir en tres puntos: reforma das tarefas tradicionalmente atribuídas ao Estado, integración europea e globalización.

Para isto cómpre defender os principios do galeguismo popular en todas as institucións e foros nos que se discutan e aproben decisións que afecten os intereses de Galicia; uns intereses que son os de todos os galegos —os de dentro e os de fóra—, porque Galicia non pode entenderse nin definirse sen os seus fillos espallados polo mundo —eu fun un deles—.

Persoalmente creo que a nosa presenza nun mundo caracterizado por unha sociedade civil global, a nosa contribución á solución dos problemas de integración territorial de España, a nosa contribución á Europa unida —unha Europa ampliada ao Leste, que lles debe dar resposta ás rexións e ás nacionalidades con lingua e cultura propia— pasa —repito— por un galeguismo integrador, reformista, humanista, racional e popular.

Castelao legounos o seu *Sempre en Galiza*, libro que, por certo, está a cumprir sesenta anos, tempo máis que suficiente para interpretar a profundidade do pensamento do ilustre rianxeiro máis alá das circunstancias que orixinaron unha gran parte do seu texto. Castelao deixounos dito que: «**Afortunadamente, Galiza conta, para a súa eternidade, con algo máis que unha historia fanada; Galiza posúe unha tradición de valor imponderábel, é o que verdadeiramente conta para gañar o futuro**» —repito, unha tradición—.

En definitiva, do que se trata, señoras deputadas e señores deputados, é de gañar o futuro para Galicia. Para iso, para ampliar horizontes e perspectivas, para transformar o necesario e conservar todo o que nos distingue e identifica, para poder seguir definindo a nosa terra como «célula de universalidade», para abrir novas fiestras ao mundo e deixar firmes as pegadas do noso tempo, permítome pedir a colaboración de todos: dos que integran o Partido Popular e dos que exercen —repito, con responsabilidade— unha construtiva oposición.

Señorías, desde esta tribuna ofrezco a miña man tendida. Reitero o meu sincero chamamento á unidade pola Galicia que todos queremos, que todos soñamos: aberta, plural e dialogante; por esa Galicia cada día máis grande e dona do seu futuro.

Dixen.

Títulos da colección
**DISCURSOS
PARLAMENTARIOS**

Xerardo Fernández Albor

Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

Fernando González Laxe

Segunda lexislatura
(1987-1989)

Manuel Fraga Iribarne

Terceira lexislatura
(1990-1993)

Manuel Fraga Iribarne

Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne

Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne

Sexta lexislatura
(2001-2005)

Emilio Pérez Touriño

Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo

Oitava lexislatura
(2009-2012)

En preparación

Alberto Núñez Feijóo

Novena lexislatura
(2012-2016)



PARLAMENTO
DE GALICIA

